



TESE DE DOUTORAMENTO

**A PARROQUIA GALEGA A PARTIR DA
“CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA”**

M^a del Carmen Álvarez Monterroso

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA
ANÁLISE TERRITORIAL E ORGANIZACIÓN DO ESPAZO EN GALICIA


FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015



**A PARROQUIA GALEGA A PARTIR DA
“CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA”**

Asdo. 

M^a del Carmen Álvarez Monterroso

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA
ANÁLISE TERRITORIAL E ORGANIZACIÓN DO ESPAZO EN GALICIA

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015



AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR DA TESE

D. *XOSÉ MANUEL SANTOS SOLLA*, Profesor do Departamento de Xeografía, como Director da Tese de Doutoramento titulada

“A parroquia galega a partir da “Carta Geométrica de Galicia””

Presentada por Dna. M^o DEL CARMEN ÁLVAREZ MONTERROSO, alumna do Programa de Doutoramento Análise Territorial e Organización do Espazo en Galicia

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurrir nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Asdo.



AGRADECEMENTOS	9
RESUMO	11
DEFINICIONS E ABREVIATURAS	13
INTRODUCCIÓN	17
I. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS	21
1.1. A elección do traballo de investigación e os seus obxectivos.....	22
1.2. Os estudos realizados sobre Domingo Fontán e a C.G.G.....	26
1.3. Valoración científica a cerca de Fontán e a C.G.G.....	28
1.4. A parroquia rural galega. A reflexión de Domingo Fontán sobre a parroquia	33
1.5. Aspectos metodolóxicos: as fontes e o tratamento dixital.....	43
1.6. As fases do método de traballo para o manexo da C.G.G. nun S.I.X.....	46
II. DOMINGO FONTÁN, UN XEODESTA ILUSTRADO	57
2.1. O máis destacado da biografía de Domingo Fontán. A súa presenza na U.S.C.....	58
2.2. Os precedentes no cartografado de Galicia e a súa situación na época de Domingo Fontán. Os tratados científicos que inspiraron a Domingo Fontán.....	63
2.3. O labor cartográfico de Domingo Fontán e as súas repercusións.....	68
2.4. A metodoloxía de traballo seguida por Domingo Fontán: elaboración da C.G.G.e instrumental empregado.....	74
III. A "CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA" E A ACTUALIZACIÓN DO MAMUSCRITO NUN GRAVADO	85
3.1. As determinacións de Fontán para o levantamento da C.G.G.. Os cambios feitos antes de gravar o mapa.....	86
3.2. Domingo Fontán, un “colaborador” de Javier de Burgos. A súa participación na demarcación territorial de Galicia	94
3.3. O inventario toponímico da C.G.G.. A ampliación toponímica na C.G.G. de 1845.....	104
3.4. As parroquias galegas da CGG: particularidades e diferenzas entre 1834 e 1845.....	113
3.5. Unha panorámica de parroquias de 1834 no século XXI.....	121
3.5.1. Avaliación da posición das parroquias da C.G.G. respecto ás actuais.....	123
3.6. A vixencia da "Carta Geométrica de Galicia".....	125
IV. A EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS PARROQUIAS NA GALICIA DECIMONÓNICA	129
4.1. As evolución histórica das parroquias galegas no século XIX.....	131
4.1.1. A provincia da Coruña.....	133
4.1.2. A provincia de Lugo.....	185
4.1.3. A provincia de Pontevedra.....	232
4.1.4. A provincia de Ourense.....	261
V. CONCLUSIÓNS	315
BIBLIOGRAFÍA	318
RELACIÓN DE FIGURAS, MAPAS E TÁBOAS	325
TOMOS CARTOGRÁFICO E DE TABOAS	CD
ANEXOS INTERACTIVOS	CD
I. As parroquias de 1834 que non existen en 1845	
II. As parroquias de 1845 que non existen en 1834	
III. As parroquias de 1834 inexistentes na actualidade.	
IV. A vixencia da C.G.G.	




AGRADECEMENTOS

A *Xosé Santos Solla*, que despois das clases de xeografía rural e as súas palicacións no curso académico 2002-2003, fíxose cargo desta tese de doutoramento no outubro de 2013. A *Francisco Ramón Durán Villa*, profesor titular de Análise Xeográfico Rexional, polo tempo que me adicou e as súas indicacións. A *José Balsa Barreiro* polas clases en liña. Tamén a *Xosé Ramón Lema*, do Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca Xeral da USC e a *María Sol González Regal*, directora da Biblioteca nobal de Lugo, polas facilidades. Aos compañeiros *Pablo García*, *Mercedes Casciani* e *Ángel López Bregua*, por compartir moitas horas de traballo. A *Xosé Ramon Chantada Acosta*, darlle as grazas pola súa inestimable axuda e sempre agradecida polo “plantexamento” que tomou. E a miña familia.

“O licenciado cando aspira a ser doutor presenta a súa memoria e a Universidade resolve. Señores, ¿qué estímulos hai hoxe para ser doutor?”

Domingo Fontán, 1838





A parroquia galega a partir da “Carta Geométrica de Galicia”

RESUMO

Esta tese de doutoramento pretende analizar a transcendencia da “Carta Geométrica de Galicia”, obra magna de Domingo Fontán. O principio da investigación sitúase na elección do mapa de Domingo Fontán como base de inicio por ser o primeiro mapa de Galicia realizado seguindo o método científico, e por aparecer cartografadas nel con precisión preto de 4.000 parroquias do seu tempo. Este proxecto ten como obxectivo afondar no coñecemento da evolución histórica das parroquias e da estrutura administrativa en Galicia no século XIX. Establecín como obxectivo prioritario levar a cabo o estudo exhaustivo da “Carta Geométrica de Galicia” como fonte básica coa que se pretende ampliar o coñecemento sobre a realización do mapa, as técnicas e os instrumentos empregados, as medicións e triangulacións realizadas así como tamén os posibles erros que estes cálculos poderían ter nunha análise actualizada. Complétase a visión da situación actual do territorio.

PALABRAS CHAVE

Carta Geométrica de Galicia, Estructura Administrativa de Galicia, Parroquias, SIG.

RESUMEN

Esta tesis de doctoramiento pretende analizar la trascendencia de la “Carta Geométrica de Galicia”, obra magna de Domingo Fontán. El principio de la investigación se ubica en la elección del mapa de Domingo Fontán como base de inicio por ser el primer mapa de Galicia realizado siguiendo el método científico, y por aparecer cartografiadas en el con precisión cerca de 4.000 parroquias de su tiempo. Este proyecto tiene como objetivo profundizar en el conocimiento de la evolución histórica de las parroquias y de la estructura administrativa en Galicia desde el siglo XIX hasta la actualidad. Me planteo como objetivo prioritario llevar a cabo el estudio exhaustivo de la “Carta Geométrica de Galicia” como fuente básica con la que se pretende ampliar el conocimiento sobre realización del mapa, las técnicas y los instrumentos empleados, las mediciones y triangulaciones realizadas así como también los posibles errores que estos cálculos podrían tener un análisis actualizada. Se completa la visión de la situación actual del territorio.

PALABRAS CLAVE

Carta Geométrica de Galicia, Estructura Administrativa de Galicia, Parroquias, SIG.



DEFINICIÓNS

- **Sistemas de información xeográfica:** Ferramentas informáticas capaces de xestionar e analizar a información xeorreferenciada, con vistas á resolución de problemas de base territorial, entre outros.
- **Arquivos formato raster:** Formato de almacenamento de datos espaciais cunha representación continua da realidade onde a información espacial que posúe non está claramente definida (topografía do terreo, variables climáticas, masas de vexetación). O modelo raster traballa con celdas de igual tamaño que posúen un valor, onde o tamaño da celda define o nivel de detalle da información.
- **Arquivos formato vectorial:** Formato de almacenamento de datos espaciais cunha representación discreta da realidade onde a información espacial que posúe está claramente definida (cursos de auga, vías de comunicación, infraestructuras). O modelo vectorial emprega coordenadas discretas para representar as características xeográficas en forma de puntos, liñas e polígonos.
- **Arquivos formato TIFF:** É un formato de arquivo estandar para gardar imaxes de alta calidade.
- **Arquivos formato ECW:** É un formato de arquivo para imaxes raster que permite unha alta compresión das imaxes mantendo a súa calidade. Este formato permite preservar a xeorreferenciación dunha imaxe mediante un arquitode cabeceira con extensión .ers.
- **Arquivos formato shape:** Trátase dun conxunto de arquivos informáticos que representan vectorialmente datos espaciais. , almacena las características xeométricas los elemento existentes en la capa. Ó tratarse dun formato vectorial, a información almacenase mediante puntos, polilíñas ou polígonos. Cada punto ou vértice posúe una posición planimétrica perfectamente definida (X e Y) y en algúns casos pode conter outra información adicional como a altura (Z) ou valores obtidos noutras medicións (M).
- **Imaxes multiespectrais:** Unha imaxe creada de varias bandas espectrais estrétas, relacionada a dúas ou máis frecuencias ou lonxitudes de onda en espectro electromagnético.
- **Ortoimaxes:** Unha fotografía aérea a partir da cal as distorsións debido á inclinación da cámara e o alivio de chan se eliminaron. Unha ortoimaxe ten a mesma escala ao longo e pode ser utilizado como un mapa.
- **Pixel ou Celda:** Elemento espacial básico de recollida da información que se emprega no modelo raster, onde a súa forma máis habitual é cadrada.
- **Microficha:** Ficha que contén en tamaño reducido certo número de páxinas dun libro.
- **Mosaico:** Trátase dunha ensamblaxe de distintas imaxes aéreas ou espaciais que cobren parte do mesmo territorio.
- **Puntos de control:** Trátase de elementos xeográficos que poden ser localizados precisamente nunha imaxe e nun mapa para ser empregados na corrección cartográfica de dita imaxe.
- **Capa:** Conxunto de datos espaciais asociados a un contido temático común.

- **Vectorización:** Operación de converter a formato vectorial unha imaxe existente nun formato raster.
- **WMS:** Web Map Service ou servizo de acceso a información libre sen necesidade de descargar capas de información. As direccións WMS conteñen a ruta ó servidor de mapas non a unha páxina de internet polo que só se poderá visualizar dentro dun SIX.



*As definición obtivéronse en diferentes dicionarios técnicos

ABREVIATURAS

- **CGG** (Carta Geométrica de Galicia).
- **CNIG** (Centro Nacional de Información Geográfica).
- **CSIC** (Centro Superior de Investigacións Científicas).
- **DGN** (Downer Grove Norte (formato de archivo CAD)).
- **ECW** (Enhanced Compression Wavelet).
- **ED50** (European Datum 1950).
- **EM** (Elementos Matemáticos).
- **ETM+** (Enhanced Thematic Mapper Plus).
- **ETRS89** (European Terrestrial Referente System 1989).
- **FE** (Física Experimental).
- **FOGGA** (Fondo Galego de garantía Agraria (Consellería de Medio Rural)).
- **ICA** (Asociación Cartográfica Internacional).
- **ICC** (Instituto Cartográfico de Cataluña).
- **IGE** (Instituto Galego de Estatística).
- **IGN** (Instituto Geográfico Nacional).
- **ILG** (Istituto da lingua galega da USC).
- **INE** (Instituto Nacional de Estatística).
- **JPEG** (Joint Photographers Experts Group).
- **MTN** (Mapa Topográfico Nacional).
- **NASA** (National Aeronautics and Space Administration).
- **PDF** (Portable Document Format (formato de documento portátil)).
- **PNOA** (Plan Nacional de ortofotografía aérea).
- **RAH** (Real Academia da Historia).
- **SIX/GIS** (Sistemas de Información Xeográfica (Geographic Information System)).
- **SEAP** (Sociedade Económica de Amigo do País).
- **SPM** (Sistema de Pesas e Medidas).
- **TIFF** (Tagget Image File Format).
- **USC** (Universidade de Santiago de Compostela).
- **WMS** (Web Map Service).
- **WRS** (World Rolling Series).
- **XRT** (Xunta de Repartimento de Tributos).



INTRODUCCIÓN

A tese “*A parroquia galega a partir da Carta Geométrica de Galicia*” pretende estudar a transcendencia da “Carta Geométrica de Galicia” no século XIX, obra magna de Domingo Fontán. Son limitados os estudos científicos posteriores á problemática da Carta de Fontán sobre a importancia que representou como primeiro mapa en España que permitiu coñecer, mellor que ningún outro, o territorio de Galicia. Facíase necesario hoxe en día o avance cartográfico do coñecemento do territorio galego da Carta Geométrica mediante *altas tecnoloxías da información xeográfica*.

A imaxe de Galicia foi plasmada polos cartógrafos máis sobranceiros de Europa pero hai que esperar ata o século XVII para atopar unha cartografía de Galicia feita desde Galicia. O adianto de Domingo Fontán está na metodoloxía de traballo escolmada e que hoxe en día esta vixente. Son poucas as comunidades que teñen unha fonte de información cartográfica tan antiga e fidedigna como a que dispón Galicia grazas ao catedrático da Universidade de Santiago de Compostela ao facer o primeiro mapa que permite coñecer con base científica o territorio galego e incluso parte do territorio continental circundante. Triangulou Galicia, determinando puntos mediante o cálculo de vértices xeodésicos cun sistema de triángulos. Levou a cabo unha análise do territorio realizando un arduo traballo de campo que lle supuxo recoñecer a meirande parte das entidades de poboación galegas. Xustifícase así a grande cantidade de nomes xeográficos asociados que hai dentro da área cartografada no mapa e, que permite a elaboración dun *Nomenclátor xeográfico*. Os intelectuais galegos máis destacados enfatizan o merecemento acadado polo xeodesta e o seu mapa nas obras literarias. Castelao manifesta na obra “Sempre en Galicia” que sinte admiración pola Carta de Fontán porque foi o instrumento para poder “ver” Galicia, o igual que Álvaro Cunqueiro, que lle supuxo unha experiencia atoparse co seu país tendo diante o Mapa Fontán e, mesmo o xeógrafo Otero Pedrayo que empregou a C.G.G. de 1845 para a elaboración da súa “Guía de Galicia. A investigación científica non explotou en grande medida a riqueza que aínda hoxe representa e aberxe a carta xeométrica.

Durante anos, o manuscrito da C.G.G. do 1834 estivo “perdido” dentro de oito caixas “nun ángulo do Instituto Nacional” xunto con esbozos parciais orixinais e as pedras litográficas do gravado da Carta que se atopaban “nun deplorable estado” (“*fdf*” (Fundación Domingo Fontán). Este feito contrasta con que o Museo do Real Observatorio de Madrid sumou a súa colección a pedra litográfica¹ coa que se imprimiu o primeiro M.T.N. (Mapa topográfico Nacional) correspondente a folla de Madrid. Pola contra, a USC (Universidade de Santiago de Compostela) ten presente a figura de Domingo Fontán, ademais de cartógrafo, por ser un dos fundadores do Estudo Público de Humanidades e posúe varios exemplares da C.G.G. e instrumental empregado polo cartógrafo. Nas paredes do Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia, con decoración neo-renacentista, lese o nome de Domingo Fontán Rodríguez, Xosé Rodríguez e Casiano de Prado, exaltando de algún modo a Universidade de Santiago a través destas personalidades.”.

¹ Noticia publicada en www.elpais.com/tag/madrid/a/ o 15/02/2014.

Os Sistemas de Información Xeográfica (S.I.X.) permiten o tratamento de *material cartográfico histórico* a través da aplicación informática mediante o manexo de capas vectoriais, raster e bases de datos. A cartografía histórica dixitalizada e *xeoreferenciada* facilita a creación dun soporte de datos espaciais, os que considero, “puntos intelixentes” porque eses “puntos” representan as entidades do mundo real en 2D e “intelixentes” ó permitir asociarlle información e datos alfanuméricos. Outrosí, os S.I.X. ofrecen a posibilidade de superpoñer, neste caso para que coincida, a C.G.G. (Carta Geométrica de Galicia) coas imaxes de satélite e a ortofoto dixital do século XXI. Deste modo evidénciase cómo *Fontán achegou a radiografía case precisa e completa do país*, unha observación da superficie terrestre que hoxe en día desempeñan os satélites en órbita, e podendo afirmar deste xeito que Domingo Fontán *foi un cartógrafo adiantado na súa época* pola enorme coincidencia que existe entre ambas fontes. Esta aplicación informática tamén se emprega como ferramenta de conservación e instrumento de recompilación toponímica. Como unha ferramenta de conservación, neste caso, da herdanza de Fontán para investigación patrimonial. Institucións públicas puxeron o seu interese no emprego deste sistema informático para xestionar a súa cartografía. O S.I.T.G.A. (Sistema de Información Territorial de Galicia) publicou en febreiro do 2014 o W.M.S. (Web Map Service) da C.G.G. do ano 1845 que permite *soamente visualizar* o mapa. O C.S.I.C. (Centro Superior de Investigaciones Científicas) e a Universidade de Sevilla realizaron traballos seguindo determinadas casuísticas de mapas xeoreferenciados, o primeiro da cartografía histórica do ano 1902 do cartógrafo militar Fernando Cañada para a cidade de Madrid² e, o segundo das cartas náuticas da península ibérica de Vicente Tofiño para a reconstrución da memoria histórica y xeográfica do territorio, incluíndo as da costa galega. Por outro lado o S.I.T.G.A., no seu proxecto de estudo das parroquias galegas, pretende asociar a cartografía existente desta entidade coa realidade contestada no Catastro da Ensenada para a súa visualización por internet. Incluso no medio virtual pódese “rectificar” mapas de España do século XVIII para que coincida coa actualidade na paxina web da Biblioteca Pública de New York da súa colección mediante unha ferramenta de xeoreferenciación de uso público³. Como instrumento de recompilación toponímica foi empregada pola comunidade aragonesa que aprobou o Nomenclátor Geográfico de Aragón ca finalidade de reunir os nomes xeográficos das fontes cartográficas, entre outras, publicadas desde o 1912 ate o momento para o seu uso e difusión⁴. Pódese afirmar polo tanto que hoxe en día os S.I.Xs revolucionan positivamente á cartografía.

Para entender Galicia é preciso revelar a súa xeo-historia e *Domingo Fontán foi un dos científicos que marcaron a Historia de Galicia no século XIX*. Faise necesario considerar a C.G.G. como patrimonio histórico galego xa que foi a que permitiu coñecer a xeografía territorial e administrativa galega do Estado Contemporáneo. O Mapa Fontán é o mapa provincial que representa o paso das ideas do Antigo Réxime ó Liberalismo materializando en catro provincias o marcado na Constitución de Cádiz. O espírito racional xurdido da Ilustración foi a base primordial a partir da cal se desenrolou a organización do territorio que máis nos condiciona hoxe en día. A pescuda dos mapas e apuntes de Domingo Fontán dispón *recuperar o coñecemento e localización da parroquia para a formación dos concellos administrativos no século XIX*. Moita da información espacial contida no mapa segue sendo

² O CSIC publicou en 2013 o HISDI-MAD, un xeoportel de cartografía y demografía histórica para a cidade de Madrid; en www.idehistoricamadrid.org.

³ En maps.nypl.org/harper/

⁴ Noticia publicada en www.europapress.es. o 15/03/2014.

útil no presente e axuda a entender o pasado a pesares de que as relacións espaciais se modificaron. Demais, os elementos cartografados na CGG evidencian a inclusión da Igrexa na sociedade da época respecto aos xeitos de organizarse a desemeillante escala no ámbito espacial máis extenso así como os lugares de dinamización económica e os recursos para os intercambios comerciais. Analizar esta orixe, que Fontán iniciou co cálculo de ángulos e distancias aplicando teoremas matemáticos, axudado coa prancheta que el mesmo mellorou, é situarnos no presente. A pesares das dificultades coas que se atopou o cartógrafo ao longo da súa vida “desafiou” a todo para conseguir a súa obra máis importante.

A institución parroquial galega segue sendo a verdadeira trama celular da vida local e auténtico enseña da personalidade de Galicia. Na España actual faise imprescindible mellorar o coñecemento da traxectoria histórica do proceso de transformación do espazo, máxime en Galicia pola complexidade da súa paisaxe onde se encontran máis da metade dos asentamentos de poboación do Estado aínda que se trate dunha comunidade autónoma entre as dezasete. Segundo o Instituto Galego de Estatística (I.G.E.), o total de entidades colectivas en España no ano 2013 é de 4.920, das cales 3.772 pertencen a Galicia, e as entidades singulares galegas compútanse en 30.196 (o 49%) das 61.667 do total nacional. A C.G.G. é unha *instantánea das parroquias rurais e o topónimo do seu momento*, que non perdeu a súa efectividade no tempo segundo a pesquisa. Esta entidade local puxo en funcionamento os concellos democráticos en Galicia. Referirse ao Decreto do 30 de novembro de 1833, de Javier de Burgos, mediante o que se establece a nova división provincial para recordar que o propósito que se pretendía era o de manter un equilibrio político-administrativo no conxunto do territorio e que se completou con esta mesma orientación co Real Decreto de 21 de abril de 1834, que subdividiu as provincias en partidos xudiciais e, o de 23 de xullo de 1835 co que se iniciaría a nova organización da administración local española. O artigo cuarto deste último Real Decreto dispoñía que si a poboación estivese dispersa e sen centro de reunión, como era o caso das provincias galegas que sería necesario marcar o territorio correspondente a cada concello que “non podería exceder de catro leguas nin dunha poboación de cincocentos veciños”. Precisaríase nese mesmo sentido mediante a lei do 15 de outubro de 1836 e o Real Decreto do 8 de decembro de 1836, sobre a construción dos concellos. Como a parroquia rural era unha entidade viva nela precisamente se apoiará toda a normativa legal para formar os novos concellos galegos. De aí que no artigo 1º da R.O. do 28 de marzo de 1836 establece “que cada parroquia dos pobos rurais nomee conforme ao Real Decreto do 23 de xullo de 1835 un rexedor pedáneo e un tenente” e no artigo 2º de maior relevancia aínda ao efecto da organización territorial de Galicia dispoñía “que un número determinado de parroquias circunveciñas designado polo Goberno Civil de acordo ca Deputación Provincial, forme un concello, que se compondrá dun alcalde, un tenente, tantos rexedores pedáneos cantas sexan as parroquias e un procurador xeral”. A CGG permite visualizar a substitución da disposición da administración coa situación dos partidos xudiciais, os concellos democráticos e as parroquias rurais. Tomase así como base para unha análise de traxectoria histórica da parroquia no século XIX tomando como punto de partida o ano 1834 ate o ano 1900, amosando de este xeito unha rede parroquial estable con poucos cambios.

Como afirma Otero Pedrayo, para coñecer a xeografía humana de Galicia é imprescindible estudar todas as parroquias cun método seguro (Otero Pedrayo, 1927). A causa das transformacións políticas e económicas impostas na segunda metade do século XX a realidade territorial secular de Galicia está en crise onde o recoñecemento oficial das comunidades rurais non da chegado.





I. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

- 1.1. A elección do traballo de investigación e os seus obxectivos
- 1.2. Os estudos realizados sobre Domingo Fontán e a C.G.G.
- 1.3. Valoración científica a cerca de Fontán e a C.G.G
- 1.4. A parroquia rural galega. O discurso de Domingo Fontán sobre a parroquia
- 1.5. Aspectos metodolóxicos: as fontes e o tratamento dixital
- 1.6. As fases do método de traballo para o tratamento da C.G.G. nun S.I.X

I. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS.

1.1. A ELECCIÓN DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS.

Resulta difícil establecer cando esperta o interese por un determinado tema de investigación pero, no meu caso, este interese ten un precedente cando, en 2005, tomei contacto por primeira vez ca figura de Domingo Fontán e a súa “Carta Geométrica de Galicia” coa miña participación no “*Dictamen pericial de valoración de objetos de la “Carta Geométrica de Galicia” de D. Domingo Fontán Rodríguez*”. O **principio** de esta pescuda sitúase na elección do mapa de Domingo Fontán como base de inicio do estudo por ser o primeiro mapa de Galicia realizado seguindo un método científico e por aparecer cartografadas nel con precisión preto de 4.000 parroquias do seu tempo, con topónimos que coinciden coas fontes oficiais segundo foi posible verificar no traballo tutelado que realicei titulado, “*A vixencia da “Carta Geométrica de Galicia” de Domingo Fontán no século XXI*” no ano académico 2005/2006, como paso previo para levar adiante esta tese que me propuxen completar usando ademais imaxes de satélite e ortofotos dixitais. Posterior ó traballo tutelado, realicei determinados estudos co Prof. Dr. Xosé Ramón Chantada Acosta dedicados á Carta Geométrica de Galicia. O primeiro deles foi a publicación de “*Ciudades y parroquias rurales gallegas de 2005 presentes en la Carta Geométrica de Galicia de 1834*”⁵ no ano 2006 onde aparecen catalogadas as case catro mil entidades locais analizando a súa presenza no manuscrito. O segundo foi a “*Localización de las parroquias de la Carta Geométrica de Galicia de 1834 inexistentes en 2006*”⁶ publicado no ano 2007, onde se enumeran e visualizan todas aquelas comunidades rurais identificadas por Fontán na C.G.G. e que non constan como tal no Padrón do ano 2005 publicado polo INE (Instituto Nacional de Estadística) en decembro de 2005. Como derradeira participación no tema está a miña colaboración na exposición inaugurada en novembro de 2008 sobre “Innovación e Territorio. O legado de Fontán ao século XXI” no Palacio de Fonseca onde se expuxo o manuscrito da C.G.G..

O comportamento territorial resulta atractivo como obxecto de traballo xa que os asentamentos de poboación e a súa xerarquía e a toponimia son elementos que tenden a perpetuarse historicamente malia que nin moito menos son estáticos. A CGG permite coñecer o comportamento de variables no territorio. En consecuencia, o traballo realizado animoume a continuar pero sempre tendo como finalidade a conclusión desta tese. Por iso, no seu momento questioneime **preguntas** que me axudasen a abordar mellor a investigación. Para o estudo da transcendencia da “Carta Geométrica de Galicia” no século XIX e profundizar na traxectoria histórica das parroquias galegas é preciso acometer a análise de diversos temas:

- 1) Como primeira cuestión, Fontán procedeu cunha metodoloxía científica na elaboración do seu proxecto? Faise imprescindible estudar as obras cartográficas existentes en España antes do século XIX así como o mapa precedente á C.G.G.. Identificar a formula e técnica de traballo seguidas no país para a produción dos

⁵ Ejemplar en formato electrónico na biblioteca de Xeografía e Historia con sinatura GA 592.

⁶ Ejemplar en formato electrónico na biblioteca de Xeografía e Historia con sinatura GA 593.

mapas e tamén as posibles alternativas e novidades na ciencia cartográfica en Europa ate a momento da publicación da CGG. Ter en conta as supostas influencias de Fontán e determinar o fito que supuxo o método de traballo e obra realizada por Domingo Fontán na cartografía galega.

- 2) Así mesmo é imprescindible unha segunda cuestión, A minuta e o gravado da C.G.G. son mapas equivalentes?. A cesión dos dous mapas para o seu estudo permite facer unha comparativa entre ambos. Unha vez verificado que os planos presentan diferenzas, dedicar á busca das posibles disposicións tomadas por Fontán nos 11 anos posteriores da presentación en público para a impresión da carta xeométrica.
- 3) En relación a anterior pregunta, Cantos rexistros xeográficos aparecen na CGG? Son coincidentes entre o manuscrito e o gravado? A identificación e transcripción da toponimia así como outros elementos que representou Fontán no mapa, dando totalizacións mediante unha clasificación.
- 4) O Mapa Fontán permite crear un inventario toponímico ou Nomenclator xeográfico? Elaborar unha lista alfabética dos rexistros que se identifiquen dentro da área cartografada cunha codificación, determinar natureza do rexistro e a ortografía do mapa.
- 5) Domingo Fontán cartografou o entramado parroquial de Galicia do século XIX na Carta?. A importancia da institución parroquial no mapa por aparecer nel localizadas todas as existentes do seu tempo. A diferenza no cómputo total das entidades entre as cartas como posible erro de Fontán? Verificación con diferentes fontes oficiais e eclesiásticas anteriores e posteriores á carta xeométrica.
- 6) O cartografo determinou a posición exacta das parroquias na C.G.G.? Mediante unha corrección xeométrica do mapa pódese medir a distancia entre a localización das comunidades que calculou Fontán ca súa homónima na actualidade.
- 7) Cánto tempo estivo vixente a C.G.G.? Unha secuencia comparativa desde o punto de vista da cobertura territorial e temporal da CGG co M.T.N., como o mapa que o substituíu.
- 8) Finalmente, pódese considerar a Domingo Fontán partícipe no labor de delimitación da estrutura administrativa galega do Estado Contemporáneo? A través da traxectoria profesional pero sobre todo a política que permita saber a implicación acadada polo cartografo nese período.

Como **hipótese de partida**, a C.G.G. é unha fonte de información fiable establecéndoa como o principio *da cartografía moderna de Galicia* e, por tanto, Domingo Fontán proporcionou o *coñecemento completo e preciso do territorio galego* para o *establecemento do marco político-administrativo* que aínda segue vixente hoxe en día. Fontán materializou na C.G.G. a nova administración da *política de corte liberal coa proxección das catro provincias galegas* en 1834, traballo que iniciara no ano 1816 durante o Sexenio absolutista, e plasmou o *instrumentos administrativos* dun período de reformas políticas constantes no mapa de 1845 mediante cambios na xerarquía das entidades. Outra hipótese é que permite coñecer todas as *parroquias galegas do seu tempo e a súa localización*, un tema discutible e cuestionable na actualidade, ademais de localizar os modos de organización eclesiástica inseridos na ámbito espacial. É necesario a valoración do traballo realizado por Fontán que dalgún modo se mantén útil na actualidade. A combinación da C.G.G. (manuscrito e gravado) e o S.I.X. na investigación permitirán a comprobación ou non destas hipóteses.

A máis de dar resposta a estas preguntas, esta tese doutoral ten como **obxectivos** acadar :

- A. Afondar no coñecemento da evolución do entramado parroquial e da estrutura administrativa en Galicia no século XIX no período entre 1834 e 1900, tendo presente a actualidade a partir da información estatística feita sobre Galicia, e facer unha análise da información cartográfica desde o punto de vista científico e técnico.
- B. Levar a cabo o estudo exhaustivo da “Carta Geométrica de Galicia” como fonte básica do traballo coa que se pretende ampliar o coñecemento sobre realización do mapa, as técnicas e os instrumentos empregados, as medicións e triangulacións realizadas así como tamén os posibles erros que estes cálculos poderían ter nunha análise actualizada. Complétase así a visión da situación actual do territorio.

A metodoloxía da pescuda seguiu un **procedemento científico** e, que ao finalizar o traballo, cheguei a unhas conclusións a partir das hipóteses anteditas. Para acadar isto, levouse a cabo un conxunto de pasos e etapas sucesivas. O *primeiro paso* comezou, por un lado, coa recompilación da bibliografía existente sobre o tema a estudar e, por outro lado, a obtención do mapa como elemento clave. A procura das publicacións existentes sobre Domingo Fontán e a súa obra cartográfica permitiu observar que non había ningún estudo científico posterior á problemática da Carta de Fontán sobre a importancia que representou como primeiro mapa en España que permitiu coñecer, mellor que ningún outro, o territorio de Galicia. Por outra parte, a dispoñibilidade do mapa Fontán desde o comezo tanto por parte da Fundación Domingo Fontán, que cedeu o manuscrito de 1834⁷, como por parte da USC, que facilitou unha copia dixital do gravado de 1845. A recompilación e a posterior organización da información documental é un paso case ineludible en todo traballo de investigación. Como *segunda fase* estivo a elección de cómo traballar a cartografía histórica conseguida. Considerouse que a aplicación máis idónea para traballar o mapa Fontán era un sistema de información xeográfica. O S.I.X. permite o tratamento de mapas dixitais xeorreferenciados, onde se poden crear e combinar capas (obtención dos datos) e obter unha análise dos datos xeoespaciais. O *terceiro paso* está na elección dunha metodoloxía eficaz a seguir para o tratamento do mapa na aplicación informática que nos permita a elaboración, a edición e polo tanto a realización dos datos xeoespaciais. A escala de traballo que se escolleu é a da *rexión político-administrativa* como a máis adecuada atendendo ós obxectivos que se procuran. E como cuarto paso concluír cos resultados finais. O tratamento dos datos de forma cualitativa e cuantitativamente en bases de datos principalmente e, en ocasións, acompañados de *soportes gráficos e visuais*, que facilitan a interpretación dos resultados. Levouse a cabo unha combinación de mapas e análise. Os pasos seguidos permitiron comprobar a hipótese exposta o inícia da tese de doutoramento.

Foi imprescindible detallar con precisión os apartados que aparecen no índice, xa que nalgúns destes apreciábase a posibilidade de abrir novos fronteiras que se facían inviables facer pola interinidade do estudo.

A tese doutoral estrutúrase en **catro capítulos** que se describen a continuación:

⁷ Por dereitos de autor, a imaxe do mapa de 1834 que aparece na investigación é o facsímile do manuscrito editado por Cuerpo Nacional de Topógrafos do ano 1974 en 16 follas da Biblioteca Nabal de Lugo e non do manuscrito orixinal da Fundación Domingo Fontán de 8 follas.

I. No primeiro capítulo expóñense as *consideracións previas* para contextualizar o tema da investigación. Explico a miña primeira toma de contacto ca figura de Domingo Fontán e o porque da decisión na elección do tema de estudo. Seguidamente, enumero aquelas cuestións que me levaron a formular a hipótese da tese doutoral e marco os obxectivos a acadar. Paso a describir a lista de publicacións que considero destacadas existentes sobre o xeodesta para mostrar o nivel acadado así como aquelas sobre o coñecemento científico-técnico existentes sobre a C.G.G., basicamente realizadas por institucións públicas, incluíndo unha serie de valoracións científicas feitas por destacados profesionais sobre Domingo Fontán e a súa obra. Logo elaborouse un apartado sobre o concepto e orixe da parroquia rural galega por ser das palabras clave. Por último, detallo a tipoloxía de fontes empregadas así como a descrición das problemáticas no seu manexo para rematar con unha explicación da metodoloxía aplicada na tese de doutoramento.

II. O segundo dos capítulos dedícoo á *vida e actividade profesional de Domingo Fontán Rodríguez*. Mediante a bibliografía atopada fago unha simplificación, en primeiro lugar, das datas máis sobranceiras da súa vida como estudante, profesor e científico e, en segundo lugar, resalto aqueles cargos que desempeñou dentro do contexto histórico-cartográfico que determinou a súa época. A través dun cronograma concrétanse as datas expostas neste apartado desde o nacemento ate o falecemento de Fontán. De seguido, preséntanse os precedentes no cartografado de Galicia e a súa situación na época de Domingo Fontán, para expoñer todas as súas obras cartográficas *localizadas* pormenorizando características de cada unha delas. O capítulo péchase cun apartado onde intenta reproducir os pasos seguidos polo xeodesta ilustrado na elaboración da súa “Carta Geométrica” a partir da documentación manuscrita existente, como son os cadernos de campo, tendo en contas as datas e os cálculos matemáticos que se describen nedes.

III. No terceiro capítulo da tese *analízase de forma pormenorizada a “Carta Geométrica de Galicia”*. A revisión do manuscrito da C.G.G. de 1834 e o gravado da C.G.G. de 1845 evidencia que os dous mapas son diferentes. Este feito leva a realizar o estudo detallado dos dous mapas e así establecer unha comparativa entre eles. De primeiro, fago un recoñecemento do manuscrito, demostrando así a súa científicidade e fiabilidade para establecer o Mapa Fontán como fundamento. Detállanse as determinacións que tomou Fontán para levar a cabo o seu proxecto como son a elección da proxección, a presentación das coordenadas que comprenden o mapa, o meridiano que tomou como referencia, as diferentes escalas do mapa, o listado de símbolos ou a cobertura e división das follas. De segundo, analízase a información que aparece na C.G.G., por un lado, os límites administrativos e, por outro, as entidades de poboación. Descríbese o trazado dos límites internos e externos de Galicia existentes no mapa de 1834 e represéntanse as rectificacións nos límites do mapa de 1845 cos cambios de localización que supuxo nas entidades de poboación. Totalizáronse todos os nomes xeográficos de ambas cartas e indicáronse as diferenzas entre elas, con especial atención as entidades locais. Coa combinación de mapas e anexos, enuméranse as diferenzas parroquiais existentes, primeiro aquelas que existen no gravado e non no manuscrito, logo aquelas que identificou no manuscrito e non no gravado e, para rematar, aquelas comunidades que aparecen na C.G.G. que non existen na actualidade. Seguidamente, realizouse un apartado sobre a avaliación, mediante análise estatística e comparativa, da precisión da distancia entre as parroquias galegas localizadas por Fontán na C.G.G. respecto á localización das actuais e así precisar a exactitude acadada polo cartógrafo nos cálculos efectuados no traballo de campo. Finalízase cun apartado onde se presenta a vixencia temporal da C.G.G. en comparativa co mapa que o substituíu, o MTN, para demostrar o baleiro cartográfico que proseguíu en Galicia ate o século XX. Unha representación temporal

desde o ano 1929, cando se publica a primeira folla do mapa topográfico de España correspondente a Galicia, ata o ano 1955, ano de publicación o derradeiro mapa que cubre o territorio galego

IV. No capítulo cuarto expónse a evolución histórica do entremado parroquial decimonónico no período 1834-1900. Establecese como base de inicio a estrutura administrativa cartografada na C.G.G., posto que se confirma que Domingo Fontán foi o que representou os límites definitivos establecidos no período constitucional e que se manteñen hoxe en día. Por último analizo a evolución parroquial de Galicia no século XIX relacionándoa co século XXI, tomando como base a C.G.G. de 1834, e indicando as todas as variacións existentes das entidades no “Diccionario Madoz” e nos Nomenclatores de 1858-1869-1873-1888 ate o ano 1900, onde a rede parroquial do século XIX localizouse e cartografouse.

V. Un derradeiro apartado onde se expoñen as conclusións. As figuras, mapas e táboas como os anexos interactivos pódense visualizar no CD adxunto e complementan os apartados da tese.

1.2. OS ESTUDOS REALIZADOS SOBRE DOMINGO FONTÁN E A C.G.G..

As achegas dos estudos a cerca da figura de Domingo Fontán veñen dos ámbitos da xeografía, da historia, da socioloxía, das matemáticas e do xornalismo. Decontado, destaco determinadas obras e os seus autores para dar unha visión de conxunto de cómo se investigou ó xeodesta, a súa metodoloxía científica e seu labor cartográfico. As monografías referidas a Fontán son escasas pero a súa obra está presente en publicacións de conxunto de cartografía histórica de referencia.

No referente á bibliografía específica a cerca da personalidade de Domingo Fontán destacar dous autores, **Baldomero Cores Trasmonte** e **Gonzalo Méndez Martínez** que realizaron varias publicacións ate o momento. Cores Trasmonte estudia á Fontán como político e no seu libro “*Domingo Fontán no Parlamento*” (2008) fai un percorrido entre os anos 1836 e 1842 sobre os discursos parlamentarios atopados que realizou Fontán sendo deputado en Cortes e, por outra banda, Méndez Martínez dedicouse á vida e traballo cartográfico do autor da C.G.G. no seu libro “*Domingo Fontán*” (2005). Un dos apartados da tese doutoral de este último autor “*Cartografía antiga de Galicia*” é sobre Domingo Fontán e que en parte coincide con dita publicación. É de destacar que existen dous traballos máis actuais pero que forman parte de unha obra de conxunto, son “*La actividad parlamentaria de Domingo Fontán (1836-1843)*” (2012) de **Margarita Barral Martínez** e “*Domingo Fontán Rodríguez (1788-1866) autor del primer mapa científico de Galicia*” (2012) de **María Veguín Casas**. Desde a Fundación Domingo Fontán realizouse unha biografía cunha serie de apuntes biográficos⁸ que van desde o ano 1788 ate 1866.

Existen dúas publicacións que teñen como tema principal a Galicia e nas que dan novas ópticas culturais para descifrala tomando como punto de inicio e símbolo de identidade a Domingo Fontán. Son as obras “*Writing Galicia into the world: new cartographies, new poetics*” (2011) de **Kirsty Hooper** e “*Otra idea de Galicia*” (2011) de **Miguel-Anxo Murado**. Aínda que o autor por referencia que admirou a Domingo Fontán e sempre o tivo presente nas súas obras literarias foi **Ramón Otero Pedrayo**.

⁸ En www.fundaciondomingofontan.es/domingo-fontan.html.

Nas obras relativas ó patrimonio histórico da Universidade de Santiago, Domingo Fontán resalta como científico nos estudos astronómicos e xeográficos. Destaco os volumes realizados por **Xosé Ramón Barreiro Fernández** da “*Historia de la Universidad de Santiago de Compostela. El siglo XIX*” onde analiza a súa traxectoria académica e algunhas das desavinzas nas aulas na súa época de profesor na universidade. Dúas institucións participaron na publicación de obras para a conmemoración do centenario e bicentenario de Domingo Fontán e da súa C.G.G.. **O Consello Superior de Investigacións Científicas do Instituto Padre Sarmiento** (C.S.I.C.) publica “*D. Domingo Fontán y su Mapa de Galicia en el primer centenario de su publicación*” (1946), edición destacable xa que nela aparecen por primeira vez apuntes autobiográficos sobre as operacións levadas a cabo para a realización do mapa. **O Instituto Geográfico Nacional** (I.G.N.) pola súa parte publica “*Cartografía de Galicia, 1522-1900: Bicentenario de Domingo Fontán Rodríguez: 1788-1988*” (1988) onde personalidades como Rodolfo Núñez de la Cuevas, Xosé Filgueira Valverde e Ángel Arévalo Barroso destacan a transcendencia que tivo e segue tendo a obra de Fontán. Ademais da publicación do C.S.I.C., **Xosé Lois Vila Fariña** realiza o libro “*Vida e obra de Domingo Fontán*” (2004) con reproducións de notas inéditas. Son as únicas publicacións ate o momento onde se pode atopar a transcripción dos manuscritos onde se describe a metodoloxía levada a cabo por Fontán para a realización do mapa.

Unha documentación alternativa da que dispuxen cedida polos **herdeiros de Domingo Fontán** son os *escritos de demanda* elaborados polos avogados da Familia Fontán contra o I.G.N.. Nesta documentación atópanse documentos manuscritos inéditos sen publicar ate o momento. Outra documentación a ter en conta son determinadas obras concluídas aínda non publicadas xunto con **Xosé Ramón Chantada Acosta** e a Lic. en xeografía **Mercedes Casciani Sicardi**. Os estudos son a “*Colección dos concellos galegos do mapa de Fontán en 1834 ás imaxes de satélite en 2001*”, “*Un aspecto da pervivencia do mapa de Fontán 1834-1955*” e “*Atlas da pervivencia do mapa de Fontán 1834-1955*”.

Outro ámbito a destacar é o xornalístico xa que é na prensa onde aparecen artigos sobre o cartógrafo desde o ano 2002 realizados por persoas coñecidas como *Manuel Rivas*, *Suso de Toro* e *Ramón M. Lorenzo*. De matemático sublime a ilustre humanista esquecido como a labor que levou a cabo Fontán son os temas tratados. Existe un “Blog” titulado “*O primeiro rostro de Galicia*” realizado polo xornalista **Víctor Hugo Brandalise** en *A Voz de Galicia* que elaborou entre os meses de xullo e novembro do 2012. O autor da publicación intentou realizar a reconstrución dos traxectos explorados por Domingo Fontán mestres facía o recoñecemento do país⁹. En total identificou dezasete itinerarios, entre eles, o que se iniciara na torre da Berenguela ata a aldea de Bazar entre os anos 1817-1821; o espacio recorrido desde o Monte Pedroso á Torre de Hércules entre xaneiro e agosto do 1822 ou desde Loxo a San Xulián do Monte en setembro de 1822; e tamén a ruta de Follente ó Cabo Vilán no ano 1823 e de Mondoñedo a Ribadeo¹⁰.

⁹ A documentación do Blog aparece como artigo de investigación na Revista Murguía nº26 dos meses de xullo-diciembre de 2012.

¹⁰ A propia Fundación Fontán rectifica determinadas afirmacións realizadas polo xornalista, como a existencia de 14 cadernos de campo cando en realidade son máis de 50 e a dificultade de reconstruír exactamente por onde se desprazou Domingo Fontán, máis nos primeiros anos, porque parte de ese material está desaparecido.

A exposición “*Innovación e Territorio. O legado de Fontán ao século XXI*” realizada no Salón do artesanado do colexio de Fonseca desde o 8 de outubro ó 23 de novembro de 2008, onde se expuxo a minuta orixinal da C.G.G., que se tomou como base neste traballo, o teodolito e o cadro de Domingo Fontán realizado por Esquivel. Na exposición mostráronse cada unha das 12 láminas do gravado da C.G.G. de 1845 e a súa correspondente cobertura territorial sobre imaxe de satélite con toponimia cartografada por D. Fontán en forma de paneis de luz. O comisario da exposición, **Xosé Ramón Chantada Acosta**, afirmaba que “Fontán fixo na súa época o que agora fai o satélite”.

A “Carta Geométrica de Galicia” como obra cartográfica sempre ocupa un lugar nos libros de cartografía antiga. Numerosos exemplares do mapa atópanse en diferentes organismos científicos e culturais nacionais. Existen exemplares no *Instituto Geográfico del Ejército*, no *Instituto Geográfico Nacional*, na *Biblioteca Nacional* de Madrid, no *Cuerpo Nacional de Topógrafos*, na *Biblioteca de la Real Academia de Bellas Artes* de San Fernando como tamén se pode atopar algunha reprodución na *Royal Geographical Society*; en Galicia, na *facultade de Xeografía e Historia*, no *Arquivo do Reino de Galicia*, no *Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra*, e nas bibliotecas públicas de Ourense e Lugo, entre outros. Coas obras citadas dáse unha visión de conxunto da repercusión da figura de Domingo Fontán Rodríguez no ámbito científico e político así mesmo o que simboliza hoxe en día a C.G.G. coa súa presenza nas diferentes institucións públicas.

1.3. VALORACIÓN CIENTÍFICA A CERCA DE FONTÁN E A C. G. G..

A continuación expóñense *algunhas valoracións científicas* sobre a C.G.G. realizadas por persoas destacadas no ámbito académico e no da cartografía, e que coinciden unanimemente na gran relevancia que tivo e ten a obra de Fontán. As consideracións de Otero Pedrayo, Arévalo Barroso, Lorenzo Martínez, Núñez de las Cuevas, Filgueira Valverde como coñecedores da vida e obra de Fontán.

Ramón Otero Pedrayo¹¹ fíxose acredor, polas súas obras publicadas, de ser o home que mellor coñecía o territorio galego despois de Fontán. Xustamente, baseou o seu coñecemento xeográfico de Galicia durante o desenvolvemento das súas investigacións científicas de forma preferente na obra de Fontán. Por isto, Otero Pedrayo afirmou, con acerto, que:

“con Fontán a imaxe de Galicia perde a consideración vaga, imprecisa e difusa que cartograficamente tivo durante séculos”.(tradución) (Otero Pedrayo,1946).

Grazas á C.G.G. o territorio español sae da tembra en termos cartográficos, e de forma específica ao ser abordado o territorio galego. A partir de entón pode ser analizado cun criterio estritamente científico. A transcendenciada obra no seu momento foi tal que xa antes de que concluíse a C.G.G. encargáronlle a realización do trazado das novas estradas en Galicia:

¹¹ Otero Pedrayo (1888-1976) primeiro catedrático de Xeografía da USC, candidato ás Cortes Constituintes polo Partido Nacionalista Republicano de Ourense, “inadaptado” do Grupo Nós. As súas publicacións relacionadas coa Xeografía, “Treinta y tres lecciones de Geografía General”, “Lecciones elementales de Historia Universal” e “Geografía de España. Presencia y potencia del suelo y pueblo español” (Fundación Otero Pedrayo).

“Cuando me preparaba a concluir la parte occidental para proceder al reconocimiento y triangulación del país que me restaba a fin de concluir en el primer año la mitad occidental, me hallé con una Real Orden de 3 de abril en que se me encargaba el trazado de las carreteras que hubiesen de abrirse en Galicia. Esto mal podía hacerse sin que la carta de todo este reino estuviese concluida, pues ella había de dar a conocer por donde debían dirigirse ya respecto a las comunicaciones de las provincias entre si ya respecto a las del resto de la Península, sólo realizables por los pocos puntos accesibles que ofrecía su línea fronteriza con Asturias, León y Zamora, los que era forzoso reconocer y situar de antemano” (Otero Pedrayo, 1946).

En canto á consideración que Domingo Fontán lle merecía a **Ángel Arévalo Barroso**¹², destácase a que este último expresaba que había que consideralo:

“o primeiro enxeñeiro xeógrafo español: “cariño que el Instituto Geográfico Nacional siente por el recuerdo de este gallego insigne que para nosotros fue el primer ingeniero geógrafo español. No en balde lo disponía así el Decreto que creaba la escuela especial de ingenieros geógrafos, de 1 de mayo de 1835, de la que Fontán fue nombrado director” (Arévalo Barroso, 1988).

Tamén afirma que case dous séculos máis tarde iniciadas as investigacións de Domingo Fontán, aínda hai que dar vixencia ao seu mapa pola necesidade de contar cun instrumento diacrónico de información integrada de todo o territorio español:

“En mi opinión, fueron clarividentes las ideas cartográficas de Fontán, que además tuvo la compensación de la injusticia que padeció al ver tales ideas en realidades gozosas. Sorprendente que en época tan oscurantista como la década ominosa, Fontán pudiera entender y defender la necesidad del soporte cartográfico como aposento y referencia de todos los hechos socioeconómicos localizables espacialmente. Esta idea, tan aparentemente simple y evidente, constituye aún, siglo y medio más tarde, caballo de batalla y esperanza próxima para algunos que intentamos alcanzar un instrumento global e integrado de información sobre el territorio, incluidas las estadísticas nacionales, sobre nuestra cartografía básica oficial” (Arévalo Barroso, 1988).

Unha terceira cuestión é que considera que o método usado na C.G.G. é claro e correcto, así como o único posible na cartografía. En concreto:

“También fue absolutamente clara y correcta la metodología con que Fontán abordó su Carta Geométrica de Galicia, obra ingente por la que, sin duda, es más conocido y admirado. Porque Fontán llegó la cartografía por la única vía posible, esto es, por el establecimiento y medición de una base (midió dos, una para cada una de las mitades occidental y oriental de Galicia, en la carretera de Santiago a Coruña y en el Corgo, respectivamente) para con ella calcular los lados de la triangulación geodésica (hasta un tercer orden) en que apoyar el levantamiento topográfico, tras enlazar las redes oriental y occidental” (Arévalo Barroso, 1988).

¹² Arévalo Barroso: enxeñeiro de camiños, canais e portos e foi o director xeral do IGN entre 1985-1994.

Unha cuarta cuestión e que considera que a C.G.G. foi realizada cun gran fundamento matemático e rigor xeodésico:

“Fontán, desde su profundo saber matemático, acometió y finalizó su magna obra cartográfica con plena racionalidad y rigor geodésico, incluso posicionándola geográficamente mediante determinación de las coordenadas astronómicas del Reloj de la Catedral de Santiago” (Arévalo Barroso, 1988)

e que ademais foi unha obra cartográfica excepcional no século XIX:

“Gratifica comprobar el buen hacer cartesiano de Fontán, sobre todo cuando se conocen los modos toscos y escasamente científicos con que la cartografía se trataba en la primera parte del siglo XIX” (Arévalo Barroso, 1988).

Non se pode pasar por alto o enorme valor que **Ramón Lorenzo Martínez**¹³, recoñece á obra de Domingo Fontán, da que se fai eco e afirma que a C.G.G. foi o primeiro impulso á cartografía matemática en España:

“Es una obra que merece los mejores calificativos a la hora de efectuar una valoración de lo que supone como impulso a la cartografía matemática en España.” (Lorenzo Martínez, 1988).

A C.G.G. adiantouse ao seu tempo ao permitir cuantificar o territorio por primeira vez en España:

“También tiene un hondo significado por lo que supuso a la hora de asumir la Administración el cartografiado del país como labor de Estado. Fontán se adelanta a su tiempo, supera la concepción cartográfica de la “dinastía” de los López con la introducción de criterios matemáticos a la hora de efectuar las medidas que aseguren la cuantificación del territorio.” (Lorenzo Martínez, 1988).

A valoración que merece a C.G.G. despois do século XIX está tamén en gran relación co dilatado período da súa vixencia ao tardar en ser superada pola cobertura completa de Galicia publicada polo IGN na segunda metade do século XX:

“El comienzo de esta nueva etapa se materializa con los primeros trabajos geodésicos y la formación de las primeras hojas del Mapa Topográfico a escala 1:50.000. Hasta entonces había mantenido su validez el mapa de Fontán, que únicamente se ve superado por la labor de este organismo científico bien entrado el siglo XX.” (Lorenzo Martínez, 1988).

Rodolfo Núñez de las Cuevas¹⁴, un dos mellores coñecedores e publicamente admiradores da obra de Fontán, considera que definir a Fontán como un home cientificamente

¹³ Lorenzo Martínez é o presidente da Sociedade Española de Cartografía, Fotogrametría e Teledetección desde 1996, vicepresidente da Asociación Cartográfica Internacional no período 2003-2007 e o primeiro Director do CNIG-IGN(1990-1998). Foi delegado rexional de Galicia do IGN entre 1979 e 1990.

¹⁴ Núñez de las Cuevas, doutor enxeñeiro xeógrafo, foi director do Instituto Xeográfico Nacional de 1974 a 1980 e presidente da Comisión Nacional de Xeodesia e Xeofísica, como tamén da Comisión Nacional de Metroloxía e Metrotécnica e do Consello de Xeografía, Astronomía e Cadastro.

cualificado e pioneiro da cartografía española está fóra de dúbida. Pero, ademais, polo feito de conseguir un home só acometer tal obra na súa época, co seu difícil contorno cultural e político, e ademais completala cando nin sequera o Estado o conseguiu en todo o século XIX, é polo que máis ben cabería consideralo autor dunha fazaña excepcional na ciencia española:

“Nadie en España había iniciado algo semejante, ni el propio Estado lo había conseguido. El ambiente político y económico era demoledor; difícil y contrario “a cualquier iniciativa seria en el campo científico” (Núñez de las Cuevas, 1988).

Gran inconveniente para Fontán foi abordar o estudo dun territorio moi complexo para cartografar. Esta dificultade é destacada aínda hoxe en día por un enxeñeiro xeógrafo bo coñecedor da cartografía histórica española e ao mesmo tempo da obra de Fontán e os seus numerosos condicionamentos adversos:

“Galicia es una región difícil de cartografiar; no figura en el Mapa de Martínez y de la Vega de 1743, son escasos y de baja calidad los mapas anteriores a Fontán” (Núñez de las Cuevas, 1988).

A pesar da complexidade do territorio estudado, o mapa de Fontán é preciso no seu método e desde unha visión actual resulta unha obra completamente excepcional:

“La decisión de Fontán de dotar a Galicia de un mapa preciso, levantado por métodos modernos y apoyado en una red geodésica que tenía que establecer, observar y calcular es, al contemplarla desde nuestros días, una empresa titánica difícil de comprender.” (Núñez de las Cuevas, 1988).

A C.G.G. sobresaí, con valor engadido a destacar ademais do da complexidade precedente citada, tamén como unha base cartográfica imprescindible pola súa achega a unha toponimia precisa de Galicia na totalidade das case 4.000 parroquias. Nestas entidades colectivas de base do poboamento galego adquiren significación os máis de 30.000 núcleos de poboación de Galicia que continúan constituíndo máis da metade dos de toda España aínda a comezos do século XXI, malia que Galicia non represente moito máis alá do 5 % do territorio español. O mapa completouse na primeira metade do século XIX, cando España, por non ter, non tiña nin censos demográficos modernos. Estes Censos da poboación considerando ós cidadáns con carácter universal non comezaron a realizarse ata a segunda metade do século XIX, e só con regularidade desde o inicio do século XX. Por iso:

“Merece especial mención el esfuerzo realizado en la recogida de topónimos por lo que supuso en cuanto a la recuperación y corrección. La Carta constituye el documento más importante de la toponimia gallega del siglo XIX” (Núñez de las Cuevas, 1988).

En último lugar, seguindo a Núñez de las Cuevas, actualmente a C.G.G. habería que estimala como o mellor mapa levantado en España na primeira metade do século XIX. Ten aínda hoxe en España como contrapartida unha escasa repercusión mediática, como sucedeu desde a súa publicación, quizais por terse feito sobre un territorio considerado marxinal en varios aspectos, a pesar de non ser substituído en moito tempo, pero non cabe cuestionarse se non terá sido a causa precisamente esta dilación:

“la Carta Geométrica de Galicia es el mejor mapa levantado en España durante la primera mitad del siglo XIX y el único durante mucho tiempo” (Núñez de las Cuevas, 1988).

Seguindo a unha figura de recoñecido prestixio científico no século XX, **José Fernando Filgueira Valverde**¹⁵ expónse a continuación unha última referencia de relevo que complementa as valoracións anteriores. Filgueira dá conta de relevantes circunstancias, como a intensidade do traballo de campo e o instrumentalidóneo que manexaba Fontán:

“Es cierto, por tanto, lo que se ha ponderado de la asombrosa labor personal de Fontán en el trabajo de campo del mapa de Galicia. Es erróneo, en cambio, que lo haya hecho sin el material adecuado.” (Filgueira Valverde, 1988).

En recoñecemento da experiencia demostrada por Fontán coa realización da Carta, recibiu o encargo do informe para a realización da Memoria e Presuposto para os levantamentos topográficos que permitisen abordar cartograficamente todas as novas provincias españolas nacidas en 1833:

“El Real Decreto de 30 de noviembre de 1833 que dispuso la formación de los mapas de todas las provincias de España, dio motivo a un difícil informe encomendado a Fontán como reconocimiento a la experiencia revelada en la admirable “Carta Geométrica” de Galicia: la Memoria y Presupuestos para ese conjunto general de levantamientos topográficos...Fontán expuso, con su rigor habitual, todas las operaciones que la magna empresa requería; las mismas que personalmente había llevado a cabo en Galicia, pero ahora a nivel estatal y con mayores medios económicos y de personal: reconocimiento y diseño de comarcas, elección de “estaciones” para la red de triángulos...Fontán no había olvidado los sacrificios que le había costado su obra magna gallega y calculaba que la realización llegaría a costar cerca de siete millones y medio de reales, cifra elevadísima para entonces” (Filgueira Valverde, 1988).

Recoñece Filgueira a valía histórica de Fontán en varios aspectos que transcenden o estritamente cartográfico:

“Los escritos y discursos nos revelan su identificación con el proceso cultural del “rexurdimento”. Su aportación docente e investigadora fue muy valiosa; sus iniciativas en materia de comunicaciones, comarcalización, patrimonio arquitectónico, enseñanza, agricultura... muy eficaces. Pero su gran obra fue la de ofrecer, por primera vez, el rostro de Galicia en una labor cartográfica, que sorprende por lo que representa de avanzada y por el logro de una exactitud entonces difícil de lograr” (Filgueira Valverde, 1988).

Baixo a dirección de Filgueira Valverde, o Museo de Pontevedra desempeñou un papel preferente en dar relevancia á C.G.G., como recoñece o Director do IGN en 1988. Por este motivo, na presentación do Catálogo que o Instituto Geográfico Nacional preparou para as

¹⁵ Filgueira Valverde (1906-1996) foi Director e un dos fundadores do Museo de Pontevedra, Académico destacado de entidades como a Real Academia Española, a Real Academia Española da Historia ou a Real Academia de la Lingua Galega

exposicións que organizou en Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Madrid con motivo do segundo centenario do nacemento de Fontán, expresa o seu:

“agradecimiento a las instituciones que han prestado su magnífica colaboración para hacer posible estos actos y de forma singular a los Ayuntamientos de las ciudades gallegas citadas, al Museo de Pontevedra, a la Universidad de Santiago, al Archivo del Reino de Galicia y, naturalmente, a los compañeros del Instituto Geográfico” (Filgueira Valverde, 1988).

Filgueira Valverde, que xa participara nas contribucións científicas realizadas con motivo do centenario da publicación da Carta, presentou de novo unha contribución no Catálogo que elaborou o IGN en 1988 co gallo do segundo centenario do nacemento de Fontán, neste último xa como Director emérito do Museo de Pontevedra. Nesta última achega faise referencia ás pranchas da Carta e a unha edición recente de 1975 do IGN:

“Tras larga etapa de abandono de las planchas y de parte de la edición - incautada como patrimonio de la Reina Gobernadora- el “Instituto Geográfico” ha hecho una hermosa tirada limitada, que prologó Otero Pedrayo, y una reducción (1974)” (Filgueira Valverde, 1988).

1.4. A PARROQUIA RURAL GALEGA. A REFLEXIÓN DE DOMINGO FONTÁN SOBRE A PARROQUIA.

A paisaxe actual galega caracterizouse historicamente por unha poboación dispersa fundamentalmente de carácter rural onde a morfoloxía do territorio xoga un papel importante. A parroquia é a *célula básica* da organización do territorio en Galicia. Esta unidade territorial, que se compón de varias aldeas ou lugares, consolidouse co paso do tempo e hoxe en día son perfectamente *asumibles* e *recoñecibles*. A freguesía, circunscrición territorial local en Portugal, ten afinidade ca entidade galega pero non son equivalentes e unha das súas diferenzas está na súa evolución (Almeida Calheiros, 2009). No Nomenclátor de poboación do ano 2013, compútanse un total de 3.772 *entidades colectivas* nas catro provincias galegas¹⁶ das 4.920 existentes en España (I.G.E). Na comparativa da superficie media por freguesía co país luso, a circunscrición galega acada os 7,8 km² mentres que a freguesía portuguesa os 21,5 km²; si se equipara ó número de comunidades por concello, o resultado sería de doce parroquias por concello galego, dúas menos que por cada concello portugués¹⁷. As entidades territoriais rurais galegas concentraron o 80% da *poboación galega* ata a segunda metade do século XX. A partir do “Plan de Estabilidade” de 1959, mudouse o modelo económico autárquico e precapitalista existente que causou un proceso transformador *dun modelo rural a un urbano*, que entendía as cidades como focos de desenvolvemento (Rodríguez González, 2009). Esta ruptura no eido económico supuxo unha rápida “*desruralización*” acentuada por una crise demográfica xeneralizada que consistiu no decrecemento das áreas rurais en detrimento da consolidación dos eixes urbanos. (Pazo Labrador e Moragón Arias, 2010). Hoxe en día, en máis da metade das comunidades rurais están por debaixo dos 200 habitantes (S.I.T.G.A.). O mínimo poboacional e a estrutura demográfica envellecida no medio rural pon

¹⁶ Segundo a información estatística do INE (INEBase), as entidades colectivas galegas distribúense en 926 entidades para a provincia de A Coruña, para Lugo en 1.264 entidades e 916 e 666 entidades para Ourense e Pontevedra respectivamente.

¹⁷ A superficie de Galicia é de 29.574 km² onde se distribuen as 3.772 parroquias nos 316 concellos. En Portugal, con 91.985 km², existen 4.259 freguesías nos 308 concellos.

en crise a parroquia rural como compartimentación espacial. Feito que contrasta cas comunidades lindantes cas cidades que presentan un dinamismo como soporte das formas de “urbanización difusa” (Dalda Escudero, 2009). A parroquia conta con *recoñecemento legal* en Galicia e, en países como Portugal, Inglaterra e Gales, Dinamarca, Islandia e Andorra (Fariña Jamardo, 1982). En contraposición a estes países, a institución fundamental de Galicia dista moito de ter o *recoñecemento administrativo* que se expresa nos documentos xurídicos.

A parroquia galega enténdese como unha **unidade civil-administrativa** e unha **institución natural** de transformación do hábitat de carácter económico que se pode localizar no territorio (Fariña Jamardo, 1996, 1976). É a unidade territorial básica de Galicia e organízanse baixo a forma jurídica-política do municipio por ser a autoridade en asuntos administrativos. Na división territorial de Galicia é a demarcación civil de menor rango. Considérase unha unidade civil porque segue sendo punto de encontro en festas, enterros e formas de vivir e, unha institución natural de carácter económico porque se seguen realizando traballos colectivos entre veciños (montes ou animais) así como obras sociais locais para o seu desenvolvemento. Atendendo o seu emprazamento territorial, diferéncianse entre parroquias urbanas e parroquias rurais. As *parroquias rurais* son as maioritarias, por non dicir case todas, en Galicia e foron cartografadas todas as do seu tempo por Domingo Fontán na súa C.G.G.. No ámbito científico, a parroquia é definida como unha unidade básica vital (Pazo Labrador e Santos Solla, 1995), xeográfica e social ben delimitada (Lisón Tolosana, 1979), onde os límites son visibles como unha sutil divisoria que se adapta ó medio e onde a igrexa é o “fito” para os habitantes rurais (Pazo Labrador, 2005). Desde os organismos autónomos de carácter administrativo, é definida como a unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello, unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia cunha orixe marcadamente histórica¹⁸.

A parroquia tamén se comprende como a célula inferior na división da **institución da igrexa cristiá**, a que se lle asigna un territorio e unha igrexa propios. O Dereito Canónico define a parroquia como unha determinada comunidade de fieis constituída de modo estable na Igrexa particular, onde a cura pastoral, baixo a autoridade do Obispo diocesano, encomendase a un párroco (Código de Dereito Canónico, Libro II/Parte II/Sección II/Título III/Capítulo IV “de las parroquias, de los parrocos y de los vicarios parroquiales”). É o Obispo diocesano o responsable de fundar, suprimir ou cambiar as parroquias. Lexítimamente ten personalidade xurídica desde a súa fundación. Como regra xeral, a parroquia eclesiástica é *territorial* e comprende aos fieis dun territorio determinado. O home incorpórase a Igrexa polo bautismo e chámase “veciño” no lugar en que reside ten o seu domicilio. A suma de varias unidades eclesiásticas forman a Diócese, encomendada ao Obispo. Fariña Jamardo considera que a demarcación eclesiástica está en decadencia hoxe en día por non cumprir cas súas funcións pastorais (Fariña Jamardo, 1996).

A noción de parroquia foi precisada por **Domingo Fontán**. Sobre cuestións territoriais e de administración evidéncianse principalmente na relación de discursos parlamentarios pronunciados no Congreso dos Deputados trala súa elección como deputado. Manifestou o seu punto de vista sobre a realidade na Galicia da época, un coñecemento adquirido durante os anos de traballo de estudo para a proxección da CGG. Son poucas as prédicas específicas sobre Galicia pero en moitas delas expresou os seus particularismos, carencias e vantaxes.

¹⁸ Definición do Instituto Nacional de Estadística que aparece no apartado “Conceptos y definiciones estadísticas” do Informe metodolóxico estandarizado (www.ine.es/dynt3/metadatos/es/RespuestaDatos.htm).

Domingo Fontán estaba na procura da racionalidade en ordenación do territorio, formación de concellos e trazado dos lindes. Pronunciouse sobre a singularidade das entidades galegas, da división administrativa do territorio galego, sobre quen deben recaer as competencias territoriais, sobre a centralidade xeográfica, a configuración de concellos constitucionais a máis de facer alusións ás Constitucións de 1812 e 1837.

Acerca das entidades de poboación da nación, establece unha comparanza entre as poboacións da nación española coas de Galicia, que as considera semellantes as de Asturias, parte de León e Zamora. A poboación non se distribúe de igual forma no territorio e un factor determinante é a orografía. Galicia con unha poboación rural e espallada distinta da de Castela que Fontán describía como “vilas distanciadas entresi sobre un páramo”.

“a poboación de Galicia está diseminada, en termos que non hai xuntos arriba de sete ou oito veciños, e ó mais 15 ou 20; non son as súas vilas como as de Castela” (Traducción da sesión parlamentaria do 29/03/1842).

“compárese a poboación da miña provincia coa do resto de España e ata coa de Guipúscoa, que é a que se toma como modelo, e verase que na de Pontevedra ten máis poboación, e iso que hai nela moitas montañas, porque o seu límite oriental pasa polo centro de Galicia e ten montañas de 200 varas de elevación sobre o mar” (Traducción da sesión parlamentaria do 11/02/1837).

A terminoloxía a empregar era rasgo a destacar para o cartografo. Para referirse ás entidades ou circunscricións territoriais, atopamos que Fontán utiliza os vocábulos de *aldea*, *pobo*, *parroquia* e *freguesía*, en canto ás demarcacións e subdivisións administrativas usa os de *provincia*, *distrito municipal*, *concello*, *couto*, *xurisdición*, *partido xudicial*, *cantón* e, atomamos o termo de *comarca*, usado tamén no mapa. No seu momento, considerou oportuno puntualizar termos que podían dar lugar a posibles dúbidas e que tiñan que ver cos tipos de entidades de poboación indicadas previamente. O asentamento de Castela era denominado “pobo”, como un grupo de casas. Este termo era aplicable na península pero non Galicia, no que se debía empregar “**aldea**”, sinónimo de parroquia e freguesía¹⁹. Para definir a reunión de parroquias baixo unha xurisdición o termo que consideraba apropiado era o de “**distrito municipal**”²⁰. No relativo á parroquia en Galicia, Fontán localizou 3.529 “parroquias rurais” mais as 8 cidades e as 92 vilas no medio urbano no mapa de 1834. Definea como *demarcación territorial de carácter rural onde encaixa a administración civil e eclesiástica*. Nun territorio determinado, o alcalde pedáneo administra os bens seguindo as ordes do goberno e o párroco administra as consciencias dos veciños na igrexa adscrita. Ademais considera a parroquia como *territorio de convivencia delimitado e independente* onde os seus habitantes se diferenciaban dos seus veciños. As parroquias, que se subdividen nun número indeterminado de “aldeas”, son as entidades coas que se formaron os concellos constitucionais.

“unha parroquia que comprende moitas veces vinte ou trinta grupos, cada un de vinte ou mais ou tamén menos veciños, na que os cidadás están suxeitos respecto ao eclesiástico a un párroco, quen dirixe as consciencias, e

¹⁹ Sen embargo, noutros discursos o termo “aldea” úsao como sinónimo de “lugar”. Na CGG aparecen cartografados “lugares”.

²⁰ En ocasión substitúe este termo polo de pobo, concello e incluso xurisdición.

respecto a xurisdición civil a un pedáneo, que era o encargado da parte administrativa e de executar as ordes do goberno”, (Sesión parlamentaria do 19/10/1837).

“había parroquias que comprendían dúas ou tres aldeas, (Sesión parlamentaria do 19/10/1837).

“4.000 aldeas e 3.600 parroquias (...) parroquias de 4 aldeas, algunha de 3 e moitas de 2” (Sesión parlamentaria do 11/02/1837).

“as aldeas(parroquias) son superiores as leis porque teñen os seus hábitos cos que non é prudente chocar” (Sesión parlamentaria do 21/04/1838).

Outros dous termos os que fai referencias son os de “distrito municipal” e “couto”. O distrito municipal defíneo como a reunión de parroquias que compoñían unha xurisdición onde o total de veciños variaba entre os 4.000 e 5.000. E aqueles con xuíz propio e que non chegaban a 10 habitantes chamábanse coutos:

“Na provincia de Ourense hai parroquias que comprenden lugares chamados coutos, con xuíz, tan independentes como calquera outro do seu extenso territorio. Isto había antes de que se formasen os actuais concellos”. (Sesión parlamentaria do 19/10/1837).

Plantexa problemáticas sobre a formación de concelbs e cuestiona a INFLACION BUROCRÁTICA. Nas prédicas cuestiona que hai concellos galegos que se compoñen de moitas parroquias pero que estas teñen que formar parte dun único concello para o seu goberno político y económico. Fontán consideraba necesario o establecemento de normas para o estado das parroquia. Pero Fontán opúxose ao *sistema de centralización* do goberno, xa que consideraba que o goberno non era o que coñecía as necesidades dos concellos senón que eran as deputacións provincias e os xefes políticos. Fai referencia a que tanto as deputacións como os xefes políticos estaban capacitados para aumentar ou suprimir as parroquias segundo conviñera. Tamén destacou o amaño por parte dos cleros porque “establecían bases para suprimir parroquias”. O que destacou é que as leis da división territorial deben partir da *topografía e poboación* (19/12/1836). Fai referencia a estrutura administrativa durante o Antigo Réxime e as súas institucións, que se mantiveron ata a posta en vigor da Constitución de 1812, e ao sistema administrativo en provincias e concellos que o substituiu no que a autoridade dos monarcas no exercicio do goberno da Galicia estaba moi presente. As institucións do anterior sistema foron as Xuntas do Reino, composta por un representan por cada unha das sete provincias, e a Audiencia de Galicia, coa figura do Gobernador Capitán Xeral de Galicia, que presidía ambas. A audiencia, con sede na Coruña, era un tribunal itinerante que debía administrar a xustiza en Galia.

*“antes non tiñamos mais que un **capitán xeneral** e unha **audiencia** (...) e o intendente que nos comunicaban as ordes, cumpriámolas, pediannos as contribucións (...), este Goberno custábanos pouco. Agora temos un capitán xeneral, **catro intendentes** no meu país (xefes políticos)(...). Antes os xuíces tiñan unha xurisdición vasta que comprendía seis ou sete distritos municipais; agora son moitos máis os xuíces ou alcaldes, e temos **moitos***

concellos, e o resultado é o mesmo que estabamos, coa diferenza que isto é mais custoso” (11/02/1842)

Ao fronte de cada provincia figura un xefe político, como representante do poder central, e as deputacións provinciais, ademais de fixarse os límites de mais de 300 concellos, como institución de carácter local. Para a administración da xustiza, as provincias de Galicia contaban de 11 ou mais partidos e estes son moi extensos e contan con un xuíz de primeira instancia. Outras das posturas de Fontán son que non estaba de acordo ca nova **lei de concellos de 1837** cría que non era conveniente para as provincias galegas²¹. Co retorno dos liberais progresistas o goberno a lei volverá a entrar en vigor en 1836. O goberno progresista en cuanto a esta lei deixaba maior número de competencias nas mans da corporación local. A lei de concellos de 1840 dos moderados supuxo unha perda de autonomía municipal que favorecía un control centralista moderado, partidarios de establecer un sistema administrativo francés. Esta lei supoñía estar en contra da Constitución de 1837 (Artigos 69-70-71). Subliña do papel da parroquia na Constitución de 1812 e a súa firma e xuramento a constitución de 1837²². A constitución de 1812 fixo desaparecer aqueles concellos que coidaban os intereses especiais de certas parroquias. Para a configuración dos concellos no ano 1836 en Galicia foi fundamental a parroquia como entidade xa que se formaron a partir de dúas ou máis comunidades enteiras. E ante esta nova organización provincial e de concellos anos máis tarde coñeceu detractores no **movemento rexionalista** e que consideraban o establecemento das divisións do modelo liberal como divisións “axeográficas”, delimitadas artificialmente cunha función simulada con intereses caciquís. Na liña do pensamento de Domingo Fontán está o de *Castelao* pertencente a este movemento, entre outros. *Castelao* consideraba a Galicia como territorio diferente e cunha vida económica peculiar onde a poboación estaba distribuída en “natural desorde” en contraste cos núcleos de agrupamento social de Castela. Confirma a parroquia como unidade histórica e territorial ben delimitada:

“esta entidade é o antigo clan dos celtas, anterior á invasión dos romanos e máis vella co cristianismo. Chámase parroquia ou fregresía porque a igrexa procurou asentarse en realidades terreas. (...) A parroquia segue sendo a única cédula vital do noso país (...) e non se concibe unha administración local galega sen conceder personalidade xurídica ás parroquias rurais, con efectividade de goberno propio e de facenda propia” (Castelao, 1977).

A **orixe da parroquia e implantación da rede parroquial** atende as características espaciais de cada rexión. A particularidade da orixe da entidade local galega está na *unidade social* e non na unidade relixiosa, que persistiu porque as *relacións sociais-veciñais seculares* se mantiveron estables a pesares da reorganización territorial e mudanza económica de cada momento histórico. A súa orixe dátase no *período castrexo* (Fariña Jamardo, 1996), aínda que manteña unha correspondencia co período megalítico (Ramón Villares, 2004), e comézase a formar unha rede parroquial no primeiro século do período da Alta Idade Media²³ plenamente configurada no século XI (Lopez Alsina, 2009). No que coinciden a maioría dos estudiosos é que a entidade de poboación rural de Galicia, entendida como asentamento popular cuns

²¹ “(...) a lei actual de concellos é pouco conveniente para as provincias de Galicia, (...) e convivía facer algunhas reformas nela, cando menos respecto daquelas provincias”. Tradución da sesión parlamentaria do día 30/05/1837.

²² Afianza a súa postura a favor da Constitución de 1837 considerándoa como un sistema que se conservara eternamente onde os artigos sexan “sagrados e inviolables” (Sesión Parlamentaria do 24/03/1842).

²³ Outros autores como Almeida Calheiros (2009) data o inicio da rede parroquial no século IV formada por igrexas públicas e privadas.

servizos colectivos de base agrícola e referencia territorial determinada, é o *resultado do proceso evolutivo de transformación do “castro” en “villae” e posteriormente en “parroquia rural galega”*. No século IV a C., coexistiron en Galicia diversas comunidades, ou “populus”, constituídos por unidades sociais, ou “gens”, que se asentaban nun determinado territorio²⁴. O elemento de cohesión social desta sociedade xentilizia²⁵ (Ramón Villares, 2004) foi o castro. O castro, como o primeiro asentamento estable, distribuíuse de forma desigual no territorio sobre lugares estratéxicos e equidistantes con respecto ós círculos sociais existentes. Localizáronse entre 2000 e 2500 castros en Galicia (Bouhier, 2001) e, foi sobre eles ou na súa beira onde se fundaron posteriormente as ermidas e igrexas e o seu arredor se delimitaron as aldeas e as parroquias (Villares, 2004). Coa conquista militar dos romanos da Hispania, comezouse cun lento proceso de romanización da sociedade e de reconstrución dos “populus”. Levouse a cabo unha transformación do hábitat que supuxo a creación de cidades nunha *división conventual* da provincia tarraconense e unha reorganización dos castros para a fundación das “villae”²⁶. Estas vilas romanas, explotacións agrícolas dirixidas por un propietario, convertéronse na nova forma de asentamento. Os tres piares desta sociedade galaico-romana foron as cidades de Lugo-Braga-Astorga, sés episcopais de carácter urbano, e as vilas romanas e os castros, de carácter rural, que se asentaron pola existencia dunha rede de comunicacións formada por vías ou calzadas²⁷. A competencia do bispo atópase na catedral onde se atopa a pía bautismal, como elemento diferenciador. Pola contra, os templos do medio rural celebran cultos propios e tradicións pagáns moi arraigadas relacionados co rendemento das colleitas. Pero foi a partires do século IV cando a penetración do cristianismo estaba en marcha dentro do medio rural galego co priscilianismo e, con este movemento, a creación de novos lugares de culto por iniciativa dos bispos. Nin coa invasión dos suevos e visigodos nin a posterior entrada árabe no século VIII na península, se alterou na “Galicia” o sistema de organización existente e as villae persistiron²⁸ pero é cando se acada un maior control episcopal nas igrexas rurais²⁹. A rede parroquial estaba composta por comunidades diferenciadas onde existían igrexas privadas, dos señores³⁰, e igrexas públicas, da diocese entendida como grupo de parroquias baixo a competencia do mesmo bispo. Como define López Alsina (2009), a rede estaba composta de “*protoparroquias*”, que consta dun territorio de extensión variable onde conflúen unha igrexa parroquial e varias igrexas rurais non parroquiais. Coa reconquista do territorio por parte dos monarcas cristiáns houbo de novo un

²⁴ Os ártabros nas mariñas betanceiras, os lemanos en Monforte de Lemos, os límicos en A Limia, os supertamaricos nas orillas do Tambre, os grovios no Condado e O Rosal, os caporos en Compostela, os nerio en Bergantiños, os albiones ó norte de Lugo e os callaeci son as comunidades con referencia territorial existentes.

²⁵ Sociedade autosuficiente, adicada á agricultura e gandeiría, cunha xerarquización interna que se caracterizaba pola súa vitalidade relixiosa. Postura defendida por Bermejo.

²⁶ O imperio romano no proceso de dominación e posterior organización do territorio peninsular instaurou sucesivas divisións administrativas. No proceso de conquista, o imperio fragmentou a península en dúas provincias: a Hispania Citerior e a Hispania Ulterior. Rematada a ocupación (27 d.C.), reorganizou o territorio peninsular dividíndoo en tres provincias: a Bética, a Lusitania e a Tarraconense, que pasaron a cinco (284-288 d.C.) xunto con a Gallaecia e a Cartaginenses. Estas provincias estaban subdivididas en conventus con unha capital. O triángulo básico da Galicia romana formouno tres cidades: Braga, Astorga e Lugo. Esta división é a que aproveitou o cristianismo para o seu espallamento, con inicio nas cidades e posteriormente no medio rural.

²⁷ Non toda a rede de comunicación era igual. Das estradas principais, as *viae militare* e *viae consulares*, saían as *viae viciale* que eran os ramais secundarios que enlazaban os grandes centros urbás cos núcleos máis apartados.

²⁸ Dous documentos a *Parochiale* realizada polo rei suevo-galaico Teodomiro e a *Divisio Wambae* polo rei godo Wamba describese a organización territorial do NO peninsular (Fariña Jamardo, 1996).

²⁹ Pásase a cinco sedes episcopais: Bretoña, Iria, Lugo, Tui e Ourense.

³⁰ Unha característica das igrexas privadas era a posibilidade de venda, doazón ou herdanza (Fariña Jamardo, 1996).

control do espazo que levou consigo *novas relacións sociais de tipo señorial*, unido a un crecemento da poboación. Realizouse unha descomposición e repartimento das terras que pasa a ter dous posuidores, o Rei ou señor e a igrexa. As villae, en propiedade ou en representación do rei, espalláronse como núcleo básico de asentamento as que se agregaron outros núcleos, os vilares e casais. O punto de reunión dos seus habitantes estaba na ermida señorial para a realización dos cultos. Pero o control dos bispos era cada vez maior sobre estas ermidas, que pasan a depender da xurisdición eclesiástica. Paralelo a isto, a monarquía favorece a creación de *mosteiros* con igrexas dependentes pero economicamente autónomos. Cando se *cristianizaron as villae* foi cando se converteron en parroquia. (Prieto Bances, 1941). Estas entidades, antes rurais e agora “*parroquias clásicas*”, fixadas por un territorio cuns límites xurisdicionais, unha comunidade, un templo, un bispo e un décimo eclesiástico (López Alsina, 2009)³¹. A entramado era tan amplo no século XI que para que os bispos tivesen un control dentro da súa xurisdición agruparon as parroquias clásicas en “*arciprestazgos*”, implantando un novo modelo de organización. Quedaba modelado o sistema parroquial en Galicia. Todas as unidades territoriais teñen un **topónimo civil** e unha **advocación relixiosa**. Estas advocacións vincúlanse a *cultos arcaicos cristianizados* (González García, 2007).




Figura 1: Evolución da formación da actual parroquia rural galega.
 Fonte: Fariña Jamarco (1996), Ramón Villares (2004) e elaboración propia.

A cohesión social para a vida na comunidade que perdurou durante séculos muda no ano 1960. Este feito debeuse as transformacións que se deron debido a implantación dun modelo económico que tiña como obxectivo a liberalización da economía de España. Medio século despois, o mundo parroquial cambiou e entrou en crise. Pilar Torres Luna e Ruben Lois xustifican en seis dinámicas as causas da crise da parroquia en Galicia:

1. Éxodo rural iniciado en 1950 (do rural superpoboado a unha despoboación).
2. Adaptación económica do campo (gandería, agricultura e explotación especializadas).
3. Diversificación económica.
4. Modificación da organización do espazo interior da parroquia.
5. Mobilidade na vida das persoas do rural: desprazamento das persoas ás vilas e cidades onde desempeñan diversas actividades de carácter económico, social e cultural favorecidas polo uso do automóbil).

³¹ López Alsina fala de “parroquias clásicas” referíndose ó nivel de organización parroquial no período de Bermudo II no que se pretendía restablecer a disciplina eclesiástica e a xurisdición episcopal.

6. Situacións parroquiais moi contrastadas: diferenza entre parroquias vivas e parroquias decadentes. (Torres Luna e Lois González, 2009).

Na actualidade, a pesares dunha dinámica con desequilibrios e un mundo en risco, as expectativas de futuro coa *revitalización da dinámica parroquial do rural mediante formulacións estratéxicas, as relacións veciñais e a existencia de servizos* como posible opción pasa a solución de crise. Con todo, a parroquia segue como referente de base para explicar o modelo administrativo de Galicia (de abáxo cara arriba) e as posibles modificacións da súa división debido a desaparición e reagrupación da entidade está en si se manteñen ou non as divisións tradicionais.

Os **lindes parroquiais** están na topografía e nos monumentos megalíticos (Villares, 2004; González García, 2007). Estes lindes separan o propio do veciñal, como foráneo (Torres Luna e Lois González, 2009). Hoxe en día continúa examinando a súa delimitación polo que segue sendo unha *entidade viva* grazas tamén as altas tecnoloxías. Os traballos de delimitación iniciáronse na Facultade de Xeografía e Historia da USC no ano 1976 ca publicación “Galicia: mapa e índices de localización xeográfica de sus parroquias” por Casas Torres, Miralbes Bedera e Torres Luna. Dous anos máis tarde, publícase o “Mapa de los límites de las parroquias de Galicia” elaborado polas profesoras Torres Luna e Miralbes Bedera o “El mapa de las parroquias rurales de Galicia y sus aldeas” xunto con Pérez Iglesias. No 1985, Torres Luna, xunto con Pérez Fariña e Chantada Acosta, realiza “Las parroquias de Galicia: Cartografía y estadísticas” e no ano 1989 “Municipios y parroquias de Galicia”, xunto con Pérez Fariña e Santos Solla. Este *mapa de parroquias* realizado na Universidade foi o dixitalizado pola Xunta de Galicia en 1990. Novo mapa realizado por Precedo Ledo e Priego Gallego ca Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia no 2001. A Xunta de Galicia, xunto co S.I.T.G.A., realizou no ano 2008 unha nova edición do mapa de parroquias de Galicia onde os seus límites foron produto dunha revisión da delimitación do mapa parroquial de Galicia escala 1:200.000 publicado pola Xunta en 2001, para o uso na Administración pública e privada. A pesares dos anteriores proxectos, segue sendo necesario a *recomposición do mapa parroquial* e puntualizar con *precisión* as lindes porque o non ser unha unidade administrativamente recoñecida tampouco esta ben delimitada. A parroquia é a entidade que se adapta á realidade pero a división municipal é a que se limita á oficial (Casas Torres, 1943). Os lindeiros parroquiais consolidados son os coincidentes cos municipais e os conflitos fronteirizos que poidan existir non terán transcendencia xurídica a non que coincidan cos límites oficiais municipais.

A parroquia rural está presente na **lexislación** en sucesivas leis e decretos levadas a cabo polo Parlamento de Galicia e a Xefatura do Estado. Desde a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do *Estatuto de Autonomía para Galicia* establece o réxime xurídico da Administración da comunidade Autónoma de Galicia regulando no seu título III artigo 40.3. onde recoñece a personalidade xurídica da parroquia rural (BOE 28/04/1981). Pasando á Lei 11/1983, 29 de decembro, de actuación intensiva nas entidades rurais onde se contempla a potenciación de la comunidade rural como núcleo primario de organización colectiva con base territorial característica (D.O.G. 02/02/1984)³². Pasan anos, ata a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. Nesta lei afirmase que “dótase á parroquia rural, de longa tradición no campo galego, verdadeira trama celular da vida local do noso pobo e súa

³² Lei con revisión no ano 2010.

auténtica sinal de identidade, da condición de ente local de carácter territorial”; tamén no seu artigo 1.2 das disposicións xerais considera as comunidades rurais galegas como “entidade local territorial e gozarán de autonomía para a xestión dos seus intereses patrimoniais” (D.O.G. Nº149). E como última lei a do 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia onde un dos eixes da reforma constitúe a definición do medio rural. Entre a documentación esixida aparece un documento onde se trata a análise do modelo de asentamento da poboación. No seu capítulo II artigo 13.1 sobre o solo do núcleo rural é considerado o soporte dun “asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable y diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais” e no seu punto 2 onde se indica a definición do seu perímetro en función das condicións topográficas. Por outro lado no capítulo sobre clase de instrumentos de ordenación na sección 1 artigo 49 sobre división do solo urbano e urbanizable ten en conta para a súa delimitación as parroquias e na sección 3 artigo 61.3 determina que a análise do modo de asentamento da poboación ten por obxecto a prevención dos asentamentos histórico-tradicionais destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación, a súa capacidade de acollida da demanda previsible de uso residencial no medio rural e a súa relación co medio natural e produtivo (D.O.G. Nº252)³³. Ademais das citadas leis existe un Decreto onde se ten moi presente a entidade de poboación rural de Galicia. É do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio onde se establece un sistema de asentamentos “harmónico e compensado” en catro niveis básicos que son as rexións e áreas urbanas, o sistema urbano intermedio, os nodos para o equilibrio do territorio e os núcleos principais municipal e parroquial. Nos seus obxectivos xerais e estrutura básica do modelo territorial considera como núcleos principais que constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio ó municipio e as parroquias rurais, como as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e constitúen condición básica para evitar o seu abandono. No apartado 2.4.3 desta lei o planeamento urbanístico municipal considerará os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación (DOG Nº36). Tamén cabe mencionar que a entidade local tívose en conta no *discurso de investidura* e na *axenda política* de distintos gobernos galegos, como na lexislatura de González Laxe de 1987 a 1989 e na de Fraga Iribarne de 1989 a 1993. De todos xeitos, a pesar de tanta declaración a parroquia dista moito de ter o *recoñecemento administrativo* que se expresa nestes documentos. Algúns concellos tivérona en conta ó facilitar e canalizar a administración municipal³⁴ e o alcalde pedáneo, como representante parroquial, exercía de mediador co alcalde. Salvo excepcións³⁵, as células galegas no chegaron a configurarse en *Entidades Locais Menores*. Estas son as entidades de ámbito territorial inferior ó municipal para a administración descentralizada dos seus intereses (RD 2.568/1986) cun financiamento procedente do seu patrimonio, taxas e contribucións, con representación a través das figuras dun alcalde pedáneo e unha xunta veciñal. Desde o punto de vista xurídico-administrativo, estas entidades pódense configurar como persoas xurídicas porque se lle outorga a competencia da administración, conservación e defensa do seu patrimonio (RD 2.568/1986). En Portugal, as leis amplían as competencias das freguesías e dispoñen de órganos representativos, a asemblea de freguesía, como órgano deliberativo, e a junta de freguesía,

³³ Lei con revisión no ano 2012.

³⁴ Cobro da contribución, control veterinario e nas votacións electorais (Mariño Ferro, 1985).

³⁵ As Entidades Locais en Galicia son Arcos da Condesa (Caldas de REis), Bemivire (Vigo), Camposantos (A Guardia), Chenlo (O Porriño), Morgadáns (Gondomar), Pazos de Reis (Tui), Qeimadelos (Mondariz), Vilasobroso (Mondariz) e Berán (Leiro).

como órgano executivo, e seguen un modelo de financiamento mediante rendas propias, transferencias obrigatorias dos Orzamentos do Estado e un fondo específico. (Almeida Calheiros, 2009). A modo de exemplo, en Galicia existe unha mancomunidade de organizacións políticas parroquiais que a través da formulación dunha proposta de “*Ordenación de Parroquias*” buscan a realización do autogoberno asamblear e autosuficiencia do rural. Desde esta agrupación considérase que a imposición da estrutura municipal como extensión da administración do Estado anulou a soberanía parroquial e comunitaria suprimindo as súas institucións de autogoberno. Propoñen un modelo de “concello aberto”, de autogoberno parroquial en democracia directa. O obxectivo é a incorporación das entidades ó proceso de decisión directa para a xestión democrática dos asuntos público neste ámbito e atribuírle ós órganos de carácter asamblear, concellos parroquiais e concellos comunitarios, como órganos territoriais de xestión desconcentrada coa finalidade de administrar os asuntos de competencia municipal e facilitar a participación cidadá no respectivo ámbito territorial.

A **actividade estatística** de Galicia é levada a cabo polo INE e o IGE (Instituto Galego de Estatística). As *fontes estatísticas* consolidaron a parroquia como entidade colectiva. Unha importante fonte actual é o Nomenclátor (Poboación do Padrón continuo por unidade poboacional). Na metodoloxía desta fonte considerouse que a división administrativa do territorio nacional a nivel estatístico era insuficiente para dar a coñecer a forma de asentamento nos concellos. Estimou que era necesario descender a unha subdivisión dos concellos “de gran tradición”: define as entidades colectivas e singulares de poboación. Polo tanto, o nomenclátor permite realizar unha procura atendendo o criterio de tipo de entidade de poboación e incluso mediante un código de entidade. Para Galicia, o nomenclátor recolle a poboación das parroquias no medio rural pero para o medio urbán recolle a poboación da vila ou cidade. A codificación das entidades de poboación consta de once díxitos, no que o sexto e sétimo díxito fan referencia a entidade colectiva dentro do respectivo municipio. Esta entidade de poboación pode aparecer coa terminoloxía de parroquia, parroquia rural ou freguesía *nas distintas fontes manexadas* no estudo. Por exemplo, no mapa de 1834 recoñécese como “parroquia rural” e no mapa de 1845 como “parroquia”. En ningún dos dous mapas cartografou os límites municipais ou parroquiais³⁶. No diccionario “Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar” de Pascual Madoz empregase o termo de freguesía e parroquia a hora da súa descrición, delimitándoas mediante os lugares e aldeas que as formaban e os accidentes xeográficos. No prólogo do diccionario, Madoz asegurou que a identificación das freguesías de Galicia foi un “traballo de fatiga” pola súa multitude e “monstruosa división”. Unha fonte do século XIX, non manexada na traballo pero onde Fontán aparece como “señor suscriptor” e colaborador na descrición de determinadas entidades de poboación, o diccionario Geográfico-Estadístico de España e Portugal de Sebastián Miñano, identificouse co termo de freguesía. Nos traballos estatísticos con finalidade físcal, como no Catastro do Marqués de Ensenada, que achegaron un coñecemento do territorio, a comunidade rural aparece como referencia base. Nesta fonte a destacar, o “Reino de Galicia” catastrouse por *Freguesías* e afirmase que foi onde se tiveron máis problemas á hora de delimitar a unidade a catastrar. Na pregunta tres do interrogatorio do había que precisar a extensión e límites polo que é considerado un dos documentos máis antigos que permite delimitar a entidade. No que respecta os Nomenclátors do Censo, a

³⁶ A explicación de non debuxar as lindes está na cartela do mapa de 1845 que di: a “Carta Geométrica de Galicia Dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos (...) No se grabó la división de los Partidos y Ayuntamientos en razón de su interinidad”.

unidade aparece como *parroquia* ou *parroquia rural* e explícase como aquela entidade que non é cidade ou vila e esta formada por aldeas ou lugares diseminados coa característica de ser independente entre si. Nesta fonte ratifícase como a base da primeira circunscrición na división territorial. Ademais de ser definidas desde o punto de vista administrativo, aparecen como entidade eclesiástica indicando cales son as comunidades principais e as anexas, tamén chamadas filiais ou unidas. No nomenclátor de 1860 puntualízase que Galicia é tema relixioso a nivel territorial e xurisdiccional.

1.5. ASPECTOS METODOLÓXICOS: AS FONTES E O TRATAMENTO DIXITAL.

Para a elaboración desta tese manexáronse ós seguintes tipos de fontes: as cartográficas, as fotográficas, as estatísticas e as dixitais de tratamentos informáticos.

A. As fontes cartográficas: A principal fonte para a elaboración da tese é o *mapa manuscrito da “Carta Geométrica de Galicia” (C.G.G.)* de Domingo Fontán publicado en 1834 en 8 follas en papel que me foi facilitada en fotocopia a cor a tamaño real e en papel policromado con máxima calidade pola Fundación Domingo Fontán de Madrid³⁷ a través do Prof. Dr. Xosé Ramón Chantada Acosta. Creo conveniente comentar que a pesar de poder traballar co manuscrito da Carta de 1834 desde o comezo da investigación, á hora da conclusión desta non foi posible ofrecer os resultados que se obtiveron coa utilización da imaxe de dito material por ter *todos os dereitos reservados*. A pesares de solicitar a autorización (28/04/2014), a Fundación “de Madrid” non autorizou a visualización do mapa ao completo como tampouco cada unha das 8 follas completas que o forman. Tan só permitía o uso do mapa en fragmentos parciais³⁸. Resolveuse cunha copia dixital da edición facsímile da C.G.G. de 1834 en 16 follas realizada pola Asociación de Cuerpos Nacional de Topógrafos en decembro de 1947 co número de exemplar N°00043 en papel verjurado Ingres do exemplar existente na Biblioteca Nobal de Lugo³⁹ (ver anexo Figuras: figura 2 á 9)

Outro mapa imprescindible é o gravado da *“Carta Geométrica de Galicia” de 12 follas de 1845* (ver anexo Figuras: figura 10 á 21), copia obtida na Biblioteca Xeral da USC por Xosé Ramón Lema⁴⁰, a mais de outros esbozos de cartógrafo que se atopan nos fondos cartográficos desta Biblioteca. Incluso proporcionou unha copia dixital do “Mapa del Reyno de Galicia” do 1816 de Tomás López como material cartográfico oportuno para o estudo.

³⁷ A Fundación Domingo Fontán constituída no ano 2004 para a promoción da figura de Don domingo Fontán así como para a divulgación dos valores culturais do “Legado Fontán”. A fundación recuperou a posesión a minuta orixinal da C.G.G. de 1834 o 25 de xaneiro do 2005 que anteriormente estaba en mans do IGN. O contacto coa familia Fontán, en concreto con César e Miguel Ángel Camargo (tataranetos de Domingo Fontán), comezou cando estes remitiron unha carta a Rubén Lois González, decano da facultade nese tempo, para a realización dunha peritaxe. O contacto coa fundación foi continuado durante a realización de dita peritaxe e incluso unha vez concluída esta, mentres mantiveron interposto unha demanda contra o IGN para a devolución da “Carta Geométrica de Galicia” e os bens inmóbeles. Neste período de tempo cederon fotocopias dos escritos de demanda e sentenza e toda aquela documentación fotocopiada que presentaron como probas durante o procedemento xudicial entre os anos 2003-2006, como a correspondencia entre os fillos de Domingo Fontán O 23 de abril de 2006 nun artigo de A Voz de Galicia, César Carmargo confirma a colaboración coa USC para o impulso da realización desta tese doutoral. En 2007, e por mediación do Prof. D. Xosé Ramón Chantada, cederon notas de Fontán sobre a proxección da C.G.G. cos cálculos matemáticos realizados, a memoria das operacións para levantar un mapa xeral de España presentado por Xosé Rodríguez e a memoria sobre a formación da carta xeral do reino realizada por domingo Fontán . A restante documentación manuscrita coa que se traballou nesta investigación foi revisada directamente da páxina web da Fundación

³⁸ Ademais, reservábase o dereito de suspender a autorización (Autorización do 19/maio/2014)

³⁹ Exemplar ca signatura SG-3387 revisado in situ co consentimento da directora da biblioteca María Sol González Regal.

⁴⁰ Do Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca Xeral da USC.

Consultei *vía internet* exemplares de mapas e planos de cartografía histórica de Galicia e que se poden descargar cunha grande calidade e de forma gratuita. Incluso da páxina web da Fundación Domingo Fontán⁴¹, a Biblioteca Digital Hispánica da Biblioteca Nacional⁴², o recompilatorio dos fondos cartográficos de España séculos XVI-XVIII do IGN⁴³, a cartoteca dixital do Instituto Cartográfico de Cataluña⁴⁴.

O *Mapa Topográfico Nacional (MTN) a escala 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional*. O MTN dispoñible en *archivos raster e vectoriais*, que descarguei gratuitamente do Centro de descargas do Centro Nacional de Información Xeográfica do IGN⁴⁵. O MTN en formato vectorial componse en total de 287 arquivos en *formato DGN* (ver anexo Figuras: figura 22) e o MTN en formato raster cun total de 287 arquivos en *formato TIFF* (ver anexo Figuras: figura 23). Ambos teñen como data de creación o ano 2000 elaborados e difundidos polo IGN e o Centro Nacional de Información Geográfica. Ademais dispoño de arquivos de edicións anteriores do MTN de escala 1:25.000. Un total de 269 arquivos en *formato ECW* procedentes de escaneados que me facilitou o Prof. Dr. Xosé Ramón Chantada Acosta.

Outras follas de mapa que me facilitou o profesor foron as correspondentes ó *mapa "Topográfico" da Xunta de Galicia a escala 1:5.000* en 4.080 arquivos dixitalizados en formato DGN (en 89 carpetas) (ver anexo Figuras: figura 24) e o *Mapa Topográfico Nacional (MTN) a escala 1:50.000* publicado polo Servicio Geográfico del Ejército cun total de 63 mapas en papel (ver anexo Figuras: figura 25).

O Planeamento Urbanístico dos concellos de Galicia, obtido dos propios concellos, en papel ou en formato dixital, ou da páxina web da información urbanística de Galicia de Planeamento Urbanístico da Xunta de Galicia⁴⁶. Esta información complétase á súa vez ca información descargada na dirección web da Dirección General de Catastro⁴⁷.

Por último, outra das fontes cartográficas que se manexaron para a elaboración da tese foi toda unha serie de *archivos dixitais en formato shape* con diferente información xeográfica, como as grellas decaquilométrica e quilométrica, entre outros, realizados polo grupo de investigación do Prof. Chantada Acosta. En ocasións, os arquivos shapes son os tomados dunha fonte orixinaria e posteriormente modificados segundo a súa utilización.

B. As fontes fotográficas: Este tipo de fontes pode considerarse como unha das máis fiables de aí a utilización *das imaxes de satélite procedentes do satélite Landsat da NASA* e as *ortofotos do Plan Nacional de ortofotografía aérea (PNOA)*. A ortofoto dixital considérase na actualidade unha alternativa á cartografía vectorial convencional ó ser un documento cartográfico que proporciona a imaxe real do territorio a unha escala uniforme.

⁴¹A Fundación Domingo Fontán, Internet: <In <http://fundaciondomingofontan.es>> onde se pode visualizar, con unha calidade baixa de imaxe, o manuscrito da C.G.G. de 1834 e o gravado da C.G.G. de 1845 ademais de toda unha serie de documentación inédita manuscrita polo propio Domingo Fontán...

⁴²Biblioteca Dixital Hispánica, Internet: <In <http://bdh.bne.es>> (derradeira consulta novembro do 2006)

⁴³Fondos cartográficos históricos do IGN, Internet: <In <http://www.ign.es/fondocartograficos/>> (derradeira consulta 2011)

⁴⁴ICC; Internet: <In <http://cartotecadigital.icc.cat/>>

⁴⁵IGN, Internet: <In <http://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas>> (derradeira consulta novembro do 2011).

⁴⁶Internet: <In <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es>> (Consulta xuño 2007).

⁴⁷Internet: <In <http://www.catastro.meh.es>> (Consulta xuño 2007).

A principal e fundamental fonte fotográfica que usei é a imaxe de satélite. As imaxes empregadas son ortoimaxes obtidas polo satélite Landsat 7, WRS 2, ETM+ “Thematic Mapper” do ano 2000. Galicia complétase con 6 imaxes multiespectrais que permiten observar en alta resolución a superficie do seu territorio e, que se corresponden ás órbitas 205 (filas 30 e 31), 204 (filas 30 e 31) e á órbita 203 (filas 30 e 31) no fuso 29, da Organización Landsat do Observatorio Mundial polos servizos Ambientais de EEUU que se poden descargar mediante internet directamente de forma gratuíta⁴⁸ (ver anexo Figuras: figura 26). Estas seis imaxes descargadas son fontes primarias, independentemente da súa calidade, xa que posteriormente realicei tratamentos creando novos arquivos atendendo a súa utilización.

Outro tipo de fontes fotográficas que utilicei son as ortoimaxes que cobren todo o territorio de Galicia. Disponse de ortoimaxes de dúas datas. Por unha parte, descarguei gratuitamente ortoimaxes actualizadas do 2011 no Centro de descargas do IGN⁴⁹ e, por outra, ortoimaxes do período 2004-2005 obtidas do FOGGA, organismo da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia (ver anexo Figuras: figura 27). Ambas imaxes proceden do PNOA realizado polo IGN. Independentemente da data, son ortofotos de gran resolución espacial con píxeles de 0,5 m de vos de escala 1:30.000, mentres que ás ortofotos de 2004-2005 son 513 imaxes en formato ECW co sistema de referencia ED50, as ortofotos de 2011 son 76 imaxes en formato ECW co sistema de referencia ETRS89.

C. As fontes estatísticas: Manexei preferentemente dúas fontes estatísticas para poder completar o traballo. Por unha parte o “Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar”⁵⁰ e, por outra parte, o Nomenclátor do Censo de Poboación correspondente a diferentes censos da poboación de España. Ambas fontes completas en canto a que se pode atopar toda unha variada información.

A primeira das fontes estatísticas corresponde ó tomo de Galicia do “Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar” de Pascual Madoz publicado en 1847. A parte correspondente a Galicia componse de seis tomos onde se poden identificar tódalas entidades de poboación do país, ate as máis pequenas. Describe os seus aspectos xeográficos, estatísticos e históricos. Existe un facsímil na biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia (USC). Este diccionario non é unha fonte oficial pero debe considerarse unha fonte de información fundamental.

A segunda das fontes son os Nomenclátors do Censo de poboación de España desde 1858 ate 1900 que consultei en formato de *microficha* (ver anexo Figuras: figura 28) e, para as datas máis actuais na páxina web con información do INEbase, do Nomenclátor de poboación para as relacións de unidades poboacionais do Instituto Nacional de Estatística⁵¹. En formato microficha utilicei a información que cito a continuación:

1. *O Nomenclátor do Censo de 1858*. Comisión de Estatística Xeral do Reino. INE (E 4-1858; 1/3). Madrid 1858.
2. *O Nomenclátor do Censo de 1860*. Xunta Xeral de Estatística. INE (E 4-1860). Madrid 1860.

⁴⁸ Internet: <In <http://www.landsat.org>> (Consulta xuño de 2008).

⁴⁹ Internet: <In <http://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas>> (Derradeira consulta en novembro do 2011).

⁵⁰ Reprodución facsímil da edición de Madrid do “Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar” de Pascual Madoz do 1847.

⁵¹ Internet: <In <http://www.ine.es>> (Derradeira consulta febreiro do 2009).

3. *O Nomenclátor do Censo de 1873*. Instituto Xeográfico e Estatístico. INE (E 4-1873; 1/3). Madrid 1878.
4. *O Nomenclátor do Censo de 1888*. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico y Estatístico. INE (E 4-1888). Madrid 1888.
5. *O Nomenclátor do Censo de 1900*. Instituto Nacional de Estadística. INE (E 4-1900-1). Madrid 1900.

Independentemente dos datos cuantitativos sobre os diversos aspectos que tratei ó longo dos diferentes períodos, considero que só ten interese a relación de nomes das entidades de poboación xa que o que se pretende estudar é a existencia parroquial e a súa localización como aqueles cambios toponímicos dados⁵². Hai que remarcar que para a formación dos Nomenclátors tomei como circunscrición de base de análise a *demarcación civil* para poder establecer mellor as correspondencias desta fonte de información coa C.G.G. e a evolución do territorio ata o século XXI. Así mesmo, consultei outras dúas fontes que me axudaron a complementar o estudo como foron as listas de concellos nos *Boletins Oficiais das provincias* e os arquivos de parroquias nos Arquivos Históricos Diocesanos galegos.

D. O tratamento dixital e a aplicación informática: O método para manexar e tratar a información das fontes recompiladas que se citaron con anterioridade foi mediante a aplicación informática de altas tecnoloxías da información xeográfica como son os sistemas de información xeográfica (S.I.X), con soportes informáticos concretos como ArcView versión 3.2 e versión 3.3 e ArcGis.9, e para teledetección Erdas Imagine e ER Mapper. Estes programas informáticos son os que me permitiron visualizar, editar e analizar toda a información ligada ás localizacións xeográficas. Non quero deixar de destacar outro tipo de programas como o Acrobat Reader que permitiu a realización de determinados apartados do traballo en forma de presentacións para conseguir uns mellores resultados e assimilar así máis facilmente representacións gráficas que de outro modo non sería factible realizar.

1.6. AS FASES DO MÉTODO DE TRABALLO PARA O MANEXO DA C.G.G. NUN S.I.X.

A xeoreferenciación da C.G.G. dixitalizada a partir dunha base cartográfica contrastada, a vectorización do mapa e o almacenaxe da información xeográfica, a xeometría da representación dos datos xeográficos, a produción de cartografía temática con táboas vinculadas, o volume de información e a definición da escala son unha serie de pasos a seguir para a utilización da Carta Geométrica de Galicia nun sistema de información xeográfica.

O punto da **partida** están na cesión do mapa manuscrito da “Carta Geométrica de Galicia” de oito follas do ano 1834 por parte da Fundación Domingo Fontán. O mapa entregóuselle ao Prof. Chantada Acosta en forma de *copia polícroma en papel en tamaño real* de cada unha das follas do mapa. A outra fonte cartográfica, o gravado da “Carta Geométrica de Galicia” de 12 follas do ano de 1845, existente nos fondos cartográficos da biblioteca xeral da USC, foi facilitada unha *copia dixital* de cada unha das follas dos mapas ao Prof. Chantada Acosta por Xosé Ramón Lema⁵³. Para o tratamento da cartografía nun S.I.X. era necesario ter os dous mapas da carta en formato dixitalizado a máxima calidade para poder visualizar e

⁵² Existe unha publicación onde se analizan as parroquias onde introducen o seu total poboacional, “Pobación e Territorio: as parroquias galega nos últimos cen anos” de Santos Solla e Pazo Labrador.

⁵³ Persoa encargada de levar o Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca xeral da USC.

logo comezar o seu tratamento, que foi o mesmo para ambos mapas. Os software G.I.S empregados ofrecen funcionalidades comúns para poder traballar indistintamente con eles

O estudo preténdese completar co uso de *imaxes de satélite* obtidas polo satélites de teledetección. Obtención das imaxes en bruto e o uso das aplicacións Erdas Imagine e ER Mapper no S.I.X. manipulando os valores para a mellora visual das imaxes para o posterior uso O territorio de Galicia cóbrease con seis imaxes de satélite multispectrais⁵⁴ de diferentes sensores da serie dos satélites Landsat que permiten observar en alta resolución a superficie do territorio galego (ver anexo Figuras: figura 41). As imaxes empregadas son ortoimaxes obtidas polo satélite Landsat 7 ETM+ do ano 2000 (fotografías da órbita 205, fila 30-31, as da órbita 204, fila 30-31 e as da órbita 203 fila 30-31 comprendidas no fuso 29), é dicir, que se compoñen das bandas 1, 2, 3, 4, 5, 6-1, 6-2, 7 e 8 e que se poden combinar para obter unha composición determinada de cor. Para o seu tratamento empregamos só as bandas 1, 2, 3 e 8 e a elección de ditas bandas vencellada ás resolucións espectral e espacial, pois as bandas 1, 2 e 3 teñen a vantaxe que nos permite ver a cor natural ó que habería que adir que a banda 8 permítenos obter unha resolución por píxel de 15 metros. Pretendeuse obter así unha *boa resolución espectral e espacial* para a totalidade do territorio estudado. A resolución temporal veu dada pola comparación do mapa de Fontán do século XIX e a información cartográfica de Galicia do século XXI. Todas as imaxes cobren igual área (185km² por escena). Todas as fotos foron tratadas e modificadas, alterando valores de brillo e contraste. Para o mellor manexo das imaxes creouse un mosaico a fusionando as seis imaxes tratadas nun único arquivo de imaxe en formato .img.

Desvantaxes contempladas antes de iniciar tratamento cartográfico que teñen que ver, por un lado, co estado de conservación dos mapas e, por outro lado, ca falta de parámetros do sistema de referencia calculados por Domingo Fontán En canto o *estado de conservación*, o manuscrito de 1834, mapa en papel do século XIX que se atopa nun bo estado de conservación, o igual que a edición facsímile revisada (ver anexo Figuras: figura 29). O paso do tempo e as condicións atmosféricas son factores a considerar, xa que producen alteracións nos mapas e, por conseguinte, deformacións no papel. Polo que respecta ó gravado sa Carta de 1845 sofre un deterioro e unha perda de calidade posiblemente debido ás condicións ambientais de onde se atopaba e aos materiais que o cubrían. Das doce follas que consta o gravado, manténdose nun bo estado as follas número unha, tres, cinco, seis, sete, oito e once, e en peor estado as restantes follas. As follas nove e doce si que modificará algún dos resultados aos que se chegou, xa que na parte inferior de ambas follas está bastante rachado, e non se dan identificado, por exemplo, algún dos nomes xeográficos da zona esnaquizada.




Figura 30: Fragmento da folla N°9 do gravado deteriorado.
Fonte: Universidade de Santiago de Compostela.

A *falta de parámetros concretos do sistema de referencia* calculados nos cadernos de campo. O material manuscrito do cartógrafo está na Fundación Domingo Fontán e na súa páxina web pódese visualizan determinadas follas manuscritas cos cálculos computados por

⁵⁴ Estas imaxes permiten a reflectancia de diferentes bandas, que van da banda 3 á banda 14, de forma simultánea.

Fontán. Dispoñer dos datos completos tería facilitado o tratamento da Carta Geométrica de Galicia nun S.I.X. como o elipsoide escollido, un falso Norte ou Leste como tamén un datum ou Esferoide. Non dispor deles completan a existencia de mínimas distorsións pero feito que no supuxo impedimento para proseguir. Nos cadernos manuscritos por Fontán aparecen de forma específica todos os cálculos matemáticos pero non era obxectivo a interpretación exhaustiva destes xa que isto entraría dentro do campo da xeodesia.

FASE 1 da metodoloxía coa C.G.G nun S.I.X: *xeoreferenciación da carta dixitalizada a partir dunha base cartográfica contrastada*. O xeoreferenciar unha imaxe supón establecerlle unha situación xeográfica mediante uns puntos de control que teñen unhas coordenadas coñecidas (González e Behm, 2008). Tomouse como cartografía de base o M.T.N. e a súa cartografía derivada, como os mapas autonómicos. O sistema de referencia da cartografía base emprega o elipsoide Internacional Hayford (1924) e o datum ED50 con orixe de lonxitudes en Geenwich e sistema de proxección U.T.M. (Universal Transverse Mercator) no fuso 29. Adoptouse como sistema xeodésico de referencia o European Datum 1950 porque é o sistema oficial da cartografía española vixente ate o ano 2015⁵⁵. Xestionouse a imaxe das cartas para este procedemento empregando o software ArcView. A imaxe da carta, en formato .jpg, adiuse ó programa mediante unha extensión de análise de imaxe (“Imagen Analysis Data Source”) e xeoreferenciouse mediante a ferramenta de alienar (“Align Tool”) coa cartografía de base no fondo. Esta fase realizouse con tempo e minuciosidade, intentando atopar o mellor resultado para alcanzar a maior exactitude posicional do mapa. A copia dixital do manuscrito da C.G.G. xeoreferenciouse mediante dous tratamentos: unha *xeoreferenciación relativa* e unha *xeoreferenciación absoluta*:

- Primeiro, xeoreferenciouse cada folla do mapa na súa totalidade tomando catro puntos de control sobre o territorio nos recunchos da folla e naqueles elementos máis significativos cos seus homónimos da cartografía base. É polo tanto unha xeorreferenciación relativa onde a simple vista o contorno territorial cartografado por Fontán adaptase ó contorno do mapa topográfico escala 1:25.000 pero cun zoom apreciouse a necesidade da procura de máis puntos de control, tomando como referencia a costa e outros elementos xeográficos destacados *reaxustando* o mapa con novo posicionamento (*ver anexo Figuras: figura 31, figura 32 e figura 33*), é dicir, xeoreferenciar o mapa xeoreferenciado.
- Con este resultado, decidiuse levar a cabo unha xeoreferenciación absoluta da carta recortando cada unha das follas seguindo a cuadrícula xeográfica do mapa para levar a cabo unha nova xeoreferenciación de forma pormenorizada mediante as marcas de latitude e lonxitude. Importante tamén é coñecer o meridiano de orixe. Por exemplo a folla número unha dividiuse en 20 partes, a segunda en 32 ou a terceira folla en 32 partes. Coa totalidade destas xeoreferenciadas, creouse un mosaico⁵⁶ para cada folla (*ver anexo Figuras: figura 34*). O resultado mediante esta segunda opción era máis preciso.

⁵⁵ ETRS89 (European Terrestrial Referente System 1989) adoptouse como o novo sistema de referencia xeodésico oficial en España no Real Decreto 1071/2007 do 27 de xullo. Ate o ano 2015, está vixente o uso de ambos sistemas de referencia, o ED50 e o ETRS89. Existen diferentes sistemas e ferramentas que permiten a transformación do datum ou reproxeccionar os datos raster e vectoriais.

⁵⁶ Crear un mosaico supón a unificación dos elementos seleccionados, neste caso as partes recortadas de cada unha das follas unha vez xeorreferenciadas.

Gardando a imaxe xeoreferenciada gárdase as características xeométricas adoptadas. A cartografía que se tomou como referencia para un novo *reaxuste* seguiu sendo o mapa topográfico nacional dixital de escala 1:25.000. Os *puntos de control* que se tomaron como referencia correspóndese coa localización puntual das parroquias rurais, a liña de ríos e do trazado costeiro. Calquera xeoreferenciación dun mapa leva consigo a unha *mínima deformación* e, unido a isto, é necesario ter en conta que é un mapa antigo. O mapa Fontán está en proxección Bonne e adaptouse á proxección Mercator o que supón que as follas do mapa con numeración impar xeoreferenciáronse sen problema ningún e non se produciu practicamente deformación, todo o contrario cas follas de numeración par, onde se aprecia unha certa deformación na súa parte máis oriental, cun mínimo desprazamento dos elementos da Carta. Co gravado da carta de 1845 seguíronse os pasos descritos con anterioridade, contando co manuscrito posicionado (*ver anexo Figuras: figura 35*).

FASE 2: *Os ficheiros de almacenamento de datos xeográficos e xeometría de representación.* Trala corrección xeométrica da C.G.G., iniciouse a **vectorización do mapa mediante a elaboración de arquivos vectoriais**⁵⁷. Nun S.I.X., os ficheiros estándares de almacenamento da información xeográfica en formato vectorial son os “shapefile” (.SHP). Estes arquivos están formados por ficheiros que é onde se organiza a información da localización e atributiva dos elementos a representar: o ficheiro “.shp”, ou a xeometría da información xeográfica, o ficheiro “.shx”, reúne o índice da información e, o ficheiro “.dbf” (ou dBase) é a base de datos onde se almacenan os atributos da información onde cada elemento se vincula a un rexistro da táboa. Editare e visualizar os shapefiles en Arcview faise mediante “Temas” e a xeometría para simbolizalos pode ser mediante puntos, liñas ou polígonos.

Nesta etapa de edición dos arquivos ou shapefiles, comezouse cun recoñecemento de todos os elementos existentes en ambos mapas. *Vectorizouse o mapa de 1834 e o de 1845* mediante a edición de dous tipos de arquivos de xeometría diferente para cada carta: un shape de puntos e un shape de liñas⁵⁸. O *shape de puntos* empregáronse para rexistrar entidades de poboación, entidades vinculadas a actividades económicas e unidades xeomorfolóxicas especificadas por Domingo Fontán, adíndolle o *archivo dbase* onde se editaron diferentes campos para almacenar a información acerca dos atributos cada un dos rexistros. O *shape de liñas* creouse para límites administrativos e vías de comunicación trazados no mapa. É necesario facer mención ao *enorme número de rexistros* nos shapes de puntos creados sobre a información de ambos mapas. Os dous shapes de puntos, un para a información do manuscrito e outro para a do gravado, superan *os 6.000 e os 8.000 rexistros*, respectivamente. Tomouse a determinación de que a partir de cada un dos arquivos se creasen outros arquivos derivados. Os novos temas editáronse atendendo á categoría dos elementos, onde cada un deles disporía de menos rexistros e así un mellor manexo para o tratamento da información (*ver anexo Figuras: figura 36*). Un total de vinte e cinco temas: cidades, vilas, parroquias, capitais de parroquias, mosteiros, colexiatas, capelas, feiras, ventas, ferreiros, pontes, barcas, lugares, fortalezas, baños e augas, encomendas, castelos, costa, relevo, accidentes fluviais cun tema de ríos, relevo, comunicacións e nomes con lenda descoñecida Nesta fase de elaboración de arquivos, aparecen carencias en canto a topónimos e símbolos. As casuísticas atopadas son:

- Símbolo acompañado de nome xeográfico.
- Varios símbolos cun único topónimo.

⁵⁷ Trátase dun modelo de datos baseado en obxectos xeométricos fronte a ó modelo raster, baseado en localizacións.

⁵⁸ Son arquivos de configuración ArcView que almacenan a localización xeométrica do obxecto.

- Símbolo sen topónimo.
- Rexistro toponímico sen simboloxía algunha.
- Simboloxía que non aparece na lenda do mapa.

Na maioría dos casos, cada símbolo detállase ca designación correspondente, editando o punto do arquivo sobre o símbolo existente no mapa. Pero existe a posibilidade de que varios símbolos se refiren a un único topónimo, normalmente a entidades de poboación, e neste caso os puntos editáronse sobre cada un dos símbolos da carta. Outras casuísticas menos numerosas son a existencia de nomes xeográficos sen símbolos e viceversa, e nestes casos editouse o punto do arquivo a elaborar sobre o rexistro ou o símbolo existente. Como outra casuística a destacar, é a existencia de simboloxía que non aparece explicada na lenda do mapa (*ver anexo Figuras: figura 37*).

Aos arquivos vectoriais elaborados para cada carta vai asociado un *arquivo dbase ou base de datos*. A base de datos estruturouse coa edición de campos nos que se recollen todos os atributos dos rexistros identificados (*ver anexo Figuras: figura 36*). Cada rexistro vai estar vinculado a unha fila da táboa onde se editaron as características de cada un. Tomouse a decisión de crear *campos alfanumérico* onde se especifican as propiedades. Os campos son:

- N^oMAPA: identificador numérico atendendo a unha ordenación alfabética por categorías vinculante ao etiquetado do mapas temáticos correspondente.
- ALFA: rexistro numérico atendendo a unha ordenación alfabética dos elementos totais identificados no conxunto do mapa. Este recno vai desde o rexistro un ata o rexistro 6.153 no manuscrito de 1834 e desde o rexistro un ata o rexistro 8.533 no gravado de 1845.
- TOTAL: rexistro numérico creado na edición do shape de puntos que indica o número total de rexistros.
- TOPÓNIMO C.G.G. 1834: Nome gravado polo cartógrafo e editado da mesma maneira de como aparece no mapa⁵⁹.
- ID_1KM: identificador alfanumérico atendendo á codificación da grella quilométrica elaborada composto de dúas letras e catro números. Fai referencia ó posicionamento dos elementos da C.G.G. trala xeorreferenciación e polo tanto correspondente á equivalente localización calculadapor Fontán.
- 1834: indica a categoría do rexistro atendendo á lenda do mapa.
- PROV 1834: localización do rexistro atendendo aos límites provinciais fixados no 1834.
- FOLLA: número da folla do manuscrito da carta onde se atopa o rexistro.
- 2011: a xerarquía para o ano 2011 Neste campo indícase só aqueles rexistros que supuxeron o cambio de xerarquía á parroquia.
- CONCELLOS 2011: a localización do topónimo no municipio actual.
- CATEG.: atendendo á categoría da lenda do mapa. Identificáronse un total de 55 categorías das que se realizou unha simplificación (*ver anexo Figuras: figura 67*).

Concluída a edición dos temas, permite facer a *totalización dos topónimos* e a *comparativa das discrepancias* entre as cartas xeométricas. Na vista do programa distínguense as desigualdades a simple vista e que permite a súa selección a mesma vez que na base de datos.

⁵⁹ Hai que dicir que os nomes xeográficos que se indican neste campo empregáranse no texto da investigación, aparecendo en cursiva e entre comillas, aludindo aotopónimo identificado por Fontán na CGG e non o seu homónimo actual.

FASE 3: edición dun novo tema específico de “Parroquias galegas decimonónicas con base na C.G.G.”. Elaborouse un **arquivo vectorial das parroquias galegas do século XIX con punto de partida no ano 1834 ate o ano 1900 como data final**. O comezo nesta fase arrancou coa elaboración dun shapefile de entidades colectivas do ano 1986 incluídas no Nomenclátor da Poboación publicado polo INE a partir da descarga do arquivo Excel da páxina web. Posterior *verificación* das entidades existentes e *desprazamento* do punto que as representa ate o *cruceiro da igrexa* ou *capela*, usando como base cartográfica contrastada as ortofotos dixitais e os M.T.N escala 1:25.000 e o mapa topográfico escala 1:5.000, para todas as datas e edicións (*ver anexo Figuras: figura 38*). Como paso seguinte, realizouse unha segunda revisión do arquivo de parroquias pero neste caso tendo como fondo a C.G.G.. Ampliouse o arquivo editando aquelas unidades territoriais que Domingo Fontán identificara como tal. Este arquivo foise editando sucesivamente durante o traballo segundo se traballaba coas fontes estatísticas dos Nomenclátors das datas seleccionadas. Tras editar as comunidades rurais existentes nas cartas de 1834 e 1845, pasouse a traballar co Dicionario Madoz de 1847 e os Nomenclátors do Censo de 5 momentos censais: 1857, 1869, 1873, 1888 e 1900.

Pero as fontes estatísticas empregadas, tanto oficiais como non oficiais, ofreceron diferentes cuestións á hora da identificación das parroquias. O dicionario de Pascual Madoz presenta tres *alternativas para a súa busca*: por concello, por partido xudicial e de forma individualizada. A última opción facíase inviable polo que nun primeiro momento optouse polo recoñecemento municipal. Pero os resultados non eran os mesmos si se realizaba a comparación dun partido xudicial cos seus correspondentes concellos. Comprobouse que existían entidades que aparecían na descrición dun concello e non na do seu correspondente partido xudicial, e viceversa. Esta contrariedade determinou que se realizasen a *examinación das parroquias por concello e por partido*, de aí que aparezan os dous campos nas táboas sobre evolución histórica. Outra dificultade que aparece nesta fonte relacionase á toponimia e a súa advocación. En numerosas ocasións, achábase con que o topónimo ou a advocación non coincidían en ambas pescudas, como por exemplo a entidade local de “Oines (San Pedro)” do concello de Arzúa que aparece ca advocación de “San Cosme” no listado do partido xudicial de Arzúa. Estes cambios indícanse no apartado correspondente. No relativo as fontes oficiais igualmente encontráronse dificultades para o seu tratamento. Coincidente para todos os Nomenclátors nos que os totais existentes nos resúmenes finais destes non coinciden coa totalización parroquial da investigación. A máis disto, no Nomenclátor do ano 1858 non aparecen identificadas as parroquias das catro provincias, só as das provincias da Coruña e Lugo, coa excepción do concello de Coles en Ourense e os concellos de O Bolo, A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo, Vilariño, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Montederramo, A Pobra de Trives e Teixeira. Na táboa elaborada indícase a entidade coa inicial da categoría, como “A” para aldea, “L” para lugar, “C” para casarío, “V” para vila. Outra problemática atopada nas fontes civís oficiais foi a localización das desaparecidas parroquias “de afora”. Estas son identificadas nas fontes civís, pero non nas fontes eclesiásticas, e a hora da súa localización atopáronse complicacións se esta non especificaba os lugares que a formaban. Nestes casos púxenme en contacto cos arcebispados.

O arquivo vectorial de parroquias decimonónicas superou os *4.000 puntos*, no que cada rexistro representa unha entidade local existente no período entre 1834-1900.

Atendendo aos shapefile editados sobre as entidades galegas, contase con dous temas:


1. as parroquias cartografadas na C.G.G, e por tanto ca localización calculada por Domingo Fontán.
2. as parroquias decimonónicas existentes no período 1834-1900 ca localización que fai referencia ó cruceiro da igrexa ou capela existente na actualidade. Nesta casuística, atopouse con máis dun centenar de puntos nos que foi imposible localizar o edificio da igrexa e o punto situouse no centroide do núcleo. Para a identificación das unidades poboacionais a editar o punto realizouse mediante un tema de lugares, polo M.T.N. ou o Mapa Topográfico da Xunta, a través do planeamento urbanístico ou coas bases de datos do rúeiro do INE

FASE 4: Táboas de evolución parroquial e elaboración de cartografía. Rematado a edición do tema de institucións locais decimonónicas galegas, a base de datos asociada cos atributos dos rexistros converteuse en formato Excel. Tomouse a determinación de traballar a *escala municipal* polo enorme volume de información. Elaborouse unha táboa para cada concello actual galego onde aparecen enumeradas todas *as parroquias existentes entre 1834 e 1900 coa presenza e localización das existentes na actualidade*. As táboas seguen unha mesma estrutura e os campos que a forman son:

- **PARROQUIA ACTUAL:** numeración alfabética das parroquias existentes no concello na actualidade. A designación das parroquias disposto polo I.L.G. (Instituto da Lingua Galega). As parroquias con fonte en cor gris fan referencia ás entidades colectivas que pertenceron ó concello nalgunha das datas entre 1834-1900 e que na actualidade non existen ou pertencen a outro concello.
- **REFERENCIA NO MAPA:** localización do punto parroquial no mapa con referencia ao etiquetado da grella kilométrica elaborada. A localización da unidade territorial fai referencia ao cruceiro da igrexa.
- **CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA (1834-1845):** Nome da parroquia que aparece na C.G.G. de 1834 e de 1845. No caso de que non exista como tal, indícase o topónimo homónimo e o tipo de entidade de poboación.
- **DICIONARIO MADDOZ (CONCELLO-PARTIDO):** existencia ou non da comunidade rural para 1847 atendendo a pescuda por concello e partido xudicial existente nesta fonte estatística.
- **NOMENCLÁTORES (1858-1860-1873-1888-1900):** indícase a continuación ou non da entidade. A cor gris indica a súa existencia pero noutro concello na data seleccionada.
- **TOTAL PARROQUIAS:** número total de parroquias e vilas para cada data no concello.

Así mesmo se indica en grosa todas aquelas *variacións* existentes no comportamento das unidades territoriais no período analizado. As variacións fan referencia a aparición de novas entidades, ao traspaso ou baixas, a cambios toponímicos ou de advocación ou a agregación de parroquias.

As táboas están relacionadas a unha cartografía. *Elaborouse unha serie de mapas derivados e temáticos:* mapas da información do manuscrito da C.G.G., mapas comparativos entre as C.G.G. e mapas da localización das comunidades galegas decimonónicas e actuais.



Tomo Cartográfico: Exemplo de mapas Nº 1 e Nº 56 (v er en CD).
 Fonte: I.G.N., P.N.O.A., Fundación Domingo Fontán e elaboración propia.

Antes de realizar esta cartografía, definíronse os parámetros cartográficos, a escala de representación e a disposición da vista dos mapas buscando a unificación da cartografía. O sistema de coordenadas escollido foi o *U.T.M.*, baseado na proxección Universal Transversa de Mercator, tomando como *meridiano central* o -9° xa que Galicia sitúase no fuso 29 na banda T no sistema *U.T.M.*. Ademais da localización por bandas, no mapa tamén se pode facer unha localización por *coordenadas xeográficas* mediante as divisións do mapa con intervalos de 5° . O sistema de referencia xeodésico fixado é o *ED50* con lonxitude referida a Greenwich, como primeiro meridiano. As unidades lineais escollidas foron os *metros*. Un elemento que se incorporou aos mapas foi a *cuadrícula C.U.T.M.* que permite localizar a información xeográfica mediante un código. Esta cuadrícula, realizada polo grupo de investigación do Prof. Chantada Acosta, toma como base a cuadrícula *U.T.M.* do I.G.N. e referenciouse a partir do meridiano central do fuso 29 por non presentar distorsión algunha. É a partir dos 550Km ao W de dito meridiano central onde se establece o punto 0 e por tanto se comeza a editar dita grella. En primeiro lugar, realizouse unha grella de 100km^2 para continuar cunha de 10km^2 , outra de 5km^2 e por último unha grella de 1km^2 . O uso de cada cuadrícula estará relacionado coa escala do mapa (ver anexo Figuras: figura 39). A interpretación da cuadrícula: as dúas primeiras letras fan referencia á codificación da grella hectoquilométrica. A súa vez, esta grella subdivídese en cadrados de 10Km^2 , enumerados do 0 ó 9 segundo a posición por filas e columnas, e que fan referencia as súas seguintes cifras. E a súa vez a grella decaquilométrica, subdivídese en cadrados de 1km^2 , codificándose como no caso anterior e o que se refiren as dúas últimas cifras. Establecidos os parámetros para a representación da cartografía, outro compoñente que aparece representado nos mapas son os *límites administrativos actuais dos termos municipais*. Estes límites tomáronse do M.T.N. a escala de referencia 1:25.000 do I.G.N. en formato dixital para toda a cobertura do territorio galego. O tratamento das capas de información en arquivos .dgn coa conversión en shape e posterior unificación para así só procesar a información necesaria referente a límites sen a modificación de dita información. En canto á definición da escala de representación da cartografía, os mapas fixéronse a escala *rexional* e *municipal*. A escala dependendo do elemento a representar e o volume de información que este represente, basicamente os mapas derivados aparecen a escala rexional e os mapas temáticos a escala municipal. Nalgún dos casos a escala atende á grella elaborada. En cada mapa aparece a escala gráfica e numérica especificada. Como último A toponimia existente etiquetada no tomo cartográfico é a considerada polo Instituto da Lingua Galega pero en determinados casos etiquetase o topónimo da fonte orixinal.

FASE 5: verificación da exactitude da posición das parroquias localizadas na C.G.G. A edición dos dous temas de entidades locais posibilita unha comparativa ca finalidade de avaliar a exactitude do nivel de erro da súa posición calculada por Fontán na Carta Geométrica respecto da posición das parroquias existentes sobre o cruceiro da igrexa. O ArcGis proporciona mediante o “ArcToolBox” unha serie de ferramentas que permiten calcular a proximidade entre puntos. Este procedemento para determinar a distancia entre puntos realizouse a través do comando “generate near table” ou distancia ata o punto máis próximo. Como os arquivos compóñense dun gran número de rexistros, esta operación realizouse sistematicamente por concellos. En determinados casos o cálculo verificouse de forma manual mediante o trazo de liñas debido á proximidade existente entre varios puntos que representaban parroquias diferentes. Esta ferramenta a vez que calculaba a distancia entre dous puntos, produce táboas e gráficos. Como os datos están nun sistema de coordenadas proxectadas, as medicións de distancias son precisas. Como se pode apreciar na seguinte figura N^o40, na vista do concello de Portas sobre ortofoto, o tema das parroquias da CGG en proxección U.T.M. en cor verde e o tema das entidades actuais sobre o cruceiro da igrexa en branco cun buffer de 500 metros como intervalo de erro. Coa ferramenta crease unha táboa de datos cun campo “IN_FID” como o punto desde o cal se determina a distancia, un campo “NEAR_FID” como punto onde se calcula a distancia desde o punto de entrada e o campo “NEAR_DIST” onde aparece a distancia entre os puntos neste caso en metros. Por defecto, aparecen un conxunto de estatísticas sobre os cálculos das distancias entre os puntos do concello como distancia mínima, distancia máxima, a media proporcional ou a desviación estándar.




Figura 40: Avaliación do erro posicional entre parroquias coas estatísticas calculadas correspondentes (concello Portas). Fonte: Ortofotos P.N.O.A., ArcGIS e elaboración propia.

FASE 6: soportes visuais. Xunto ao tomo cartográfico e ao tomo de táboas, elaborouse un apartado de anexos composto de soportes visuais. Estes soportes consisten en *arquivos interactivos en formato pdf*. Fan referencia aos apartados relacionados as parroquias da C.G.G. e a vixencia do Mapa Fontán e, pretenden complementar ao texto de forma gráfica. Esta documentación anexa divídese en catro arquivos se preséntanse no cd adxunto. Os soportes visuais son catro arquivos:


- I. As parroquias de 1834 que non existen en 1845.
- II. As parroquias de 1845 que non existen en 1834.
- III. As parroquias de 1834 inexistentes na actualidade.
- IV. A vixencia da C.G.G.

ANEXO I: *As parroquias de 1834 que non existen en 1845:* este anexo consiste nun conxunto de diapositivas onde se anotan sobre o manuscrito da C.G.G. as diferenzas parroquiais existentes co gravado de 1845. Este arquivo inicia cunha vista xeral da C.G.G. de 1834⁶⁰ onde se marcan con puntos vermellos as entidades que presentan un desaxuste con respecto ao mapa co que se compara.. A continuación, unha vista completa de cada unha das follas coa enumeración que aparece na táboa N°40. Logo móstranse os casos de forma individualizada cun zoom sobre o punto parroquial a escala 1:30.000 e unha vista relativa da súa suposta localización no gravado. Edítase topónimo identificado por Fontán e entre paréntese o nome da entidade e concello actual onde se integra.



ANEXO I: *As parroquias de 1834 que non existen en 1845.* (ver en CD).
 Fonte: C.G.G. 1834, C.G.G. 1845, ArcView e elaboración propia.

ANEXO II: *As parroquias de 1845 que non existen en 1834:* este arquivo segue o mesmo tratamento que o anterior. Vista xeral e vista individualizadas as diferenzas das parroquiais existentes na C.G.G. de 1845 respecto á C.G.G. de 1834. Estas diferenzas están numeradas atendendo á táboa N°39.



ANEXO II: *As parroquias de 1845 que non existen en 1834.* (ver en CD).
 Fonte: C.G.G. 1834, C.G.G. 1845, ArcView e elaboración propia.

ANEXO III: *As parroquias de 1834 inexistentes na actualidade:* este arquivo consiste nun conxunto de vistas daquelas parroquias cartografadas por Fontán na C.G.G. sobre ortofoto e que son baixa na en 2009. Os casos identificados atenden á ordenación da táboa


⁶⁰ Por cuestións de dereitos de autor da imaxe do manuscrito da Carta Geométrica de Galicia de 1834 onde a fdf ten reservados os dereitos, a imaxe do mapa que aparece neste apartado é da edición facsímil do manuscrito de 1834 do mapa existente na Biblioteca Noyal de Lugo onde a súa directora permitiu a súa reprodución.

Nº41. En cada vista aparece o fragmento recortado da edición facsímile da C.G.G. do topónimo acompañado entre paréntese do nome actual, ademais da parroquia e municipio onde se localiza. Na marxe dereita da diapositiva, aparece unha localización relativa no conxunto do manuscrito de oito follas da C.G.G. e outra localización do punto parroquial dentro da folla que lle corresponda. A vista da localización da comunidade está a escala 1:25.000 cun buffer ou area de influencia de cor azul de 500 metros con outra vista cun zoom escala 1:5.000.



ANEXO III: As parroquias de 1834 inexistentes na actualidade. (ver en CD).
 Fonte: B.N.L., fdf, F.O.G.G.A., I.L.G., I.G.N., ArcView e elaboración propia.

ANEXO IV: A vixencia da C.G.G.: este arquivo é unha secuencia de imaxes que indican a cobertura temporal do territorio galego do M.T.N. por concello completo. Aparece a grella das follas do mapa topográfico con base da C.G.G. Esta secuencia temporal ten inicio no ano 1929, que é cando se realiza a primeira publicación da primeira folla de Galicia do M.T.N, ate o ano 1955, cando se publica a última folla de mapa que cubre o territorio galego. Ano por ano visualízanse en cor gris o *concello completo cartografado* segundo o ano da súa publicación.



ANEXO IV: A vixencia da C.G.G.: A cobertura temporal de Galicia do MTN con base da C.G.G.. (ver en CD).
 Fonte: Urteaga e Nadal (2001), Biblioteca Xeral USC, ArcView e elaboración propia.

Da utilización das fontes cartográficas en formato dixital e a obtención dos datos no S.I.G., xunto co tratamento dos datos estatísticos pasouse a análise da información, que aparece no próximo capítulo, para acadar unhas conclusións e así confirmar ou non a hipótese plantexada.



II. DOMINGO FONTÁN, UN XEODESTA ILUSTRADO

- 2.1. O máis destacado da biografía de Domingo Fontán. A súa presenza na U.S.C
- 2.2. Os precedentes no cartografado de Galicia e a súa situación na época de Domingo Fontán. Os tratados científicos que inspiraron a Domingo Fontán
- 2.3. O labor cartográfico de Domingo Fontán e as súas repercusións
- 2.4. A metodoloxía de traballo seguida por Domingo Fontán: elaboración da C.G.G.e instrumental empregado.

II. DOMINGO FONTÁN, UN XEODESTA ILUSTRADO.

A xeografía permite comprender e interpretar o territorio no que vivimos para o que necesita dunha perspectiva cartográfica. A percepción de Domingo Fontán coa súa “Carta Geométrica de Galicia”, como exercicio persoal, pretendía, por un lado, transmitir a *primeira imaxe concreta de Galicia* ofrecendo unha cartografía fiable inexistente até o momento e, por outro lado, cartografazar a realidade da súa circunstancia política e económica e tomar conciencia da súa situación para poder *intervir no territorio* e así incorporar a Galicia dentro da estrutura económica do Estado no século XIX. A cartografía e a información cartográfica entendíanse como unha ferramenta de **poder** no século XIX pero agora queremos entender esta información como unha ferramenta de **coñecemento útil**. Domingo Fontán conseguiu un adianto cartográfico para a época, empregando un *método de traballo vixente* aínda na actualidade, e incorporou a Galicia no “mapa global” grazas a súa nova configuración cartográfica. Consagrouse ó coñecemento do territorio galego e a dar a coñecer as necesidades de Galicia. Consideraba que Galicia estaba nun “*estado de postración*” porque se atopaba sen industria cunha agricultura en atraso e, mesmo era dependente do goberno fomentar a produción dun país para que a riqueza pública fora en aumento. A pesares das dificultades que se atopou ó longo da súa vida, Domingo Fontán desafiou a todo para conseguir rematar a súa obra. O “Mapa Fontán” converteuse, ademais do **primeiro mapa rigoroso de Galicia**, nun dos **máis importantes documentos toponímicos do século XIX**. Pódese afirmar que Domingo Fontán marcou a Historia de Galicia a partir do século XIX e analizar esta orixe mediante a triangulación do pasado co presente é situarnos na actualidade.

2.1. O MÁIS DESTACADO DA BIOGRAFÍA DE DOMINGO FONTÁN. A SÚA PRESENZA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

Don Domingo Fontán Rodríguez, cartógrafo e xeodesta, foi un *investigador inesgotable, disciplinado e esixente* cun comportamento de “tolo” (Murado, 2008) ó que non se lle podía levar a contraria (Barreiro Fernández, 2003, volume II) en resposta a súa *postura máis conservadora*. Domingo Fontán, nacido un 17 de abril de 1788 na parroquia de Santa María de Portas no lugar de Porta de Conde e falecido o 24 de outubro en Cuntis no 1866⁶¹, é posiblemente un dos Galegos Ilustres, con obra realizada de grande interese e **transcendencia máis descoñecida**, malia ter un gran valor histórico-cartográfico. Convén sinalar que Fontán xa rematara e presentara publicamente a súa Carta cando Rosalía de Castro, a segunda en antigüidade en idade dos “oficiais” Galegos Ilustres, aínda non nacera⁶².

⁶¹ Certificado de defunción de Domingo Fontán (Fundación Domingo Fontán).

⁶² Os seis galegos oficialmente máis destacados enterrados no Panteón de Galegos Ilustres na igrexa do convento de Bonaval de Santiago de Compostela por orde de nacemento indicando os anos que tardaron en ser trasladados os seus restos: Domingo Fontán de 1788 a 1866 e trasladado en 1988 (ós 122 anos do seu falecemento); Rosalía de Castro de 1837 a 1885 e traslado en 1891 (ós 6 anos do seu falecemento); Alfredo Brañas de 1859 a 1900 e traslado no mesmo ano da súa morte; Ramón Cabanillas de 1876 a 1959 e traslado en 1961 (ós 5 anos do seu falecemento); Francisco Asorey de 1889 a 1961 e traslado en 1967 (ós 6 anos do seu falecemento) e Alfonso Rodríguez Castelao de 1886 a 1950 e traslado en 1984 (ós 34 anos do seu falecemento).

Dúas persoas foron as que marcaron claramente o traxecto da súa vida profesional, primeiro Sebastián Rodríguez Blanco, o tío cura, e posteriormente, Xosé Rodríguez González, o profesor liberal⁶³.

Domingo Fontán pertenceu a unha **familia acomodada portense**, feito que lle supón ter unha serie de privilexios, como a dunha formación educativa. O seu tío cura noiés, **Sebastián Rodríguez**, foi quen se interesou pola súa educación, custeándolle incluso os seus estudos (Vila Fariña, 2004). Como integrante da elite galega, o tío de Fontán quería ter entre os seus vástagos algún membro ou colexiado de Fonseca xa que a USC era o punto de referencia. Os primeiros anos de vida de Domingo Fontán estiveron marcados por unha Galicia Borbónica caracterizada pola forza da sociedade tradicional e uns primeiros intentos de renovación ilustrada, na Coruña, e onde predominaban os estudos relixiosos e xurídicos na USC, onde sempre se fixo notar o control inquisitorial de Carlos IV.

No ano 1800 ingresou nunha Universidade de Santiago en declive onde os inestables plans de estudos modificábanse con constantes cambios⁶⁴. Os temas de estudo na Universidade eran artes, teoloxía e canons e os novos plans acolleron matemáticas e física. Comezou os seus estudos na facultade de Filosofía, acadando o grado de bacharel no ano 1802. O obter este título permitiulle acceder a unha “*facultade superior*”, primeiro á de Teoloxía e logo ás de Leis e Canons, e preferencia á hora da *substitución de profesores universitarios*, primeiro na cátedra de Retórica na facultade de Gramática e despois na cátedra de Lóxica e Metafísica e Matemáticas Sublimes e Elementos Matemático, cátedras da facultade de Filosofía⁶⁵. En tempos do reinado de Fernando VII, a ensinanza mantivo unha dependencia da Corte. Por este motivo, o poder adquisitivo dos mestres foi elemento imprescindible á hora de obter o título de aptitude e competencia. Este feito marcou anos máis tarde a Domingo Fontán, sendo deputado, para fomentar un sistema de ensinanza primaria⁶⁶, porque entendía que o coñecemento e a educación era a principal ferramenta para satisfacer as necesidades da man de obra e de produción da sociedade⁶⁷ (Gutierrez Zuloaga, 1989). No momento que Domingo Fontán asistiu ás clases de matemáticas na Universidade é cando entrou en contacto con **Xosé Rodríguez**. Con el, Domingo Fontán encamiñou a súa faceta científica cara a triangulación de Galicia, e a súa faceta política cara ó movemento liberal⁶⁸, ademais de ser a persoa que o mantivo en contacto directo coa Europa científica.

⁶³ José Rodríguez González (1770-1824) impartiu a cátedra de matemáticas sublimes na USC, director do observatorio de Madrid (1819) e deputado a Cortes por Galicia. Formou parte da 1ª gran operación xeodésica do século XIX a prolongación ata España do meridiano de Francia, xunto con José Chaix, enlazando as illas de Ibiza e Formentera co continente (Martín López, 2002). En 1809 traballou en Inglaterra onde redactou a memoria “Observations on the measurement of three degrees of the Meridian, conducted in England by Lieutenant Colonel William Mudge by Jose Rodríguez”.

⁶⁴ Durante o período de estudo de Domingo Fontán, este pasa por tres plans de estudos diferentes: o plan de estudo de 1722, o plan Caballero de 1807 e o plan Calomarde de 1824 (Barreiro Fernández, 2003, volume II).

⁶⁵ “Eu teño conferido moitos graos e acórdome que concedendo o de bacharel (...). Os bachareis ensinaban nas cátedras, pois eran os substitutos dos catedráticos, e a lei autorizaba a selo, a exercer o maxisterio de vacantes, explicacións de extraordinario, etc”. Traducción da sesión parlamentaria do 22/06/1838.

⁶⁶ “Eu, señores, aprendín a ler e escribir cun mestre malísimo, mestre a quen logo eu ensinei a contar; pois aquel mal mestre, coa reforma que se tratou de establecer na instrucción primaria (...) deixou de existir e non houbo de aquí en diante quen o substituíse, nin bo nin malo”. Traducción da sesión parlamentaria realizada por Domingo Fontán o 21/06/1833.

⁶⁷ “Sen saber ler nin escribir non saberemos manexar con coñecemento nin a garlopa, nin a rabela nin outros instrumentos, cos cales, non obstante, gañan o sustento nosos artesáns e labradores. Sen esta instrucción preliminar continuaremos sendo rastreiros imitadores do que fixeron nosos avós” traducción do discurso na sesión do Congreso do 21/06/1838.

⁶⁸ En 1836 acadou escano nas filas do partido moderado onde captou unha grande consideración entre os seus membros.

Preto de corenta anos estivo vinculado á Universidade de Santiago Domingo Fontán, primeiro como estudante, logo como profesor e investigador e ata de encargado do alumnado. Como anécdota, e confirmando o seu carácter, Domingo Fontán seguiu as rixidas pautas de uniformidade para o estudantado da Universidade, “sempre cun cabelo en trenza e empoeirado, cunha leituguina branca, as medias de sædan, envolto no manto clerical” (Otero Pedrayo, 1965), e do que anos máis tarde foi o encargado do alumnado e da súa vestimenta⁶⁹. Levando a cabo este cargo chegou a ter algunha desavinzas cos alumnos⁷⁰.

Atendendo ao seu arredor de relacións persoais, entre as súas principais amizades estivo Xosé Rodríguez, do que foi o seu discípulo, Ramón de la Sagra, Casiano de Prado e Antonio Loriga, entre outros. Todos eles reuníanse no café da Esperanza (Varela Orol e González Fernández, 2002), primeiro café liberal de Europa, na Coruña, e na propia Universidade, en Santiago, onde facían os seus *faladoiros masónicos*⁷¹ (Cambrón Infante, 1998; Lustres, 1993), organizando a súa loita contra o absolutismo. Posteriormente, esta acción tivo as súas consecuencias ao seren perseguidos pola Inquisición. Proba disto é que Domingo Fontán, no período no que daba clases de matemáticas na Universidade e tendo sido o vicesecretario da “Sociedade de Amigos do País” en Compostela, foi **acusado ante a Real Audiencia**⁷² de ser francmasón e liberal, polo que foi procesado en 1814 pero non suspendido de dar clases. Advertíuselle tamén de que no sucesivo non dera maxe a sospeitas na súa conduta e, mentres realizaba os traballos preliminares de recoñecemento para realizar a Carta, sufriu *persecucións* e con posterioridade *suspensio da ensinanza* polo claustro por non superar o exame para ser purificado⁷³ no 1823 durante un período de tres anos na restauración do reinado de Fernando VII, rei que con ansias de vinganza impuxo o desterro de intelectuais e o peche das Universidades (Barreiro Fernández, 1997).

A cidade de Santiago foi un dos lugares destacados na vida de Domingo Fontán xa que foi onde adquiriu os coñecementos necesarios para realizar a súa obra magna grazas a Xosé Rodríguez. Para o seu proxecto axudou o feito de que Domingo Fontán fora un dos defensores da adquisición de instrumental⁷⁴ para ensinanza e en concreto para o gabinete de física xa que a Universidade de Santiago non dispoñía de instrumental científico imprescindible para as materias de ciencias. Anos máis tarde, puido realizar a inversión en tales materiais⁷⁵, con instrumental de xeometría, física, xeodesia e astronomía. E do que fora o *encargado de custodiar aquel instrumental científico* adquirido nas viaxes a París de Xosé Rodríguez entre os anos 1817 e 1819 (Vila Jato, 1996). Pero Santiago non foi a cidade onde puido dar a coñecer o resultados do seu traballo, senón Madrid. A “Villa y Corte” era o lugar a onde un se tiña que desprazar para darse a coñecer e lograr os seus obxectivos, sempre e cando se lograra “vender” á Corte (Barreiro Fernández, 1997) para o seu patrocinio. Tamén nesta cidade é onde iniciou unha nova faceta, a de político. Grazas ó posto de Director do Observatorio de

⁶⁹ Cargo de Celador do comportamento e da vestimenta do alumnado no ano 1817 (Barreiro Fernández, 2003, volume II).

⁷⁰ Sendo denunciado en varias ocasión (Barreiro Fernández, 2003, volume II).

⁷¹ Creados como sociedades patrióticas para converterse en faladoiros políticos.

⁷² Creada a partir da Gobernación de Galicia, no período de Enrique II, e vinculada á administración de xustiza.

⁷³ O claustro ou xunta purificadora actuaba de acordo cun formulario remitido polo goberno, no que se lle obrigaba a inquirir sobre as opinións políticas e actuacións durante o trienio liberal (Barreiro Fernández, 1997).

⁷⁴ No ano 1813, Domingo Fontán e Gonzalo Berena elaboraron un informe no que propuxeron a necesidade da compra de material científico.

⁷⁵ En 1816, se elaboro un novo informe e responsabilizouse a Fontán da inversión de case 18.000 reais para un instrumental que compraría Xosé Rodríguez en París.

Madrid e ó cargo de deputado a Cortes, residiu durante dez anos na capital do reino. Durante esta estancia, Domingo Fontán coñeceu a Sebastián Miñano y Bedoya, autor do dicionario xeográfico⁷⁶, obra onde sae a luz por primeira vez a C.G.G. no ano 1826. Co propósito de financiar o gravado da súa obra magna, Domingo Fontán presento ao Rei Fernando VII, aquel que o había privado de ser profesor e secretario da Deputación, unha memoria relativa do traballo realizado⁷⁷. Pero foi a raíña Sabela II quen **estableceu a C.G.G. como modelo** a fin de obter unha Carta Xeral do reino en 1834 xa que lle constaba o mérito que encerrara ese traballo⁷⁸. Foi polo menos en dúas ocasións que Domingo Fontán recibiu “prestacións” para concluír a súa obra: en 1828 aceptou 7.000 duros do Rei Fernando VII para rematar a Carta e, en 1834 a raíña Sabela II sufragou o gravado da Carta (Escritos de demanda, 2003).

As achegas realizadas por Domingo Fontán non se centran só no campo da investigación senón que tamén interveu no ámbito público como:

- Prestou os seus servizos á formación da estatística do Reino de Galicia para o establecemento de un novo sistema tributario “Contribución General de Reino”⁷⁹ presentado por Garay no ano 1818. Nunha circular con data do 18/02/1818 aparece Domingo Fontán como secretario da Xunta en Santiago. O corpo de comisionados que traballaban en Galicia foi suprimido pola Xunta Superior de Goberno cando esta se crea no ano 1820.
- Elixido Encargado do estudo da división territorial de Galicia en partidos xudiciais e municipios no ano 1826. Seis anos antes xa se lle encargara un estudo sobre o arranxo de partidos de primeira estancia.
- Encargado da realización do trazado das estradas de Galicia no ano 1829⁸⁰.
- Colaborador no dicionario xeográfico e estatístico de Sebastián Miñano no ano 1829, entregándolle “un mapa en escala maior de 28 liñas por legua mariña da parte occidental do reino de Galicia”
- Nomeado Individuo da comisión de arranxos dos concellos de Galicia no ano 1834.
- Designado membro da comisión encargada de propoñer un sistema de pesas e medidas fixando a lonxitude do péndulos no Observatorio de Madrid no ano 1836 (De Nieva, 1837).
- Impulsou a creación da cátedra de química na Sociedade de Amigos do País de Santiago no ano 1836 (Cid Manzano, 2012).
- Tivo o cargo de rexedor no goberno municipal de Santiago de Compostela durante unha corta permanencia: 02/10/1854 ao 09/10/1854 (Pérez Rodríguez, 2012).
- Revisor do dicionario enciclopédico da lingua española entre os anos 1853-1855.
- Requirido para a elaboración do proxecto de trazado do ferrocarril en Galicia⁸¹.

⁷⁶ O Dicionario Xeográfico y Estadístico de España e Portugal (1826-1829) o dicionario máis importante ata a chegada do dicionario xeográfico-estadístico-histórico de Pascual Madoz, onde tamén colaborou Domingo Fontán.

⁷⁷ Presentou a memoria ó Rei por consello de Luís López Ballesteros, ministro de Facenda do Rei Fernando VII, a que coñecera na súa viaxe a Madrid (Escritos de demanda, 2003).

⁷⁸ Como se pon de manifesto na Real Orden do 3 de decembro de 1834: “(...) constancia del mérito que encerra este traballo primeiro da súa especie en la Nación houbo, y adecuado para servir como modelo de los que tan indispensable a fin de obter una Carta Xeral exacta de todo el reino (...)”.

⁷⁹ A Facenda Pública presentaba unha difícil situación trala Guerra da Independencia. Fernando VII nombrou ministro de Facenda a Martín de Garay en 1816 e pon en marcha a “Contribución General del Reino”, un novo sistema tributario, e a estatística do Reino de todos os pobos de España. A estatística estaba formada por dous documentos: os “apeos e valuaciones generares del capital” e os cadernos xerais de riqueza.

⁸⁰ Como se pon de manifesto na Real Orden do 3 de abril de 1829.

- Colaborador no dicionario xeográfico de Pascual Madoz.
- Colabora con Benito Sotelo Rivas na organización e no rexistro das observacións meteorolóxicas no Instituto Meteorolóxico da Coruña en 1863 (Sisto Edreira e Losada Sanmartín, 2008).

Conviría destacar os nomeamentos de Domingo Fontán de maior interese e os anos en que os desempeñou:

- Nomeado Presidente da Academia de Filosofía no ano 1818.
- Nomeado Secretario da Deputación Provincial de Galicia no ano 1820. Creadas as catro provincias pasa a ser Secretario da Deputación Provincial da Coruña ata 1823⁸².
- Rexistrado como socio da Real Academia da Historia no apartado de Académico, o 13 de outubro de 1826 (Real Academia de la Historia, 1832). Participando como asistente na sesións realizadas entre 1852-1853⁸³.
- Director y Catedrático da Escola de Enxeñeiros Xeógrafos en 1935 por disposición rexia (Martín Peña, 2011).
- Director de Astronomía no Observatorio Astronómico de Madrid en 1835 por disposición rexia (Giménez de la Cuadra, 1992).
- Membro das Comisións da Mariña e Instrución Pública en 1836.
- Elixido Deputado nas Cortes en varias ocasións⁸⁴ e Secretario do Congreso na lexislatura 1837-1838 (Cortes Generales de España, 1858). Durante este período, sucedéronse diferentes debates parlamentarios en torno á tramitación dun novo Regulamento Interior do Congreso. No referente á Biblioteca das Cortes, Fontán foi un defensor aférrimo para a abolición da biblioteca presidida por B. Gallardo, por considerar a súa inutilidade. Pero o que molestaba era a presenza de Gallardo, do cal Fontán “calumniou” nalgunha das súas intervencións (Marín Hernández, 2013).
- Nomeado Presidente da Sociedade Amigos do País no ano 1860.
- Encárgase da dirección do Observatorio “Jerónimo del Campo” e do Corpo de Camiños (Giménez de la Cuadra, 1992).

Na figura 42 achégase un gráfico coa actividade realizada por Domingo Fontán e os cargos que desempeñou no transcurso da súa vida, contextualizando con aqueles feitos políticos que se deran nese período de tempo en Galicia e España.

⁸¹ Domingo Fontán propuxo unha “vía central” que remataría en Padrón ou Carril no ano 1858. No ano 1860 modificou o proxecto concluíndo que a liña tiña que chegar a Carril e que ademais a ela enlazariáanse 2 liñas: a do sur, polo litoral ate Vigo e, a do norte, pola divisoria do Tambre ate a Coruña (Cavanna Benet, 2008).

⁸² Converteuse en secretario da deputación da Coruña por ser onde residía.

⁸³ Aparece nas actas de sesións da Real Academia como asistente con data do 19/12/1834, 09/01/1852, 20/10/1852, 05/11/1852, 07/01/1853, 04/02/1853, 26/03/1853 e a do 08/04/1853. Na sesión do 17/07/1838 léese un oficio enviado por Domingo Fontán sobre unha exposición realizada por Alejo Andrade da muralla de Lugo (Real Academia de la Historia, 2008).

⁸⁴ Saíu elixido deputado ás Cortes Constituíntes polo método de acción indirecta nas primeiras eleccións que se celebraron cando entrou en vigor a Constitución de 1837. No diario de sesións do Congreso dos Deputados aparecen as intervencións realizadas por Domingo Fontán que datan entre os anos 1836 e 1842. Deputado: nas eleccións do 2/10/1836 por Pontevedra (data de alta 19/10/1836, data de baixa 04/11/1837) cando firma a Constitución de 1837 o 11 de xuño de 1837 e a xura o 18 de xuño do mesmo ano; nas eleccións do 22/9/1837 por Lugo (data de alta 16/11/1837, data de baixa 18/11/1837) pero o 18 de novembro opta por Pontevedra e é substituído por Pardo Montenegro; nas eleccións do 22/9/1837 por Pontevedra (data de alta 15/11/1837, data de baixa 18/11/1837); nas eleccións do 24/7/1839 sae deputado electo por Lugo; nas eleccións do 24/7/1839 por Pontevedra; nas eleccións do 19/11/1840 sae deputado electo por Lugo; nas eleccións do 1/2/1841 por Pontevedra (data de alta 12/4/1841, data de baixa 3/12/1841); nas eleccións do 27/2/1843 presentase por Lugo e Pontevedra e nas derradeiras do 15/9/1843. (Congreso dos Deputados, en: www.congreso.es)

Na actualidade, a figura e obra de Domingo Fontán están presentes de forma relevante na Universidade de Santiago de Compostela. Tanto en exemplares da C.G.G. como un teodolito e un astrolabio empregado para realizar a Carta ouo retrato do ano 1852 realizado polo pintor sevillano Antonio M^a Esquivel y Suárez de Urbina. A Universidade de Santiago de Compostela posúe tres exemplares da C.G.G.. Un exemplar da C.G.G. en relativo bo estado de conservación ocupa na actualidade un lugar destacado e elevado como require o seu gran tamaño. Está en concreto na sala principal de xuntas da Facultade de Xeografía. O segundo exemplar da Carta que foi restaurado, está no lugar preferente para o profesorado da Facultade de Filoloxía. E o terceiro exemplar da C.G.G. de 1845 encóntrase en relativo “bo estado”⁸⁵ custodiado no depósito de fondos cartográficos que requiren maior coidado da Biblioteca Xeral da Universidade. Na sala de Xuntas da Facultade de Xeografía e Historia exhibese nun lugar preferente, illado en cristal, o único obxecto en exposición nela, un teodolito usado por Fontán que pertencía a súa familia e que agora forma parte do inventario patrimonial da Universidade⁸⁶. Para o profesorado da Facultade de Xeografía e Historia é mostra de presenza constante en todas as súas principais reunións e académicas, un óleo de grandes dimensións que representa a figura de Domingo Fontán. Ocupa o cadro de autoría do pintor Esquivel o lugar máis privilexiado na sala de Xuntas da Facultade de Xeografía e Historia adquirido por poxa (Vila Jato, 1996).

2.2. OS PRECEDENTES NO CARTOGRAFADO DE GALICIA E A SÚA SITUACIÓN NA ÉPOCA DE DOMINGO FONTÁN. OS TRATADOS CIENTÍFICOS QUE INSPIRARON A DOMINGO FONTÁN ⁸⁷.

Un mapa representa a realidade territorial de forma matemática nun plano⁸⁸ e serve para axudar, analizar e resolver problemas⁸⁹ quedando a súa produción e a súa difusión como “asunto” de Estado (Urteaga e Nadal, 1990). O mapa nace para a *difusión do coñecemento territorial* e a través de el podemos coñecer cómo era a representación e a percepción que se tivo de Galicia no transcorrer dos séculos. Ademais son parte do seu tempo e están enfocados a determinados propósitos. A imaxe de Galicia foi plasmada polos cartógrafos máis reputados de Europa, tal como consta a “Galica” no Atlas de Claudio Ptolomeo, na Tabula Rogeriana de El Idrisi onde estableceu o seu límite setentrional, a “Galitia” no pergamiño de Abraham y Gaduda Cresques e, como “Gallaecia” e “Galitia” nos mapamundis de Gerhard Kremer (Mercator) e Abraham Ortelius, respectivamente, “Galecia” na carta de J.L. Wagghenaer, as “Galice” de Nicolas de Fer e Guillaume Delisle, a “Galizia” de Fernando de Ojea e as diferentes percepcións á hora de representar a “Galicia” de Tomás López e Domingo Fontán. Hai que esperar ata o século XVII para atopar unha cartografía de Galicia feita desde Galicia, cando o ourensán Fernando de Ojea publica o seu “Reino de Galizia” e, un século máis tarde, os mapas realizados polo coruñés Xosé Andrés Cornide.

⁸⁵ No apartado 3.1. do capítulo III da tese trátase sobre o estado de conservación do gravado da C.G.G. de 1845 que posúe a Biblioteca Xeral da USC.

⁸⁶ Existe unha carta con data do 08/04/1964 do reitor da USC á Enriqueta e Regina Fontán agradecendo a doazón dos obxectos (Escritos de demanda, 2003).

⁸⁷ Neste apartado non se pretende facer unha descrición da historia da Cartografía e da Xeodesia senón destacar algúns fitos históricos e determinadas obras e mapas precedentes á Domingo Fontán que dalgunha forma marcaron o seu labor cartográfico.

⁸⁸ Segundo manifesta Kostantin Salichtchev, presidente da ICA (1968-1972), que define o mapa como unha representación reducida, xeneralizada, matematicamente precisa da superficie terrestre sobre un plano que mostra a situación, distribución e relacións dos diversos fenómenos naturais e sociais, escollidos e definidos en función do obxecto do mapa.

⁸⁹ Segundo declara Milan Konecny, presidente da ICA (2003-2007).

A precisión e a exactitude da representación do territorio está intimamente ligada ó desenvolvemento científico e a aqueles avances técnicos que se producen en determinada época, pero non só no *ámbito cartográfico* senón tamén no *xeodésico*, ambas ciencias conexas. Ademais a calidade dos mapas está en relación ós intereses económicos dos países e a situación xeográfica de Galicia foi un factor decisivo á hora de ser cartografada polos centros cartográficos pioneiros de Europa. A Historia cóntanos que as concepcións visuais do mundo son moi diversas asumindo centralidade e crenzas de cada sociedade.

Desde a **época clásica**, cando Claudio Ptolomeo desenvolveu o uso dun sistema de proxección e o cálculo de coordenadas xeográficas, chegando a situar unha serie de lugares galegos en grados sesaxesimais⁹⁰ na súa “Geographía”, ata o longo período da **idade media**, cando se pasa á representación dunha cartografía simbólica con alusións relixiosas con orientacións cara a súa crenza. Destacando a realización dos portolanos⁹¹ coa culminación da escola mallorquina. A representación cartográfica de Galicia é moi deficiente, con unha liña costeira difusa e imprecisa, practicamente pouco máis alá de constar o seu topónimo. O coñecemento xeográfico da Terra e o seu tratamento matemático deron grandes avances na medición da lonxitude e a forma esférica da Terra eno inicio da proxeccións cartográficas.

É no **século XV** cando podemos considerar que se produce un rexurdimento da Cartografía, debido fundamentalmente ós viaxes ultramarinos que dan lugar a descubrimentos xeográficos e á difusión da información coa invención da imprenta. Aparece a escala “planetaria”. Rómpeuse co período anterior para comezar un novo que buscou o seu referente na época clásica e no pensamento racional. Nace a trigonometría da man de Johann Müller. Europa inicia a globalización e o capitalismo e, aciencia estímúlase desde a óptica occidental. O *crecente colonialismo* xerou unha importante cartografía catastral que ademais supliu erros de anteriores mapas grazas ós novos progresos técnicos⁹². O principal centro de creación de mapas atopábase entón nos *Países Baixos* como consecuencia do importante comercio marítimo que alí existía, e que demandaba principalmente cartas náuticas. Mentres en España, os Reis Católicos crearon no ano 1503 a Casa de Contratación de Indias coa finalidade de cartografar o Novo Mundo e non a península ibérica, que non dispuña da súa cartografía. Foi nos reinados de Carlos I e o seu sucesor Filipe II cando se promoveron proxectos do cartografado de España⁹³ a pesar de que ningún chegou a proliferar. Polo tanto a *cartografía peninsular estaba abandonada* quedando ó cargo de xeógrafos estranxeiros, como os holandeses, que a percorreron de Norte a Sur. En concreto no **século XVI**, é cando se publica o primeiro Atlas de cartas náuticas⁹⁴, do ano 1583, do holandés Lucas J. Waghenauer, onde se mostra unha visión máis concreta da costa galega. Unha destas cartas é a que representa a costa galega desde Fisterra ó Norte de Portugal. Nesta carta figura toda unha serie de aspectos decorativos e a costa represéntase como se fose vista desde o mar (Colección Puertas-Mosquera, 2005). Tamén se comeza a representar a Galicia de forma illada e non só polo perfil costeiro, sendo o realizador desta representación o ourensá Fernando de Ojea⁹⁵. No seu

⁹⁰ Como “Artaborum Portus”, “Iria Flavia”, “Lucus Augusti” entre outras referencias (Méndez Martínez, 1994).

⁹¹ Destaca a realización dos portolanos, ou cartas náuticas, debido á navegación centrada no Mediterráneo onde os barcos rodeaban a miúdo a península ibérica nas viaxes cara ós mercados flamencos do Norte (Sider, 2005).

⁹² Novo instrumental como a prancheta, o grafómetro, o reloxo de péndulo e o teodolito acimutal.

⁹³ Con Carlos V, Fernando Colón coa “Descripción de la Cosmografía de España” e, con Filipe II, Pedro Esquivel co “Mapa del Escorial”.

⁹⁴ “Spiegel der Zeevaerd” de J. L. Waghenauer (Amberes, 1590).

⁹⁵ O mapa “Descripción del Reyno de Galizia” que a súa vez procedía da obra “Theatrum Orbis Terrarum” de Abraham Ortelio, na edición de 1603.

mapa de Galicia atópanse moitos erros e deformacións de límites, a pesares disto, foi unha obra que se considera modelo cartográfico xa estivo vixente durante moito tempo (Colección Puertas-Mosquera, 2005). É neste século cando Gemma Frisius, pioneiro na idea das triangulacións gráficas, publica en 1533 o procedemento topográfico a seguir no método das triangulacións. E un precursor en España é o xeodesta Xerónimo Muñoz (1520-1591) que realizou levantamentos por intersección directa da costa valenciana incluíndo triangulación básica (Jiménez Martínez, 2011). Como fito histórico, Gerard Kremer elaborou a proxección cartográfica que leva o seu nome en 1569 e institucionaliza o mapa para a ensinanza da Xeografía.

No **século XVII** continuouse co liderado cartográfico holandés, pero países como Francia e Inglaterra comezan a produción de mapas. Os mapas da península ibérica e as cartas náuticas de Galicia seguen sendo basicamente de *producción estranxeira*. Os traballos cartográficos ata estas datas realizábanse seguindo un método clasicista sen rigor científico. É o XVII o século no que se crean as *Academias*⁹⁶ que se poderían considerar como un elemento esencial nas exploracións xeográficas. É tamén neste século cando se retoman desde a antigüidade clásica as *medicións de arco de meridiano terrestre*. Habería que estimar tamén o grande interese das primeiras medicións mediante triangulación realizadas en España. Comezan estas no século XVII e delas é un exemplo o “Mapa del Reyno de Aragón” do portugués Juan Bautista Labanha (1610). É un mapa realizado mediante un recoñecemento directo sobre o territorio empregando o método das triangulacións, componse de marxes graduados e o relevo representado por montes de perfil⁹⁷. A realización da cartografía seguindo o método das triangulacións foi cada vez maior no século XVIII, indo parello aos adiantos que se produciron na época. É cando Isaac Newton enuncia da Lei da gravitación universal (1687) concluíndo a forma da Terra como un elipsoide de revolución achatado. Cabe destacar que nesta centuria creouse o *Depósito de Guerra francés* no ano 1668 o que repercutiu en anos posteriores no labor cartográfico español.

O **século XVIII** é a etapa das *novas preocupacións cartográficas*. Danse innovacións no ámbito das proxeccións⁹⁸, no das lonxitudes de arco de meridiano como nas da representación do relevo acompañados dun perfeccionamento dos medios técnicos cos que se alcanzou unha maior precisión⁹⁹. O interese centrouse no medir e non no gravar. Consolídanse como ciencias a Física e a Astronomía en toda Europa, salvo en España que o fai medio século máis tarde. As grandes potencias europeas crean os Servicios Xeográficos Nacionais, e elaboran unha cartografía atendendo ós intereses bélicos. En Francia levouse a cabo unha cartografía topográfica por **Jean-Dominique Cassini** no ano 1747 e matemáticos como **Laplace**, **Legendre** e logo **Delambre** describiron nas súas memorias as súas teorías e fórmulas matemáticas sobre trigonometría esférica. Países como Alemaña e Inglaterra chegaron a alcanzar un gran nivel cartográfico ó introducir estas innovacións cartográficas. Este é o século no que comezou a modernizarse a cartografía española onde aínda non existía unha cartografía oficial de calidade. En “España” iníciase a toma de conciencia da necesidade

⁹⁶ En 1660 a “Royal Society of London” e en 1666 a “Academie Royal de Sciences” de París e que competiran nos posteriores anos nas investigacións xeodésicas.

⁹⁷ Fondos cartográficos dixitais da Biblioteca Nacional.

⁹⁸ Aplícanse novas proxeccións, como a proxección equivalente de Bonne, a proxección Molweide e a proxección conforme Universal Transversa Mercator. En España, decrétese o uso da proxección cónica Lambert para a cartografía militar (Jiménez Pelayo, 2001).

⁹⁹ Aparición de novo instrumental como do teodolito (Sisson, 1720), o barómetro, o cronómetro e os anteollos astronómicos o que supón aplicar novos coñecementos a fondo.

dunha cartografía propia. O *exército* anticipouse á realización de tarefas cartográficas de interese xeral coa creación dun Corpo que tiña como finalidade o labor cartográfico. En 1710 chegou o capitán J. Verboom de Flandes a España, chamado por Filipe V, para organizar un Corpo de Enxeñeiros similar ó francés (Baquer, 1972). Apareceron deste xeito as **primeiras normas** para a realización de mapas¹⁰⁰. A circunstancia de que Verboom procedera do país dos mellores cartógrafos do século XVII, e a orientación que tomaron as Españas baixo os Borbóns, transformou ós territorios hispánicos de América no gran banco de probas dos enxeñeiros militares¹⁰¹. Por outro lado, Jorge Juárez presentou o método de levantar e dirixir un mapa o plano xeral de España no ano 1751 dando instrucións detalladas sobre a metodoloxía e os instrumentos a empregar (Torroja, 1973). Cobran importancia as institucións científicas militares e crease a Escola Militar de Matemáticas de Barcelona e a Escola de Gardamarines de Cádiz no 1717 pero tamén organizacións públicas fomentadas polos ilustrados para a actividade científica, destacando as Sociedades Económicas De Amigos do País. Unha das primeiras representacións cartográficas que cobre o territorio español é o “*Atlas Hidrográfico de las costas de España*”, feito por Vicente Tofiño de San Miguel, Director da Escola de Gardamarines, do ano 1783 ao 1789, e por outra parte o “*Mapa de los Reynos de España y Portugal*”, realizado por Tomás López, o cartógrafo oficial do século XVIII, ate o ano 1792. O Atlas de Tofiño realizado por encargo, e ca axuda da Mariña, foi levantado mediante o método da triangulación costeira. Deuse así inicio á cartografía matemática en España. Polo contrario, Tomás López, como un xeógrafo descritivo, realizou a súa obra cartográfica en gabinete e sen rigor científico pola ausencia de traballo de campo. A pesar das súas deficiencias, achegou unha visión xeral dos asentamentos de Galicia no seu “**Mapa del Reyno de Galicia**” de 1810 como consecuencia do baleiro cartográfico existente sobre Galicia. En Galicia tamén destacou a figura de Xosé Andrés Cornide que proporcionou unha nova representación cartográfica dos arcebispados de Ourense, Mondoñedo, Coruña e parte de Betanzos. Información cartográfica de Galicia desta época é tamén toda unha serie de mapas eclesiásticos os realizados por Rosendo Amoedo, Sebastián Malvar, Rafael de Vélez e Ánxel Marín. Con eles comezou a produción cartográfica de Galicia desde Galicia.

O **século XIX** supuxo a fase de avance no referente á forma de creación dos mapas. Comezou a desenvolverse a **cartografía científica**, grazas tamén ao emprego de instrumentos de precisión, a pesares da inestabilidade xerada polos conflitos bélicos. A cartografía deixa de considerarse un instrumento exclusivamente militar neste século. Os estados e os políticos das emerxentes estado- nacións viron nesta ciencia o elemento básico para o seu control de espazo e a realización das divisións territoriais¹⁰², e o fomento das comunicacións, tan necesarias na época para fomentar as integracións e economías no marco das nacións. A cartografía científicamente válida ven ser unha das primeiras e máis necesarias condicións de desenvolvemento. Chegouse así ao máis destacado nivel cartográfico neste século, a nivel europeo, coa creación de **organismos topográficos oficiais** coa misión de realizar os mapas nacionais. En Francia coa “*Carte Géométrique*” de Cassini consagrouse como primeiro mapa topográfico prototipo de escala 1:86.000. Iniciouse o chamado Mapa do Estado Maior en 1808 e rematouse en 1882 a escala 1:80.000. Na Gran Bretaña xa se comezara no ano 1801 un mapa a escala 1:63.360. En España creouse o Depósito de Guerra no 1811 e houbo que esperar ate o ano 1883 para que España comezara co seu Mapa Militar Itinerario a escala

¹⁰⁰ Son as “Ordenanzas que corresponden al Cuerpo de Ingenieros, reinado del Señor D. Felipe V” do 4 de xullo de 1718 e a súa ampliación no ano 1757.

¹⁰¹ Como foi o caso de Tomás López, Jorge Juárez e Antonio Ulloa.

¹⁰² O Depósito de Guerra decide de reformar as divisións e os mapas provinciais no ano 1840 (Jiménez Pelayo, 2001).

1:200.000 que se rematou en 1922. É neste século cando se da un dos fitos máis importantes, a **adopción do sistema métrico decimal** ligado os estudos de lonxitude de meridiano terrestre. Tamén é cando se leva acabo unha das operacións xeodésicas máis importantes a nivel nacional, como foi a prolongación ata España da rede xeodésica francesa con Xosé Rodríguez e Xosé Chaix, na parte española, posicionando a España na xeodesia mundial, chegando así Rodríguez a ser un dos astrónomos máis coñecidos. Créase a Asociación Xeodésica Internacional coa adhesión de España no 1867¹⁰³. Como substituto de Xosé Rodríguez, Domingo Fontán comezou en 1816 a súa “Carta Geométrica de Galicia”. Formulou así a **necesidade dunha cartografía de calidade** e a **creación dun mapa topográfico a nivel de España**, que non se comezaría ata o 1875, xa que a C.G.G. tiña como precedente o “Mapa del Reyno de Galicia”. Como autor da C.G.G. temos a un xeodésico que seguiu unha metodoloxía científica e como autor do mapa do reino a un estudioso que examina e compara documentos que afirmaba que o mellor modo de facer un mapa era traballando na casa, tendo á vista varios papeis dun mesmo terreo xa que se un xeógrafo necesitara ver e medir as terras dos seus mapas ninguén podería publicar algún¹⁰⁴. Logo de Rodríguez e Fontán, os traballos de xeodesia e astronomía restrinxíronse no século XIX (Vila Jato, 1996).

Os tratados científicos que inspiraron a Domingo Fontán. Os avances nos campos da xeodesia e astronomía no século XVIII implicaron un maior nivel de perfeccionamento na elaboración da cartografía e Domingo Fontán estivo aberto a todas as innovacións que se daban noutros países, sobre todo en Francia e Inglaterra (Paladini Cuadrado, 1991) principais centros de actividade científica. En España, comezouse a romper límites establecidos en épocas pasadas ata o punto dun reposicionamento de Galicia nas novas cartografías grazas á figura de Domingo Fontán. O xeodesta e cartógrafo crea unha **nova cartografía**, poñendo de lado o procedemento de copia que se dera durante séculos anteriores, aumentando así o nivel cartográfico a nivel nacional. As influencias tomadas por Domingo Fontán hai que buscalas nos matemáticos e astrónomos franceses **Jean Baptiste Biot, Pierre Simon Laplace, Jean le Rond d’Alembert, François Lacroix** e fundamentalmente **Jean Baptiste Delambre** e, entre outros, o italiano **Joseph-louis de Lagrange** e o inglés **Jonh Herschel**. As principais obras de estes científicos, como o “*Tratado elemental de Astronomía Física*” de Biot, “*Tratado de mecánica celeste*” de Laplace, o “*Tratados matemáticos ou memorias sobre diferentes temas da xeometría mecánica, óptica y astronomía*” de D’Alembert ou o “*Tratado de cálculo diferencial e de cálculo integral*” de Lacroix formaron parte do catálogo de libros¹⁰⁵ pertencentes a Domingo Fontán dos cales adquiriu os coñecementos necesarios en teoremas e algoritmos, o movemento dos corpos celestes, etcétera e tamén, nos traballos de **trigonometría esférica**. Obras de referencia en España xa que non se realizaban traballos de este tipo, na maioría dos casos traducidas coa finalidade da ensinanza nas cátedras.

A obra de Delambre resume o aparato matemático empregado nos derradeiros anos do século XVIII, a súa memoria “Dimensións e Figura da Terra” e o teorema que leva o seu nome, presentes á hora de realizar os cálculos para a proxección do Mapa Fontán. Delambre foi quen realizou un dos cálculos da meridiana de Francia mediante triangulación entre os

¹⁰³ Para enlazar as triangulacións entre países (Torroja, 1994).

¹⁰⁴ Traducción de “Principios Geográficos aplicados al uso de los mapas de Tomás López” (Tomo I).

¹⁰⁵ Na páxina da Fundación Domingo Fontán visualízanse parte de libros pertencentes a Domingo Fontán. Outras da sobras que aparecen son o “*Traité de Physique*” de J.B.Biot, o “*Mécanique analytique*” de Lagrange, “*Astronomie. Théorique et pratique*” de Delambre, “*Traité d’Astronomie*” de Herschel.

anos 1792 e 1798 e, como consecuencia iniciou o sistema métrico decimal, do que anos máis tarde Xosé Rodríguez interveu na súa prolongación ata España. A obra dos **Cassini**¹⁰⁶ e as fórmulas de **Laplace** e **Legendre**¹⁰⁷ moi presentes para a realización de dita operación xeodésica. Polo tanto todos estes avances estiveron a disposición de Domingo Fontán. Coa experiencia adquirida por Xosé Rodríguez nas investigacións fora de Galicia, realizou unha “*Memoria sobre as operacións necesarias para a formación dun mapa xeral de España e das súas provincias en particular*” no ano 1808, presentada á Xunta Xeral do Reino na que afirma de forma categórica que un mapa é o elemento imprescindible para un goberno que queira o impulso e evolución do seu país. Explica o método “de la triangulación” e as fases a realizar como “de las señales o puntos de mira”, “de la medida de los ángulos”, “de la medida de las bases”, “reducción de los ángulos esféricos a los formados por las cuerdas y cálculo del valor de estas y de los arcos correspondientes”, “de las observaciones astronómicas”, “medida de dos o tres grados de longitud” e “medida de una perpendicular a la meridiana”, no que explica detalladamente o procedemento a seguir en cada unha delas. Desta memoria, Domingo Fontán realizou unha copia manuscrita composta de 32 follas, e polo tanto o coñecemento necesario adquiridos polo seu mestre a súa disposición para levar a cabo a súa obra.

2.3. O LABOR CARTOGRÁFICO DE DOMINGO FONTÁN E AS SÚAS REPERCUSIÓNS.

Domingo Fontán dedicouse ao entendemento do espazo e poder así atopar medios para o progreso de Galicia e superar ese estado de amoucamento no que se atopaba . A cartografía era fundamental para resolver problemas territoriais, a posibilidade de planear obras de infraestructuras, como vías de comunicación coa representación cartografica do relevo, a canalización dos ríos e o emprego da auga para uso agrícola co deseño da rede hidrográfica, así como outra alternativa vía de comunicación e de intercambios comerciais, a construción dun lazareto que favorecería a industria e activaría o comercio cun estudo pormenorizado costa, ou para as reparticións de contribucións.

A obra cume de Domingo Fontán é a “Carta Geométrica de Galicia”, e para poder levala a cabo elaborou unha serie de esbozos, planos e mapas durante os anos de traballo aos que se fai referencia a continuación seguindo unha ordenación cronolóxica:

1. Un número indefinido de *esbozos*, incluso debuxados sobre o papel das pranchetas, realizados durante o traballo de campo para a consecución da C.G.G.. Algunhas das pranchetas datan de 1822.
2. O “*Mapa de la parte comprendida entre Cabo Prior y el río Sor*” de 1823.
3. O “*Mapa de la parte comprendida entre Doniños y Carral al oeste y el “Cordal de Montouto” y As Pontes de García Rodríguez al este*” de 1823.
4. O “*Plano del corregimiento de La Cañiza: Dividido en Alcaldías Reales*” de 1826.
5. O “*Plano del País adyacente a las tres rías de la Coruña, Betanzos y Ferrol, llamado de las Mariñas*” de 1826.
6. O “*Plano de la Ría de Pontevedra con las Islas Ons y Oza*” de 1827.
7. O “*Plano de la Ría de Vigo y parte de la península de Morrazo*” de 1828.

¹⁰⁶ Os traballos de triangulación para o calculo da meridiana de Francia.

¹⁰⁷ Formulas para a redución e o cálculo dos triángulos sobre a superficie dun esferoide.

8. O “Plano de la Ría de Arosa” de 1828¹⁰⁸.
9. O mapa manuscrito orixinal da C.G.G. de 8 follas de 1834.
10. O mapa manuscrito orixinal da C.G.G. de 16 follas de 1834.
11. A C.G.G. de 2 bandas de 1834.
12. A C.G.G. de 12 follas de 1845 co mapa da triangulación principal.
13. A “Carta del partido de Santiago en la provincia de la Coruña” de 1845.
14. O “Croquis de la zona en que se desarrollan los diversos trazados de Ferro Carril propuestos para unir Coruña con Santiago” de 1881.
15. O “Mapa del Territorio que comprenden los ayuntamiento y Parroquias del Partido Judicial del Santa Marta de Ortigueira: provincia de la Coruña” (sen data).
16. O “Plano de la Ría de Vivero” (sen data).
17. O “Plano de la Villa y Arsenales del Ferrol” (sen data).
18. Un plano de parte da parroquia de Entíns do concello de Outes (sen data).

1. Domingo Fontán elaborou un *número indefinido de esbozos* para a consecución da C.G.G.. Son planos de maior escala onde se detallaban todos os pormenores, incluso aqueles elementos que non aparecen na Carta. Tamén tivo que elaborar esbozos da triangulación de primeira, segunda e terceira orde porque só existe o mapa da triangulación fundamental¹⁰⁹ e dun esbozo da triangulación en Noia segunda a Fundación Domingo Fontán. É un material que non está localizado. En diversas pranchetas parecen diferentes *esbozos*¹¹⁰ como tamén existen “mapas” de diferentes zonas de Galicia onde aparece cartografada a rede hidrográfica, relevo, os núcleos de poboación e, nalgún límites administrativos. Estes esquemas foron a guía principal para nun futuro poder realizar a Carta e neles localizábase todo aquilo que Domingo Fontán visualizaba. No papel das pranchetas, que algunhas se poden datar de 1822, Domingo Fontán representou na maioría delas unha rede hidrográfica en detalle e o relevo, con trazos normais. Entre outras, identificáronse aquelas onde se representou as proximidades do concello de Toques e o río furelos e outra no concello de Palas de Rei. Tamén existen outros esbozos en papel manuscrito, como por exemplo onde se representan o grupo de *illas* do Norte de Sálvora, a illa Noro (que identifica como “Novo”) a illa Bionta e a illa Sagres; outros sobre os *camiños*, nun representáanse os camiños que comunican con Ourense que pasan por Piñor que o comunican con “Cea” e o camiño que comunica con Carballiño, noutro o camiño a Santiago desde Carballiño ata “Romíña” e noutro a estrada que comunica os concellos de Verín, Vilardevós e Riós, entre os lugares de Queirugas e San Cristovo; e outros esbozos onde localizou *núcleos de poboación*, como entidades dos actuais concellos de A Lama, Avión, Boborás e O Carballiño, ademais da rede hidrográfica e estradas; e outros onde aparece debuxado o *río Tambre*, a desembocadura do río Tambre, entre os concellos de Outes e Noia, identificando regos e lugares nas súas proximidades e a ponte Nafonso e noutro debuxou o tramo do Río Tambre nas proximidades de Santiago de Compostela, Val do Dubra e Trazo.

2. “*Mapa de la parte comprendida entre Cabo Prior y el río Sor*”. É un dos traballos preliminares para a confección da Carta levantado a partir das medicións realizadas nas saídas de campo. No esbozo non aparece ningunha referencia ás coordenadas cartesianas nas

¹⁰⁸ No discurso parlamentario do día 08/05/1837, Fontán afirma que levantou e publicou o plano de esta rían o ano 1833: “(...) aínda que era moi pouco coñecida, fai catro anos levantouse e publicouse o plano dela(...)”.

¹⁰⁹ Na pericial afirmase que o número de croquis da C.G.G. ten que gardar unha proporción respecto ás 4000 parroquias, cidades e vilas representadas en dita Carta Geométrica.

¹¹⁰ Os esbozos, mapas e pranchetas que se describen neste apartado 1 pódense visualizar na páxina web da Fundación Domingo Fontán.

esquinas nin a unha cuadrícula (ver anexo Figuras: figura 43). Pero coincide no trazado da costa, na hidrografía, as estradas, a lenda e a toponimia de un fragmento da C.G.G. de 12 follas de 1845, excepto o nome do “C. Prior” da Carta, que no esbozo aparece como “C. Priviro”. Indícase tamén a localización das estacións e a altitude. Conviría por outra parte destacar o trazado azulado en acuarela da costa¹¹¹.

3. “Mapa de la parte comprendida entre Doniños y Carral al oeste y el “Cordal de Montouto” y As Pontes de García Rodríguez al este”. É un fragmento que se corresponde con parte da folla 2 e da 5 da C.G.G. de 1845 (ver anexo Figuras: figura 44). Ao igual que o “Croquis de Cabo Prior y río Sor” coinciden nas mesmas características. Neste esbozo pódense atopar máis particularidades e diferenzas ca Carta: correccións feitas sobre o cartografado anterior, como no caso das parroquias “Maniños” e “Barallobre”, identificadas e intercambiados con posterioridade os seus topónimos; o símbolo de mosteiro sen nome. No esbozo aparece o de “S^{ta}. Catalina de Montefaro” aínda que co símbolo de capela; novos nomes como “M. Fragoselo”, seis rexistros non lexibles próximos a As Pontes de García Rodríguez; a estación de “Mamoa” identificada como “Mamoa (Medoñas)”¹¹².

4. “Plano del corregimiento de La Cañiza: Dividido en Alcaldías Reales”, do ano 1826 (ver anexo Figuras: figura 45). O mapa ten escala gráfica de “dos leguas”. A lenda dos símbolos non aparece explicada, aínda que os que aparecen no plano, como por exemplo os de parroquia, capela e fortaleza, coinciden cos mesmos símbolos da C.G.G.. Cómpre subliñar que determinados rexistros, independentemente do símbolo, indican unha cifra da que non se pode deducir o seu significado. Aparecen a rede hidrográfica, estradas e símbolos de relevo, así como a identificación dos límites e localización de Portugal e dos “Corregimientos” de Bande, Celanova, Ribadavia, Redondela e Pontearas¹¹³.

5. “Plano del País adyacente a las tres rías de la Coruña, Betanzos y Ferrol, llamado de las Mariñas”. Existen dous exemplares deste plano. Ambos representan o mesmo contido. A única diferenza salientable corresponde á representación do título e a cor do plano. A escala do mapa representa “dúas leguas de vinte en grado”. Aparece neste plano o trazado da vía férrea Santiago-Ferrol-Betanzos¹¹⁴ (ver anexo Figuras: figura 46).

6. “Plano de la Ría de Pontevedra con las Islas Ons y Oza”. É similar ó “Plano de la Ría de Vigo y parte de la península de Morrazo” en canto ós símbolos da lenda e á orientación. Están cartografadas as parroquias do litoral costeiro e as estradas que as unen. Representáanse o relevo e tamén as curvas batimétricas da ría de Pontevedra¹¹⁵ (ver anexo Figuras: figura 47).

7. “Plano de la Ría de Vigo y parte de la península de Morrazo”. Diferénciase este plano dos planos e mapas comentados anteriormente en que neste os símbolos son diferentes e en que se representa a vexetación. Está debuxada a escala de catro leguas e o norte. Existen dous exemplares e no mapa de Fontán de 1845 está cartografada a mesma información. A súa única diferenza está en que nun dos planos o norte é representado mediante unha rosa dos ventos, e

¹¹¹ Este exemplar localízase nos fondos cartográficos da biblioteca xeral da USC.

¹¹² Este exemplar localízase nos fondos cartográficos da biblioteca xeral da USC.

¹¹³ Existe un exemplar deste plano no Museo de Pontevedra.

¹¹⁴ Pódese visualizar na páxina web da Fundación Domingo Fontán. Na colección cartográfica Puertas-Mosquera aparece outro exemplar.

¹¹⁵ Dispoñible na Colección cartográfica Puertas-Mosquera

en que na ría aparecen debuxos de adorno ao estilo dos mapas da época¹¹⁶ (ver anexo Figuras: figura 48).

8. “Plano de la Ría de Arosa”. Con escala de tres millas e nordeo. Aparece a rede hidrográfica e o relevo, e están localizados coa correspondente toponimia núcleos costeiros. Tamén foron cartografadas as illas. Fontán calculou a lonxitude da ría en 9 leguas de extensión ata Padrón e 3 de ancho¹¹⁷ (ver anexo Figuras: figura 49).

9. O mapa manuscrito orixinal da C.G.G. de 8 follas de 1834. Un dos mapas manuscritos da C.G.G. de 1834 é a Carta de 8 follas. Desta Carta de 8 follas estampáronse en París un total de 550 exemplares. No ano 2008, o mapa manuscrito *expúxose por primeira vez ó público* na exposición “Innovación e Territorio. O legado de Fontán ao século XX.”, comisario o Prf. Dr. Xosé Ramón Chantada Acosta.

10. O mapa manuscrito orixinal da C.G.G. de 16 follas de 1834. Domingo Fontán, para asegurar a chegada certa do mapa manuscrito de 8 follas para a impresión das pedras litográficas en París, fixo chegar tamén ao gravador o mapa fragmentado en 16 follas, o outro dos mapas manuscritos da C.G.G. de 1834. Ambos mapas son idénticos, pero divididas ditas 8 follas pola súa metade, xa que daquela unha práctica habitual era contar cunha copia moito menos custosa para o caso de que se perdesse o orixinal¹¹⁸. Non contén altimetría (ver anexo Figuras: figura 50).

11. A C.G.G. de 2 bandas de 1834. O mapa de 2 bandas foi o que empregou para a súa presentación en público en 1834. Un mapa de 2,42 m. de longo e de 1,10 m. de ancho. Cada unha das follas representa respectivamente a parte oriental e occidental de Galicia separada pola súa meridiana central. Non hai unha imaxe do mapa, pero si fai mención del tanto Otero Pedrayo como Núñez de las Cuevas:

“Fontán terminou el dibujo del original o “minuta” en 1834; está formado por dos bandas de 242 centímetros de largo por 110 de ancho y utilizó aguadas de color verde azulado para el mar y sombreado para el relieve” (Núñez de las Cuevas, 1988).

segundo Núñez de las Cuevas na súa colaboración “La Cartografía Española de principios del siglo XIX y la Carta Geométrica de Galicia de D. Domingo Fontán” na publicación “Cartografía de Galicia. 1522-1900”. Otero Pedrayo afirmou nas súas “Notas geográficas inéditas y discursos y escritos políticos de D. Domingo Fontán” que:

“La Carta de Galicia presentada el 1 de diciembre de 1834 por mano de su secretario del Despacho de lo Interior se llevó a cabo por medios semejantes sin datos ajenos y situando geométricamente todas las parroquias, no sólo de las cuatro provincias de aquel reino sino de la parte adyacente de Asturias, León y Zamora, cuya suma excede de cuatro mil iglesias o templos. Entonces se expuso la

¹¹⁶ Pódese visualizar na páxina web da Fundación Domingo Fontán. Na colección cartográfica Puertas-Mosquera aparece outro exemplar.

¹¹⁷ Pódese visualizar na páxina web da Fundación Domingo Fontán. Na colección cartográfica Puertas-Mosquera aparece outro exemplar.

¹¹⁸ Existen varios exemplares en Galicia da edición facsimile realizada en 1974 polo Corpo Nacional de topógrafos. Un exemplar na Biblioteca Nobal Lugo, un exemplar Biblioteca Nobal de Ourense e outro exemplar no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

obra al público en virtud de Real Orden, y los conocedores del país no hallaron inexactitudes, ni omisiones, al paso que todos admiraron la bella ejecución de un plano de tan considerable extensión, dividido en dos bandas de ocho pies de largo cuatro de ancho cada una de ellas, que representaban la parte oriental y occidental de Galicia separada por su meridiana central” (Otero Pedrayo, 1946).

12. A C.G.G. de 12 follas de 1845 co mapa da triangulación principal. A C.G.G. de 12 follas de 1845 presenta claras diferenzas ca de 8 follas de 1834, na cartela, escalas, lenda e topónimos no mapa, as que son en pormenor tratadas nun apartado desta tese de doutoramento. Na folla número 3, na parte superior dereita, aparece o mapa da “*Unión de las doce hojas de la Carta Geométrica de Galicia y su triangulación fundamental de escala 1:800.000*” (ver anexo Figuras: figura 10 á figura 21). Existe unha edición deste mapa non aparece na folla número tres o mapa de triangulación, segundo afirman na Fundación Domingo Fontán.

13. “Carta del partido de Santiago en la provincia de la Coruña”. Non se pode datar de maneira precisa. Na carta represéntanse e establécense o límite do partidos de Santiago e dos concellos de “Conjo”, “Enfesta”, “Boqueijon” e “Vedra”, que se identifican grazas á lenda que aparece na parte inferior esquerda da carta. A Carta tamén permite identificar parroquias dos concellos citados, ademais dalgunha máis dos limítrofes, a estrada provincial e as vereas. A escala é de “*leguas de 20.000 pies*” (ver anexo Figuras: figura 51).

14. “Croquis de la zona en que se desarrollan los diversos trazados de Ferro Carril propuestos para unir Coruña con Santiago”, do 15 de novembro do 1881. No mapa aparece o límite costeiro co Océano e o Cantábrico, e os límites entre as provincias de Pontevedra e Lugo. Desde Santiago saen os catro trazados representados no mapa: por “Bergantiños”, por “Tieira”, por “Cambre-Cela” e un trazado “directo” coas distancias a A Coruña en quilómetros. Aparece a rede hidrográfica, pero non é identificada por ningún topónimo¹¹⁹ (ver anexo Figuras: figura 52).

15. “Mapa del Territorio que comprenden los ayuntamiento y Parroquias del Partido Judicial del Santa Marta de Ortigueira: provincia de la Coruña”. Ten localizados os núcleos de poboación e a rede hidrográfica sen representación do relevo (ver anexo Figuras: figura 53).

16. “Plano de la Ría de Vivero”. Sen unha data concreta, aparece no Dicionario Xeográfico de Sebastián Miñano e considérase autor a Domingo Fontán¹²⁰ (ver anexo Figuras: figura 54).

17. “Plano de la Villa y Arsenales del Ferrol” é un plano a cor que a través de letras e números explícase a configuración da vila e os arsenais de Ferrol. Este plano está en posesión da familia Fontán e aparece na cartoteca da páxina web da Fundación Domingo Fontán.

18. Un plano de parte da parroquia de Entíns do concello de Outes. Un plano a gran escala a cor onde aparecen localizadas as edificacións e delimitadas as parcelas. Aparece unha

¹¹⁹ Existe un exemplar no Museo de Pontevedra.

¹²⁰ Pódese visualizar na páxina web da Fundación Domingo Fontán. Na colección cartográfica Puertas-Mosquera aparece outro exemplar.

escala en “varas castellanas” e norteado e aparece na cartoteca da páxina web da Fundación Domingo Fontán.

“A carta e todos os traballos de esta clase son os que se necesita para resolver este tipo de cuestións”¹²¹: Fontán realizou estudos sobre:

1. A construción dunha fortaleza sanitaria na Illa de Sálvora. Un lazareto para navegantes onde puideran realizar a corentena e evitar a difusión de enfermidades xa que o único lazareto estaba situado en Mahón (Menorca). Domingo Fontán consideraba como posibles emprazamentos na costa galega: na ría de Arousa, a illa de Sálvora ou a illa de Arousa, na ría de Pontevedra, a illa de Tambo, Ons ou na península de O Grove, ou na Ría do Barqueiro. A illa que cumpría ca mellor situación en canto a albergar barcos e por estar afastada da poboación era a illa de Sálvora. Este estudo realizouno entre os anos 1826 e 1828.

2. A favor do estaleiro de Ferrol para a construción de barcos (ademais de debuxar a dársena na CGG de 1834) e así activar o funcionamento do establecementos nacionais, promovendo ademais a compra da materia prima, como madeira de carballo, preto do río Navia.

3. O recoñecemento da rede hidrográfica para a canalización dos ríos para fomentar a agricultura.

4. Para a elección da capitalidade provincial entre Vigo e Pontevedra. Propón un estudo comparativo das distancias espaciais das parroquia as posibles capitais axudadas pola CGG, xunto cun estudo de poboación. Demais que os concellos constitucionais votasen a súa elección.

A cartografía realizada por Fontán xerou un *grande interese na época*, como amosaba a dificultade para conseguir algún dos exemplares, pero tamén na época actual coa realización de novas tiradas e reedicións facsímiles da C.G.G.. Existen mostras en canto ao interese que supuxo a C.G.G. como unha carta redactada por un enxeñeiro de minas portugués, Alfredo Ratier, que quería adquirir unha copia do Mapa Fontán para o seu uso, que data de 1897. No ano 1911, Antonio M^a de Irimo, enxeñeiro de Minas do distrito da Coruña, propuxo a publicación dunha nova edición da C.G.G. incluíndo as vías de comunicacións existentes nese ano ofrecendo ademais á familia Fontán o 60% dos beneficios obtidos. Pero esta edición non se levou a cabo. A Xosé Velán Valladares, neto de Xosé Valladares (1787-1864)¹²², interesábase sacar unha tirada de 1.000 exemplares xa que “existe un hambre por poseer dicho mapa”, como se fai saber na correspondencia¹²³ A Asociación do Corpo Nacional de Topógrafos no ano 1974 realizou unha **reedición facsímile do mapa manuscrito da C.G.G. de 16 follas de 1834**, que imprimiu nos talleres do Instituto Xeográfico e Cadastral, un total de 565 exemplares numerados. A partir da impresión da C.G.G. en 1845, outros cartógrafos e enxeñeiros realizaron os seus mapas tomando como base a C.G.G.. Nas propias obras o fan constar como acontecen nas seis que se citan a seguir:

- a) O “*Atlas de España y sus posesiones de Ultramar*”, e para as provincias de Coruña (1865), Lugo (1864), Ourense (1865) e Pontevedra (1856) de Francisco Coello.
- b) Os “*Planos Generales del trazado de la línea Palencia a La Coruña*” do ferrocarril, de José Rafo, Joaquín Ortega e Celedonio de Uribe¹²⁴ (1857).

¹²¹ Sesión parlamentario do 19/12/1836.

¹²² Xefe político da provincia de Ourense e intendente de Pontevedra e Lugo e exerceu como deputado a Cortes.

¹²³ A familia Fontán posé toda unha serie de correspondencia dos familiares máis directos da Domingo Fontán con persoas destacadas ás que lle podía interesar ou as que lle podían axudar a sacar un beneficio da C.G.G.

¹²⁴ Nárdiz Ortiz, Carlos: “La representación del territorio en los planos históricos de la red viaria” en Revista de Obras Públicas, nº 3.323, xullo-agosto de 1993, páx. 47.

- c) O “*Ferro-Carril Compostelano de Santiago al Puerto de Carril: puesto a mayor escala y sacado del excelente mapa de Galicia hecho por el distinguido Sr. Don domingo Fontán*”, de Tomás Rumball (1860).
- d) A “*Carta Geográfica Civil y Eclesiástica de la provincia de Orense*”, de Camilo Losada Rodríguez (1870).
- e) A “*Carta de la Provincia de Pontevedra*”, de Manuel de la Fuente (1880).
- f) O “*Gravado del Mapa de Fontán rotulado a mano las nuevas carreteras y líneas de ferrocarril*”, de Antero Rubín (1917)¹²⁵.
- g) Mapa xeolóxico da provincia de Oviedo, de Guillermo Schulz¹²⁶ (1858).

2.4. A METODOLOXÍA DE TRABALLO SEGUIDA POR DOMINGO FONTÁN: ELABORACIÓN DA C.G.G. E INSTRUMENTAL EMPREGADO.

Para coñecer a xeografía humana de Galicia é preciso estudar todas as parroquias con un método seguro afirmaba Otero Pedrayo en “Problemas de Xeografía Galega”. Galicia tivo como aliado a Domingo Fontán 18 anos, o tempo que tardou en proxectar a Carta Geométrica de Galicia, cada vez que Fontán identificaba unha parroquia e conseguía describirla mediante a súa latitude e lonxitude. Xosé Rodríguez foi a persoa que inculcou a Domingo Fontán a idea de levantar un mapa de Galicia e quen lle fixo chegar todas as novidades e melloras dadas no campo da investigación cartográfica durante as viaxes que lle levaron por Francia, Inglaterra e Alemaña. Domingo Fontán colleu o relevo do seu mestre e aplicouse na formación dunha “carta topográfica” tan fundamental para Galicia naquela época.

Existe unha ampla **documentación orixinal manuscrita**¹²⁷, ou cadernos de campo, onde o cartógrafo anotou e xustificou todos aqueles cálculos necesarios para afrontar a súa obra desde o seu comezo no ano 1816¹²⁸. Nestas follas, o propio Fontán transcribiu notas explicativas, ilustrou observacións, proxectou esbozos, trazou gráficos e sobre todo detallou paso a paso os cálculos e teoremas matemáticos para o logro final da súa carta¹²⁹. O igual que o seu mestre, Domingo Fontán realizou unha memoria sobre cómo elaborar unha carta ou planos topográficos no ano no que concluíu o manuscrito da C.G.G.. Dita memoria explica as fases a realizar ademais dunha serie de indicacións precisas que lle darían unha homoxeneidade a un traballo cartográfico: a determinación da escala, resolve o tipo de proxección a usar, acorda o uso de signos para a xerarquización dos núcleos de poboación, especifica o uso de instrumental. Si se ten en conta a memoria realizada por Xosé Rodríguez “*sobre as operacións necesarias para a formación dun mapa xeral de España e das súas provincias en particular*”, as directrices enumeradas na memoria de Fontán son a principal diferenza entre os dous traballos xa que en ambas descríbese a mesma metodoloxía científica

¹²⁵ Gravado existente na sala de investigadores da biblioteca xeral da USC con sinatura “L 5064”.

¹²⁶ Guillermo Schulz toma como base a C.G.G. ademais dos vértices xeodésicos escollidos por Fontán para a realización do seu mapa (Schulz, 1858).

¹²⁷ Aínda que a publicación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos de 1946 é unha obra fundamental á hora do coñecemento do método de traballo levado por Fontán, existe toda unha serie de documentación manuscrita a disposición na páxina web da Fundación Domingo Fontán.

¹²⁸ Considero esta data de inicio por existir un documento cartográfico manuscrito referido ós traballos do mapa por Fontán con esta data.

¹²⁹ Na sesión parlamentaria do 21/06/1838 confirmaba que “conservo todos os meus diarios de operacións, todos os dados, todos os cálculos para poder reproducir a miña obra, aínda cando desapareza, pois bastaríanme tres anos para volver a construíla sen saír de Madrid” (traducción). César Camargo, un dos socios fundadores da Fundación Domingo Fontán, afirma da existencia de máis de 50 cadernos de campo.

de traballo. O escrito de Xosé Rodríguez representou o preludio para o arranque da carta e a memoria de Domingo Fontán significou a experiencia adquirida tralo remate do seu mapa.

A finalidade do traballo de Domingo Fontán foi a **representación de puntos da superficie terrestre**. Para poder cartografar o territorio galego, levou a cabo o levantamento topográfico de Galicia mediante o *método da triangulación*. Unha práctica científica aínda vixente na actualidade na teoría de Redes Xeodésicas¹³⁰. A continuación descríbese o procedemento realizado por Fontán mediante a descrición de cada paso seguido e o instrumental empregado. Destácanse conceptos xeodésicos primordiais e transcríbense algúns dos exemplos que aparecen nos cadernos de campo pero non se afondou nos cálculos e fórmulas matemáticas por non ser este o obxectivo e por non ser competencia da ciencia xeográfica. Para representar cartograficamente o territorio galego, Fontán realizou mediante técnicas xeodésicas a *triangulación de Galicia* que consistiu na elaboración dunha rede xeodésica formada por un conxunto de puntos, chamados vértices xeodésicos, cos que formou figuras triangulares, chamadas redes de triangulación, nas que efectuou medicións de ángulos e distancias aplicando teoremas de seno e coseno co obxectivo da determinación das coordenadas xeográficas dos puntos. Para acadar a máxima precisión das medicións, Fontán levou a cabo o *método de observación directa en traballo de campo*¹³¹. A diferenza dos cartógrafos da época e o seu precedente, Tomás López, Fontán realizou traballo de campo durante anos obtendo os datos e realizando os cálculos directamente sobre o terreo¹³²:

“No se recurre para ello a datos ajenos cuya exactitud no este comprobada o fueron adquiridos sobre el terreno para dibujarlo”
(Introducción da “Descrición de la Carta Geométrica de Galicia”, páxina web *fdf*).

O propio Fontán confirma que requiriu dos traballos cartográficos de Vicente Tofiño e Tomás López. Por medio da “*Carta esférica da costa do Reino de Galicia*” corroborou a súa exactitude e identificou as diferenzas de posición xeográfica en minutos e segundos en puntos da costa:




Fig 55: FRAGMENTOS DA VISTA DO TAÚME NA CARTA ESFÉRICA DE VICENTE TOFIÑO E NO GRAVADO DA C.G.G.
Fonte: Cartoteca dixital do I.C.C. (Instituto Carto gráfico de Cataluña) e C.G.G. de 1845.

¹³⁰ A teoría de Redes Xeodésicas inclúe o estudo das triangulacións, o cálculo de redes xeodésicas e o cálculo de coordenadas coa análise estatística dos resultados.

¹³¹ Aumentar a precisión das medidas realizando un proceso de repetición das visuais. Os métodos de observación son: a regra de Bessel, o método de repetición e o método de reiteración.

¹³² Domingo Fontán consideraba que “adiantase máis nun taller que nunca cátedra, e nunha viaxe apréndese máis cun libro” (traducción da sesión parlamentaria do 21/06/1838).

“(…) Nota la latitud excede en 18” a la que se puso en las Cartas Esféricas de Tofiño” (Notas de cálculo, páxina web *fdf*).
(Facendo referencia á localización do Monte Taúme)

e do “*Mapa do Reino de Galicia dividido en sete provincias*” que o empregou como apoio visual na procura das entidades de Galicia:

“*Nivelación de varios puntos de Galicia por observaciones del Barómetro siendo la villa de Noya el a que se refireren las correspondientes. Se clasifican del mejor modo posible para que estas posiciones puedan buscarse en el Mapa de Lopez (...)*” (Notas sobre Nivelación, páxina web *fdf*).

Para esta tarefa, Domingo Fontán contou coas colaboracións de Domingo Lareo, Manuel Rufo Fernández, Xosé Valladares, Alejo Andrade Yáñez e incluso do seu irmán Andrés Fontán Rodríguez, quen residía en Noia. Pero algo fundamental, ademais da axuda, foi a disposición de medios materiais e a instrumentalización para acadar a precisión que buscaba.

A documentación manuscrita revisada¹³³ data entre os anos 1816, ano que se toma como punto de partida, e 1849, catro anos máis tarde do gravado da C.G.G. continuaba realizando observacións astronómicas en Noia.

Domingo Fontán seguiu unhas *directrices de traballo* para realizar a triangulación de Galicia que se poden simplificar na **elección das estacións xeodésicas** para o cálculo dos seus ángulos e a **medición dunha base** que xunto ca **determinación das coordenadas dun punto astronómico** fundamental lle foron necesarios para o cálculo dos restantes lados dos triángulos mediante **cálculos trigonométricos** e a determinación de coordenadas xeográficas dos vértices. Así mesmo en cada punto calculou a súa elevación e orientación. Como ultimo paso foille imprescindible **referenciar os puntos** para a súa posterior proxección. Domingo Fontán dividiu o traballo en dous tempos: un primeiro entre os anos 1817 e 1823 onde acadou a debuxar as provincias actuais de A Coruña e Pontevedra e, un segundo entre os anos 1828 e 1834 para as provincias actuais de Ourense e Lugo. En 1824 xa tiña concluído o “plano de la comarca de Valdeorras” (Vallejo, 1825). Fontán iniciou o seu traballo ca *observación directa* sobre o terreo, recoñecendo e analizando as entidades de poboación e as unidades xeomorfolóxicas. Do seu recoñecemento tomou apuntes e esbozos¹³⁴ dos elementos identificados xa que serían os cartografados na Carta. O cartógrafo soubo o que tiña que recoñecer: a hidrografía, o relevo, as entidades de poboación e incluso os límites administrativos¹³⁵. Pero o primeiro era establecer os *posibles puntos a converterse en estación xeodésica*. Para iso, andou a pé, a cabalo as veces e, outras en dilixencia e mesmo en barco¹³⁶ (*ver anexo Figuras: figura 56*) levando consigo instrumental concreto, como a pracheta, o

¹³³ Tanto a documentación manuscrita que se pode ver na páxina web da Fundación Domingo Fontán como tamén outra documentación cedida pola fundación. Na páxina web non aparecen os cadernos de campo ó completo. Esta documentación fai referencia a observacións astronómicas, a observacións barométricas e termométricas, as estacións xeodésicas, a posicións astronómicas e xeográficas.

¹³⁴ Punto 1 do apartado “2.3 O labor cartográfico de Domingo Fontán e as súas repercusións”.

¹³⁵ “Percorrín máis de dez mil vilas, pasei boa parte da miña vida estudando as súas necesidades en Galicia, en Asturias, en León e Zamora; vivín e tratei cos seushabitantes” (traducción da sesión parlamentaria do 03/06/1838).

¹³⁶ Na figura 40 aparece un dos esbozos referidos o punto 1 do apartado 2.3.

sextante de peto¹³⁷, o teodolito¹³⁸ e un barómetro necesarios para esta fase, transportándoos en cabalerías, carretas do país ou a través do seu persoal (López Medina, 1945). En novembro de 1816, Domingo Fontán comeza realizando *traballos preliminares* a modo de exercicio. En concreto, o 13 de novembro converteu o pombal do Pazo de Sobrecarreira de Antonio Loriga en estación xeodésica, e grafitou este punto nunha prancheta¹³⁹ trazando as liñas e direccións dos diferentes puntos do terreo.

Durante os anos de traballo, Domingo Fontán elaborou centenaes de papeis de pranchetas. Estas poden ser de dous tipos: cadradas e circulares. A **prancheta circular foi o instrumental mellorado por Fontán**. Foi construído en Santiago de Compostela¹⁴⁰ no ano 1820 por Xosé y Domingo Lares. Este tipo de prancheta foi descrita polo cartógrafo:

“consta este instrumento dun trípode en forma de bastón e de unha caixiña circular de madeira de dez polgadas de diámetro e dous de espesor. O trípode é de unha construción igual á dos bastóns dos que nos servimos para sentarnos: está armado inferiormente de tres puntas para fixalo sobre o terreo, e superiormente de tres parafusos nos cales asegúrase a mesa que ha de servir para trazalas visuais. Uns e outros quedan definidos por medio da empuñadura e do regaton. A caixiña contén a aliada co seu nivel de aire, o declinatorio e un rayador que tamén serve de lapiseiro: divídese en dúas partes; e ademais de resgardar os aparatos, esta destinada a unha delas ó uso principal do instrumento; componse de dúas pezas que se suxeitan por medio dun parafuso; unha é de forma circular, ten tres cavidades e colócase sobre os parafusos do trípode; a outra presenta unha superficie circular moi plana para que se estenda sobre ela o papel, asegurándose e manténdoa sen engurras por medio de un anel de latón. No seu centro hai unha peza do mesmo metal con un burato cilíndrico onde entra o eixe da aliada. Antes de operar con esta, trázase un círculo por medio dunha punta fina a fin de que poidan transportar os ángulos escribindo outro de igual radio no borrador do plano. Armada a prancheta nivélase en todas as direccións por medio dos parafusos, elévanse as pinulas nunha posición triangular suxeitando os seus extremos por medio dun pasador, enfilanse cales queira obxectos en todo o xiro do horizonte, trázanse e numéranse as visuais e escríbense os nomes, ou ben sobre elas mesmas o nun caderno separado, e por último oriéntase a estación co auxilio do declinatorio. Cando se queira nivelar un terreo debe terse presente que a visual correspondente á intersección dos fios é paralela ó eixe do nivel. Si por algún obstáculo non se puidera enfilear algúns obxectos sen que se varía o centro de estación, múdase a prancheta e fixando a aliada sobre a visual do obxecto, dáse un movemento ó plano do instrumento afrouxando o parafuso

¹³⁷ O sextante permite medir ángulos entre dous obxectos, xeralmente co sol ou co horizonte. Pódese determinar a latitude coñecendo a elevación do sol e a hora do día.

¹³⁸ O teodolito utilizado por Domingo Fontán foi o círculo de Lenoir, que lle permitiu medicións con exactitude de un segundo e conseguíase tomar varias medidas sucesivas axuntando o anteollo, dividindo o erro da medición entre o número de medidas tomadas.

¹³⁹ A prancheta foi o instrumento empregado para o levantamento topográfico ate mediados do século XIX. Constaba dun taboleiro montado horizontalmente sobre un trípode e na súa superficie era onde se debuxaban as visuais, elaborando así o plano do levantamento directamente do campo.

¹⁴⁰ Vallejo afirma que foi construída no ano 1820 pero existen pranchetas circulares de anos anteriores.

da peza inferior ata cubrir exactamente dito obxecto, fíxase o plano e conclúese a estación trazando as demais visuais. O mesmo poderá facerse cando se haxa suspendido unha estación ou no case que se houbese levantado a prancheta sen concluír a súa medida dos ángulos. Servía o mesmo artificio para repetir ou multiplicar un ángulo. Debe evitarse o erro de excentricidade insensible ou de pouca consecuencia en moitos casos.”
(Vallejo, 1825)

Si se ten en conta o seu índice xeral de pranchetas¹⁴¹, disporíase polo menos dunhas 211 *pranchetas*. Tendo en conta que hai casos onde se realizaron varias pranchetas nun mesmo punto, como foi o caso do Monte Pedroso e do Monte do Viso. Os puntos onde realizou as visuais Domingo Fontán enuméranse na *táboa N^o1* indicando os nomes dos puntos sinalados (ver anexo *Táboas: táboa N^o1*).

Para a determinación das estacións xeodésicas, a visibilidade e a accesibilidade eran as condicións previas á hora da súa elección porque se indicaban con *sinais*¹⁴² e debido á orografía de Galicia, non lle foi tarefa fácil. Era necesario divisar as sinais colocadas en cada vértice para realizar as operacións pertinentes nas *medicións dos ángulos*. Existe unha serie de cadernos sobre as estacións xeodésicas seleccionadas, diferenciando as estacións da parte occidental e as estacións da parte oriental¹⁴³. Sobre ás estacións da parte occidental, existe un índice cun total de 61 estacións, que se enumeran na *táboa N^o2* co nome das estacións escollidas por Domingo Fontán no caderno N^o12 (ver anexo *Táboas: táboa N^o2*). Estas estacións foron os vértices dos triángulos xeodésicos que forman a rede, no que cada triángulo formaba un polígono con tres vértices e que estaban *conectados entre si*. No transcurso do ano 1821, Domingo Fontán realizou as medicións dos ángulos dos vértices da parte occidental e, repetiu esta operación no 1830. Para as estacións da parte oriental, realizou as medicións de ángulos entre os anos 1832 e 1833 establecendo comparativas. Para este cálculo empregou o teodolito e o sextante, indicando o uso de cada un deles en cada estación, e anotando os ángulos reducidos en minutos e segundos. A modo de exemplo, o 12 de xullo de 1821 na antiga estación do Taúme cun teodolito de Troughton e sinal posta na serra do Barbanza calculou os ángulos resultantes das sinais do Pindo, a Curota, Lobeira, monte Louro, o Tremuzo, a igrexa de Corrubedo, o peñón de Noro, Cabo Fisterra, entre outros. As estacións determinounas en todas as direccións para que os triángulos cubriran todo o territorio a cartografar. Segundo o tamaño dos lados dos triángulos, que foron as verdadeiras distancias entre os lugares, as estacións clasifícanse como estacións de primeira orde, de segunda orde e de terceira orde. Para a triangulación de primeira orde seleccionou os puntos máis altos de Galicia e para as estacións de segunda e terceira orde os campanarios das igrexas. A triangulación de primeira orde é fundamental xa que foi a que lle dou exactitude ó cartografado da Carta e sobre ela apoiou as estacións de segundo. O territorio galego quedou determinado por cinco triángulos: dous triángulos de primeira orde bastaron para fixala posición do Pico da Torrentera e o Porto de Cenfogos e a do Capeloso ó Sur da de Pedrafita, e outros tres conducen ó Oeste ós cumios do Pindo e Cabo Tosto. O único esbozo que neste momento está localizado para esta triangulación de primeira orde é o *mapa da triangulación fundamental de escala 1:800.000* que aparece impreso na folla número 3 do gravado da C.G.G. de 12 follas de 1845. No mapa

¹⁴¹ Documento manuscrito titulado “índice general de pranchetas hechas en los puntos señalados”.

¹⁴² Sinais ou puntos de mira, artificiais ou non, para que o cálculo da medida dos ángulos fora o máis exacto posible.

¹⁴³ No apartado de “estaciones” da páxina web da Fundación aparece un “cuaderno n^o 12” onde se enumeran as estacións da parte occidental e, un “caderno n^o 13” onde se enumeran as da parte oriental.

da triangulación localízanse 54 estacións (ver anexo Táboas: táboa N°3) e no gravado da Carta un total de 513 estacións (ver anexo Táboas: táboa N°4), das cales un 9% delas localízanse fora dos límites galegos, a pesares de que nos documentos Domingo Fontán afirma que identificou algo máis de 1.000 estacións. Atendendo o mapa da triangulación fundamental, mediu 72 triángulos. A mellor opción era a creación de triángulos equiláteros, pero a orografía galega non llo permitiu en moitos casos. Os triángulos de maior extensión atópanse na provincia de Ourense, que a triangulou con 6 triángulos, con vértice común en Cabeza de Meda, con lados que superan os 80 km. Os triángulos na costa de Norte a Sur son os de menor tamaño, non se superan os 50 km.




Figura 57: VISUAL DOS TRIÁNGULOS NO MAPA DA TRIANGULACIÓN FUNDAMENTAL
 Fonte: C.G.G. de 1845 e elaboración propia.

Como paso a seguir e a través do cálculo directo no terreo foi a medición da lonxitude en medidas lineais dun dos lados dun triángulo, chamado *base*. Esta medición foi necesaria para o posterior cómputo trigonométrico de todos os lados dos triángulos da rede xeodésica. A medición da base, en varas castelás¹⁴⁴, tivo que ser o máis exacta posible debido a que permitía fixar a escala do mapa. Unha base necesitaba emprazarse nunha zona chaira de grande extensión¹⁴⁵ e esta característica cumpriuse en dous emprazamentos, por un lado, na estrada que comunica os lugares de Formarís e Boisaca, con algo máis de 2 quilómetros de distancia (2.744 varas ou 2.291 metros) entre os seus extremos Norte e Sur co nome de a “base de Formarís” e, por outro lado, na “legua número 17 de la carretera de Castilla” na parroquia de O Corgo con case 5 quilómetros de distancia (5.975 varas ou 4.989 metros) a “base do Corgo”. A medición das dúas bases en diferentes sitios da rede xeodésica permitiulle verificar o tamaño de cada lado do triángulo. Tivo a idea de calcular unha terceira base na Limia pero non chegou a materializarse por motivos de tempo. Realizou ós traballos de medición no mes de xuño de 1820 para a base de Formarís e no mes de setembro de 1828 para

¹⁴⁴ A vara foi unha unidade de medida antiga española. Domingo Fontán empregou a vara castelá que foi a de difusión máis universal e a súa equivalencia é de 0,8359 metros.

¹⁴⁵ Nas ordenanzas británicas as estradas eran os puntos principais para medir a base.

a base do Corgo. O instrumental necesario para o cálculo da lonxitude das bases foron catro perchas¹⁴⁶ de catro metros cada unha, como patrón de medida prefixado. Para o seu cálculo, coa colocación horizontal e continua das perchas amando valores parciais sumándoos despois. Para a comprobación das bases calculadas, Fontán estableceu o cálculo dos triángulos entre Santiago e Lugo¹⁴⁷. A primeira base en calcular foi a de Formaris pob que o cálculo da triangulación comezou na parte occidental. Estes triángulos foron formados polos vértices representados na seguinte figura:




Figura 58: VISUALIZACIÓN DOS PRIMEIROS TRIÁNGULOS NA PARTE OCCIDENTAL DE GALICIA PARA O SEU CÁLCULO.

Fonte: F.O.G.G.A., C.G.G, ArcView e elaboración pro pia.

- | | |
|-------------------------------------|-----------------------------------|
| 1. Norte base- Sur base- San Marcos | 6. Viso- Curuxeira- Pico Sacro |
| 2. Sur da base- San Marcos- Viso | 7. Pedroso- Curuxeira- Pena Maior |
| 3. Viso- Sur base- Pedroso | 8. Pico Sacro- Pedroso- Curuxeira |
| 4. Viso- Pedroso- Curuxeira | 9. Pico Sacro- Curuxeira- Pedroso |
| 5. Sur base- Pedroso- Curuxeira | |

Tras oito anos e trala súa medición, D. Fontán elaborou o cálculo dunha triangulación a partires da base do Corgo pero tamén realizouno para a súa comprobación unha triangulación occidental a partir de esta mesma base. Para este último caso indícanse as operacións dalgúns dos triángulos realizados por D. Fontán con vértices en:

- | | |
|--------------------------------|--------------------------------|
| 1. Farelo- Mota- S. Sebastián | 4. S. Sebastián- Pedroso- Viso |
| 2. Mota- S. Sebastián- Pedroso | 5. Farelo- Cova da Serpe- Mota |

¹⁴⁶ Perchas de “pinabete” seco e vernizado construídas baixo dirección de Domingo Lareo, un dos axudantes na C.G.G.. Un dos inconvenientes das perchas era a súa alteración do material e polo tanto a súa continua comprobación cunha copia. Rodríguez enviara desde París un metro legal de cobre, construído e comparado por Fortín na década de 1810 (Vila Jato, 1996). As “catro perchas” converteuse na opción máis popular entre os cartógrafos ingleses e, en Francia, desde finais do século XVII, empregábanse as perchas de vidro e madeira (Andrews, 2009).

¹⁴⁷ Hai un documento sobre o “calculo de los triángulos de Santiago y Lugo” pero non se pode precisar aqueles triángulos entre as dúas bases debido a que só aparece unha soa páxina referida este cálculo na páxina web da Fundación Fontán.

3. Xesteiras- S. Sebastián- Pedroso

6. Farelo- S. Sebastián- Viso

Tamén elaborou outra triangulación para a Galicia occidental co cálculo dos triángulos entre os vértices entre:

1. Farelo- Martina- S. Sebastián

4. Costenla- Giabre- Pico Sagro

2. Farelo- S. Sebastián- Costenla

5. Costenla- S. Sebastián- Gesteira

3. S. Sebastián- Costenla- Giabre

6. Gesteira- S. Sebastián- Pico Sagro

Pero no terreo atopouse con desniveis e coa necesidade de corrixir o ángulo de inclinación e posteriormente reducir as bases ó nivel do mar de Noia mediante barómetros de Fortín¹⁴⁸:

“(…) 3,9 a las observaciones de Noya hechas con el barómetro para tener las alturas sobre el mar (...)” (“Observaciones barométricas de Noia para obtener as alturas sobre o nivel do mar”, *fdf*).

Para este cálculos tivo en conta o día e hora, a altura en polgadas e os resultados co barómetro e termómetro xa que as lecturas barométricas afectábanse coa temperatura ambiente. Ademais das bases, calculou a altura en metros sobre o nivel do mar de Noia nos puntos de Montouto, Sigüeiro, Arzúa, Labacolla, ata un total de 86 puntos¹⁴⁹.

Para poder calcular e definir a latitude e lonxitude de todos os vértices era necesario, ademais dos vértices e a base, un *punto astronómico fundamental*. Domingo Fontán determinou a latitude, lonxitude e acimut mediante observacións astronómicas da *torre da Berenguela*. Este cálculo efectuouno mediante a observación dos satélites de Xúpiter e as estrelas circumpolares cun telescopio de “*9½ pies españoles de distancia focal*”. Así mesmo, era necesario determinar a orientación dos puntos mediante o cálculo do acimut e a súa elevación atendendo o nivel do mar de Noia. Hai referencias de cálculos de distancias acimutais nas proximidades de Santiago, como no monte Pedroso, na Berenguela, no monte Cacheiras, no cerro de Montouto, no monte Xesteiras, entre outros puntos durante o mes de maio de 1820 polo que se deduce que o comezo dos traballos astronómicos comezaron con anterioridade. O paso das estrelas circumpolares, e en concreto a polar, para o cálculo da latitude e as ocultacións de los satélites de Xúpiter para o cálculo da lonxitude:

“(…) Halle la latitud a la torre del Reloj de la Catedral por mas de 144 observaciones De la Polar, por otras 200 a Orion por alturas meridianas del Sol (...)” (*fdf*).

¹⁴⁸ Axudado polo seu irmá Andrés Fontán.

¹⁴⁹ Nun dos cadernos manuscritos aparecen citados o cálculo de 86 puntos pero si se compara coa C.G.G. de 1845, Fontán indicou máis altitudes das indicadas. Os puntos calculados cos topónimos identificados por Fontán son: Montouto, Abelleira, Nª Sª de la Portela, Coto da Cerca, Barcia de Mera, Fontefría, Chandemeira, Arbo, San Pedro, San Mamede, Pontareas, Galleiro, Porriño, Tuy, Galiñeiro Norte, Galiñeiro Sur, Castrobe, capela de Santa Comba, Farelo, taberna de Codeso, Montes Codeso, Monte Pedroso, Mesón do Vento, M. de San Bartolomé, Boimorto, Sobrado, Las pías, Retorta, Puente de Lugo, Lugo, taberna de Castro das Seijas, Puente Ferreira, Casa Camino, campanario de Mellad, Atrio del Carmen Mellid, arzúa, Amenal, Labacolla, Sigüeiro, Puente Ulla, Cuntis, Xesteiras, Pena Guhía, Pico de Bustelo, Pico de la Torre, Serra de Sabucedo, Barqueiro, Vigía de Viñedo, Viveiro, Vigía Herbeira, Coto de Vilariño, Río Sar en Pto. do Porto, Santiso de Abres, alto de Taramundi, Pena Anduriña, alto de Cariacedo, alto de Cadabedo, Zaparral, alto de Ballonga, Hermes, barca da Barcela, alto da Serra Lobos, Puerto de Cienfuegos e Puente Sena. Os 23 restantes puntos non se puideron identificar.

“*Longitud de Santiago por observaciones de 3 inmersiones Del primer satélite de Júpiter (...)*” (fdf).

Estes foron os procedementos máis factibles para Fontán¹⁵⁰. Foi preciso que realizase centos de observacións, das que Fontán anotou, antes de calcular os cálculos precisos. Domingo Fontán empregou o uso dun anteollos de pasos para a determinación da latitude, que se limitaba ó seguimento das estrelas a través dos fíos de dito instrumento; o uso dun teodolito para o cálculo das distancias acimutais e o uso dun péndulo de segundos e o cronómetro para as medidas de tempo. En total realizou 144 observacións á estrela Polar e 200 a Orión e 3 inmersións do satélite de Xúpiter coas que Domingo Fontán definiu a latitude e lonxitude da Torre do reloxio da Catedral no ano 1821:

“*Alturas del Sol en la tarde del 2 de Agosto de 1821 para calcular la longitud de Santiago por la Ocultación del primer satélite de Jupiter en la madrugada (...)*”. (Notas sobre as observacións astronómicas para calcular a lonxitude de Santiago, fdf)

Obtida a posición xeográfica, en 42°52'33" e 4°48'15" de lonxitude occidental de Madrid¹⁵¹, calculou a distancia ó monte Pedroso respecto a Berenguela en 1'26". É a partir do vértice do Pedroso que comezou a calcular as posicións astronómicas, en concreto do vértice do monte Xiabre e do Pico de Meda. Nos cálculos desde este punto obtivo a latitude e lonxitude do vértice do Monte Xiabre, 42°37'47" e 4°7'48" respectivamente, e o acimut do Pedroso vista do Xiabre, 19°18'94". Cos datos xa do vértice do monte Xiabre, proseguíu os cálculos da posición xeográfica do Taúme. No seguimento dos manuscritos vese que realizou os cálculos astronómicos dos vértices xeodésicos de primeiro orde: calculou a posición do Taúme desde o Xiabre, a do vértice do Capeloso desde Pena do Pico, as de Cabeza de Meda e Pico do Farelo desde Portela de Lamas, as de Pico das Pereiras desde Pico do Farelo e, desde o vértice do Pico das Pereiras, as de Coba da Serpe e Lugo, e posteriormente o de Fortandión, co que se calculou Monte Ventoso e Torre de Hércules. No cálculo da posición astronómica de Lugo, aparece unha nota onde calculou a diferenza de lonxitude entre a catedral de Santiago e Lugo, en 59'20". Con todo os triángulos podíanse describir a través de tres elementos: ángulos, distancias e acimuts.

Unha vez que obtivo os datos referidos ós ángulos dos vértices, a lonxitude da base e o punto fundamental, non precisou dun traballo se campo senón dun *traballo de gabinete realizado mediante cálculos trigonométricos*. Outro paso que realizou Fontán foi reducir os ángulos esféricos das estacións a ángulos rectilíneos xa que as liñas xeodésicas dos triángulos son curvas. A *reducción dos ángulos esféricos a rectilíneos* realizouse na triangulación de primeira orde xa que son os triángulos unidos á meridiana. Domingo Fontán levou a cabo as fórmulas de trigonometría esférica do matemático Jean Baptiste Delambre, necesitando coñecer o exceso esférico para poder restarlló ós ángulos esféricos¹⁵². Antes de pasar os datos ó papel, Domingo Fontán necesitou determinar a *escala* en que realizar o mapa e logo a *proxección cartográfica* que máis lle conviña para determina a posición na superficie

¹⁵⁰ Júpiter tiña catro lúas máis brillantes das que dúas eclipsaban cada dúas semanas. A finais do século XIII, esto movementos foron publicados por Cassini e Picard converténdose nun dispositivo para a determinación da lonxitude.

¹⁵¹ Nas notas manuscritas, os datos calculounos a partir do Observatorio de Madrid, pero logo rectificounos ó Observatorio de San Fernando.

¹⁵² Xosé Rodríguez indicaba na súa memoria que, segundo o teorema de Pelambre, restase de cada ángulo horizontal o tercio do exceso esférico total e que a suma dos tres ángulos restantes debía compoñer os rectos.

terrestre. Por un lado, Fontán introduce o sistema métrico decimal e emprega a escala numérica mediante fracción do $1:100.000$ e, por outro lado, escolleu a *proxección de Bonne*:

“Determinación del Radio de una Esfera cuya Superficie se aproxima a coincidir con la de Galicia en el supuesto de ser el aplanamiento de la tierra=0,00324= α . Este radio es media proporcional entre los de máxima y mínima curvatura correspondientes al paralelo 42°47'30”.” (Cálculos realizados para a determinación do rado dunha esfera, *fdf*)

A característica principal é a equivalencia de superficies (Peters, 1992) e obtense tomando un cono circunscrito ó longo dun paralelo que se desenvolve e deste utilízase un paralelo de contacto e un meridiano. Fontán escolleu como paralelo central o 42°47'30”¹⁵³ e o meridiano 0 o de San Fernando (a -6°12'00” do actual Meridiano de Greenwich (Jiménez Pelayo, 2001)). O centro da proxección está na intersección do meridiano de San Fernando e o paralelo central polo que a escala conservase nos paralelos. No que respecta os demais paralelos, represéntanse como circunferencias concéntricas coa primeira e as súas distancias sucesivas sitúanse a escala sobre o meridiano. Para a creación da rede de paralelos e meridianos da Carta, Fontán necesitou definir o radio da esfera terrestre local que era a media proporcional entre os radios de máxima e mínima curvatura ó paralelo 42°47'30”. Partiu de dous datos: o radio ecuatorial e radio polar¹⁵⁴, obtendo como coeficiente de aplanamento da Terra $\alpha=0,00324$. Como pasos a seguir, mediante a exposición dos cálculos matemáticos, determinou o radio de construción para a proxección e elaborou unha táboa das coordenadas para os paralelos 41°47'30”, 41°50'00”, 41°55'00”, 42°00'00”, 42°05'00”, 42°10'00” ate ó paralelo 43°50'00”, con diferenzas ó radio central con amplitudes cada 5’.

Rematadas as operacións xeodésicas, Domingo Fontán contratou persoal para que pasaran ó papel todos os resultados dos cálculos e chegar ao termo da C.G.G..

¹⁵³ A Fundación Domingo Fontán cedeume as notas manuscritas realizadas por Domingo Fontán sobre a proxección.

¹⁵⁴ Radio ecuatorial= $a=6,8045839646$ e radio polar= $b=6,8031745662$.





III. A "CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA" E A ACTUALIZACIÓN DO MAMUSCRITO NUN GRAVADO

3.1. As determinacións de Fontán para o levantamento da C.G.G.. Os cambios feitos antes de gravar o mapa

3.2. Domingo Fontán, un “colaborador” de Javier de Burgos. A súa participación na demarcación territorial de Galicia

3.3. O inventario toponímico da C.G.G.. A ampliación toponímica na C.G.G. de 1845

3.4. 3.4. As parroquias galegas da CGG: particularidades e diferenzas entre 1834 e 1845

3.5. Unha panorámica de parroquias de 1834 no século XXI

3.5.1. Avaliación da posición das parroquias da C.G.G. respecto ás actuais

3.6. A vixencia da "Carta Geométrica de Galicia”.

III. A “CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA” E A ACTUALIZACIÓN DO MANUSCRITO NUN GRAVADO.

O manuscrito da “Carta Geométrica de Galicia” de 1834 está dividido en 8 follas con orla marítima de cor verde e amarelo e o relevo de sombreado marrón cas cumes brancas. O gravado da “Carta Geométrica de Galicia” dividido en 12 follas gravado mediante litografía en negro con relevo en trazos normais. Pero ambos mapas diferéncianse máis aínda nos seus contidos xeográficos a pesares de representar o mesmo ámbito territorial. No intervalo de 11 anos entre a presentación en público do manuscrito e o gravado da Carta, Fontán procedeu a numerosas modificacións nos contidos do manuscrito. As rectificacións fan alusións aos nomes xeográficos, á xerarquía das entidades de poboacións, nos límites administrativos, nas estacións xeodésicas e as súas altitudes e nas estradas. Unhas correccións para a modificación do manuscrito enviadas no ano 1844 ó gravador das pedras litográficas L. Bouffard na litografía parisiense de Lemercier. Os cambios introducidos por Fontán na C.G.G. convertérona no seu tempo no soporte cartográfico dos posteriores proxectos de creación das estradas porque identificou as pontes que incidían no seu trazado.

3.1. AS DETERMINACIÓNS DE FONTÁN PARA O LEVANTAMENTO DA C.G.G.. OS CAMBIOS FEITOS ANTES DE GRAVAR O MAPA.

Domingo Fontán tomou unha serie de determinacións para poder levar a cabo a súa obra adiante e a través delas podemos describir como elementos fundamentais da C.G.G.. A continuación, descríbense estas características que se dividiron en tres apartados¹⁵⁵:

- A. as *determinacións científicas*: aquelas que supoñen a elección daqueles elementos técnicos e matemáticos que proporcionan o paso da representación da superficie esférica a un plano. Estes elementos técnicos e matemáticos son a proxección, as coordenadas e cuadrícula, o meridiano de orixe e a escala do mapa.
- B. as *determinacións cartográficas-artísticas*: aquelas que proporcionan una información complementaria á Carta, como é a lenda, as follas enumeración do mapa e a cartela.
- C. as *determinacións xeográficas*: aqueles elementos xeográficos cartografados no mapa como as entidades de poboación, o relevo, a hidrografía e as comunicacións.

Pero á hora gravar a C.G.G. en 1845, Domingo Fontán realizou unha serie de *modificacións* con respecto ás determinacións que clasifiquei como cartográficas-artísticas e xeográficas. Estas modificacións non supuxeron un cambio fundamental no mapa xa que mantivo as decisións científicas.

- A. **As determinacións científicas** tomadas por Fontán: considérase que o cartógrafo resolveu con catro elementos técnicos e matemáticos o exercicio da representación nun plano do territorio galego. Nalgúns dos casos, estes elementos aparecen directamente no mapa, como é o caso das coordenadas como sistema de referencia do

¹⁵⁵ Na organización dos apartados apoieime a obra de Jesús Jiménez Pelayo e Jesús Monteagudo López-Menchero “La documentación cartográfica. Tratamiento, gestión y uso” (2001).

mapa, o meridiano de orixe empregado e as escalas gráficas e numérica, e no outro dos casos de forma indirecta, o sistema de proxección optado.

- *A proxección.* O tipo de sistema de proxección cartográfica que empregou Fontán para orientar o seu mapa foi a proxección Bonne. Os cartógrafos aplicaban a proxección Mercator por ser a principal achega técnica da punteira escola holandesa coa Revolución Industrial. Fontán non adoptou este modelo e escolleu o enfoque de superficies equivalentes proposto en 1772 por Lambert. Ca súa elección, Fontán deu a coñecer a verdadeira forma de Galicia. A vantaxe da proxección Bonne é que mantén a *proporción das superficies*, premisa fundamental de todo mapa. Esta característica de superficie implica tamén a *fidelidade da escala* no mapa, é dicir, que expresa numericamente a proporción precisa entre mapa e Terra (Peters, 1992). Como propiedades: na forma non existe distorsión algunha no meridiano central e paralelo estándar optados; a dirección é real ó longo deste paralelo e meridiano o igual que a distancia en todos os paralelos. Estas dúas características de superficie e escala teñen como requisito a obxectividade do mapa. Cabe destacar que o aspecto que presenta a cuadrícula de paralelos e meridianos do mapa permite identificar este tipo de proxección.




Figura 59: CUADRÍCULA DA C.G.G. EN PROXECCIÓN BONNE.
Fonte: Elaboración propia.

Durante todo o século XVIII foi o tipo de proxección escollido para o mapa topográfico de Francia escala 1:80.000 realizado por Cassini e os mapas topográficos de países de pouca extensión como Holanda, Suíza e Bélxica. Anos máis tarde da publicación da C.G.G., esta proxección foi reemplazada pola proxección cónica de Lambert, elixida para a elaboración do Mapa Itinerario Militar polo Depósito de Guerra en 1865 por declararse regulamentaria para a cartografía militar.

- *As coordenadas e a cuadrícula.* As coordenadas na Carta represéntanse numérica e graficamente. De forma numérica, aparecen nas esquinas da Carta en unidades sesaxesimais; de forma gráfica, mediante unha rede de paralelos e meridianos con divisións de 10 en 10 metros. O mapa comprende desde os 0° 31' ata os 3° 06' Oeste da Lonxitude Occidental do Meridiano de S. Fernando (Cádiz) e desde os 43° 50' ata os 41° 50' de Latitude Norte. A latitude e lonxitude que comprende cada unha das follas do mapa aparece na *táboa N° 5* (ver anexo Táboas: táboa N°5).

- *O meridiano de orixe.* O meridiano de orixe que se tomou como referencia na C.G.G. foi o meridiano de San Fernando. Aparece sinalado na parte inferior das follas sete e oito do mapa, xa que queda fora dos límites do mapa. Ó contrario do Ecuador e dos Polos, o meridiano 0 non é un lugar predeterminado e este situarase no lugar máis idóneo. Ata finais do século XVIII, en España

utilizáronse ata catro meridianos 0: Cádiz, Tenerife, Cartaxena e París. Desde o ano 1798, San Fernando rexe o sistema horario internacional, e para as observación realizadas por Fontán era necesario saber a hora local. Pero foi en 1850 e mediante unha Real Orde cando se estableceu como meridiano de orixe. Os dous parámetros fundamentais son o paralelo central= $42^{\circ}47'30''$ e o meridiano 0=San Fernando.

- *As escalas.* Na Carta aparecen tres escalas: dúas escalas gráficas xerais e unha escala numérica. Estas escalas aparecen na parte inferior esquerda da folla número 7, pero tamén aparecen de forma repetida na parte inferior dereita da folla número 8 da C.G.G. de 1834. O frecuente é que nos mapas aparecieran máis de unha escala, incluso se fai referencia ás divisións de grado. Nas unidades de medida había unha gran diversidade.

1. "*leguas de 20.000 pies divididas en décimos*": ou leguas legais. É a primeira escala gráfica, que se representa mediante unha tripla liña con cinco divisións e a súa vez unha delas en dez divisións. As divisións representan 560 mm. no mapa.

2. "*quinze millas de sesenta en grado*": millas marítimas dun minuto de latitude como a segunda escala gráfica, que se representa con dúas liñas sinxelas con quince divisións. As divisións representan 190 mm. no mapa.

3. Cómpre destacar a importancia do uso da escala numérica mediante fracción empregando a escala do 1:100.000 na Carta que procede das divisións do arco de un grado de meridiano. Fontán introduce o sistema métrico por primeira vez na cartografía española. En Inglaterra xa se empregaba esta escala porque se consideraba que era unha escala o suficientemente grande para dar cabida a todos os elementos xeográficos e non só a límites administrativos (Andrews, 2009). É na Lei do 19/07/1849 de unificación de pesas e medidas onde se adopta o metro como unidade de medida, aínda que a súa implantación definitiva en España non é ate o 1892. Fontán adiantouse un par de décadas no seu uso, pero na data en que se realiza a Carta era a escala empregada en Europa.

B. Nas determinacións cartográficas-artísticas: A carta dispón de información explícita adicional para entendela, como a lenda e as follas e a súa numeración, ademais da dimensión artística con técnicas de representación, como son a cartela e o contorno na marxe da carta.

- *A lenda.* Na folla número 7 aparece un listado dos símbolos e abreviaturas que permiten interpretar o mapa. A "*explicación de los signos y abreviaturas*", como a define Fontán, componse de 29 símbolos e seis abreviaturas que representan diversos aspectos xeográficos. A lenda permite identificar no mapa núcleos de poboación, actividades económicas, límites administrativos e accidentes xeográficos, constituíndo un anticipo dos usos dos mapas actuais. O grupo de signos comeza polos que indican núcleos de poboación mediante círculos de tamaño decrecente segundo sinalan as categorías administrativas. Os tres primeiros indican cidade, o cuarto e quinto a vila e sexto e sétimo a parroquia rural. Con unha disposición triangular apúntase outra categoría de núcleo, a de lugar, que aparece varias posicións máis abaixo da lenda con respecto a estas categorías. Esta simboloxía é ampliada por outra que informa de edificios illados como monasterios, colexiats, capelas, feiras, ventas, muíños, ferrerías e fundicións e, noutro posto, as fortalezas. Para as

comunicacións, distínguense dous tipos de camiños mediante liñas simples continuas: “*carretera*” ou camiño carreteiro e “*vereda*” ou camiño de ferradura ou senda. Non aparece outra clasificación porque na época aínda non se establecera. Non hai referencia de signo para a rede fluvial na lenda a pesar de ser moi densa no mapa pode xerarquizarse mediante signos de liña continua de diferente grosor. Ás pontes existentes e a súa clase sobre a rede fluvial e, en caso de non existir indícase mediante signo si hai barca. No referente ós límites administrativos, aparecen representados os límites provinciais por ser a circunscrición civil básica. Sobreponse color á eguada sobre os símbolos dos límites provinciais, en verde, e os do “reino” en tonalidade vermella. Os símbolos da lenda considéranse que foron alternativa deseñada polo autor do mapa. Chégase a esta afirmación tras facer unha *verificación* dos signos convencionais da C.G.G. cos existentes nos formularios de inicios do século XIX¹⁵⁶, a pesar de que nalgún dos casos garde certa similitude. Consta de setenta e cinco símbolos de representación, só coinciden nos símbolos das ponte de pedra e madeira, a ermida, a fortaleza e a feira. Respecto ao símbolo e o seu topónimo, podémonos atopar con varias casuísticas no mapa. Unha delas é que a maioría dos símbolos no mapa teñen o seu nome correspondente, pero hai outros casos nos que o símbolo non o ten ou, polo contrario, existen rexistros toponímicos que non van acompañados de ningún símbolo. A toponimia da Carta está en castelán e ten un determinado *tamaño de fonte* dependendo a súa categoría, incluso aparece en maiúsculas ou minúsculas. Na Carta localízanse outros símbolos illados que non se atopan na lenda. Un caso aparece aparece na folla número 1 e un segundo caso aparece na folla número 7:




Figura 60: SÍMBOLOS ILLADOS NA C.G.G. EXISTENTES NO MANUSCRITO.
Fonte: Facsímile da C.G.G de 1834 (B.N.L.).

- *As follas e a numeración.* A Carta está dividida en 8 follas, dúas en sentido da lonxitude e catro en sentido da latitude. No seu conxunto, forma unha caixa que mide 218,3 por 239,4 cm. Cada una das follas do mapa teñen un determinado tamaño e que se diferencia entre elas (*ver anexo Figuras: figura 61; ver anexo Táboas: táboa N°6*).
- *A cartela e o contorno do mapa.* A cartela como o único elemento ornamental do mapa. Usouse diferentes tipos de escritura e tamaños de fonte segundo o texto de cada liña. Aparece na folla número un da C.G.G. de 1834 na

¹⁵⁶ Dóus documentos para realizar a comprobación dos signos convencionais: o formulario da Ordenanza do Real Corpo de Enxeñeiros (1803) e o Memorial Topográfico e Militar redactado polo Depósito de Guerra Francés (1803) onde se especifican os signos convencionais para planos topográficos.

parte esquerda, lugar onde non hai ningún territorio cartografado. Esta consta do título da obra, da súa presentación, autor e ano, facendo unha mención ao uso da escala. O título completo que aparece na cartela é: “*Carta Geométrica de Galicia dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra, y subdividida en Partidos judiciales, ó Alcaldías mayores*”. A presentación da Carta á raíña M^a Cristina de Borbón “*Por mano de su secretario de Estado y del Despacho de lo Interior el Excmo. S. D. Jose María Moscoso de Altamira*” no ano 1834. O contorno do mapa é *parco* en ornamentación. Está configurado unha franxa dunha soa liña de 5 milímetros de anchura separada por un espazo en branco do contorno da Carta.

- *A Rotulación.* A escritura da toponimia con tipo de letra romanilla e itálica con diferentes tamaños que non se corresponde co que aparece na lenda.

C. As determinacións xeográficas: o situar no mapa aqueles elementos xeográficos, físicos e humanos, que teñan concretadas unhas coordenadas. O relevo, a hidrografía, os núcleos de poboación, e os sistemas de comunicacións son elementos do Mapa Fontán.

- *O relevo.* A iluminación xoga un papel importante con respecto a representación de relevo e as súas formas. Altitude e profundidade mediante o color a eguada, sen referencia algunha a curvas de nivel. A *costa* realzada con orla marítima de cor verde e amarelo. O relevo sombreado con diferentes tonalidades de marrón con cumes destacadas en cor branco con nulas indicacións altimétricas.

- *A hidrografía.* A rede hidrográfica é un dos principais elementos do mapa e destaca pola súa densidade. Os principais ríos aparecen con dobre liña con sombreado e o seu topónimo en maiúsculas; os seus afluentes transfórmanse nunha soa liña fina e os seus nomes en minúsculas. Todos os ríos teñen o seu rexistro toponímico, incluso na traxectoria do río pode aparecer máis de unha vez. Toda a rede hidrográfica aparece trazada de forma rigorosa, coa sinuosidade dos ríos e encaixada claramente no relevo. Trazáronse os principais ríos de Galicia, tamén os secundarios, pero todos cos seus afluentes. O límite provincial da Coruña e Pontevedra establecido por Fontán segue o curso do río Ulla; e parte do límite provincial de Lugo e Ourense segue parte do curso do río Sil. Ademais dos ríos, aparecen outros elementos xeográficos identificados na carta como lagoas, pozos, fontes ou nacementos, arrosos e ribeiras. Sitúa o nacemento do río Miño na Carta preto de Vila de “*Meira*”, entre as parroquias de “*Pousada*” e “*Fumiñá*”.

- *Os núcleos de poboación.* Os núcleos de poboación son o elemento máis numeroso cartografado no mapa. Na carta localízanse máis de 5.000 núcleos de poboación, entre os que se distinguen as cidades, as vilas, os lugares, (...), todos eles identificables segundo a lenda correspondente, pero este é un apartado que se analiza de forma máis pormenorizada noutro apartado.

- *A rede viaria.* As “*carreteras*” ou camiños de rodas e as “*veredas*” ou camiños de ferradura é a rede de comunicación representada na Carta. As estradas comunican as cidades de 1834 e os camiños de ferradura a case totalidade de vilas en conexión cas feiras e mercados. O que indica o mapas a precariedade do sistema de transporte existente e como se converte un dos elementos en contra do sistema económico.

Fontán decidiu levar a cabo unha serie de **cambios** antes de gravar o seu traballo. En aparencia, o manuscrito de 1834 e o gravado de 1845 da C.G.G. son semellantes pero o autor dispuxo o contrario. Atendendo á clasificación anterior sobre os elementos necesarios para representación do territorio de Galicia no mapa de 1834, Domingo Fontán tomou outras decisións que defiren deles. Non rectificou os elementos técnicos e matemáticos pero precisou a escala cartográfica indicando un novo valor. Modificou na súa totalidade a información adicional para “novo” mapa e os elementos xeográficos cartografados nel. Os cambios diferenciadores entre as cartas son:

1. *A escala en metros.* Aparecen catro escalas representadas na folla N°10 do mapa. A diferenza está na terceira escala gráfica, a escala en metros. Trazada con dobre liña simple dividida en 21 partes que cada unha delas representa no mapa 1.000 metros. Pero a escala 1:100.000 da C.G.G. non é a correspondente senón a unha escala de 1:200.000 (Paladini Cuadrado, 1991).
2. *A lenda.* Non existe homoxeneidade coa lenda do manuscrito. Ata o século XIX os mapas non incluían os signos convencionais como información adicional no mapa e comezaron a aparecer cando se pretendía facer a divulgación da obra. Novos signos e clasificación ampliada para determinadas categorías. Nesta lenda non aparece ningunha abreviatura. Simbología distinta para a identificación de parroquia, lugar, muíño, ferrería, feira e baños e non aparece o signo de fundición. Na C.G.G. de 1845 identifícanse 35 signos convencionais, atendendo á ordenación do mapa anterior. Como novidades: preséntanse as unidades territoriais da nova organización provincial, as provincias, con referencia na súa capital, os partidos e os concellos; na tipoloxía de vías diferenciando estradas (xeral e provincial), vereas e camiños menos frecuentados e introducindo as estradas proxectadas non decididas o que supón a ampliación do trazado que aparece no manuscrito; os signos das liñas dos límites e divisións administrativas coinciden cos deseñados polo dépôt de guerra francés e elimínase a eguada distintiva das liñas divisorias provinciais; novos elementos identificativos son as estacións xeodésicas e as alturas.
3. *O número de follas.* O gravado divídese en 12 follas, tres en sentido da lonxitude e catro en sentido da latitude, cunha dimensión de 215x234 cm.
4. *A cartela e contorno do mapa.* Ornamentación do mapa na cartela e no contorno en greca do mapa. A cartela aparece en castelán con varios tipos e tamaños de letra. No seu conxunto, o título do mapa non varía. Mentres a C.G.G. de 8 follas de 1834 “*subdividida en partidos judiciales ó alcaldías mayores*”, a C.G.G. de 12 follas de 1845 “*subdividida en partidos y ayuntamientos*” aínda que se aclara que ó final do título que “*no se grabó la división de los Partidos y Ayuntamientos en razón de su interinidad*” e aínda que se presentou no 1834, esta foi “*grabada bajo la dirección del autor en 1845*”. E outra diferenza coa Carta de 1834, é que se amplían os cargos do autor: “*Director del Observatorio Astronómico de Madrid, diputado a Cortes, Individuo de la Academia de la Historia y de la Sociedad Geográfica de París, ex profesor de Matemáticas sublimes y de Mecánica Industrial en la ciudad de Santiago*”. O contorno do mapa en greca onde aparecen as coordenadas xeográficas do mapa.
5. *O mapa da triangulación fundamental.* Na parte superior dereita da folla número 3 aparece representado un mapa sobre a triangulación fundamental. O título do mapa é “*Unión de las doce hojas de la Carta Geométrica de Galicia y su triangulación fundamental*” con unha escala de 1:800.000 e dividido en 12 follas

e coas dimensións de 27 x 29 cm. Neste mapa cartografouse un total de 54 estacións ou vértices. Mediante o trazo de liñas continuas debuxáronse os lados dos triángulos que unen as estacións xeodésicas. Tamén se identificaron núcleos de poboación dentro das respectivas provincias, as vías de comunicación e a rede fluvial.

6. *A representación do relevo por “normais”*. Fontán representou a orografía mediante o sistema de normais¹⁵⁷. Este método era empregado polo Depósito de Guerra francés no mapa que realizou do NO peninsular en 1824 e en Inglaterra non se empregou ata o ano 1816 no mapa de Sicilia. A técnica planimétrica por “normais” para representar os cerros, cordais, penedos, picos, serras e vales e non os perfís abatidos sombreados como facían os mapas da época. Emprega un sombreado continuo, simulando as curvas de nivel, que pode ser máis escuro ou máis claro segundo a altitude que pretenda representar. A luz que orixina este sombreado, por un lado é luz cenital para as cumios e, por outro lado é luz oblicua para as ladeiras.
7. *Referencia sobre o nivel do mar*. Fontán calculou a referencia para dispoñer da altura de determinadas entidades de poboación e accidentes xeográficos. Tomou como nivel predeterminado o nivel do mar en Noia. A unidade en que mediu a altura foi en “varas castelás”. A equivalencia dunha vara castelá e de 8,359 metros¹⁵⁸. A referencia a altitude aparece no mapa entre paréntese.
8. *Minuciosidade na representación da liña costeira*: Representa unha liña costeira máis detallada e sinuosa, cartografando novas illas e delimitando areais. Na seguinte figura identificanse 17 illas mediante círculo identificadas no gravado de 1845. A maioría da provincia da Coruña e sen topónimo que as poidan identificar no mapa, salvo as de “Lobeira grande” e “Lobeira pequena”, no concello de Carnota, e a de “S. Antón”, no concello de Muros (ver anexo Táboas: táboa N^o7).




Figura 62: CASOS DE ILLAS IDENTIFICADAS NA CGG DE 1845.

Fonte: C.G.G. de 1834, C.G.G. de 1845 e elaboración propia.

¹⁵⁷ Tamén “hacheres”, son liñas de máxima pendente que representan o recorrido das gotas de choiva discurriendo polo chan. A pendente ven determinada polo grosor do trazado pero isto non permite coñecer a pendente dunha ladeira de aí que Fontán indicara entre paréntese a altitude.

¹⁵⁸ Referencia en “La documentación cartográfica. Tratamiento, getión y uso” de Jiménez Pelayo e López-Menchero (2001).

Os areas identifícanse mediante un punteado delimitados por unha liña continua. Un total de 53 areas (ver anexo Táboas: táboa N°8). que se reparten entre as provincias de A Coruña e Pontevedra e que en ningún dos novos casos identificou con seu nome correspondente e que se poden visualizar a continuación na figura mediante un punto azul.




Figura 63: IDENTIFICACIÓN DOS AREAIS DO GRAVADO DE 1845 INEXISTENTES NO MANUSCRITO DE 1834.
Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, ArcView e elaboración propia.

9. Unha última diferenza aparece na folla número 12 da Carta, na que se indica o lugar onde se gravou mediante litografía¹⁵⁹ a Carta, na imprenta de “*Lemercier*” de París polo gravador L. Bouffard. Fontán envioulle ó gravador un mapa fragmentado en 16 follas para a litografía da C.G.G. (Chantada Acosta, 2005) xa que era a práctica habitual enviar unha copia menos custosa en caso de perda. Pero Fontán contou con graves problemas que existían na cartografía española do XIX, como a falta de gravadores e litógrafos especializados, a lentitude do proceso de gravado e o alto custe, co que había que conceder a valía que supuxo o feito de que conseguira ver os seus resultados estampados na primeira metade do século XIX. O IGN adoptou no último cuarto do século XIX o gravado litográfico como técnica de reprodución para o mapa base de España escala 1:50.000 a mesma técnica empregada na C.G.G..

3.2. DOMINGO FONTÁN, UN “COLABORADOR” DE JAVIER DE BURGOS. A SÚA PARTICIPACIÓN NA DEMARCACIÓN TERRITORIAL DE GALICIA.

Varios foron os intentos para establecer unha división administrativa para Galicia, pero foi no século XIX cando se define a realidade territorial actual e Domingo Fontán tivo moito que ver con este feito. Para organizar o territorio é necesario coñecer de maneira íntegra e que mellor que Domingo Fontán Rodríguez para facelo no século XIX¹⁶⁰. A “Carta Geométrica de Galicia” permítenos coñecer a *estructura administrativa do modelo liberal* da Galicia decimonónica e que se mantén basicamente na actualidade. Domingo Fontán foi un “*experto*” en *límites administrativos* e organización territorial galega (Cores Trasmonte, 2008), condición básica para lograr a **configuración definitiva** da división territorial de Galicia de 1834. O cargo de secretario da Deputación de Galiza, que desempeñou durante tres anos, foi beneficioso para a elaboración da C.G.G. porque mantívoo ao día das diferentes posturas e modificacións existentes no tema así como na participación directa na elaboración de plans territoriais¹⁶¹. Este feito permitiulle estar en contacto directo con persoas tan destacadas en reformas territoriais como Felip Bauzá, Xosé Agustín de Larramendi e Xosé Lamas Pardo¹⁶².

Desde a “división de Floridablanca” de 1785 á “división de Javier de Burgos” de 1833 pasou case *medio século de formulacións* para o establecemento dos límites administrativos en Galicia. Existiron diferentes tentativas para estruturar e normalizar unha división territorial, e independentemente da súa aprobación e duración temporal, a máis representativa do século XVIII foi a “división de Floridablanca”. Posteriormente pasouse pola división de 1801-1805, o modelo departamental de Xosé I, as propostas de 1813 e 1821 de Felip Baizá e Xosé de

¹⁵⁹ A litografía baséase na incompatibilidade da auga e a graxa e na propiedade da pedra calcaria en absorber ambas. O proceso comeza debuxando con lapis graxo sobre unha superficie plana de pedra calcaria; a pedra remollase despois, quedando seco as liñas graxas do debuxo. A continuación, entíntase a superficie cun rolo impregnado en tinta graxa, que é repelida polas zonas molladas, co que a tinta só queda sobre as liñas de debuxo. A impresión realízase prensando a pedra sobre o papel.

¹⁶⁰ Fontán foi “o que trepou serras, o que recorreu os montes de Galicia e gran parte de Asturias e León, o que levou a cabo unha carta xeométrica que comprende máis de mil leguas cadradas e un país monstruoso, mal pode dicirse que non entende de montes”, tradución da sesión parlamentaria do 10/09/1837.

¹⁶¹ Unha das funcións das Deputacións Provinciais era o referente á división do territorio. A normativa constitucional estableceu que as Deputacións eran as encargadas da realización de división de partidos xudiciais.

¹⁶² Felip Bauzá foi mariño e director do Servicio de Hidrografía da Armada Española e deputado ás Cortes por Baleares; Xosé Agustín de Larramendi, sucesor de Bauzá, estivo ó fronte do Depósito Hidrográfico; Xosé Lamas Pardo foi oficial maior da Secretaría de Gracia e Xustiza.

Larramendi que deron lugar á división de 1822 aprobada en Cortes ata a implantación da división de 1833 por Xavier de Burgos. Durante o Antigo Réxime, Galicia constituía unha única *provincia-reino* (o “Reino de Galicia”) con sede na Coruña. Esta provincia-reino estaba dividida en *sete provincias*, circunscricións con representación nas Cortes de Castela (Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui) e, a súa vez, subdividiáanse internamente en xurisdicións señoriais coas súas respectivas freguesías e coutos redondos. En Galicia, os señoríos xurisdiccionais foron moi variados, de dominio secular, de abadengo, de reguengo, de Ordes e incluso dos veciños (Río Barja, 1990). Pero o “reino de Galicia” perdía a súa representatividade como unidade administrativa coa “Revolución española”. O ámbito da revolución liberal española foron as Cortes de Cádiz e o texto referente a Constitución de 1812, decretada polas Cortes Generales de España. Coa entrada en vigor da Constitución, arranca o réxime liberal baseado nun modelo de Estado centralizador que supón un novo modelo organizativo en provincias e partidos xudiciais e concellos constituíntes. Os partidos xudiciais reemplazaron ás xurisdicións señoriais e os vellos concellos absolutistas foron substituídos polos concellos constituíntes. A provincia é entendida como unha *creación constitucional ó servicio do Estado* para facilitar o funcionamento da Administración centralizada con órgano de goberno a través das creadas Deputacións Provinciais. O perfil territorial dos límites externos da Galicia desde finais do século XVIII permaneceron sen practicamente variacións ata a configuración das autonomías. Pero os límites provinciais internos experimentaron considerables modificacións porque a busca dunha división racional e homoxénea agrupou as sete “provincias” nas catro provincias liberais.

Domingo Fontán compaxinou a súa labor de recoñecemento e cartografado de Galicia cos cargos desempeñados para a Administración Pública desde o ano 1816. Tras 18 anos de produción cartográfica de calidade e con unha colaboración e intervención activa nas propostas de reorganización territorial entre 1820 e 1825, acadou o seu maior prestixio co recoñecemento oficial pola raíña Sabela II en 1834 establecendo a C.G.G. como exemplo a seguir para unha cartografía nacional. Fontán materializou no manuscrito da C.G.G. a política liberalista coa proxección das catro provincias galegas. Foi partícipe “autorizado” no labor de delimitación da estrutura administrativa galega a partires do ano 1820, ano no que é nomeado secretario da Deputación Provincial de Galicia presidida por Pedro Agar.

Tralo pronunciamento de Riego e coa posta en vigor de novo da Constitución de Cádiz, as Cortes a través dunha comisión territorial pediu a *colaboración dos membros das Deputacións Provinciais*, como “coñecedores do terreo” das súas provincias, con *propostas* de demarcación territorial a través de escritos nos que tiveran en conta características de poboación, superficie e riqueza¹⁶³. A Deputación Provincial de Galicia presenta en setembro de 1820 un **plan de división de Galicia en 4 distritos subalternos** con capitalidades en Pontevedra, Coruña, Lugo e Ourense con criterios de demarcación nos accidentes naturais. Existen escritos neste organismo coa firma de Domingo Fontán sobre temas de definición de lindes. Nesta documentación tratase a delimitación das provincias de Coruña e Vigo, a agregación de municipios, o arranxo dos partidos, a problemática das parroquias para que pertenceran a un único municipio e partido xudicial e, tamén a solicitude de “normas” para o tratamento do poboamento de Galicia. Por parte do goberno liberal, crease unha “comisión de

¹⁶³ No dictame en que se funda o proxectode división do territorio, a comisión especial explica as dificultades para a realización da división provincial pola falta de mapas. Os criterios a ter en conta para a formación das provincias son os de poboación, superficie e riqueza pero coa preocupación de mezclar habitantes de diferentes provincias (Calero Amor, 1987).

división do territorio español” ó mando de Felip Bauzá e José Agustín de Larramendi que debía preparar un novo proxecto de demarcación a nivel nacional. O proxecto do modelo cuatripartito da deputación galega que chea as máns da comisión convértese en parte do Plan da división provincial da Nación de 1821, con rectificación dos límites provinciais internos galegos e a conversión dos distritos en provincias. No mes de marzo do ano 1820, encargaselle a Deputación o arranxo da división dos 47 partidos de Primeira Instancia elaborados no 1811. Neste proxecto que colaborou Fontán reducíronse a 43 partidos xudiciais rectificando os seus límites e cambiando capitais de partido (1821). A través das sesións realizadas pola Deputación Provincial en 1822 temos constancia dos traballos de delimitación territorial realizados por Fontán, confirmando que elaboración dos planos topográficos dos partidos de Padrón, Sar e Melide. Tamén se comenta a preparación da saída de campo para o recoñecemento de demarcación dos límites da provincia da Coruña con arranxo dos partidos (R.O. 1822). No ano 1823 creadas as catro provincias galegas¹⁶⁴, Domingo Fontán pasa a ser *secretario da Deputación da Coruña* a pesares de que fundamentalmente era requerido para a consulta de asuntos relacionados con límites territoriais da provincia, partidos xudiciais e concellos (Cores Trasmonte, 1991). Existía unha *comisión a cargo de Fontán* encargada do recoñecementos dos límites das provincias de Galicia. Por disposición das deputacións provinciais de Lugo e Coruña, Fontán formou o “*plano*” dos límites comúns das provincias de Coruña e Lugo (1823) do que non dispuñan ate ese momento as outras deputacións (De Burgos, 1823, CapII). Foi nos anos do Trienio Liberal cando Fontán realizou o maior adianto na consecución de cartografado da súa carta. En 1823 tiña concluído o cartografado das provincias de Coruña e Pontevedra

“a excepción do obispado de Tuy...de los cinco partidos meridionales y algunas comarcas del partido de corcubión” (Instituto Padre Sarmiento, 1946)

A pesares da volta de Fernando VII ó poder, proséguese co traballo de organización territorial e de elaboración da C.G.G.. En 1825 comezouse unha nova reforma que se decretou no ano 1834, grazas co acceso de Xavier de Burgos ó Ministerio. Este proxecto consistía na división das provincias en partidos xudiciais (“*correximentos*”) e municipios (“*alcaldías maiores*”). Propúxose a Larramendi requerirse do referente ás provincias e a Xosé Lamas Pardo ós partidos xudiciais e municipios. No 1826 estando en macha este proxecto, a Domingo Fontán foille encargado do estudo da **división territorial de Galicia en partidos xudiciais e municipios** pola Audiencia de Galicia, que incluía esbozos de cada partido¹⁶⁵. No ano 1829, Fontán xa finalizara o cartografado dos partidos xudiciais de Redondela, Vigo, Tuy, Ponteareas, A Cañiza, Ribadavia e Carballiño e parte dos de Celanova e Bande (Instituto Padre Sarmiento, 1946). Lamas Pardo e Larramendi acudían a Fontán para pedirlle información para establecer e ratificar os límites administrativos ademais de empregar os mapas que xa tiña elaborados (Burgueño Rivero, 1995). O 30 de novembro do 1833 aparece a división provincial do Estado aprobada por Xavier de Burgos. A elaboración e instauración tan rápida da división de 1833 é debida a que Xavier de Burgos baseouse nos traballos realizados na etapa final do reinado de Filipe VII (Calero Amor, 1987), limitándose a corrixir a división de 1822 e complementando co proxecto de 1829. En ambos proxectos, Domingo Fontán tivo unha *participación activa o estar presente nas comisións territoriais e tendo*

¹⁶⁴ Decreto das Cortes do 27 de xaneiro de 1822.

¹⁶⁵ O único mapa que se ten localizado é “Plano del *corregimiento* de La Cañiza: dividido en *Alcaldías Reales*”.

C.G.G. practicamente rematada. Na época unha das dificultades á hora de elaborar propostas e plans era a inexistencia de cartográfica. Meses máis tarde aprobouse a subdivisión de provincias en partidos xudiciais. Ambas divisións non igualaban nos límites administrativos dando lugar a unha alteración destes e por tanto na alteración das entidades de poboación. O día 1 de decembro de 1834, pesentouse en público a C.G.G, onde aparecen cartografadas por primeira vez as catro provincias galegas. Antes da implantación dos partidos xudiciais en 1834, creouse unha comisión mixta, presidida por Larramendi e na que Domingo Fontán foi representante.

As divisións territoriais de Galicia na “Carta Geométrica de Galicia”. Domingo Fontán divide a Galicia nas provincias de Coruña, Lugo, “Orense” e Pontevedra e, subdivídeas en partidos xudiciais ou “Alcaldías Mayores” e a súa vez en “Alcaldías Reales”. Establece a xerarquización da organización de xustiza como parte da administración pública pero non delimita estas unidades territoriais na CGG de 1834 a pesar de facer alusións á división de partidos xudiciais na cartela e lenda do mapa así como das “Alcaldías Reales” (*ver anexo Figuras: figura 64*). Aparece cartografada a delimitación das catro provincias posiblemente por razóns comerciais. Parece ser que en esa época “vendíanse” mellor e tiñan unha maior difusión aqueles mapas que presentaban os “novos” límites de 1833. Este mesmo feito sucede coa C.G.G. de 1845 pero nesta ocasión Fontán xustificase na cartela do mapa anunciando que non se gravou a división dos partidos e concellos debido á “temporalidade” destes. Foi unha época onde se realizaron moitos plans de división territorial e demarcacións. Con todo, localiza as capitais de provincia, partidoxudicial e concello constitucional. Domingo Fontán elabora para a Audiencia de Galicia un proxecto de división en corregimientos e Alcaldías Reais, onde aparecía un croquis de cada partido (Burgueño, 1995). Desde a Fundación Domingo Fontán afirmase a non posesión de planos onde aparezan os límites dos partidos xudiciais e de municipios.

De seguido faise un percorrido polos límites externos e internos de Galicia na súa C.G.G. de 1834. Estes límites asentáronse basicamente tomando unha *base fisiográfica*, marcándose sobre a rede fluvial e os cordais montañosos:

1. **O límite do “Reino de Galicia”** marcado mediante un trazado de liñas e puntos con fondo vermello, como indica a lenda da Carta, rotulando e destacando en maiúscula do límite da “*DIVISIÓN DE GALICIA Y ASTURIAS*”, a “*FRONTERA DE GALICIA CON EL REINO DE LEÓN*” e “*LA RAYA SECA CON EL REINO DE PORTUGAL*”. O borde do límite que traza Domingo Fontán entre **Galicia e Asturias, León e Zamora** márcase nalgúns tramos polos ríos e noutros pola serie de aliñacións montañosas que existen na parte máis oriental de Galicia. Desde a desembocadura da “Ría de Rivadeo”, prosegue no curso do “RÍO EO” ata o “Arroyo del Cairo”. O límite continúa entre as parroquias de Conforto (Galicia) e Taramundi (Asturias); cara o S polos lugares “Busqueimado”, “Couso da Trapa”, “Quintela” e “Folgozo”. Segue a “Sierra de Piedras Apañadas” nas súas partes máis altas e o curso do río Navia á altura de San Antolín. Máis o Sur, polas entidades de Trabado e Pelliceira, na “Sierra y Picos de Ancares” (polos “pico de Mustallar” e “Peña Rubia”) logo “Montes del Cebreiro”, “Sierra de los Caballos” e “Sierra de la Encina de la Lasta” ata chegar a seguir o tramo do río Sil. O límite tamén pasa por “Pena Trebinca” para rematar nas “Sierra Cabral” e “Sierra de la Segundera”. Faise mención a PROVINCIA DE LEÓN (folla nº6) e PROVINCIA DE ZAMORA (folla Nº8) pero non existe ningún trazado de límite destas provincias. Con respecto o trazado do límite entre **Galicia e Portugal** segue a liña do río Miño, desde a súa desembocadura ata o “río Barjas”, onde segue por este ata o seu nacemento. De seguido,


delimita o trazado polas serras meridionais, pola “Sierra de Laboreiro” e “Sierra de Jures” para continuar polo que denomina “LA RAYA SECA CON EL REINO DE PORTUGAL”. O límite do “Reino de Galicia” case non se modificou os seus límites (Chantada Acosta e Hernández Borge, 1984).

2. **O límite das provincias** de Galicia identifícase na Carta con un borde de liñas e puntos con fondo verde: o límite trazado entre as provincias da Coruña e Lugo segue as aliñacións montañosas que forman as serras centro-occidentais. O trazado estableceuno principalmente, de Norte a Sur, polos puntos máis altos da “Sierra da Faladora”, “Sierra de la Loba” e “Cordal de Montouto”, a “Coba da Serpe” até o río Ulla no ano 1822 cando percorreu estas montañas. A serra da Faladoira tamén se establece como límite provincial na división administrativa de 1834; en ocasións, as demarcacións establecíanse seguindo os cursos fluviais y é o que pasa co límite establecido por Fontán con respecto as provincias de A Coruña e Pontevedra onde segue o curso do río Ulla; o límite das provincias de Pontevedra e Lugo, como co límite con Coruña prosegue co sistema montañoso pasando polo “Pico del Farelo” e “Sierra del Faro”, na divisoria orográfica do río Arnego e do río Ulla. Non adopta o río Arnego como límite como se describe na división de 1833; o límite das provincias de Lugo e Ourense pasa polo río Sil ata que pasa polas altas da “Sierra de la Moà” ata chegar a “Sierra de los Caballos”, onde está o límite co “REINO DE LEÓN”; o límite das provincias de Pontevedra e Ourense segue a “Sierra del Suido” polo “Faro de Abion” e “Monte Pedroso” para seguilo río Miño.

No informe dos límites provinciais no Plan de 1821, os concellos de Chantada, Monforte e Quiroga quedaban en Ourense e as terras de Lugo estendíanse polo NO ata o baixo curso do Mera e Ría de Ortigueira e non do Sor e Ría do Barqueiro (Calero Amor, 1987). Pola contra na división do no 1822, o límite estaba na Ría do Barqueiro (Chantada Acosta e Hernández Borge, 1984). Bauzá e Larramendi propoñían que a provincia de Lugo se ampliara ata o Navia e Fontán non contemplou esa opción en ningún dos seus mapas.

O novo trazado dos límites provinciais na C.G.G. de 1845. Trala presentación en pública da C.G.G., Fontán foi nomeado individuo da comisión de arranxo do dos concellos galegos. Un ano máis tarde é excluído da comisión mixta por problemas con algún dos seus compoñentes xa que a postura defendida por Fontán era máis moderada desde un punto de vista territorial. Fontán defendía a capitalidade de Pontevedra e non quería a supresión da Diocese de Mondoñedo. A partires do ano 1836 comeza a súa traxectoria como Deputado nas Cortes Constituíntes ata o ano 1842. É nos diarios de sesión das Cortes onde Fontán expón as súas ideas de configuración territorial, expón sobre a lei de concellos e a configuración das entidades de poboación en Galicia. Compaginando con isto, fontán comeza a plasmar nos cadernos de campo as modificacións que serían trasladadas ó mapa antes da súa gravación en 1845.

Os límites cartografados son unha das principais **diferencias** entre as cartas, incluso implica a cambios provinciais e de comunidade. Domingo Fontán introduciu unha serie modificacións nos límites administrativos cartografados na C.G.G. de 1845 modificando, polo tanto, os que representara na C.G.G. de 1834 (ver anexo cartográfico: mapa N^o1). Unha das modificacións nos límites de 1845 afecta á liña decosta.



Pero unha das consecuencias máis directas e importantes da modificación dos límites que levou a cabo Domingo Fontán é o **cambio de localización de determinadas entidades de poboación**. No mapa anterior visualízanse os casos de modificación nos límites administrativos. No que respecta ós límites internos provinciais, existen catro modificacións na demarcación dos límites levadas a cabo por Fontán na Carta de 1845 con respecto á Carta de 1834. De novo adoptou ao criterio dos límites físicos. Hai casos que se traza sobre os sistemas montañosos e, noutros casos prosigue a través da rede fluvial. Foron catro as rectificacións nos límites provinciais de Galicia, os casos que se identifican como A, B, C e D. Nos casos A e D danse un total de 24 entidades de poboación con cambio de provincia (ver táboa N^o9):

N ^o	TOPÓNIMO	CATEGORÍA	FOL.	PRO1845	PRO1834	ID10KM
1	<i>Albaredos</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
2	<i>Angueiros</i>	PARROQUIA	9	LUGO	OURENSE	PG49
3	<i>Bacarizas</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
4	<i>Bacarizas</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
5	<i>Banacoba</i> [1]	PARROQUIA	12	ZAMORA	OURENSE	PG66
6	<i>Cambedo</i> [2]	PARROQUIA	12	PORTUGAL	OURENSE	PG23
7	<i>Centeais</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
8	<i>Enciñeira</i>	PARROQUIA	9	LUGO	OURENSE	PG49
9	<i>Ermidon</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
10	<i>Ferreira</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
11	<i>Freijo</i>	PARROQUIA	2	A CORUÑA	LUGO	NK91
12	<i>Grañas del Sor</i>	PARROQUIA	2	A CORUÑA	LUGO	NK92
13	<i>Mañon</i>	PARROQUIA	2	A CORUÑA	LUGO	PK03
14	<i>Mañon</i>	FEIRA	2	A CORUÑA	LUGO	PK03
15	<i>Montefurado</i>	PARROQUIA	9	LUGO	OURENSE	PG49
16	<i>Neiral</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
17	<i>Pías</i> [3]	PARROQUIA	12	ZAMORA	OURENSE	PG66
18	<i>Pordatroncos</i>	LUGAR	2	A CORUÑA	LUGO	PK03
19	<i>Ribeiras del Sor</i>	PARROQUIA	2	A CORUÑA	LUGO	PK03
20	<i>S. Martin</i>	PARROQUIA	9	LUGO	OURENSE	PG49
21	<i>Sesmil</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
22	<i>Vares</i>	PARROQUIA	2	A CORUÑA	LUGO	PK04
23	<i>Villanuz</i>	LUGAR	9	LUGO	OURENSE	PG49
24	<i>Villaster</i>	PARROQUIA	9	LUGO	OURENSE	PG49

¹ Na actualidade pertence ao concello de Pías (Zamor a).

² Na actualidade pertence ao concello de Chaves, distrito de Vila Real (Portugal).

³ Na actualidade pertence ao concello de Pías (Zamor a).

Táboa N^o9: Entidades de poboación con cambio provincial entre as C.G.G..

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.

Unha primeira modificación afecta as provincias de A Coruña e Lugo, no seu extremo máis Norte (ver mapa 1). Mentres que en 1834 o límite provincial estableceuno polo sistema montañoso da “*Sierra da Faladora*”, en 1845 adoptouno ó curso do río Sor ate “*Bustelo*”, onde coinciden os límites. Con esta modificación, sete entidades pasan da provincia de Lugo en 1834 á provincia de A Coruña en 1845 (ver páxina seguinte *figura 65*). Outras dúas modificacións máis afectan ó límite provincial entre A Coruña e Lugo e que no mapa aparecen identificados como B e C. En ambos casos o límite ratificouse para adaptase o sistema montañoso, pasando polas cotas máis altas da zona, como O Castrillón no caso B que dista 1.000 m. aproximadamente cara ao W do límite de 1834 e como o Monte do Castro no caso C que se modificou 600 aproximadamente cara ao E do límite anterior. En ningún destes dous casos afecta cambio algún en algunha entidade de poboación. Unha cuarta modificación atópase no límite entre as provincias de Lugo e Ourense y, que no mapa aparece como o caso D (ver mapa 1) páxina seguinte *figura 66*). Na modificación do límite adóptase o curso de río Bibei en vez do río Sil. En esta ocasión son catorce entidades que pasan de pertencer á provincia de Ourense en 1834 á provincia de Lugo en 1845 (ver táboa N^o9).




Figura 65: ENTIDADES DE POBOACIÓN QUE PASAN Á PROVINCIA DE A CORUÑA.
 Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.




Figura 66: ENTIDADES DE POBOACIÓN QUE PASAN Á PROVINCIA DE LUGO
 Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.

Os concellos afectados nas modificación na delimitación dos límites administrativos foron Mañón, Quiroga, Viana do Bolo e Pías. O concello de Mañón na C.G.G., Domingo Fontán no seu manuscrito de 1834 localízao na provincia de Lugo, como Xavier de Burgos na división de 1833 e, posteriormente, no gravado de 1845 localízao na provincia de A Coruña, como na subdivisión de partidos xudiciais. É de destacar que o “Plano del Corregimiento de **La Cañiza**: dividido en alcaldías reales” que levantou Fontán no ano 1826 axústase á delimitación aprobada finalmente do partidos xudiciais.

No que respecta ó “**límite entre Zamora, León y Asturias**”, na C.G.G. de 1845 modificou o límite na provincia de Zamora establecendo o límite polo río Bibei. Isto supón que dúas parroquias identificadas por Fontán en 1834, “Pías” e “Barjacoba” que as localizaba na provincia de Ourense, ca modificación en 1845 pasan á provincia Zamora (*caso E, ver táboa N°9*). No que respecta ó “**límite con Portugal**” levou a cabo unha única modificación no límite da Carta de 1845. No *caso F* indícase como o novo límite establecido adóptase o curso do “Río Barja”. Pero hai que destacar que aínda que non afectara a ningunha entidade este cambio de límite, Fontán si modificou dúas entidades, por un lado a parroquia de “Cambedo” que no 1834 localizaa na provincia de Ourense e no 1845 localiza o lugar de Cambedo en Galicia e a parroquia homónima en Portugal e, por outro lado, a de “Lamas de Arcos” que aínda que a localiza en ambas datas na provincia de Ourense, no 45 localiza a igrexa no lado de Portugal.

Unha panorámica da división territorial do século XIX e do XXI reflexa como Fontán acertou na interpretación da organización definitiva de Galicia.




Figura 67: Comparativa dos límites administrativos d a CGG de 1845 e os elaborados polo IGN.
 Fonte: C.G.G. de 1845, I.G.N. e elaboración propia.

3.3. O INVENTARIO TOPONÍMICO DA C.G.G.. A AMPLIACIÓN TOPONÍMICA NA C.G.G. DE 1845

A CGG supón unha enorme achega considerándoa a *principal fonte de toponimia do século XIX*. O mapa, que foi o soporte do cartógrafo para reunir todos os nomes con unha alta fiabilidade na súa localización, evidencia:

- A organización da división administrativa das provincias galegas en cidades, vilas e parroquias.
- A importancia da Igrexa na sociedade galega e no entramado socioeconómico mediante a identificación e localización dos diferentes modos de organización eclesiástica nas diferentes escalas (cidade diocesana, parroquia, mosteiro, capela, ermita, colexiata e encomendas).
- As actividades económicas e os intercambios comerciais existentes no século XIX detallando as feiras e rexistrando as pontes, barcas e vías de comunicación.

Identificouse e cartografouse *toda a toponimia da C.G.G.*, tanto do manuscrito como do gravado, e non só a de Galicia senón tamén a de Asturias, León e Zamora e a dos distritos do Norte de Portugal, atendo aos límites administrativos establecidos por Domingo Fontán. Así mesmo, estableceuse unha *conexión entre o século XIX e século XXI*, por un lado, localizando cada un dos máis de 6.000 rexistros toponímicos da Carta de 1834 no seu respectivo municipio actual, que en determinados casos implica un cambio de situación e, por outro lado, as variacións de categoría das entidades con respecto á circunscrición parroquial que puido supoñer co paso do tempo. Este apartado é *a confirmación da evidencia toponímica* e a súa xerarquización, resaltando a importancia do manuscrito de 1834.

Entidades de poboación, actividades económicas e accidentes xeográficos identifícanse no “Mapa Fontán”, a través de unha referencia puntual acompañada do seu nome xeográfico correspondente. Pero as categorías identificadas na Carta aparecen descritas na lenda pero establecéronse outras que se atopan no mapa co nome e que principalmente fan referencia a toda unha serie de elementos xeográficos. Moitos dos topónimos fan alusión ós símbolos e abreviaturas. Os nomes inventariados fan referencia ás cidades, ás vilas e ás súas cabeceiras de partido, como ás entidades de poboación rural, ós mosteiros, ás colexiatas, ás capelas, ás feiras, ás ventas, ós ferreiros, ás pontes, ás barcas, ós lugares, ás fortalezas, ós baños, ás encomendas, ós castelos, ós ríos como tamén ós cabos-puntas-illas e illotes. Non se atoparon dous dos símbolos da lenda: o muíño e a fundición no manuscrito. Pero existen outros rexistros, localizados no mapa, que aluden á costa, á hidrografía, ó relevo e á división administrativa: areas, covas, enseadas, esteiros, ismos, portos e rías; fontes, lagoas, pozos; cerros, cordais, montes, penedos, picos, serras e vales; a base do Corgo e ate unha calzada romana; a comarca do Xallas identifícase na C.G.G., como tamén as Terras de Montes, de Cotobade, de Deza, de Nay e de Soneira. Un total de 55 categorías que se describen na *figura 68 (ver anexo de figuras)* onde se realiza unha simplificación das variedades e onde se lle atribúe un identificador numérico.

Faise necesario destacar que un único topónimo pode identificarse, a súa vez, en varias categorías, como por exemplo é o caso de “*Mañon*”, que Fontán o identificou como parroquia e feira, ou como tamén o caso de “*Puerto Marin*” que ademais de vila e colexiata pertence á encomenda que leva o seu nome da orde militar de S.Xoán. Neste caso, todos eles aparecerán tantas veces como categorías teña.

A toponimia da CGG de 1834: totalizacións e casuísticas. Domingo Fontán recolleu e localizou máis de 6.000 topónimos no seu manuscrito da C.G.G. de 1834 durante case a vintena de anos que lle levou realizala. Os mapas eran necesarios para inventariar os recursos naturais e fomentar as comunicacións e o comercio. É polo que o Mapa Fontán se considera como o recompilatorio toponímico máis importante do século XIX para Galicia. Unha totalidade de **6.153 nomes** para todo o territorio cartografado no mapa, incluíndo Asturias, Zamora, León e Portugal. Os nomes xeográficos que localizou dentro dos límites de Galicia representan unha maioría de 5.677 nomes e, a proporción minoritaria do 8% do conxunto divídese entre o territorio adxacente de Galicia (*ver figura 69 en anexo Figuras; ver táboa N°10 en anexo Táboas*). Independentemente da súa localización xeográfica, pódese establecer unha totalización toponímica atendendo ó rango dos nomes localizados tomando como modelo a lenda da Carta (*ver táboa N°11 en anexo Táboas*). A entidade de poboación máis numerosa é a parroquia rural, cun total de 3.686 nomes identificados. A segunda entidade en número é a de lugar que representa un número tamén considerable na carta, superando os 1.000 rexistros identificados.

Todos os nomes xeográficos cartografados na CGG de 1834 aparecen en listados alfabéticos coa ortografía como a recolleu Fontán (*ver tomo de táboa*) asociados a mapas mediante codificación numérica. A continuación faise unha descrición dos topónimos por categorías:

1. ***As Cidades e Vilas en 1834.*** No mapa Fontán localízanse un total de 8 cidades. Os seus nomes aparecen en letra maiúscula remarcando así a súa importancia. Son as sete cidades, cabezas das antigas “provincias” ou distritos (Santiago, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Tui e A Coruña) máis Vigo. Diferencia entre elas como cidades diocesanas a “*OURENSE*” e “*TUY*” e cidade metropolitana a “*SANTIAGO*”. (*ver anexo Táboas: táboa N°12; ver anexo Mapas: mapa N°2*). Fontán consideraba Santiago como cidade central de Galicia (“*eu vexo en Santiago unha Universidade non vexo a capital da provincia, aínda que debería estar alí máis ben que na Coruña, e con maior razón a Audiencia de Galicia*”¹⁶⁶) e Pontevedra e non Vigo pola capitalidade da provincia. No referente ás vilas, Fontán identificou un total de 115 vilas en 1834, entidades que superaban os 3.000 veciños. Como cabeza de partido, “*MEIRA*” na provincia de Lugo (*ver anexo Táboas: táboa N°13; ver anexo Mapas: mapa N°2*). Do total das vilas, 92 son vilas galegas e, para as vilas restantes, 8 son entidades portuguesas e 15 repartense entre as provincias de Asturias, León e Zamora. Ó igual que a toponimia das cidades, os nomes das vilas aparecen en maiúsculas na Carta destacando por igual a importancia desta entidade singular. Na C.G.G., D. Fontán establece como vilas “*PONTEVEDRA*”, Ferrol e Vilagarcía (“*VILLA GARCIA*”), na actualidade cidades. Así mesmo de estes tres cambios de xerarquía en 2009 respecto de 1834, a maioría das vilas, 74 casos da totalidade, localízanse dentro da súa homónima. Subliñar o caso de “*MESIA*” (coa etiqueta número 63 no mapa) que Fontán a identificou como vila e “*S. Crist. de Mesia*” como entidade colectiva, estando incluída a vila na súa parroquia homónima, casuística esta que non sucede nos casos anteriores.
2. ***As parroquias rurais cartografadas en 1834.*** É a célula máis numerosa que se identificou na Carta. Fontán identificou todas as parroquias rurais e non fai mención

¹⁶⁶ Sesión parlamentaria do 22/06/1838.

en ningún caso a algunha no medio urbano. Recoñécense un total de 3.686 parroquias rurais na Carta de 1834 das que 3.517 son parroquias galegas (93% do total)¹⁶⁷. A distribución por provincias é de 872 parroquias para Coruña, 1195 para Lugo, 821 para Ourense e 629 para Pontevedra. Das 170 restantes, o 7% do total, localízanse 43 en Portugal e 127 para o resto peninsular, tendo en conta os límites establecidos por Fontán na Carta de 1834 (*ver anexo Táboas: táboa N^o14; ver anexo Mapas: mapa N^o3 ó mapa N^o22*). Unha das características principais do topónimo da parroquia é que, salvo en determinados casos, *non se identifica a advocación relixiosa*. En 434 rexistros (12,3 %) reconece esta advocación. A denominación de “Santa María” (12,2 %) é a máis numerosa, seguida da de “San Salvador” e “Santiago” (10,2 %). Hai parroquias catografadas no mapa e que hoxe son baixa. Son 122 baixas parroquiais. Atendendo aos límites administrativos, áchanse 18 rexistros de entidades con cambio de situación. As parroquias de “*Angueiros*” (n^o126), “*Enciñeira*” (n^o1054), “*Montefurado*” (n^o1842), “*Villaster*” (n^o3637) e “*S. Martin*” (n^o2776) que da provincia ourensá pasaron á luguesa ao municipio de Quiroga, as parroquias de “*Grañas del Sor*” (rec 1352), “*Mañon*” (n^o1704), “*Riberas del Sor*” (n^o2491) e “*Vares*” (n^o3404) de Lugo ao concello de Mañón e por último existen dúas parroquias que en 1834 pertencían á provincia de Lugo, o caso de “*Freijo*” (n^o1252) e “*Souto*” (rec 3207) e pasan a pertencer á provincia da Coruña ó concello de As Pontes de García e á provincia de Ourense ó concello de A Peroxa, respectivamente. Existen parroquias de “*Pias*” (n^o2232) e “*Barjacobá*” (n^o 293) que de pertencer a Galicia pasaron a ser de Castela e León á provincia de Zamora; e “*Cambedo*” (n^o554) e “*Lamas de Arcos*” (n^o1514) que de pertencer a Galicia pasaron a Portugal as distritos de Vila Real e Chaves, respectivamente. Como tamén os casos de “*Castromil (Sa. Ana de)*” (n^o732) que Fontán o situou na provincia de Zamora pertencendo na actualidade ó concello de A Mezquita en Ourense e tamén “*Marentes*” (n^o1711) que de Asturias pasa a Lugo, ó concello de Negueira de Muñiz. Determinanse unha serie de parroquias exclusivas da CGG de 1834¹⁶⁸: “*Seijo*” (Mugardos), “*Bronllo*” e “*Pontevedra*” (Negreira), “*Sálvora*” (Ribeira), “*Armada*” (Sobrado) na provincia da Coruña; “*Coedo*” (Carballedo), “*Castelo*” (Cervantes), “*Riotorto*” (Guitiriz), “*Podente*” (Monterroso) e “*Casa de las Pozas*” (As Nogais) na provincia de Lugo; para a provincia de pontevedra existe a parroquia “*Golpelleira*” (Vilagarcía); e as de “*Penalonga*” (Os Blancos), “*Co. de la Magdalena*” (Coles) e “*Soutelo*” (Porqueira) para Ourense.

3. Diferenciou a **parroquias rurais cabezas de partido**. Mediante o símbolo da lenda identificáronse 12 rexistros toponímicos para esta categoría. Pero a casuística identificada fai referencia a postos de vixía ou de torre porque en dez rexistros así o indica o topónimo. Estes casos aparecen repartidos no límite costeiro da provincia da Coruña entre os municipios de Cedeira e Carballo. Son as “*vigía*” de Candelaria¹⁶⁹, Eigil, Pantín, Prados, Campelo, Cóbas, Monte Ventoso, San Pedro (Langosteira) e Caion. Son postos de vixilancia ou recoñecemento da ría de Ferrol, con posibilidade da función militar, polo emprazamento no mapa, xa que o punto emprazase na parte

¹⁶⁷ Hai que destacar que existen tres rexistros que debido ao estado do mapa non se puido identificar o topónimo existente no mapa: co n^o1.108 San Xoán Bautista do Isto (Cabana) e os n^o 1.989 e 3.095 de Asturias.

¹⁶⁸ Non hai referencia a elas en nomenclatores eclesiásticos (inventarios parroquiais das diócesis de Galicia), na publicación “*Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*” de Francisco Río Barja como tampouco no mapa “*O Reino de Galicia*” de Tomás López.

¹⁶⁹ A vixía da Candelaria e a de Campelo aparecen descritas no “*Derrotero de las costas de España en el O. Atlántico y de las Islas Azore só terceras, para...*” de Vicente Tofiño de San Miguel (1789).

máis alto preto da costa. O punto de rexistro que aparece na provincia de Pontevedra esta situada nas Torres de Agrelo (ver anexo Táboas: táboa Nº15; ver anexo Mapas: mapa Nº3 ó mapa Nº22).

4. **Os mosteiros en 1834.** Galicia tivo unha importante presenza monástica. Os mosteiros, como os edificios ou lugares de morada de monxes e monxas, gozaban de unha maior autonomía respecto ás igrexas parroquiais e repercutía na fixación do hábitat preto dun lugar de culto. Un total de 45 repartidas polo territorio galego, salvo o mosteiro de “*Villanueva de Oscos*”, na provincia asturiana (ver anexo Táboas: táboa Nº16; ver anexo Mapas: mapa Nº23). Diferencia as **colexiatas** cartografando 6 nas provincias galegas. “*CORUÑA*” e “*PUERTO MARÍN*” teñen os símbolos de “ciudad” e “villa”, respectivamente. Máis da metade dos mosteiros convertéronse en parroquias e no caso das colexiatas tan só o caso de “*Correjanas*”. Non identificou a Colexiata de Sar en Santiago de Compostela (ver anexo Táboas: táboa Nº17; ver anexo Mapas: mapa Nº23).
5. Tamén hai que ter en conta ás **capelas** ou santuarios. A suma de 130 capelas ou santuarios que aparecen localizadas no mapa Nº 24, representadas xunta as encomendas (ver anexo Táboas: táboa Nº18; ver anexo Mapas: mapa Nº24). Destacar que 17 capelas non teñen toponimo (do nº106 ao 122). Na táboa indícase entre paréntese o topónimo da capela na actualidade disposta a través do MTN, salvo nos casos con Rec 110-111-116-119-120 onde aparece unha capela pero sen nome. Destacar que 8 das capelas convertéronse en parroquias: “*La Peregrina*” na parroquia de Santa María de A Peregrina no concello de Santiago de Compostela, “*Las Hermitas*” en Santa María de As Ermitas en O Bolo, “*N^aS^a de las Maravillas*” en Nosa Señora de As Marabillas en Cartelle, “*N^aS^a del Monte*” do concello dos Esgos, “*N^aS^a del Val*” de Gomesende en Santa María de O Val, “*S. Feliz*” en San Fiz de Galez no concello de Entrimo, “*S. Ram.n de Moheche*” en San Xoán de Moeche e por último a capela de “*Sayanes*” de Vigo na parroquia de San Xurxo de Saiáns. Hai tres casos nos que non se puido precisar a súa situación por non poder localizar o seu emprazamento: a capela de “*Mol*” que non se pode precisar se pertence a Galicia ou Asturias, a capela de “*N. Sa. Anamaro*” se continua pertencendo a Portugal e a capela de “*Sa. Lucia*” que ven pode pertencer ó concello de Ortigueira ou o de Cerdido.
6. Neste mesmo mapa aparecen representadas **as encomendas**. Fontán identificou as de “*Santiago*” e “*San Xoán*” na Carta de 1834 (ver anexo Táboas: táboa Nº27; ver anexo Mapas: mapa Nº24). As ordenes militares son institucións guerreiras e relixiosas á vez. Tiveron a súa presenza en Galicia as ordenes de San Xoán de Xerusalén ou de Malta e a de Santiago desde o século XII ao XIX, cando se producen as desamortizacións. Estas divídense en encomendas, unidades básicas para a administración territorial e rentista da orde militar e como centro asistencial para pobres e peregrinos. Esténdense territorialmente a través de doazóns (priorados, curatos, anexos, hospitais) e asentábanse en vilas ou castelos. Identificou as casas centrais de dúas encomendas da orde de San Xoán de Xerusalén: “*PUERTO MARIN*” e “*Pazos de Arenteiro*”. A orde de Santiago tiña a finalidade de defender aos peregrinos do Camiño de Santiago e a maioría das súas propiedades estaban na Coroa de Castela, e dela identificou “*La Barra*” e “*TUY*”.

7. A faceta económica mediante *as feiras, as vendas e os ferreiros*. As feiras son os puntos de referencia do comercio no medio rural. Celebrábanse nas aldeas e como resultado da crecente comercialización no ámbito da economía campesiña, as entidades de poboación solicitaban autorización para a celebración de novas feiras. Algunhas delas contribuíron ó desenvolvemento e convertéronse en vilas, convertida ao tempo en cabezas de concello e ata de partido, como se indica no mapa os casos de Carballiño, Monterroso, A Estrada, Lalín, Agolada, Palas de Rei, Silleda, entre outras. Outras naceron sobre festividades relixiosas como a de “*La Virgn del Monte*”. Fontán localizou 51 feiras (en total 52), 11 vendas (en total 13) e 24 ferrerías (en total 27) en Galicia. As provincias occidentais galegas acaparan o maior número das feiras. Máis da metade dos mesóns ou lugares de paso onde poder aloxarse sitúanse na provincia de Ourense. No 1822, Fontán parou no “*Meson del Viento*”, o único que localizo una provincia da Coruña. As ferrerías emprázanse na parte oriental da provincia de Lugo das cales se exportaba o ferro para Castela e Portugal (Pegerto Saavedra, 1994). Neste grupo localizou as “*Fábricas de Fundic. y Loza*” no concello de Cervo, a primeira fábrica de cerámica de Sargadelos. É tamén nesta xerarquización onde determinados casos pasaron a converterse en parroquias: 4 casos nas feiras e 2 casos nos ferreiros. Destacar o cambio de límite provincial na feira de “*Mañon*” e na “*Venta de Espasande*” o cambio entre comunidades. E tamén neste apartado onde se atoparon na Carta simboloxía sen ningún topónimo e neste caso foi máis complicado que noutras categorías xa que non se puido localizar na maioría dos casos un topónimo asociado (ver anexo Táboas: táboa N^o19, táboa N^o20 e táboa N^o21; ver anexo Mapas: mapa N^o25).
8. As *pontes e barcas localizadas en 1834*. O tránsito dos ríos realizábase fundamentalmente por medio de pontes, barcas e barcos¹⁷⁰. As barcas¹⁷¹ e barcos fluviais empregábanse para atravesar en sentido transversal os ríos máis caudalosos. A incidencia das barcas era importante na vida económica e social polo que actuaban en lugares estratéxicos comunicando ambas beiras do río. No mapa apreciase como preto de barcas e pontes atópanse capelas, hospitais e as augas termais. As barcas podían transportar peregrinos a Compostela e a outros santuarios ou levar os doentes na procura dos baños termais e augas medicinais. Ademais, as pontes e as barcas constitúen unha parte da infraestrutura do comercio porque daban entrada ou saída aos produtos que ían as feiras. Na CGG, Fontán diferenciou entre as pontes de madeira e as pontes de pedra. En total localizou 212 pontes, das cales 134 son de madeira e as 78 restante de pedra. Pouco máis dun 35% das pontes non teñen topónimo. Indicar que nestes casos identificouse o nome na cartografía oficial e aparece na táboa, aínda así determinados casos non se lle puido asociar ningún nome. Con respecto as barcas identificáronse un total de 6 “*barcas*”, a “*Barca de Sarandon, de S. Esteban, de Sardiñeira, del Espiñeira, de Portobrome*” e “*Barca de Porto*”. A “*Barca de Portobrome*” pasa a pertencer o concello lucense de Sober. Pero ca simboloxía de ponte aparecen as barcas de *busto, chayan e porto* e así como o *barco de boadil*. Estas barcas eran de monopolio señorial.

¹⁷⁰ Tamén mediante pasos elevados máis primitivos como os pontillóns e as poldras pero na CGG non hai referencia algunha a ningún deles.

¹⁷¹ As barcas de pasaxe son de gran tamaño e porte, pois podían levar atres carros coa súa carga e ata 25 persoas. Son barcas de madeira de grandes artesas con fondo plano e a súa proa e popa, chatas e moi inclinadas caa afora co fin de que tocaren terra a bordo (Gallego Domínguez, 1986).

9. Sobre os “*Baños y aguas minerales*” ou baños termais, balnearios e augas medicinais. Desde a época dos romanos existe a tradición en Galicia de tomalas augas. Eran baños de baldes nos cales as persoas se bañaban por quendas e non tiñan onde aloxarse (Alonso Álvarez, 2011). No ano 1826 decláranse oficialmente 30 balnearios en España por cumprir unha condicións sanitarias. Deles cinco son galegos, e salvo Cortegada, Fontán identificou os de Caldas de Cuntis, Caldelas de Tui e os dous de Caldas de Reis. Logo foron incorporándose o listado oficial os de Carballo e Arteixo. Na CGG aparecen 13 rexistros sobre balnearios. A maioría deles existían no século XVIII pero sen médico O símbolo identificado co recno 11 a pesar de non dispor de nome, está localizado e sábese do seu cambio ó concello de Mañón (*ver anexo de Táboas: táboas N°22-23 e 26*). En época pasada, Domingo Fontán formou unha corporación na Deputación de Galicia para suprimir as vantaxes do colectivo médico. Fontán consideraba aos médicos directores dos baños “unha praga para o país”. Presentou no congreso unha proposta para quitarlles a asignación porque ademais de gañan un soldo tiñan unha comisión por persoa e gozaban de aloxamento nestes puntos. En outubro do ano 1837 denunciou que moitas das augas minerais de Galicia estaban aínda sen analizar¹⁷². As categorías de *as pontes, as barcas e os baños e augas minerais* represéntanse na mapa N°26 (*ver anexo Mapas*).
10. **Os lugares** son a segunda entidade en número no mapa. Fontán . Aparecen 1010 entidades singulares. Non só localizou os 827 lugares que aparecen dentro dos límites de Galicia en 1834 senón tamén os 183 lugares de Asturias, León e Portugal. Destacado o número de 70 lugares de 1834 son entidades colectivas. Existen 24 casos de lugares ós que afectou a modificación dos límites administrativos, 17 casos de lugares pasan a formar parte de provincia lucense. A existencia de dous lugares identificados por Fontán convertéronse nunha única parroquia na actualidade. Son os casos de os lugares de “Forcadela e Nogaledo” (Rec 348/544) no Barco de Valdeorras co nome de Santiago de Forcadela e Nogadelo, e os lugares de “Oubigo e Outeiro” (Rec 560/564) no concello de Os Blancos (*ver anexo Táboas: táboa N°24; ver anexo Mapas: mapa N°27 ó mapa N°45*).
11. **As fortalezas, torres ou palacios antigos e os castelos en 1834.** Unifica a simboloxía para identificar as fortalezas, as torres e palacios. As torres e castelos naceron como elemento defensivo dos dominios da nobreza e son elemento fundamental para identificar o papel dentro do señorío laico e eclesiástico. No século XV ademais de fortaleza e centro señorial, convertese nun palacio porque o señor viven as súas terras. As fortalezas, como construcións fortificadas de aspecto militar que responden a necesidade de defensa contra o inimigo. Hai unha fortificación da costa galega, como os sistemas de fortificación da costa coruñesa e na fronteira con Portugal (“*Salvatierra*”, “*Monterrei*”, “*Monzao*”, “*Lindoso*”). En total son 48 topónimos, dos cales 39 se identifican como fortalezas e 9 como castelos (*ver anexo de Mapas*). En dous casos non se puido precisar a súa localización: un caso de fortaleza onde non se puido tampouco asociar a un topónimo e tampouco precisar se pertencía ó municipio de Becerreá ou As Nogais (Rec 26) e o outro caso é o castelo “*Co. de La Insua*” (Rec 3) que non se puido precisar se pertence a Galicia, ó concello de A Guarda, ou a Portugal. Mencionar que a aquelas fortalezas que non teñen topónimo algún non foi posible a súa localización na actualidade (*ver anexo Táboas: táboa N°25 e táboa N° 28*).

¹⁷² Sesión parlamentaria do 24/10/1837.

12. Os elementos costeiros na Carta, que aparecen identificados na lenda mediante abreviaturas, son topónimos relacionados con *cabos*, *puntas*, *illotes* e *illas*. Distinguir as illas. Na táboa N^º29 identificanse 296 nomes xeográficos: 26 cabos, 53 illas, 4 identificados como illotes e os restantes 210 como puntas. Destacar que o Cabo de Vares (Rec 14, cabo) pertencía a provincia de Lugo en 1834 e a Illa de Óns non a recoñeceu como parroquia. Pero existe outra toponimia que fai referencia ó sistema costeiro e que non ten abreviatura ou símbolo na lenda. É a identificada na táboa N^º30 que ten que ver cos areais, atalaias, covas, enseadas, praias e rías sumando 52 topónimos novos ós elementos costeiros identificados con anterioridade.
13. *Os ríos e os seus afluentes* representados na Carta. Os ríos son unha vía fácil de comunicación e un medio de sustento. Fontán defendía a canalización dos Ríos para o regadío e coidaba que tódolos ríos desaproveitábanse para o rego e tan só se empregaban para os muiños fariñeiros, dos que non cartografou ningún no mapa. Destaca en maiúsculas os topónimos dos ríos Éo, Sil, Miño, Tambre e río Ulla. Aparecen identificados 129 topónimos de ríos (o nome dun río pode aparecer en varias ocasións). A pesar de que para esta categoría non se realizou mapa destacar a sinuosidade con que Fontán representou os diferentes cursos de auga. Outra toponimia relacionada ca hidrografía aparece identificada na táboa N^º33: arrosios, lagoas pozos e ribeiras. Ademais aparece identificado o nacemento do Miño que a localiza en *Fonte Miñá*, erro arrastrado da cartografía antiga porque no mapa de Ojea tamén foi localizado igual. A lagoa de Antela, chamada tamén de Limia e Beon, calculou a súa extensión en unha legua cadrada.
14. Destacar a referencia a calzada romana (entrada a Galicia pola Portela de Home ate a parroquia de Parada de Ventosa, só na folla 7), e o camiño que va a Oviedo.
15. O Reino de Galicia do que calculou a superficie en 937 leguas cadradas e cunha poboación que se aproxima aos 2 millóns de almas distribuídas nas catro provincias de “LA CORUÑA”, “LUGO”, “ORENSE” E “PONTEVEDRA”. Referencia a 6 comarcas: a do “JALLAS”, a “TERRA DE MONTES” ou Tabeirós, de “TIERRA DE SONEIRA”, “TIERRA DE DEZA”, “TIERRA DE COTOBAD” e “Tierra de Nay”, como a de Sarria.

Todos nomes xeográficos están nas táboas e represéntanse nos mapas segundo as categorías da lenda do mapa. Ademais de estes, aparecen nomes con referencia ao relevo galego, á división administrativa e incluso ás estradas, e outros sen catalogación. Nas táboas N^º30 á N^º36 aparecen eses rexistro toponímicos dispostos nunha ordenación de relevo (máis de 230 nomes xeográficos), sobre delimitacións administrativas (16 denominacións) e un total de 24 topónimos de diferente asignación (ver anexo Mapas: mapa N^º 47 e mapa N^º48).

Existe unha desigualdade nos rexistros toponímicos entre as Cartas de 1834 e 1845. A diferenza de rexistros é considerable superando os **2.300 topónimos**. Ademais de que a lenda do mapa de 1845 contemple novos símbolos e outras nomenclaturas que non aparecen no mapa de 1834, Fontán localizou novos topónimos e modificou a clasificación de moitas das entidades xa cartografadas. Na *táboa N^º37* que se presenta a continuación atende á lenda do

mapa do 1845 e faise unha comparativa do número total de rexistros por categorías en ambas cartas.

CATEGORÍAS	CGG 1834	CGG 1845
Cidade	8	9
Vila	114	117
Vila, cabeza de partido	1	*
Parroquia	3686	3763
Parroquia, cabeza de partido	12	20*
Lugar	1010	1513
Capital Provincia	*	4
Capital Partido	*	42
Capital Concello	*	278
Colexiata	6	5
Monasterio	46	77
Fortaleza	39	73
Castelo	9	*
Capela	130	182
Venta	13	27
Molino	*	3
Ferrería	27	38
Fundición	*	*
Feira	52	182
Baños e Augas	13	20
Encomenda	4	14
de S. Xoán	2	11
de Santiago	2	3
Ponte	212	486
de madeira	134	431
de pedra	78	55
Barca	6	44
Estación	*	513
Río	129	153
Cabo-Punta-Illa-Illote	296	274
Outra toponimia	340	361
Altitudes	*	335
TOTAL	6153	8533

Táboa Nº37: TOTALIZACIÓN DE TOPÓNIMOS DO MANUSCRITO E GRAVADO.
Fonte: Manuscrito da C.G.G. de 1834 e elaboración propia.

A carta de 1845 ten un total de **8.533 topónimos**. Na táboa Nº38 simplifícase numericamente as modificacións dadas na carta de 1845 respecto á C.G.G. de 1834 (*ver anexo Táboas: táboa Nº38*). Como se aprecia na táboa as variacións toponímicas entre as C.G.G. supera as **2.500 modificacións** que veñen dadas pola suma de rexistros que aparecen en 1845 e que non aparecen no manuscrito (máis de 2.100 casos), de aqueles que existen no manuscrito e que na carta de 1845 non aparecen cartografados (máis de 40 casos) e, tamén hai que ter en conta os casos que ou ben cambian de categoría ou ben de nome (máis de 350 casos). Os casos a facer mención son:

- Cidades de 1845: “*Pontevedra*” pasa de considerarse vila en 1834 a cidade en 1845.
- Vilas: Fontán cartografou como novas vilas en 1845 “*Sto. Tome*” de Cambados, “*VILLANUEBA*” de Vilanova de Arousa, parroquia no 1834, e “*MONTERREY*”, que aparecía como fortaleza. Cambio de categoría de Tuj de cidade a vila.
- Parroquias rurais: A parroquia de “*Lamas de Arcos*” ten asociado dúas localizacións, identificando o punto da igrexa dentro dos límites portugueses e o punto da parroquia dentro dos límites galegos (no manuscrito é punto sobre o límite dos reinos); as entidades de “*Pías*” e “*Barjacoba*” pertencen a Zamora dado polo cambio de límites; a parroquia de “*Abres (Santo.)*” de Trabada localízase en León; a parroquia de Sabugueira (Santiago de Compostela) ten dous puntos que indican a igrexa vella e a


igreja nova; existen tres casos que teñen a mesma casuística: a existencia de dous puntos parroquiais sen cambio de localización pero si un cambio dos rexistros: “*Sa. María de Esgos*” e “*Sta Eulalia de Esgos*” no concello de Esgos, “*Cabo Vilaño (San Roman)*” e “*Vilariño (Santo.)*” no concello de Laracha e “*S. Tecla (Abeleda)*” e “*S. Payo (Abeleda)*” no concello de Castro-Caldelas

- Parroquias exclusivas da CGG de 1845: A parroquia de “*Iglesia Nueva*” en Lavacolla (Santiago de Compostela) e a parroquia “*Castelo*”, na capela de Santa Olaia do lugar do Castelo da parroquia de San Xoán de Noceda das Nogais.
- Parroquias cabeza de partido: Sobre vixías, identificou once puntos mais no mapa de 1845. A “*Vigia de Vicedo*” na provincia de Lugo e as “vigía” de *Espasante, de Limo ò del Cabo, Herbeira, Suevos, “El Nuevo” e “El Viejo*” (instalada no Facho de Touriñán e Monte do Seixo en Muxía), *Cabo Finisterre, Ancados* e dúas sen topónimo (no monte San Lois (Noia) e no bico do Monte (Carnota)) na provincia de Coruña. Calculou a altitude da “vigía de Monte Ventoso” en 286 varas sobre o nivel do mar.
- Lugares: Fontán cartografía 483 lugares novos con respecto ao mapa de 1834. Máis da metade dos novos rexistros pertencen á provincia da Coruña aos actuais municipios de Santiago de Compostela, Vimianzo, Dumbria, Muxía e Mazaricos. Destacar os lugares de “*Lealo*” e “*Benposta*”, ambos tamén lugares no 1834, con cambio de coordenadas.
- A Administarción de xustiza: identifica as 42 cabezas de partido onde se atopa o xulgado corresponde.
- Identifica as capitais de concello.
- Colexiata: Sinalar que “*Cabeiro*” aparece como mosteiro en 1834 e como colexiata en 1845.
- Fortalezas e Castelos: Localizou entre outros o Castelo do Cardeal e a Torre de Mens na provincia da Coruña e a Torre do Oeste na provincia de Pontevedra. Na CGG de 1834 identificara como “*Vigo*” o “*Co. del Castro*” e no mapa de 1845 grava os nomes do Castelo de Andrade, o de Sandiás e as Torres de Lestrobe que non aparecían no mapa anterior. Fontán modificou a categoría de varís rexistros, como son os casos de “*Golpelleira*” e “*Rubianes*” en Vilagarcía de Arousa, “*Moldes*” en Boborás e “*Curbian*” en Palas de Rei, parroquias na CGG de 1834 e “*Goyanes*” en Boiro, que o identificou como lugar.
- Ventas: Localiza nove ventas mais. Na provincia da Coruña as de “*Ferro*”, “*Balcones*” (lugar de Balcones na parroquia de Santa María de Veríns en Irixoa), “*Corna*” (lugar da parroquia de San Martiño de Fontecada en Santa Comba) e dúas sen nome que fan referencia á parroquia de San Tirso de Muíño e lugar de Castiñeiros en Santa María de Chaián; “*Libureira*” (en Palas de Rei) e “*La Penela*” (no Corgo) na provincia de Lugo e “*Furriolo*” en Ourense.
- Muíños: identifica 3 muíños “*Fumiña*” no Irixo, “*Catabois*” en Narón e un muíño sen nome pero que indica a altitude en 202 varas sobre o nivel do mar, que é o lugar de Muíño de Vento da parroquias de San Martiño de Meira en Sada.
- Encomendas: Aumento a identificación das pertenzas das cinco encomendas da orden de san Xoán en Galicia. Dentro do ámbito xeográfico da encomenda de Portomarín identificou o priorado de “*Regoa*”; no da encomenda de Quiroga, identificou o priorado “*Hospital*” e curato “*hospital*”; da encomenda de Beade, a casa central da encomenda en Beade, o priorado de “*Castrelo*” e o curato de “*Balde*”; da encomenda de Osoño, a casa central en Osoño. Identifica de SANTIAGO, “*Cartelle*” sendo curato da encomenda de Osoño

- Feiras: Triplicou o número de feiras: 45 en Coruña; 67 en Lugo; 30 en Ourense e 38 en Pontevedra (dúas en Asturias). Principalmente aparecen nas vilas das provincias orientais galegas: Rivadeo, Sarria, Castro de Rei, Taboada, Monforte así como tamén en Carballiño, Maside, Xinzo, Allariz e nas cidades de Ourense e Mondoñedo.
- As pontes: Duplicou o número de pontes e identificou medio centenar de barcas, principalmente no curso de río Sil e Miño, incluso no Tambre.
- Estación: Distinguese a rede xeodésica marcando ós puntos da rede de primeiro e inferior orde, con altitudes que van desde as 254 as 2396 varas sobre o nivel do mar.
- “*Carretera proyectada*”: estrada de Ferrol-Vilalba-Outeiro de Rei, que enlaza ca estrada Coruña-Betanzos-Lugo- Villafranca del Bierzo.

3.4. AS PARROQUIAS GALEGAS DA CGG: PARTICULARIDADES E DIFERENZAS ENTRE 1834 E 1845.

A rede parroquial en Galicia caracterízase por ser numerosa e duradeira cubrindo todo o territorio galego (Pegerto Saavedra, 2013). Segundo Domingo Fontán, na demarcación territorial galega de carácter rural adáptanse a administración civil e eclesiástica. No medio urbano, o cartógrafo distinguiu as cidades e vilas, desvinculándose de identificar parroquias urbanas. Comparando as parroquias rurais que aparecen no manuscrito de 1834 e do gravado de 1845, existen diferenzas no seu número como nos topónimos parroquiais e as súas advocacións. O número de parroquias rurais na CGG de 1834 é de 3.529 entidades e de 3.619¹⁷³ para 1845. Comparando as parroquias de ambas datas, prodúcense dous tipos de variacións: existe un número determinado de parroquias rurais de 1834 que non aparecen en 1845 (*ver anexo I: “As parroquias de 1845 inexistentes en 1834”*) e, un número de parroquias rurais incorporadas no 1845 sen antecedentes no 1834 (*ver anexo II: “As parroquias de 1834 inexistentes en 1845”*).



Figuras 70 e 81: DIFERENZAS PARROQUIAIS ENTRE AS C.G.G. DE 1845 E 1834.
Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, ArcView e elaboración propia.

¹⁷³ Total do computo das parroquias e parroquias cabeza de partido con referencia á táboa número 37 (ver tomo de táboas).

Fontán incorporou no mapa de 1845 **106 rexistros de comunidades rurais** que non aparecen no mapa de 1834. (ver táboa N^o39). Estas variacións parroquiais foron un acerto por parte do cartógrafo porque son entidades que perduran no tempo e coinciden no topónimo gravado no mapa, salvo os casos de “*Iglesia Nueva*” e “*Castelo*”.

N ^o	PARO1845	F45	1834	CONCE ACTUAL	ID IKM
1	<i>Marmancón</i>	2	Non existía	Ferrol	NK5199
2	<i>Villar</i>	2	Non existía	Ferrol	NK6136
3	<i>Moeche (S. Juan)</i>	2	Non existía	Moeche	NK7292
4	<i>S. Saturnino</i>	2	Monasterio	San Sadurniño	NK7240
5	<i>Labrada</i>	3	Non existía	Abadín	PK2016
6	<i>Dóiras</i>	3	Non existía	Tapia	PK7046
7	<i>Moráime</i>	4	Monasterio	Muxía	MH8740
8	<i>Baiñas</i>	4	Monasterio	Vimianzo	MH9694
9	<i>Condíns</i>	4	Non existía	Cabana	NH0883
10	<i>Goyánes</i>	4	Non existía	Carballo	NH2816
11	<i>Viceso</i>	4	Non existía	Brion	NH2416
12	<i>Troitosende</i>	4	Non existía	A Baña	NH2574
13	<i>Soándres</i>	4	Monasterio	Laracha	NH4816
14	<i>Iglesia Nueva</i>	5	Non existía	Santiago de C.	NH4550
15	<i>Cambre</i>	5	Monasterio	Cambre	NH5933
16	<i>Guisamo</i>	5	Lugar	Bergondo	NH5994
17	<i>Cernéda</i>	5	Non existía	Abegondo	NH5894
18	<i>Brabío</i>	5	Non existía	Betanzos	NH6941
19	<i>Bréamo</i>	5	Non existía	Ponte deume	NK6065
20	<i>Colantres</i>	5	Non existía	Coirós	NH6970
21	<i>Mozonzo</i>	5	Monasterio	Vilasantar	NH7608
22	<i>Dorméa</i>	5	Monasterio	Boimorto	NH7641
23	<i>Liñares</i>	5	Non existía	Santiso	NH7469
24	<i>S. Pedro da Porta</i>	5	Non existía	Sobrado	NH7696
25	<i>Gondollín</i>	5	Non existía	Melide	NH7596
26	<i>Castro</i>	5	Non existía	Melide	NH7595
27	<i>Capela (Sa. Maria)</i>	5	Monasterio	Toques	NH8539
28	<i>Palas de Rei</i>	5	Fortaleza	Palas de Rei	NH9427
29	<i>Veral</i>	5	Lugar	Lugo	PH1612
30	<i>Costante</i>	5	Non existía	Guntín	PH1524
31	<i>Lousada (Sta. Eulalia)</i>	6	Non existía	Guntín	PH1550
32	<i>Aguiar (Sn. Claudio)</i>	6	Non existía	Outeiro de Rei	PH1782
33	<i>Moreiras</i>	6	Monasterio	Castroverde	PH3614
34	<i>Monte Cubeiro</i>	6	Monasterio	Castroverde	PH3752
35	<i>S. Justo</i>	7	Monasterio	Lousame	NH1450
36	<i>Vilariño</i>	7	Non existía	Cambados	NH1077
37	<i>Armentera</i>	7	Monasterio	Meis	NH2034
38	<i>Poyo</i>	7	Monasterio	Poio	NG2969
39	<i>Oza</i>	7	Non existía	Teo	NH3387
40	<i>Lojo</i>	8	Non existía	Touro	NH5446
41	<i>Biñós</i>	8	Non existía	Arzúa	NH6486
42	<i>FuenteCabalos</i>	8	Non existía	Lalín	NH7219
43	<i>Palio</i>	8	Non existía	Lalín	NH7344
44	<i>Pena</i>	8	Non existía	Lalín	NH7244
45	<i>S. Clodio</i>	8	Monasterio	Leiro	NG7921
46	<i>Arcidiago</i>	8	Non existía	Santiso	NH7493
47	<i>Saa</i>	8	Non existía	Dozón	NH7198
48	<i>Vidueiros</i>	8	Non existía	Dozón	NH8111
49	<i>Osera</i>	8	Monasterio	San Crist. de Cea	NH8150
50	<i>Arcos (Sta. Ma.)</i>	8	Non existía	Antas de Ulla	NH9316
51	<i>Adá</i>	8	Non existía	Chantada	NH9234
52	<i>Argozon</i>	8	Non existía	Chantada	NH9235
53	<i>Loureiro</i>	8	Lugar	Carballedo	NH9121

(continuación táboa páxina seguinte)

A parroquia galega a partir da Carta Geométrica de Galicia

Nº	PARO1845	F45	1834	CONCE ACTUAL	ID IKM
54	<i>Taboada dos Freires</i>	8	Non existía	Taboada	NH9268
55	<i>Monte</i>	8	Non existía	Chantada	NH9224
56	<i>Pombeiro</i>	8	Monasterio	Pantón	PH0060
57	<i>Sabadelle</i>	8	Non existía	Portomarín	PH1307
58	<i>Villarbasán</i>	8	Non existía	Portomarín	PH0395
59	<i>Mato</i>	8	Non existía	Pantón	PH1123
60	<i>Siós</i>	8	Non existía	Pantón	PH1046
61	<i>Cangas (S. Fiz)</i>	8	Monasterio	Pantón	PH1014
62	<i>Cangas (Stfo)</i>	8	Monasterio	Pantón	PH1022
63	<i>Rosende</i>	8	Monasterio	Sober	PH1032
64	<i>Parada (Sta Marina)</i>	9	Monasterio	Parada de Sil	PG1945
65	<i>Parada (Sa. Cr. ta.)</i>	9	Monasterio	Parada de Sil	PG1973
66	<i>Seoane</i>	9	Ferrería	Folgozo do Courel	PH5212
67	<i>La Seara</i>	9	Ferrería	Quiroga	PH5145
68	<i>Cernejo</i>	9	Lugar	V. de Valdeorras	PH5041
69	<i>Castelo</i>	9	Non existía	As Nogais	PH5366
70	<i>Correjanas</i>	9	Monasterio	Vilamartín de Valdeorras	PG5975
71	<i>Lindoso</i>	9	Non existía	Vega de Valcarce	PH6216
72	<i>Paradollán</i>	9	Lugar	Rubiá	PH7052
73	<i>Lardeiro</i>	9	Lugar	Carballeda de	PG7990
74	<i>Melón</i>	11	Monasterio	Melón	NG6758
75	<i>Quintela</i>	11	Non existía	Crecente	NG6667
76	<i>Groba</i>	11	Lugar	Ribadavia	NG7845
77	<i>Sadurnín</i>	11	Non existía	Cenlle	NG7856
78	<i>Cela</i>	11	Monasterio	Lobios	NG8319
79	<i>Bande</i>	11	Monasterio	Bande	NG8553
80	<i>Fechas</i>	11	Non existía	Celanova	NG8780
81	<i>Fitós</i>	11	Non existía	Boticas	NG8393
82	<i>Sa. Ma. La Real de Junia</i>	11	Non existía	Boticas	NG9302
83	<i>Paradela</i>	11	Non existía	Porqueira	NG9520
84	<i>Candás</i>	11	Monasterio	Rairiz de Veiga	NG9630
85	<i>Ceboliño</i>	11	Non existía	Ourense	NG9858
86	<i>Vilar de Santos</i>	11	Lugar	Vilar de Santos	NG9599
87	<i>Armarís</i>	11	Non existía	Xunqueira de Ambía	PG0725
88	<i>Meigendo</i>	11	Non existía	Boticas	PG0341
89	<i>Faramontaos</i>	11	Non existía	Xinzo de Limia	PG1501
90	<i>Junquera de Espadaneda</i>	11	Monasterio	Xunqueira de	PG1825
91	<i>Sarreaus</i>	12	Lugar	Sarreaus	PG1650
92	<i>Rubiós</i>	12	Lugar	Riós	PG3485
93	<i>Prado Alvar</i>	12	Non existía	Vilarinho de Conso	PG4700
94	<i>Édrada (S. Mamed)</i>	12	Lugar	Vilarinho de Conso	PG4638
95	<i>Chao de Castro</i>	12	Lugar	O Bolo	PG5842
96	<i>Pegeiros</i>	12	Lugar	Viana do Bolo	PG5653
97	<i>Prado Longo</i>	12	Non existía	A Veiga	PG5758
98	<i>Quintela de Edroso</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG5782
99	<i>Humoso (Quintela)</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG5676
100	<i>Humoso (Tabazoa)</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG5685
101	<i>Dradelo</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG5694
102	<i>Viana (Sn. Agustin)</i>	12	Monasterio	Viana do Bolo	PG5698
103	<i>Castromao</i>	12	Non existía	A Veiga	PG6708
104	<i>Castiñeira</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG6603
105	<i>Meda</i>	12	Lugar	A Veiga	PG6825
106	<i>Prado Ramisquedo</i>	12	Non existía	Viana do Bolo	PG6657

Táboa Nº39: PARROQUIAS DE 1845 QUE NON EXISTÍAN COM O TAL EN 1834.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.

Independentemente da súa casuística a continuación detállanse cada un dos casos (ver anexo de Figuras: figura 70 á 80):

1. *Marmancón*: actual entidade de San Pedro de Marmancón de Ferrol.

2. *Villar*: como “Santa Marina de Villar” no século XIX. Hoxe aparece integrada na cidade de Ferrol.
3. *Moeche (S.Juan)*: parroquia vixente San Xoán de Moeche do concello de Moeche.
4. *S. Saturnino*: entidade presente no concello de San Sadurniño, Santa María de San Sadurniño.
5. *Labrada* : como San Pedro de Labrada do concello de Abadín.
6. *Dóiras*: entidade do concello de Tapia de Casariego (Asturias).
7. *Moraima*: como San Xulián de Moraima do concello de Muxía.
8. *Baiñas*: como Santo Antoiño de Baiñas do concello de Vimianzo.
9. *Condíns*: como San Paio de Cundíns do concello de Cabana.
10. *Goyanes* : como Santo Estevo de Goiáns do concello de Carballo.
11. *Viceso*: como Santa María de Viceso do concello de Brión.
12. *Troitosende*: como Santa María de Troitosende do concello de Baña.
13. *Soándres*: como San Pedro de Soandres do concello de Laracha.
14. *Iglesia Nueva*: no ano 1845 pertencía ao concello de Enfesta. Fortán pode facer referencia á capela de San Roque na presente parroquia de San Paio de Sabugueira (Santiago de Compostela).
15. *Cambre*: como a parroquia de Santa María de Cambre do concello de Cambre.
16. *Guisamo*: como Santa María de Guisamo do concello de Bergondo.
17. *Cerneda*: como San Salvador de Cerneda do concello de Abegondo.
18. *Brabío*: como San Martiño de Brabío do concello de Betanzos.
19. *Bréamo*: como San Miguel de Breamo do concello de Pontedeume.
20. *Colantres*: como San Salvador de Colantres do concello de Coirós.
21. *Mozonzo*: como parroquia de Santa María de Mezonzo do concello de Vilasantar.
22. *Dormeá*: como San Cristovo de Dormeá do concello de Boimorto.
23. *Liñares*: como Santiago de Liñares do concello de Santiso.
24. *S. Pedro da Porta*: como San Pedro de A Porta do concello de Sobrado.
25. *Gondollin*: como San Martiño de Gondollín do concello de Melide.
26. *Castro*: como San Tomé de Castro do concello de Melide.
27. *Capela (Sa. Maria)*: como Santa María de A Capela do concello de Toques.
28. *Palas de Rei*: como San Tirso de Palas de Rei do concello de Palas de Rei.
29. *Veral*: como San Vicente de O Veral do concello de Lugo.
30. *Constante*: como San Miguel de Constante do concello de Guntín.
31. *Lousada (Sta. Eulalia)*: como Santa Eulalia de Lousada do concello de Guntín.
32. *Aguiar (Sn. Claudio)*: como San Clodio de Aguiar do concello de Outeiro de Rei.
33. *Moreiras*: como Santa María de Moreira do concello de Castroverde.
34. *Monte Cubeiro*: como San Cibrao de Montecubeiro do concello de Castroverde.
35. *S. Justo*: como San Xusto de Toxos Outos do concello de Lousame.
36. *Vilariño*: como Santo Adrián de Vilariño do concello de Cambados.
37. *Armentera*: como Santa María de A Armenteira do concello de Meis.
38. *Poyo*: como San Xoán de Poio do concello de Poio.
39. *Oza*: como Santa Baia de Oza do concello de Teo.
40. *Lojo*: como Santa María de Loxo do concello de Touro.
41. *Biñós*: como San Pedro de Viñós do concello de Arzúa.
42. *Fuente Cabalos*: lugar da parroquia de Santiago de Sello do concello de Lalín; baixa parroquial “San Mamede de Fuentecaballos” ata 1888.
43. *Palio*: como os lugares de Palio de Riba e Palio de Baixo da parroquia de San Xiao de Rodís do concello de Lalín; baixa parroquial “Santa Eulalia de Palio” ata 1888.

44. *Pena*: como lugar da parroquia de Santa Baia de Donsión do concello de Lalín; baixa parroquial “San Cristóbal de Pena” ata 1888
45. *S. Clodio*: como Santa María de San Clodio do concello de Leiro.
46. *Arcidiago*: como San Xoán de A Ponte Arcediano do concello de Santiso.
47. *Saa*: como Santiago de Saa do concello de Dozón.
48. *Vidueiros*: como Santa María de Bidueiros do concello de Dozón
49. *Osera*: como Santa María a Real de Oseira do concello de San Cristovo de Cea.
50. *Arcos (Sta. Ma.)*: como Santa María de Arcos do concello de Antas de Ulla.
51. *Adá*: como Santa Baia de Adá do concello de Chantada.
52. *Argozon*: como San Vicente de Argozón do concello de Chantada.
53. *Loureiro*: como aldea da parroquia de San Miguel de Bucifios do concello de Carballedo; baixa parroquial “San Xoán de Loureiro” ata 1860.
54. *Taboada dos Freires*: como Santa María de Taboada dos Freires do concello de Taboada.
55. *Monte*: como San Miguel de O Monte do concello de Chantada
56. *Pombeiro*: como San Vicente de Pombeiro do concello de Pantón
57. *Sabadelle* como San Salvador de Sabadelle do concello de Portomarín.
58. *Villarbasín*: como San Pedro de Vilarbasín do concello de Portomarín.
59. *Mato*: como Santo Estevo de O Mato do concello de Pantón.
60. *Siós*: como San Martiño de Siós do concello de Pantón.
61. *Cangas (San Fiz)*: como San Fiz de Cangas do concello de Pantón.
62. *Cangas (Santo.)*: como Santiago de Cangas do concello de Pantón.
63. *Rosende*: como San Miguel de Rosende do concello de Sober.
64. *Parada (Sta. Marina)*: como Santa Mariña de Parada de Sil do concello de Parada de Sil.
65. *Parada (Sa. Cristina)*: como Santa Cristina de Caxide do concello de Parada de Sil.
66. *Seoane*: como San Xoán de Seoane do Courel do concello de Folgoso do Courel.
67. *La Seara*: como Santa María Madanela de Seara do concello de Quiroga.
68. *Cernejo*: como San Víctor de Cernego do concello de Vilamarín de Valdeorras.
69. *Castelo*: como lugar da parroquia de San Xoán de Noceda do concello de As Nogais.
70. *Correjanas*: como San Pedro de Correxais do concello de Vilamartín de Valdeorras.
71. *Lindoso*: pertence a Vega de Valcarce en León.
72. *Pardollán*: como Santo Estevo de Pardollán do concello de Rubiá.
73. *Lardeira*: como San Tirso de Lardeira do concello de Carballada de Valdeorras.
74. *Melón*: como Santa María de Melón do concello de Melón.
75. *Quintela*: como San Caetano de Quintela do concello de Crecente.
76. *Groba*: lugar de San Pedro de Sanín do concello de Ribadavia; baixa parroquial “Santa María de Groba” ata 1888.
77. *Sadurnín*: como San Xoán de Sadurnín do concello de Cenlle.
78. *Cela*: como Santa María de A Cela do concello de Lobios.
79. *Bande*: como San Pedro de Bande do concello de Bande.
80. *Fechas*: como Santa María de Fechas do concello de Celanova
81. *Pitós*: localízase en Boticas, Portugal.
82. *Sa. Ma. La Real de Junia*: localízase en Boticas, Portugal.
83. *Paradela*: como San Xoán de Paradela de Abeleda do concello de Porqueira.
84. *Candás*: como San Martiño de Candás do concello de Rairiz de Veiga.
85. *Ceboliño*: como Bo Xesús de Ceboliño do concello de Ourense.

86. *Vilar de Santos*: como San Xoán de Vilar de Santos do concello de Vilar de Santos. Identificada como parroquia a Saà e lugar a Vilar de Santos en 1834 mentres que en 1845 Saà aparece como lugar e Vilar de Santos como parroquia. Entre os Nomenclatores de 1860 e 1900 como parroquia “San Juan de Saa”.
87. *Armarís*: como San Salvador de Armariz do concello de do concello de Xunqueira de Ambía.
88. *Meigendo*: localizase en Boticas, Portugal.
89. *Faramontaos*: como San Salvador de Faramontaos do concello de Xinzo de Limia.
90. *Junquera de Espadaneda*: como San Espadanedo de Xunqueira de Espadanedo do concello de Xunqueira de Espadanedo.
91. *Sarreaus*: como San Salvador de Sarreaus do concello de Sarreaus.
92. *Rubiós*: como San Pedro de Rubiós do concello de Riós.
93. *Prado Alvar* como Santo André de Pradoalbar do concello de Vilariño de Conso.
94. *Edrada (S. Mamed)* como San Mamede de Hedrada do concello de Vilariño de Conso.
95. *Chao de Castro* como San Martiño de Chao de Castro do concello de O Bolo.
96. *Pegeiros* como Santa María de Pexeiros do concello de Viana do Bolo.
97. *Prado Longo*: como San Pedro de Pradolongo do concello de A Veiga.
98. *Quintela de Edroso*: como San Cosme de Quintela de Hedroso do concello de Viana do Bolo.
99. *Humoso* (quintela): como Padre Eterno de Quintela de Umoso do concello de Viana do Bolo.
100. *Humoso (Tabazoa)*: como San Sebastián de Tabazoa de Umoso (Viana do Bolo.
101. *Dradelo*: como lugar da parroquia de San Sebastián de Tabazoa de Humoso do concello de Viana do Bolo. Existiu “San Pedro de Dradelo” ata 1888.
102. *Viana (Sn. Agustín)*: como lugar da parroquia de San Cibrao de Rubiais do concello de Viana do Bolo. Existiu “San Agustín” ata 1873.
103. *Castromao* como Santa María de Castromao do concello de A Veiga.
104. *Castiñeira*: como lugar da parroquia de San Lourenzo de Seber do concello de Viana do Bolo. Existiu “San Mateo de Castiñeira” ata 1888.
105. *Meda*: como Santa María de Meda do concello de A Veiga.
106. *Prado Ramisquedo*: como San Sebastián de Pradorramisquedo do concello de Viana do Bolo.

Fontán incorporou no mapa de 1834 unha serie de parroquias que posteriormente non aparecen en 1845 (*ver anexo Figuras: figura N^o81 á figura N^o87*)¹⁷⁴. Son un total de **25 parroquias** identificadas no manuscrito. Salvo as entidades de *Pontevedra, Vilaleo, Castelo, Vilanova de Arousa, A Somoza, León, Moreda, Millan e Saa*, o resto non hai referencia nos nomenclatores eclesiásticos ou índices de parroquias eclesiásticas. A casuística de cada caso

1. *Chamorro*: como capela na parroquia de San Salvador de Serantes (Ferrol).
2. *Seijo*: como aldea da parroquia de Santiago de Franza (Mugardos).
3. *Bronllo*: como aldea da parroquia de San Martiño de Broño (Negreira).
4. *Pontevedra*: como aldea da parroquia de San Martiño de Liñao (Negreira).
5. *Armada*: como entidade da parroquia de San Xiao de Cumbras (Sobrado).
6. *Riotorto*: aldea da parroquia de San Pedro de O Buriz (Guitiriz).
7. *Vilaleo*: como Santa María de Vilaleo (Láncara)

¹⁷⁴ Estas figuras teñen de fondo o facsimile da C.G.G. de 1834 de 16 follas decida pola biblioteca Nabal de Lugo.

8. *Villabad*: como Santa María de Villabade (Castroverde).
9. *Murias*: entidade que pertence ó municipio de Tapia de Casariego (Asturias).
10. *Castelo*: como aldea da parroquia de San Fiz de Donís (Cervantes).
11. *Sálvora*: illa da parroquia da Nosa Señora do Carme de Aguiño (Ribeira).
12. *Villanueva*: como San Cibrán de Vilanova de Arousa (Vilanova de Arousa).
13. *Golpelleira*: como o Pazo da Golpelleira na parroquia de Santa Baia de Vilagarcía (Vilagarcía de Arousa).
14. *Somoza*: como a parroquia Santo André de A Somoza (a Estrada).
15. *Coedo*: como aldea da parroquia de San Miguel de Bucíños (Carballedo).
16. *Co. de Magdalena*: Fontán fai referencia ó antigo castro de A Madanda na parroquia de San Xoán de Coles pero este punto non o localizou bem porque da a ubicación na parroquia de San Miguel de Meliás.
17. *S. Mrñ. de León*: como San Martiño de Vedro (Portomarín).
18. *S. Salv. de Moreda*: como San Salvador de Moreda (Monforte de Lemos).
19. *Millan*: como San Nicolao de Millán (Sober).
20. *Casa de las Pozas*: é identificado só o topónimo en 1845 e na actualidade localízase na capela de San Pedro na parroquia de San Xoán de Noceda (As Nogais).
21. *Saá*: como caso particular. Identificada como parroquia a Saá e lugar a Vilar de Santos en 1834 mentres que en 1845 Saá aparece como lugar e Vilar de Santos como parroquia. Entre os Nomenclatores de 1860 e 1900 a parroquia é “San Juan de Saa”.
22. *Soutelo*: como aldea da parroquia de San Mamede de Sobregade (Porqueira).
23. *Penalonga*: como aldea da parroquia de Santiago de Cobas (Os Blancos).
24. *Parada*: como parroquia San Lucas de Parada da Serra (A Gudiña).
25. *Sigirei* de Boticas en Vila Real (Portugal).

Nº	PARO1834	F34	1845	CONCE ACTUAL	ID IKM
1	<i>Chamorro</i>	1	CAPELA	FERROL	NK6107
2	<i>Seijo</i>	1	LUGAR	MUGARDOS	NK6132
3	<i>Bronllo</i>	3	LUGAR	NEGREIRA	NH1563
4	<i>Pontevedra</i>	3	LUGAR	NEGREIRA	NH1499
5	<i>Armada</i>	4	CAPELA	SOBRADO	NH8720
6	<i>Riotorto</i>	4	LUGAR	GUITIRIZ	NH9922
7	<i>Vilaleo</i>	4	NON EXISTE	LÁNCARA	PH3428
8	<i>Villabad</i>	4	NON EXISTE	CASTROVERDE	PH3676
9	<i>Murias</i>	4	LUGAR	TAPIA	PH6959
10	<i>Castelo</i>	4	LUGAR	CERVANTES	PH6498
11	<i>Sálvora</i>	5	ESTACIÓN	RIBERIA	MH9092
12	<i>Villanueva</i>	5	VILA/CAPITAL	VILANOVA DE AROUSA	NH1143
13	<i>Golpelleira</i>	5	FORTALEZA	VILAGARCÍA DE AROUSA	NH2106
14	<i>Somoza</i>	5	NON EXISTE	A ESTRADA	NH4214
15	<i>Coedo</i>	6	LUGAR	CARBALLEDO	NH9039
16	<i>Co. de la Magdalena</i>	6	ESTACIÓN	COLES	NG9974
17	<i>Sa. Mariña de Leon</i>	6	NON EXISTE	PORTOMARÍN	PH0492
18	<i>S. Salv. de Moreda</i>	6	VILA/CAPITAL	MONFORTE DE LEMOS	PH1150
19	<i>Millan</i>	6	NON EXISTE	SOBER	PH1041
20	<i>Casa de las Pozas</i>	6	INDETERMINAR	AS NOGAIS	PH6303
21	<i>Saá</i>	8	LUGAR	VILAR DE SANTOS	NG9690
22	<i>Soutelo</i>	8	LUGAR	PORQUEIRA	NG9582
23	<i>Penalonga</i>	8	LUGAR	OS BLANCOS	PG0426
24	<i>Parada</i>	8	LUGAR	A GUDIÑA	PG4544
25	<i>Sigirei</i>	8	LUGAR	BOTICAS	PG4385

Táboa Nº40: PARROQUIAS DE 1834 QUE NON EXISTÍAN COM O TAL EN 1845.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propi a.

Invención das parroquias por parte de Fontán. A organización municipal aparece nos Boletín Oficiais do século XIX onde se especifican as parroquias que formaron os novos concellos. Como fonte legal realizouse unha *comparativa* para coñecer o nivel de conxunción entre o manuscrito de 1834 e as modificacións expostas no gravado de 1845 e os boletíns oficiais das provincias galegas¹⁷⁵. Nesta equiparación entre o Boletín Oficial e a CGG, hai **138 casos de parroquias que aparecen no BOE** e que non existen con esta categoría na CGG de 1834 (*ver anexo Táboas: táboa N°41 á táboa N°44*) pero dos cales **67 casos existen como parroquias na CGG de 1845** e 18 casos están localizados con outra categoría. As dúas figuras indican os concellos galegos os que pertencen estas parroquias inexistentes na CGG:




Figura 88: CONCELLOS OS QUE PERTENCEN AS PARROQUIAS QUE EXISTEN NO BOE E NON NA CGG.
Fonte: BOE 1834, BOE 1845, CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.

Na primeira figura aparecen os 92 concellos os que pertencen os 138 casos que representan o 29,2% do territorio galego e na segunda figura e de cor amarela aparecen seleccionados 59 concellos que son aqueles os que pertencen os casos de parroquias que aparecen identificados e cartografados na CGG de 1845.

Nesta comparativa aparece outra casuística: parroquias cartografadas na CGG e que non aparecen nos Boletíns Oficiais. En total son **116 parroquiais** dos cales 38 deles só aparecen na fonte de Domingo Fontán e os restantes 78 casos tiveron continuidade parroquial no século XIX e polo tanto con base no Mapa Fontán (*ver anexo Táboas: táboa N°45, N°46, N°47 e N°48*).

¹⁷⁵ O boletín Oficial da provincia da Coruña número 206 do 21 de novembro de 1836 ; o Boletín Oficial da provincia de Lugo número 22 do 21 de febreiro do ano 1845; O Boletín Oficial da provincia de Ourense número 47 do 10 de xuño do 1836 e o Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 97 do 3 de decembro de 1836.





Figura 89: PARROQUIAS EXISTENTES NA CGG QUE NON APARECEN NO BOE.
 Fonte: BOE 1834, BOE 1845, CGG de 1834, CGG de 1845 e elaboración propia.


3.5. UNHA PANORÁMICA DE PARROQUIAS DE 1834 NO SÉCULO XXI.

Domingo Fontán identificou e localizou 3.517 parroquias rurais galegas das cales 122 casos xa non se identifican con esa xerarquización na actualidade (*ver anexo III: “As parroquias de 1834 inexistentes na actualidade”*), ben por ser parroquias que se agregaron ás veciñas, ben porque foron parroquias que desapareceron ou porque cambiaron o seu lugar de localización. Facer mención que existen casos que non se lle localizou correspondencia con un topónimo existente.

No mapa N^o49 (*ver anexo Mapas*) aprécianse no seu conxunto todas as parroquias que presentan esta casuística recoñecidas mediante un identificador numérico (identificador que coincide co campo “Rec_C” do cadro 3 referido a parroquias rurais que as ordena alfabeticamente e o mesmo identificador que aparece nos mapas 3 ó 25). Na táboa N^o49 (*ver anexo Táboas*) detállanse todos e cada un dos 122 topónimos, identificando o seu topónimo oficial como tamén a súa localización parroquial e municipal de hoxe. Nesta táboa os topónimos identificados por Fontán teñen un topónimo oficial hoxe en día pero é necesario facer unha mención a parte de determinados casos polas súas particularidades: Parroquias que supuxeron un **cambio provincial** galego, caso das parroquias de “*Angueiros*” (rec 126) e “*S. Martin*” (rec 2776) que da provincia ourensá pasaron á provincia luguesa, ambos do municipio de Quiroga; Outra casuística é de parroquias que pasaron a ser **lugares** como é o caso de “*Erbedelo*” (rec 1066) que pasou a converterse en dous lugares, Erbedelo de Abaixo e Erbedelo de Arriba; ou o caso das parroquias de “*Rivera*” (rec 2522) e “*Villalpage*” (rec 3552) que pasaron de ser dúas parroquias a converterse a un único lugar, a Rivera de Vilapape; os casos das parroquias de “*Sa. Marta*” que **desapareceu** no encoro do Vao e a parroquia de Alberguería nas canteiras das covas de Alberguería. Por outro lado non se **puido precisar a localización** de “*Gundin*” (rec 1393), “*Sa. Marina*” (rec 2963) e tampouco a de “*Camino*” (rec 1393), “*La Vega*” (rec 1469) e “*Toiriz*” (rec 3296), aínda que estes tres últimos casos asóciense ós topónimos de Montecelo, As Casiñas e Lustias, respectivamente.




MAPA Nº49
PARROQUIAS DA
C.G.G. DE 1834
INEXISTENTES
NA ACTUALIDADE



FONTE: CGG 1834, Landsat, IGN,
 Xunta de Galicia e elaboración propia.

1:1.232.711



Kilómetros
 1 centímetro = 12 kilómetros

SIMBOLOXÍA	
●	Parroquias desaparecidas
—	PROVINCIAS (CGG 1834)
—	LIMITE GALICIA (CGG 1834)
Mosaico Satélite	
Red	Band_3
Green	Band_2
Blue	Band_1

Coordenadas UTM Fuso 29
 Sistema de proxección:
 Proxección Transversal Mercator
 DATUM: European Datum 1950

*Mapa relacionado coa Táboa Nº 40
 (ver Anexo Tomo de táboas)*

Tese Doutoral
 A PARROQUIA GALEGA A PARTIR DA
 "CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA"
 Carmen Álvarez Monteroso

3.5.1. Avaliación da posición das parroquias da C.G.G. respecto ao século XXI.

Faise interesante a estimación da precisión da posición das parroquias no momento en que se dispón de arquivos vectoriais sobre as parroquias rurais galegas cartografadas por Domingo Fontán na C.G.G.. A avaliación mediante a análise estatística e comparativa de distancias entre o arquivo vectorial das parroquias localizadas por Fontán e o arquivo vectorial das actuais parroquias galegas con localización sobre o cruceiro da igrexa. Esta metodoloxía numérica determinou a distancia de cada unha das parroquias existentes¹⁷⁶ e estableceuse como intervalo de erro os 500 metros mediante buffer.

Na provincia da Coruña, o 54,2% dos concellos superan a distancia de media proporcional de 500 metros existente entre a localización das parroquias da C.G.G. e a actual, sen embargo, 71 dos 94 concellos coruñeses teñen a metade (o máis da metade) do punto parroquial dentro do buffer de 500 metros o que se pode considerar que Domingo Fontán determinou de forma correcta a posición do 75,5% das comunidades rurais da provincia da Coruña (Ver anexo Táboas: táboa Nº 50). Por concellos, Ares, Carral, Cee, Corcubión, Dodro e Fisterra foron os concellos onde a totalidade das súas parroquias están por debaixo do erro posicional dos 500 metros (ver figura Nº90) e, polo contrario, o cartógrafo nas parroquias dos concellos de Aranga, Curtis e Toques non acadou a precisión xa que a totalidade destas superan distancias por riba dos 500m.




Figura Nº90: AVALIACIÓN POSICIONAL DAS PARROQUIAS D O CONCELLO DE CARRAL.
 Fonte: C.G.G. de 1834, C.G.G. de 1845, INE, FOGGA e elaboración propia.

Dodro é o concello ca media proporcional de erro posicional entre parroquias máis baixa con 141 de media de metros e o concello de Cerdido ca media máis alta con 1142.58 m de media de distancia entre parroquias. No que respecta ás parroquias, a parroquia de Sálvoa,

¹⁷⁶ De forma sistémica, realizouse o cálculo de distancia en cada unha das parroquias existentes por concellos. Debido a amplitude dos datos, no apartado só aparecen táboas cos cálculos con referencia a concellos.

identificada por Fontán na C.G.G. e do concello de Ribeira, ten o menor erro en distancia con 2,45 metros e a parroquia de San Miguel de Cabanas, do concello de A Baña, ten unha diferenza de posición de 2680 metros (ver Anexo Figuras: figura N^º91).

No referente á **provincia de Lugo**, un total de 53 concellos, que representan o 79,1% deles, superan os 500m de media proporcional de distancia entre o punto parroquial (Ver anexo Táboas: táboa N^º 46). O concello de O Vicedo é o concello cun erro posicional de media de 141 m por parroquia e o concello de Ribas de Sil supera os 1140 metros de media. Tan só os concellos de Burela e O Vicedo (ver Anexo de Figuras: figura N^º92) teñen a totalidade das entidades locais dentro do porcentaxe de erro superados en número considerable os 13 concellos onde a totalidade das súas parroquias superan os 500 metros de distancia, estando nesta casuística os concellos de Baleira, Bóveda, Folgoso do Courel, Guitiriz, Negueira de Muñiz. As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Rábade, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Trabada e Triacastela. Fontán localizou con precisión parroquias dos concellos Abadín, Láncara, Monterroso, Palas de Rei e O Saviñao e, pola contra, a parroquia localizada con maior erro de distancia foi Santo Estevo de A Ribeira do concello de Navia de Suarna con unha diferenza de 3986,67 m (ver figura N^º93):




Figura N^º93: DISTANCIA MÁIS LONGA ENTRE A POSICION DA PARROQUIA (CONCELLO NAVIA DE SUARNA).

Fonte: FOGGA e elaboración propia.

Na **provincia de Pontevedra**, o 51.6% dos concellos teñen máis da metade das parroquias dentro do buffer de 500 metros pero si se ten en conta a media proporcional da distancia por concello tan só 38 concellos non superan os 500 metros de media (Ver anexo Táboas: táboa N^º 47). O Grove é o concello ca media de erro posicional máis baixa con 96,08 m de distancia entre as parroquias e O Rosal é o concello ca media máis alta con 1617,63 m. O Grove, A Illa de Arousa, Moaña, Moraña, Pontecesures, Portas, Valga e Vilagarcía de Arousa son os 8 concellos ca totalidade das entidades cun erro posicional -500m (ver Anexo Figuras: figura N^º94). Bueu, Mozón, Fornelos de Montes, A Guarda, Mondariz-Balneario, Rodeiro, O Rosal e Soutomaior son os 8 concellos ca totalidade das comunidades cun erro posicional de +500m. A vila de Fefiñáns, do concello de Cambados, localizouna cun erro de posición de

menor distancia (9,4 m.) e a parroquia de San Cristovo da Pena, do concello de Lalín, cun erro de posición de 5339 metros (*ver Anexo Figuras: figura N°95*)

E polo que respecta á **provincia de Ourense**, os concellos de Allariz, Bande, Os Blancos, A Bola, Cartelle, Celanova, Esgos, Lobeira, Maside, A Merca, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Ramirás, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Viana do Bolo, Vilar de Barrio, Vilardevós, Xinzo de Limia son os concellos nos que Domingo Fontán localizou con exactitude determinadas parroquias. Atendendo a media proporcional da distancia de localización, 30 concellos non superan os 500 m. de media no erro posicional (*Ver anexo Táboas: táboa N° 53*). Castrelo de Miño, Melón, Punxín e Sandiás son os 4 concellos ca totalidade dos topónimos cun erro posicional -500m. e, polo contrario, A Arnoia, O Barco de Valedoras, O Bolo, Carballeda de Valedoras, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Cualedro, A Gudiña, Larouco, Laza, Manzaneda, A Mezquita, Monterrey, Parada de Sil, Petín, A Rúa, Riós, Rubiá, San Xoán de Río, A Teixeira, Vilamartín de Valedoras, Vilariño de Conso son os 23 concellos ca totalidade dos topónimos cun erro posicional de +500m. En total, un 66.3% dos concellos desta provincia teñen máis da metade dos topónimos a maior distancia dos 500 m (*ver Anexo Figuras: figura N°96*).

3.6. A VIXENCIA DA “CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA”.

Trala publicación da “Carta Geométrica de Galicia” existe un baleiro cartográfico que proseguiu en Galicia ate o século XX, cando se inicia os traballos do Mapa Topográfico Nacional. Realízase unha comparativa da CGG co mapa que o substituíu, o MTN, para demostrar ese baleiro cartográfico. Apreciar a C.G.G. como o fito histórico que representou supón contempla-la á luz do mapa base de cobertura de todo o territorio español de maior escala que o substituíu, o Mapa Topográfico Nacional (MTN).

Os proxectos da CGG e do Mapa Topográfico cotéxanse dende o punto de vista da cobertura territorial e temporal durante a realización de cada un deles, independentemente da escala e dos contidos que teñen. Mentres o *IGN tardou en recubrir todo o territorio galego 26 anos con un amplo equipo de traballo, Fontán tardou 17 anos, só e con menos medios*. Dende o ano 1875, cando se editou a primeira das follas do MTN, realizáronse múltiples edicións do mapa introducindo a súa vez numerosas e importantes modificacións, como os signos convencionais, a proxección, o elipsoide e tamén a orixe de lonxitudes, ate o ano 1968, ano de publicación da derradeira folla da súa primeira edición. Urxencia e duración prolongada presidiron a realización do mapa base de España dende a súa orixe (*ver anexo Figuras: figura 97 á figura 100*). No gráfico de barras que se presenta na figura 97 (*ver figura*) reflíctese o número total de follas publicadas polo IGN en períodos de cinco anos. A duración prolongada no tempo para a finalización do proxecto foi debida a problemas organizativos, orzamentarios e na súa posterior impresión. O ritmo de aparición das follas do MTN era de arredor de dúas follas por ano (Urteaga e Nadal, 2001). A cobertura temporal de Galicia do MTN tendo como base a CGG de Domingo Fontán visualízase mediante unha secuencia de imaxes da cobertura territorial galega cartografada por Fontán na Carta e onde se mostra ano por ano o seu recubrimento desde 1929, ano da primeira publicación da folla do MTN de Galicia, ate 1955, ano onde se rematou de completala cobertura de Galicia respecto ó mapa topográfico (*ver ANEXO IV*). Os aspectos que se presentan nas imaxes: como base a “Carta Geométrica de

Galicia”, a representación da grella do MTN publicado na data correspondente e a superficie municipal completa cartografada.

Non foi ate o ano 1929 cando Galicia viu a luz a publicación da súa primeira folla do mapa topográfico. A Galicia correspóndelle un total de 88 follas do MTN onde o seu levantamento e a súa publicación remata no ano 1955. Pasa máis de un século dende a aparición, presentación e publicación da CGG. A primeira folla publicada foi o número 45 denominada “Betanzos”, transcorridos 95 anos dende a presentación do Mapa Fontán no ano 1834. Hai que esperar ata o ano 1933 para que se publiquen as seguintes follas realizadas polo IGN. As follas son a número 6 e 21, con nome “San Salvador de Serantes” e “A Coruña” respectivamente. Dende 1929 e pasados 5 anos tan só se cartografaron 9 concellos completos: Culleredo, Cambre, Ares, Bergondo, A Coruña, Ferrol, Mugardos, Oleiros e Sada, que representan 358 Km² de superficie municipal e 760 Km² de superficie galega por folla. No ano 1934, 100 anos máis tarde da publicación da CGG, aínda non se publicaran máis follas que as tres anteriormente citadas e que representan tan só o 3,4% do territorio galego. Dez anos máis tarde, en 1944 publicáronse 52 follas. É o período da II Guerra Mundial.




Figura 101: SECUENCIA TEMPORAL DO RECUBRIMENTO ESPACIAL GALEGO DO MTN
Fonte: CGG de 1845, IGN e elaboración propia.

Transcorridos 15 anos dende o inicio da publicación da primeira folla de Galicia, os membros do IGN encargados de levantar Galicia non realizaron máis que catro mapas por ano, cando Fontán tardou en cartografar toda Galicia só 17 anos. No ano 1945, transcorridos 100 anos dende a publicación do “Mapa Fontán”, publicáronse 58 follas que representaban o 65% do territorio de Galicia e que se correspondían basicamente cas follas que abarcan a liña de costa galega e a provincia de Ourense. Sería no ano 1955, transcorridos 100 anos dende a publicación do CGG, cando se publicou polo IGN a totalidade da cobertura do Mapa Topográfico correspondente a Galicia á vez a luz a folla 125 de “As Nogais”. Si temos en conta a nivel de toda España nese momento a cobertura por completar faltaban tan só 42 follas do resto do territorio nacional.

Fontán non só cartografou na carta xeométrica o territorio galego senón tamén parte do territorio de Asturias, León, Zamora e Norte de Portugal. Tendo en conta a cobertura das 8 follas nas que se divide a CGG, o territorio levantado que non se corresponde con Galicia aparece representado nas follas 2, 4, 6 e 8. O territorio representado por Fontán pertence ós seguintes municipios, identificados co seu código INE:

- A folla número 2 do Mapa Fontán abarca territorio dos municipios de Asturias de Coana (33018)¹⁷⁷, Franco (El) (33023), Illano (33029), Navia (33041), San Tirso de Abres (33063), Tapia de Casariego (33070), Taramundi (33071), Vegadeo (33074), Villaeán (33077). Se temos en conta as follas do mapa topográfico escala 1:50.000 publicadas polo IGN onde aparecen representados os municipios anteriores, referímonos a “10 Ribadeo”, “11 Luarca”, “25 Vegadeo”, “26 Boal”, “49 San Martín de Oscos”, “50 Cangas de Narcea”. Estas 6 follas do MTN tardaron en publicarse 10 anos. A primeira en aparecer foi a folla “11Luarca” no ano 1942 e a última “50Cangas de Narcea” no ano 1952.
- A folla número 4 do Mapa Fontán abarca territorio dos municipios de Asturias e León. De Asturias abarca Alland (33001), Boal(33007) , Cangas de Narcea (33011), Castropol (33017), Grandas de Saline (33027), Ibias (33028), Illano (33029), Pesoz (33048), San Martín de Oscos (33061), San Tirso de Abrea (33063), Taramundi (33071), Vegadeo (33074), Villanueva de Oscos (33075) e Villaeán (33077). De León abarca Gandín (24036), Peranzanes (24112). Se temos en conta as follas do mapa topográfico onde aparecen representados os municipios anteriores referímonos a “10 Ribadeo”, “25 Vegadeo”, “26 Boal”, “49 San Martín de Oscos”, “50 Campos de Narcea”, “51 Belmonte de Miranda” , “74 A Fonsagrada”, “75 Gedrez”, “76 Pola de Somiedo”, “99 Becerreá”, “100 Degaña”, “101 Villablino”, “126 Vega de Espinareda”. Estas 13 follas do mapa topográfico tardaron en publicarse 10 anos. As primeiras en levantarse foron a “10Ribadeo” e a “26Boal” no ano 1944 e a última en publicarse a “76Pola de Somiedo” no ano 1954.
- A folla número 6 do Mapa Fontán abarca territorio dos municipios de León Balboa (24009), Barjas (24011), Benuza (24016), Borrenes (24022), Cacabelos (24030), Candín (24036), Carracedo (24038), Carucedo (24041), Corullón (24059), Oencia (24103), Puente de Domingo Florez (24122), Sobrado (24165), Trabado (24171), Vega de Espinareda (24196), Vega de Valcarce (24198), Villadecanes (24206), Villafranca do Bierzo (24209). Se temos en conta as follas do mapa topográfico escala 1:50.000 referímonos ós números “99Becerreá”, “100Degaña”, “125As Nogais”, “126 Vega de Espinareda”, “157 Oencia”, “158 Villafranca do Bierzo”, “190 O Barco de Valedoras”, “191 Silvan”, “229 Encinedo”. Estas 9 follas do mapa topográfico tardaron en publicarse 21 anos. A primeira en publicarse foi a “158Villafranca do Bierzo” no ano 1934 e a última a “125As Nogais” no ano 1955.
- A folla número 8 do Mapa Fontán abarca territorio dos municipios de León e Zamora, Encinedo (24067), Cobrero (49050), Galende (49085), Hermisende (49094), Lubian (49100), Pias (49154), Porto (49162), Requejo (49174). Si temos en conta as follas do mapa topográfico escala 1:50.000 publicadas polo IGN onde aparecen representados los municipios anteriores referímonos ós números “228 Viana do Bolo”, “229 Encinedo”, “230 Castrocontrigo”, “266 A Gudiña”, “267 Puebla de Sanabria”, “304Hermisende”, “305Calabor”. Estas sete follas tardaron en publicarse 8 anos. As primeiras en publicarse foron a “267 Puebla de Sanabria”, a “304 Hermisende2, a “305 Calabor” no ano 1936 e a última en publicarse a “229 Encinedo” no ano 1944.

¹⁷⁷ Entre paréntese, os códigos INE do municipio.





IV. A EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS PARROQUIAS NA GALICIA DECIMONÓNICA

- 4.1. As evolución histórica das parroquias galegas no século XIX
 - 4.1.1. A provincia da Coruña
 - 4.1.2. A provincia de Lugo
 - 4.1.3. A provincia de Pontevedra
 - 4.1.4. A provincia de Ourense

VI. A EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS PARROQUIAS E NA GALICIA DECIMONÓNICA

Sábese da grande importancia da C.G.G. como o primeiro mapa científico de Galicia e comprobouse a súa vixencia como mapa co paso dos séculos para o posterior estudo da evolución histórica das parroquias galegas entre 1834 e 1900.

A organización territorial é a forma mediante a cal se distribúe o territorio dende o punto de vista político e administrativo tendo como elementos xeográficos as divisións territoriais e os entes políticos que actúan no marco destas divisións (Paul Carril e Pazos Otón, 2009). O estado español organízase en comunidades autónomas, provincias e municipios, ós que se lle pode atribuír territorios propios (Zoido et al.,2000). A organización do territorio unido á necesidade de non romper o equilibrio co entorno preséntase no século XXI como un dos grandes desafíos para a sociedade. No caso de Galicia, fai falla dun novo deseño administrativo, e a pesares de ser un feito coincidente para os ámbitos científico e político¹⁷⁸, non se atopou a formulación e a *unidade racional* tan fundamental na Ilustración pola que se levara a cabo a organización do territorio e que hoxe en día nos segue condicionando. No século XXI faise imprescindible mellorar *o coñecemento da traxectoria histórica do proceso de transformación do espazo*, máxime en Galicia pola complexidade da súa paisaxe xa que é onde se concentran máis da metade dos asentamentos de poboación do estado español aínda de tratarse de unha soa comunidade autónoma con catro provincias das 50 e de 314¹⁷⁹ concellos dos pouco máis de 8.000 da España actual. Os antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras, cos que se totalizaban 315 concellos galegos en 2013, levaron a cabo a primeira fusión do século XXI coa constitución do municipio de Oza-Cesuras¹⁸⁰.

Para organizar o territorio é necesario coñecelo de maneira integral e que mellor que Domingo Fontán Rodríguez para facelo no século XIX. No século XXI a "Carta Geométrica de Galicia" permítenos coñecer por un lado a **estrutura administrativa do territorio galego** do século XIX, que se mantén basicamente na actualidade, e por outro lado a **totalidade das parroquias do seu tempo**. Domingo Fontán é o ilustrado que *consagra a provincia* practicamente na forma en que a coñecemos e ca súa obra visualízase un mapa provincial, un mapa de partidos xudiciais e un mapa de concellos, como agregación parroquial para Galicia. A parroquia galega é o elemento xeográfico máis homoxéneo e non se dubida da súa importancia histórica acadada. A parroquia tomouse como unidade territorial básica para a

¹⁷⁸ No caso dos partidos políticos, o Bloque Nacionalista Galego formula unha división administrativa baseada nas comarcas e nas áreas metropolitanas, estas últimas mediante a fusión dos concellos, o goberno actual do Partido Popular á favor da creación de mancomunidades e consorcios e, o Círculo de Empresarios de Galicia propuxo no ano 2009 diminuír o número de municipios de 315 a 150; no ámbito científico, Fariña Jamardo defende a parroquia como entidade local cun recoñecemento legal a través de organizacións parroquiais (Jamardo, F,1996), Rubén Lois posiciónase afirmando a obsolescencia das parroquias e polo tanto dunha reorganización xeral (Lois,R e Rodríguez,R, 1993).

¹⁷⁹ Decreto 83/2013 do 6 de xuño polo que se aproba a fusión dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras formando o municipio Oza-Cesuras.

¹⁸⁰ DOG do 7 de xuño de 2013.

elaboración da C.G.G. A análise do modelo de organización do territorio da C.G.G. a partir da cal se tomou a cuestión parroquial cun *enfoque evolutivo*, tomando como referencia da organización parroquial *a igrexa rural*, dotándoa así dun significado espacial.

No referente a cartografía parroquial, o departamento de xeografía da Facultade de Xeografía e Historia da USC encargouse desta labor desde finais do ano 70. No ano 1976, elaborase o primeiro mapa de parroquias con índices de localización (CITAA). Proseguíronse os estudos parroquiais en anos sucesivos ata o ano 1989 cando se publicou os municipios e parroquias de Galicia por Pérez Fariña e Santos Solla E TORRES LUNA. O mapa parroquial realizado polo departamento foi dixitalizado pola Xunta de Galicia no 1991. A Xunta de Galicia, xunto co SITGA, realizou no ano 2008 unha nova edición do mapa de parroquias de Galicia onde os seus límites foron produto dunha revisión da delimitación do mapa parroquial de Galicia escala 1:200.000 publicado pola Xunta en 2001, para o uso na Administración pública e privada. No 2007 e con convenio entre a Deputación de Pontevedra e a U.S.C., realizáronse os atlas dixitais interactivos da provincia de Pontevedra. Os 62 atlas elaboráronse mediante un S.I.X. onde se incluíron todos os núcleos de poboación dos concellos asociados aos correspondentes polígonos das súas parroquias. Os límites que se presentan nesta publicación foron só para proporcionar de forma clara e precisa a localización relativa entre as parroquias.

4.1. A EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS PARROQUIAS GALEGAS NO SÉCULO XIX.

Domingo Fontán defendeu dous piares básicos nas súas ideas para comprender a súa configuración cartográfica. Por un lado, defendeu unha *centralidade xeográfica*, atribuíndo á cidade de Santiago de Compostela a centralidade de Galicia e defendendo a capitalidade de Pontevedra para esta provincia, por outro lado, que a base para Galicia era a parroquia, defendéndoa como particular e os concellos como entidade xeral. Nas súas sesións parlamentarias, afirmou que a lei de concellos non era boa para Galicia, de aí a súa defensa da Constitución da 1812 que confirmaba este feito. Fontán pregoaba que Galicia era incomparable co resto do Estado¹⁸¹ no que refire a súa configuración nas entidades de poboación e entendía a parroquia, ademais do territorio eclesiástico, como *entidade básica* para a organización do territorio xestionado a través do alcalde pedáneo porque na parroquia “os cidadáns estaban suxeitos respecto ó eclesiástico a un párroco, e respecto á xurisdición civil a un pedáneo, que era o encargado da parte administrativa e de executar as ordes do goberno”¹⁸² e onde as relacións entre os veciños estaba por riba das leis¹⁸³. Que así como precisaba no Decretado do 8/12/1836 sobre a constitución dos concellos, no que a parroquia rural era unha entidade viva e nela apoiábase a normativa legal para formar os novos concellos galegos, sendo estes “a reunión de parroquias que compoñían unha xurisdición como un distrito municipal”¹⁸⁴. Pero Domingo Fontán cartograou unha rede de provincias, partidos xudiciais e concellos (ver Anexo Mapas: mapas N°50, N°51 e N°52). Tendo en conta ó precedente de Fontán, Tomas López, na CGG aparecen consolidadas as **catro provincias** coa súa capitalidade en Coruña, Lugo, “Orense” e Pontevedra. En canto ós partidos xudiciais,

¹⁸¹ Tamén facía referencia a Asturias.

¹⁸² Traducción da sesión parlamentaria do 19/10/1837.

¹⁸³ Na sesión parlamentaria do 21/04/1838.

¹⁸⁴ Na sesión parlamentaria do 19/10/1837.

Fontán identificou un total de **42 partidos** que se reparten en 12 para Coruña, 10 para Lugo, 9 para Ourense e 10 para Pontevedra (ver anexo Táboas: táboa N^º54)⁸. É significativo que os partidos xudiciais de Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra non os indica como tal na CGG e onde aparece só o símbolo de cidade. Para a provincia da Coruña, Fontán non identificou o actual partido de Ferrol e o de Ortigueira como Sa. Marta; para a provincia de Lugo identificou o partido de Quiroga existente no século XIX como San Martín de Quiroga; para Ourense os de Ginzo, Puebla de Tribes, Villamartín e Viana, este último inexistente hoxe en día e non reconece o partido xudicial de Bande, única fonte que non o identifica e, para a provincia de Pontevedra xa identifica o partido como a Estrada. En canto ós concellos galegos na CGG, Domingo Fontán identificou **276 concellos galegos** (ver Anexo Táboas: táboa N^º55). Non coinciden co nome actual os concellos de San Pedro da Porta con Sobrado, Bragad con Cesuras, Tallo con Ponteceso, Cesullas con Cabana, Torás con A Laracha, Alméiras con Culleredo, Bujan con Val do Dubra, Castro con Miño, Perlío con Fene San Adrian (da Veiga) en Cariño na provincia da Coruña; Asperela con Baleira, Vilariño con Castroverde, Alage con O Valadouro, Reinante (S. Miguel) con Barreiros, Moreda (S.Salvr) con Monforte, , Seguí con Pantón, Proéndos con Sober para a provincia de Lugo; Pte. Irijo para O Irixo, Barrán para Piñor, Berredo (Sta. Eulalia) para A Bola, Fustanes como Gomesende, Cobelas como Os Blancos, Amiuidal para Avión, Castrelo (S.Estebn.) para Castrelo do Miño para a provincia de Ourense e Cereijo con A Estrada para a provincia de Pontevedra. Os concellos identificados por Domingo Fontán na CGG dados de baixa por unificación: Conjo e Enfesta para Santiago de Compostela, Couzadoiro (San Cristobal) e San Pablo (de los Freires) para Ortigueira, os concellos de Piñeirón, Freán e Villaesteba que forman o actual O Saviñao, os concellos de Asma (Sta. Cristina) e Carballeda forman o actual concello de Carballedo, Nogales e Doncos que forman As Nogais, Villafiz e Piñeiro de Páramo forman O Páramo, Garabanes que forma parte do actual Maside, Cedofeita a Ribadeo, Acebedo e Villanueva de los Infantes a Celanova, Canedo a Ourense, , Moreiras a Xinzo de Limia, Villamea a Ramirás e Berducido e Puente S. Payo a Pontevedra, Bouzas e Lavadores a Vigo, Carril a Vilagarcía de Arousa, Cereijo ó concellos de A Estrada, e Sayar ó actual Caldas de Reis.

CGG 1845						
PROVINCIA	ACTUAL	CONCELLOS	C.PARTIDO	BAIXAS	ALTAS	CAMBIO
A CORUÑA	94*	84	12	4	3	28
LUGO	67	59	10	8	7	23
OURENSE	92	80	9	6	9	33
PONTEVEDRA	62	53	10	7	6	19
		276	41			
TOTAL	315	317		25	25	103

Táboa N^º 56: TOTALIZACIÓN DOS CONCELLOS NA CGG XUNT O CAS BAIXAS, ALTAS E CAMBIOS TOPONÍMICOS.

Fonte: Elaboración propia.

* A provincia da Coruña pasou en 2013 de ter 94 concellos a 93 pola fusión dos concellos de Oza dos Ríos e Cesullas no concello Oza-Cesullas. Na investigación non se realizou esta unificación.

Levou a cabo unha evolución parroquial no século XIX desde 1834, con base no manuscrito da CGG, ata 1900 analizando cambios toponímicos e de advocacións, as altas,

⁸ Na táboa N^º42 aparecen os partidos xudiciais ordenados por provincias incluíndo os concellos que os formaban tomando como data de partida o 1836 e data final o 1900. As datas son as correspondentes as fontes estatísticas empregadas.

baixas e trasposos de parroquias, atendendo a organización actual. Localizáronse as parroquias identificadas nas fontes que son baixa hoxe en día. Demóstrase que a totalidade toponímica das entidades parroquiais foron cartografadas por Domingo Fontán e que a CGG foi unha fonte estatística máis completa que as fontes oficiais dos Nomenclátors do Censo do século XIX.

PARTIDO XUDICIAL	ACTUAL	CGG1834	CGG1845	MADOZ C	MADOZ P	1858	1860	1873	1888	1900
CORUÑA	933	901	929	892	923	917	939	940	941	952
LUGO	1271	1214	1233	1142	1241	1176	1244	1244	1251	1269
PONTEVEDRA	668	648	656	604	656	253	650	651	657	654
OURENSE	914	839	864	778	848	594	845	867	875	938
TOTAL	3786	3602	3682	3416	3668	2940	3678	3702	3724	3813

Táboa Nº57: NÚMERO TOTAL DE PARROQUIAS NA FONTES ESTATÍSTICAS.
Fonte: Elaboración propia.

- **4.1.1. A PROVINCIA DE A CORUÑA.** Hoxe en día contabilízanse 933 entidades divididas nos 94 concellos da provincia de A Coruña, dos que Fontán identificou 901 en 1834 e 929 para 1845. A continuación analízanse se forma pormenorizada cada un dos concellos da provincia da Coruña:

ABEGONDO (ver Mapa Nº53).

Segundo o Real Decreto do 23/VI/1835, este concello aparece co nome de "Vións" e segundo o BOP Nº 115 con data do 23/04/1836 pasa a chamarse "Abegondo". No gravado de 1845, Domingo Fontán identifícao como "Abegondo" o partido xudicial de Betanzos.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES				
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900
1 Abegondo (Santaia)	NH5875	1000 m	Abegondo Parroquia	Abegondo Parroquia	x	x	x	x	x	x
2 Cabanas (San Xíán)	NH5874		Cabanas Parroquia	Cabanas Parroquia	x	x	x	x	x	x
3 Cerneda (San Salvador)	NH5884			Cerneda Parroquia	x	x	x	x	x	x
4 Cos (Santo Estevo)	NH6817		Cos Parroquia	Cos Parroquia	x	x	x	x	x	x
5 Crendes (San Pedro)	NH5990		Crendes Parroquia	Crendes Parroquia	x	x	x	x	x	x
6 Cullergondo (Santa María)	NH6824		Cullergondo Parroquia	Cullergondo Parroquia	x	x	x	x	x	x
7 Figueras (San Miguel)	NH5855		Figueras Parroquia	Figueras Parroquia	x	x	x	x	x	x
8 Folgoso (Santa Dorotea)	NH5862		Folgoso Parroquia	Folgoso Parroquia	x	x	x	x	x	x
9 Leiro (Santaia)	NH5892		Leiro Parroquia	Leiro Parroquia	x	x	x	x	x	x
10 Limiñón (San Salvador)	NH6828		Limiñón Parroquia	Limiñón Parroquia	x	x	x	x	x	x
11 Mabegondo (San Tirso)	NH5888		Mabegondo Parroquia	Mabegondo Parroquia	x	x	x	x	x	x
12 Meangos (Santiago)	NH6806		Meangos Parroquia	Meangos Parroquia	x	x	x	x	x	x
13 Montouto (Santa Cristina)	NH5843		Montouto Parroquia	Montouto Parroquia	x	x	x	x	x	x
14 Orto (San Martiño)	NH5982		Orto Parroquia	Orto Parroquia	x	x	x	x	x	x
15 Presedo (Santa María)	NH5894		Presedo Parroquia	Presedo Parroquia	x	x	x	x	x	x
16 Sarandós (Santa María)	NH5845		Sarandones Parroquia	Sarandones Parroquia	x	x	x	x	x	x
17 Viós (San Salvador)	NH5882		Brones Parroquia	Brones Parroquia	x	x	x	x	x	x
18 Vilacova (San Tomé)	NH5870		Vilacoba Parroquia	Vilacoba Parroquia	x	x	x	x	x	x
19 Vizoño (San Pedro)	NH5850		Bizoño Parroquia	Bizoño Parroquia	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	19		18	19	19	19	19	19	19	19

Táboa Nº 58: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Abegondo.
Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de *San Salvador de Cerneda*, que se identifica como "Cerneda" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. No manuscrito non hai referencia algunha a este topónimo.
2. No listado do Partido Xudicial de Betanzos, o topónimo da parroquia de San Salvador de Cerneda aparece como "Cornega".
3. No Nomenclátor de 1858, o topónimo da parroquia de *Santa María de Cullergondo* aparece como "Cullergondo".

As parroquias que forman o concello de Abegondo están cartografadas na súa totalidade na CGG.

AMES (ver Mapa N^o54).

Segundo o BOP N^o 117 con data do 27/04/1836 chámase "Ames". No século XIX este concello pertence o partido xudicial de Negreira.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES					
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900	
1 Agrón (San Lourenzo)	NH2448	Agron	Parroquia	Agron	Parroquia	x	x	x	x	x	x
2 Ameixenda (Santa María)	NH3513	Ameigenda	Parroquia	Ameigenda	Parroquia	x	x	x	x	x	x
3 Ames (San Tomé)	NH2580	Ames	Parroquia	Ames	Parroquia	x	x	x	x	x	x
4 Biduido (Santa María)	NH3423	Viduido	Parroquia	Viduido	Parroquia	x	x	x	x	x	x
5 Bugallido (San Pedro)	NH3403	Bugallido	Parroquia	Bugallido	Parroquia	x	x	x	x	x	x
6 Covas (Santo Estevo)	NH2498	Cobas	Parroquia	Cóbas	Parroquia	x	x	x	x	x	x
7 Lens (San Paio)	NH2551	Lens	Parroquia	Lens	Parroquia	x	x	x	x	x	x
8 Ortoño (San Xoán)	NH2494	Ortoño	Parroquia	Ortoño	Parroquia	x	x	x	x	x	x
9 Piñeiro (San Mamede)	NH2584	Piñeiro	Parroquia	Piñeiro	Parroquia	x	x	x	x	x	x
10 Tapia (San Cristovo)	NH2582	Tapia	Parroquia	Tápia	Parroquia	x	x	x	x	x	x
11 Trasmonte (Santa María)	NH2459	Trasmonte	Parroquia	Trasmonte	Parroquia	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	11		11		11	11	11	11	11	11	11

Táboa N^o 59: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Ames.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Maddoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. No listado de concello, a parroquia de *Santa María de Biduido* aparece ca advocación de "San Martín" mentres que no listado do Partido Xudicial aparece como "Santa María".

As parroquias que forman o concello de Ames están cartografadas no seu conxunto na CGG.

ARANGA (ver Mapa N^o55).

O nome inicial do concello é "Aranga" dende 1836 e pertence o partido xudicial de Betanzos.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES					
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900	
1 Aranga (San Paio)	NH7897	Aranga	Parroquia	Aranga	Parroquia	x	x	x	x	x	x
2 Cambás (San Pedro)	NH8940	Cambas	Parroquia	Cambás	Parroquia	x	x	x	x	x	x
3 Fervenzas (San Vicente)	NH7834	Ferbenza	Parroquia	Ferbenzas	Parroquia	x	x	x	x	x	x
4 Feás (San Pedro)	NH7848	Feas	Parroquia	Feás	Parroquia	x	x	x	x	x	x
5 Muniferral (San Cristovo)	NH7877	Muniferral	Parroquia	Muniferral	Parroquia	x	x	x	x	x	x
6 Vilarraso (San Lourenzo)	NH7891	-	-	-	-	-	-	-	-	x	x
7 Rodeiro (Santa María) ¹	NH7812	Rodeiro	Parroquia	Rodeiro	Parroquia	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	6		6		6	6	6	5	5	5	6

Táboa N^o 60: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Aranga.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Maddoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. No Nomenclátor de 1858 aparece reflexado o traspaso da parroquia de *Santa María de Rodeiro* do concello de Aranga ó concello de Oza dos Ríos. Esta parroquia contabilizouse para as Cartas de 1834 e 1845 xa que no Boletín Oficial da Coruña de 1836 a sitúa neste concello. Igual ocorre co Dicionario Maddoz.

2. O topónimo da parroquia de *San Pedro de Cambás* aparece como "Camba" no listado do concello no dicionario Maddoz.

3. *San Pedro de Feás* identifícase co nome "Feás de Muniferral" no listado parroquial do Partido Xudicial de Betanzos.

4. *San Lourenzo de Vilarraso* aparece no Nomenclátor de 1888 e anteriormente os lugares que forman esta parroquia pertencían á parroquia San Cristovo de Muniferral.

O concello de Aranga, formado por un total de seis parroquias ata 1847, foron cartografadas por Fontán na CGG. A parroquia de Vilarraso que aparece no 1888 non hai referencia no mapa.

ARES (ver Mapa N°56).

O nome inicial do concello é Ares dende 1836. No século XIX, este concello pertence o partido xudicial de Pontedeume.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES						
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900		
1 Ares (San Xosé)	NK6018	ÀRES	VILA	ÀRES	VILA	-	-	-	-	-	X	X
2 Caamouco (San Vicente)	NK6048	Camouco	Parroquia	Camouco	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
3 Cervás (San Pedro)	NK5180	Cerbás	Parroquia	Cerbás	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
4 Lubre (Santa Eulalia) ¹	NK6009	Lubre	Parroquia	Lubre	Parroquia	X	X	X	X	X	-	-
TOTAL PARROQUIAS	3	4	4	3	3	3	3	3	3	3	3	3

Táboa N° 61: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Ares.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1-2. A parroquia de “*Santa Eulalia de Lubre*”, identificada por Domingo Fontán como “Lubre”, pertence na actualidade á parroquia de San Xosé de Ares. A partires do Nomenclátor de 1888, o topónimo de “Lubre” aparece identificado como aldea de dita parroquia.

O concello de Ares aparece cartografado integramente polas 3 parroquias e a vila na CGG.

ARTEIXO (ver Mapa N°57).

Segundo o BOP N° 115 con data do 23/04/1836 este concello ten como nome inicial "Arteijo" e, no gravado de 1845, Domingo Fontán identificouno como "Artèijo" e pertence o partido xudicial da Coruña.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES						
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900		
1 Armentón (San Pedro)	NH3972	Armenton	Parroquia	Armentón	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
2 Arteixo (Santiago)	NH4905	Arteijo	Parroquia	Artèijo	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
3 Barrañán (San Xián)	NH3974	Barrañan	Parroquia	Barrañán	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
4 Chamin (Santaia)	NH3953	Chamin	Parroquia	Chamin	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
5 Lañas (Santa Mariña)	NH3983	Lañas	Parroquia	Lãñas	Parroquia	X	-	X	X	X	X	X
6 Larín (Santo Estevo)	NH3960	Larin	Parroquia	Larín	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
7 Loureda (Santa María)	NH4913	Loureda	Parroquia	Loureda	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
8 Monteagudo (San Tomé)	NH3942	Monteagudo	Parroquia	Monteagudo	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
9 Morás (Santo Estevo)	NH4924	Morás	Parroquia	Morás	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
10 Oseiro (San Tirso)	NH4917	Oseiro	Parroquia	Oseiro	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
11 Pastoriza (Santa María)	NH4938	Pastoriza	Parroquia	Pastoriza	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
12 Sorrizo (San Pedro)	NH3945	Sorrizo	Parroquia	Sorrizo	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
13 Suevos (San Martiño)	NH4928	Suevos	Parroquia	Suebos	Parroquia	X	X	X	X	X	X	X
TOTAL PARROQUIAS	13	13	13	13	12	13	13	13	13	13	13	13

Táboa N° 62: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Arteixo.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A pesar de identificarse a parroquia de “*Santa Mariña de Lañas*” no concello de “Arteijo”, a parroquia non aparece no listado do Partido Xudicial de Coruña.

As parroquias que forman o concello de Arteixo están cartografadas na súa totalidade na CGG.

ARZÚA (ver Mapa N^o58).

O nome inicial do concello é “Arzúa” en 1836. Pertence ó partido xudicial de Arzúa e aparece como capital de partido na CGG.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA				DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES				
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900		
1 Arzúa (Santa María)	NH6584	Sa. Ma. de Arzúa	Parroquia	Arzúa (Sa. Ma)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
2 Arzúa (Santiago)	NH6583	ARZÚA	VILA	ARZÚA	VILA	x	x	x	x	x	x	x
3 Boente (Santiago)	NH7552	Boente	Parroquia	Boente	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
4 Brandeso (San Lourenzo)	NH6478	Brandeso	Parroquia	Brandeso	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
5 Branzá (Santa Locaia)	NH6447	Branzá	Parroquia	Branzá	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
6 Burres (San Vicenzo)	NH6542	Burres	Parroquia	Búrres	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
7 Calvos de Sobrecamiño (San Martiño)	NH6548	Calvos	Parroquia	Cálvos	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
8 Campo (Santo Estevo)	NH6630	Campo	Parroquia	Campo	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
9 Castañeda, A (Santa María)	NH7533	Castañeda	Parroquia	Castañeda	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
10 Dodro (Santa María)	NH6524	Dodro	Parroquia	Dodro	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
11 Dombodán (San Cristovo)	NH6456	Domdobán	Parroquia	Domdobán	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
12 Figueiroa (San Paio)	NH7543	Figueiroa	Parroquia	Figueiroa	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
13 Lema (San Pedro)	NH6582	Lema	Parroquia	Lema	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
14 Maroxo (Santa María)	NH6499	Marojo	Parroquia	Marojo	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
15 Mella, A (San Pedro)	NH7508	Mella	Parroquia	Mella	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
16 Oíns (San Cosme)	NH6506	Oíns	Parroquia	Oíns	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
17 Pantiñobre (Santo Estevo)	NH6459	Pantiñobre	Parroquia	Pantiñobre	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
18 Rendal (Santa María)	NH7505	Rendal	Parroquia	Rendál	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
19 Tronceda (Santa María)	NH6466	Tronceda	Parroquia	Tronceda	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
20 Viños (San Pedro)	NH6486	-	-	Biños	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
21 Villadavil (Santa María)	NH6586	Villadabil	Parroquia	Villadabil	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
22 Vilantime (San Pedro)	NH7520	Villantime	Parroquia	Villantime	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	22		21		22	22	22	22	22	22	22	22

Táboa N^o 63: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Arzúa.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “*San Pedro de Viños*”, que se identifica como “Biños” no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. N manuscrito non hai referencia algunha a este topónimo.

2. A parroquia de “*San Cosme de Oíns*” aparece ca advocación de “San Pedro” no listado por concello, pola contra, esta parroquia aparece ca advocación de “San Cosme” no listado do Partido Xudicial de Arzúa.

3. No Partido Xudicial de Arzúa, a parroquia de “*Santa María de Maroxo*” aparece co topónimo parroquial de “Marrojo”.

4. No listado do Partido Xudicial de Arzúa, a parroquia de “*Santa María de Rendal*” aparece co topónimo parroquial de “Randal”.

5. Destacar que a parroquia “*Santa María de Arzúa*” é considerada vila tan só no Nomenclator de 1858.

As 22 parroquias que forman o concello de Arzúa están cartografadas na súa totalidade na CGG.

A BAÑA (ver Mapa N^o59).

Segundo o BOP N^o 117 con data do 27/04/1836 o concello identificase con nome inicial “Baña”. Domingo Fontán identificou o topónimo de capital de concello como “Baña (S. Salvr.)”. Salvo no Nomenclator de 1873 onde aparece como “Baña (La)” nas restantes fontes estatísticas empregadas aparece como “Baña”. Pertence o partido xudicial de Negreira.

A parroquia galega a partir da Carta Geométrica de Galicia

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA				DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES				
		1834	1845	1845	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900
1 Baña, A (San Vicenso)	NH1595	S. Vict. de Baña	Parroquia	Baña (S. Vict.)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
2 Barcala (San Cibrán)	NH2503	S. Ciprn. de Barcala	Parroquia	Barcala (S. Ciprn.)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
3 Barcala (San Xoán)	NH1593	S. Joo. de Barcala	Parroquia	Barcala (S. Joo.)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
4 Barro, O (Santa Mariña)	NH2518	Barro	Parroquia	Barro	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
5 Cabanas (San Miguel)	NH2548	Cabanas	Parroquia	Cabanas	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
6 Corneira (San Cristovo)	NH1556	Corneira	Parroquia	Corneira	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
7 Ermida, A (San Salvador)	NH1671	Ermida	Parroquia	Ermida	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
8 Fiopáns (San Pedro)	NH2543	Fiopáns	Parroquia	Fiopáns	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
9 Lañas (Santa Baia)	NH2545	Lanas	Parroquia	Lanas	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
10 Marcelle (Santa Cristina)	NH2509	Marcelle	Parroquia	Marcelle	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
11 Monte, O (San Mamede)	NH2513	Monte	Parroquia	Monte	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
12 Ordoeste (Santa María)	NH1574	Ordoeste	Parroquia	Ordoeste	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
13 Riba, A (San Xoán)	NH1558	Riba	Parroquia	Riba	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
14 Suevos (San Mamede)	NH1690	Suevos	Parroquia	Suevos	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
15 Troitosende (Santa María)	NH2574	-	-	Troitosende	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
16 Baña (San Salvador)	NH1586	S. Salv. de Baña	Parroquia	Baña (S. Salor)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	15		15		16	16	16	16	16	16	16	16

Táboa Nº 64: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de A Baña.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “San Salvador da Baña”, identificada por Domingo Fontán como “S. Salv. de Baña” no manuscrito de 1834, pertence na actualidade á parroquia de “San Vicenso de A Baña”.

2. A parroquia de “Santa María de Troitosende”, que se identifica como "Troitosende" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. No manuscrito non hai referencia algunha a este topónimo.

3. No listado do concello de Baña, a parroquia de “San Cibrán de Barcala” aparece co topónimo de "Barcala".

O concello de A Baña, formado por 16 parroquias no século XIX, foron cartografadas integramente na CGG.

BERGONDO (ver Mapa Nº60).

Nome inicial do concello desde 1836 é “Bergondo”. Pertence o partido xudicial de Betanzos.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA				DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES				
		1834	1845	1845	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900
1 Babio (Santa Marta)	NH6906	Sa. Marta de Babio	Parroquia	Babio (Sa. Marta)	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
2 Bergondo (San Salvador)	NH6917	Bergondo	Parroquia	Bergondo	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
3 Cortiñán (Santa María)	NH6912	Curtiñán	Parroquia	Curtiñán	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
4 Guisamo (Santa María)	NH5994	Guisamo	LUGAR	Guisamo	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
5 Lubre (San Xoán)	NH6907	Lubre	Parroquia	Lubre	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
6 Moruxo (San Vicente)	NH6928	Morujo	Parroquia	Morujo	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
7 Ouces (San Xoán)	NH6918	Ouces	Parroquia	Ouces	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
8 Rois (Santa Mariña)	NH6915	Rois	Parroquia	Rois	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
9 Vixoi (San Fiz)	NH6913	Bijoy	Parroquia	Bijoy	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	9		8		9	9	9	9	9	9	9	9

Táboa Nº 65: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Bergondo.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “Santa María de Guisamo”, que se identifica como "Guisamo" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. Aparece como lugar en 1834. No 1836 aparece como parroquia do concello.

2. A parroquia de “San Salvador de Bergondo” aparece co topónimo de "Bergondo" no listado do Partido Xudicial de Betanzos.

3. A advocación da parroquia de “Santa Mariña de Rois” é a de “Santa María” no listado do concello de “Bergondo”.

4. A advocación da parroquia de “Moruxo” para 1858 non é “San Vicente” senón a de “San Salvador”

5. Cambio de advocación da parroquia de “Santa Marta de Babío” que nesta data pasa a ser “Santa María”.

As parroquias que forman o concello de Bergondo están cartografadas na súa totalidade na CGG.

BETANZOS (ver Mapa N°61).

Nome inicial do concello “Betanzos “desde 1836. Domingo Fontán identificou Betanzos como cidade en 1834 e como capital de partido en 1845.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA				DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES					
		1834	1845	1845	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900	
1 Betanzos	NH6942	BETANZOS	CIDADE	BETANZOS	VILA	x	x	x	x	x	x	x	x
2 Brabio (San Martiño)	NH6950	-	-	Brabio	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x	x
3 Piadela (Santo Estevo)	NH6901	Piadela	Parroquia	Piadela	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x	x
4 Pontellas (Santa María)	NH6924	Pontellas	Parroquia	Pontellas	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x	x
5 Requián (Santiago)	NH6829	Requian	Parroquia	Requian	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x	x
6 Tiobre (San Martiño)	NH6943	Tiobre	Parroquia	Tiobre	Parroquia	x	x	-	x	x	x	x	x
7 Viñas, As (San Pedro)	NH6923	La Angustia	CAPELA	La Angustia	CAPELA	x	x	x	x	x	x	x	x
8 Brabio de afuera (San Martín)	NH6941	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	x
TOTAL PARROQUIAS	7	5	6	6	7	7	6	7	7	7	7	8	8

Táboa N° 66: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Betanzos.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “San Martiño de Brabío”, que se identifica como "Brabío" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. Non existe ningunha referencia no 1834.

2. No concello de “Betanzos”, Pascual Madoz identifica a “cidade” de Betanzos con dúas advocacións: Santiago e Santa María. Polo contrario no listado do Partido Xudicial de Betanzos, esta parroquia cítase tan só coa advocación de Santiago. Para 1858, Betanzos identifícase ca categoría de cidade co topónimo de "Betanzos, y sus arrabales". Para os Nomenclátor es de 1860-1873-1888, prodúxose un cambio de topónimo xa que aparece como "Azogue (Santa María e Santiago)". Contabilízase como única parroquia con dobre advocación. Para de 1900, a cidade de Betanzos intégrase en dúas parroquias diferentes: a parroquia de "Azogue" e a parroquia de "Brabío". Para esta data, “Azogue” preséntase unicamente da advocación de "Santa María".

3. A parroquia de Brabío componse das advocacións de "San Martín e Santiago" no 1900.

4. Aparece no 1900 a parroquia de “San Martín de Brabío de Afuera” que se forma cos lugares de Barallobre e Roibera , pertencentes nas datas anteriores á parroquia de “San Martiño de Brabío”. Non se ubicou a capela polo que a súa referencia está sobre o lugar de Roibera que formaba esta parroquia.

As parroquias do concello de Betanzos aparecen na CGG, salvo As Viñas da que Domingo Fontán localizou a capela de As Angustias. Polo que a totalidade de topónimos están cartografados na CGG.

BOIMORTO (ver Mapa N°62).

Mantense o nome inicial do concello desde 1836 como “Boimorto” e pertence ó partido xudicial de Arzúa.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES					
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900	
1 Ánxeles, Os (Santa María)	NH7632	Angeles	Parroquia	Angeles	Parroquia	x	x	x	x	x	x
2 Andavao (San Martiño)	NH7614	Andabao	Parroquia	Andabao	Parroquia	x	x	x	x	x	x
3 Arceo (San Vicenzo)	NH6676	Arceu	Parroquia	Arcéo	Parroquia	x	x	x	x	x	x
4 Boimil (San Miguel)	NH7613	Boimil	Parroquia	Boimil	Parroquia	x	x	x	x	x	x
5 Boimorto (Santiago)	NH7601	Boimorto	Parroquia	Boimorto	Parroquia	x	x	x	x	x	x
6 Brates (San Pedro)	NH6652	Brates	Parroquia	Brates	Parroquia	x	x	x	x	x	x
7 Buazo (Santa María)	NH6662	Buazo	Parroquia	Buazo	Parroquia	x	x	x	x	x	x
8 Cardeiro (San Pedro)	NH6682	Cardeiro	Parroquia	Cardeiro	Parroquia	x	x	x	x	x	x
9 Corneda (San Pedro)	NH7569	Corneda	Parroquia	Corneda	Parroquia	x	x	x	x	x	x
10 Dorneda (San Cristovo)	NH7641	Dorneda	MONAS	Dorneda	Parroquia	x	x	x	x	x	x
11 Mercurin (San Xoán)	NH6650	Mercurin	Parroquia	Mercurin	Parroquia	x	x	x	x	x	x
12 Rodieiros (San Simón)	NH7661	Rodieiros	Parroquia	Rodieiros	Parroquia	x	x	x	x	x	x
13 Sendelle (Santa María)	NH6599	Sendelle	Parroquia	Sendelle	Parroquia	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	13		12		13	13	13	13	13	13	13

Táboa Nº 67: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Boimorto.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de San Cristovo de Dorneda, que se identifica como "Dorneda" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre ambas CGG de 1834 e 1845. No manuscrito identificouse como monasterio.

2. A parroquia de "Santa María de Os Ánxeles" aparece co topónimo parroquial de "Ángeles de Mesía" no listado do Partido Xudicial de Arzúa

3. O topónimo da parroquia de San Pedro de Cardeiro aparece identificado como "Cerdeiro" no listado do Partido Xudicial de Arzúa.

4. O topónimo da parroquia de "San Simón de Rodieiros" aparece como "Rodeiro" no listado do concello de "Boimorto" na fonte de Madoz e como "Rodeiros" na relación de entidades do Nomenclátor de 1858.

As parroquias que forman o concello de Boimorto están cartografadas na súa totalidade na CGG.

BOIRO (ver Mapa Nº63).

O nome inicial do concello é "Boiro" desde 1836. No século XIX pertenceu o partido xudicial de Noia.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES					
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900	
1 Abanqueiro (San Cristovo)	NH1220	Abanqueiro	Parroquia	Abanqueiro	Parroquia	x	x	x	x	x	x
2 Bealo (San Pedro)	NH1227	Bealo	Parroquia	Bealo	Parroquia	x	x	x	x	x	x
3 Boiro (Santa Baia)	NH0291	Boiro	Parroquia	Boiro	Parroquia	x	x	x	x	x	x
4 Castro (Santa María)	NH1109	-	-	-	-	-	-	-	-	-	x
5 Cespón (San Vicenzo)	NH1225	Cespón	Parroquia	Cespon	Parroquia	x	x	x	x	x	x
6 Cures (Santo André)	NH0287	Cures	Parroquia	Cures	Parroquia	x	x	x	x	x	x
7 Lampón (Santiago)	NH0271	Lampon	Parroquia	Lampón	Parroquia	x	x	x	x	x	x
8 Macenda (San Xoán)	NH1209	Macenda	Parroquia	Macenda	Parroquia	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	8		7		7	7	7	7	7	7	8

Táboa Nº 68: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Boiro.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. Os lugares da parroquia de "Santa María de Castro", que aparece citada por primeira vez no Nomenclátor de 1900, pertencían á parroquia de "Santa Baia de Boiro" como indican os Nomenclátors de datas anteriores. Fontán tan só identificou para esta parroquia "punta Peneiron" e a illa "Benza".

As sete parroquias que formaban o concello ate 1888 aparecen cartografadas na CGG. Da parroquia de Castro que aparece no 1900 non existe ningún topónimo no mapa con referencia a ela.

BOQUEIXÓN (ver Mapa N^o64).

Desde 1836 o nome do concello é “Boqueijón” e pertence o partido xudicial de Santiago.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES						
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900		
1 Boqueixón (San Vicente)	NH4470	Boqueijon	Boqueijón	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
2 Codoso (Santaia)	NH4399	Codoso	Codoso	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
3 Donas (San Pedro)	NH5308	Donas	Dónas	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
4 Gastrar (Santa Mariña)	NH4484	Gastrar	Gastrár	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
5 Granxa, A (San Lourenzo)	NH4359	Granja	Granja	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
6 Lamas (Santa María)	NH4453	Lamas	Lamas	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
7 Ledesma (San Salvador)	NH5338	Ledesma	Ledesma	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
8 Lestedo (Santa María)	NH4339	Lestedo	Lestedo	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
9 Loureda (San Pedro)	NH4477	Loureda	Loureda	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
10 Oural (Santa María)	NH5338	Oural	Oural	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
11 Pousada (San Lourenzo)	NH5308	Pousada	Pousada	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
12 Sergude (San Breixo)	NH4441	Sergude	Sergude	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
13 Sucira (Santa Mariña)	NH5317	Sucira	Sucira	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
14 Vigo (Santa Baia)	NH4464	Vigo	Vigo	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	14			14	14	14	14	14	14	14	14	14

Táboa N^o 69: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Boqueixón.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “Santa Mariña de Gastrar” preséntase como "Gastrar" no listado do concello de “Boqueijón” no 1847.

2. A advocación da parroquia de Ledesma para 1858 non é a de “San Salvador”, como na actualidade senón a de “Santa María”.

3. O topónimo da parroquia de “Santa Mariña de Sucira” aparece como "Subeira" tanto no Nomenclator de 1873 como no de 1900. No Nomenclator de 1888 preséntouse co topónimo de "Subfira".

As parroquias que forman o concello de Boqueixón están cartografadas na súa totalidade na CGG.

BRIÓN (Mapa N^o65).

O nome inicial do concello é “Brión” desde 1836 e ó partido xudicial de Negreira.

PARROQUIA ACTUAL	REFERENCIA NO MAPA	CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA		DICCIONARIO MADDOZ		NOMENCLADORES						
		1834	1845	CONCELLO	PARTIDO	1858	1860	1873	1888	1900		
1 Ánxeles, Os (Santa María)	NH123456	Angeles	Angeles	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
2 Bastavales (San Salvador)	NH123456	S. Salvr. de Bastabales	Bastabales	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
3 Bastavales (San Xulián)	NH123456	Bastabales	Bastabales	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
4 Boullón (San Miguel)	NH123456	Boullón	Boullon	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
5 Brión (San Fins)	NH123456	Brion	Brion	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
6 Cornanda (Santa María)	NH123456	Cornanda	Comanda	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
7 Luaña (San Xulián)	NH123456	Luaña	Luaña	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
8 Ons (Santa María)	NH123456	Ons	Ons	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
9 Viceso (Santa María)	NH123456	-	Viceso ¹	Parroquia	Parroquia	x	x	x	x	x	x	x
TOTAL PARROQUIAS	9			8	9	9	9	9	9	9	9	9

Táboa N^o 70: Evolución parroquial entre 1834-1900 n o concello de Brión.

Fonte: CGG de 1834, CGG de 1845, IneBase, Dicionari o Madoz, Nomenclator 1857-1860-1873-1888-1900.

1. A parroquia de “Santa María de Viceso”, que se identifica como "Viceso" no gravado de 1845, é unha das diferencias parroquiais entre as CGG de 1834 e 1845. no manuscrito no existe alusión algunha a este topónimo.

